

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 18

Sesión plenaria
22 de decembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidato ou candidata para a cobertura dunha vacante dun membro do Consello de Contas de Galicia (doc. núm. 53954, 10/DMCC-000002).

Punto 2. Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros electivos do Consello Consultivo de Galicia (61942, 10/CCGD-000001).

Punto 3. Textos lexislativos

3.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

3.2 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

3.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

Punto 4. Comparecencia

6497 (11/CPP-000031)

Da Sra. conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

Punto 5. Mocións

5.1 6365 (11/MOC-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías (Moción consecuencia da Interpelación nº 4969, publicada no BOPG nº 49, do 19.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020



5.2 6408 (11/MOC-000017)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 5670, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

5.3 6424 (11/MOC-000018)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2705, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

Punto 6. Proposicións non de lei**6.1 3593 (11/PNP-000387)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos *Next Generation*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

6.2 4981 (11/PNP-000569)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

6.3 5883 (11/PNP-000678)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a aprobación e o establecemento polo Goberno galego dun protocolo de actuación específico para os casos de positivos en covid-19 entre as tripulacións dos barcos que cheguen aos portos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020



6.4 6053 (11/PNP-000695)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo da enerxía para as empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 59, do 09.12.2020

6.5 6068 (11/PNP-000696)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa promoción do Ano Xacobeo 2021 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

6.6 6076 (11/PNP-000697)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reversión á titularidade e xestión pública íntegra do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como sobre a presentación no Parlamento de Galicia dun informe referido ás porcentaxes de participación das diversas sociedades na súa titularidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

Punto 7. Interpelacións**7.1 1937 (11/INT-000107)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e tres deputados/as máis**

Sobre as porcentaxes de expansión da banda larga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

7.2 3694 (11/INT-000238)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.3 4241 (11/INT-000274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 04.11.2020



Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

8.1 6490 (11/POPX-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

8.2 6491 (11/POPX-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 6472 (11/PUP-000089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.2 6443 (11/PUP-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.3 1342 (11/POP-000098)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da restitución do pazo de Meirás ao patrimonio público e a súa opinión respecto do uso que debe ter no futuro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

9.4 5488 (11/POP-000697)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020



9.5 5844 (11/POP-000741)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e cinco deputados/as máis**

Sobre a solución prevista polo Sergas para resolver o déficit de facultativos de radiodiagnóstico na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no Hospital Público do Barco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

9.6 4750 (11/POP-000612)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre a posible modificación do uso concesional da parcela onde está situada a estación de autobuses do Pino, en Ourense, para a construción nela dunha residencia pública de maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

9.7 6465 (11/PUP-000088)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis**

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

9.8 5511 (11/POP-000699)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a negociación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación respecto dos fondos para Galicia da nova política agraria común para o período 2021-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

9.9 5974 (11/PUP-000085)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nunha rede social respecto de supostos cobramentos de traballadores da Consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 56, do 02.12.2020

9.10 6029 (11/POP-000757)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Consellaría do Mar dos TAC e cotas de pesca inicialmente propostos pola Comisión Europea para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Rosa María Quintana Carballo (P) e a súa delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga (P). (Páx. 13.)

Elección de candidato ou candidata para a cobertura dunha vacante dun membro do Consello de Contas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros electivos do Consello Consultivo de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se acumulan os dous primeiros puntos da orde do día, xa que ambos os dous son procedementos electivos para cubrir vacantes que requiren votación en urna, e procede a unha breve explicación do sistema de elección e do procedemento da votación. (Páx. 13.)

A seguir, o señor presidente solicita que o señor vicepresidente primeiro e a vicesecretaria se sitúen onda a urna e que a señora secretaria proceda a realizar o chamamento. (Páx. 13.)

A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 14.)

Efectuado o escrutinio para a elección da vacante do Consello de Contas de Galicia, don Simón Rego Vilar obtén 73 votos a favor e, polo tanto, é proclamado elixido. (Páx. 14.)

Efectuado o escrutinio para a elección dos membros vacantes do Consello Consultivo de Galicia, os candidatos don José Luís Costa Pillado, don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez e don Alberto Souto Souto obteñen 73 votos a favor e, polo tanto, son proclamados elixidos. (Páx. 14.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo). (Páx. 14.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 15.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 19.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 27.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 28.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 30.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 32.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo).* (Páx. 32.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 33.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 38.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 43.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 47.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 49.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 51.)

A señora presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo) solicita a palabra e intervén para pedir desculpas aos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia por un erro na transcripción dos números das emendas aos artigos da lei, que está corrixido no ditame orixinal. (Páx. 53.)

A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, solicita a palabra e intervén para facer un agradecemento en xeral a todos os participantes no debate e no traballo para sacar adiante os textos lexislativos que se aproban nesta sesión. (Páx. 54.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 58.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 61.)

Rolda de réplica: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 65.)



Votación dos textos lexislativos

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 19 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 69.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente anuncia un cambio na secuencia da orde do día consistente no adianto do debate de dúas mocións. (Páx. 69.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 69.)



Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 72.) e *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 75.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 79.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 87.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 90.)

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 92.)

A señora Presas Bergantiños coloca sobre o estrado unha camiseta, feito que dá lugar a unha breve conversación entre o presidente, a oradora e outros membros da Mesa e portavoces. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 100.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 104.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías: *rexeitada por 19 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 107.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 108.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 119.), *Sr. Pérez López (BNG) e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 122.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 129.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 134.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 134.), *o señor Pérez López (BNG)* (Páx. 136.), *o señor Balseiro Orol (P)* (Páx. 138.) *e a señora conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 140.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos Next Generation. (Punto sexto da orde do día)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 143.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 149.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 153.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 155.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 157.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 160.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 162.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 165.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a aprobación e o establecemento polo Goberno galego dun protocolo de actuación específico para os casos de positivos en covid-19 entre as tripulacións dos barcos que cheguen aos portos de Galicia. (Punto sexto da orde do día)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 167.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 167.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 171.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 173.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 176.)

Suspéndese a sesión ás nove e quince minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión, a orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia e delegou o seu voto dona Rosa María Quintana Carballo, que o fixo no deputado don Pedro Puy.

Elección de candidato ou candidata para a cobertura dunha vacante dun membro do Consello de Contas de Galicia

Elección de candidatos ou candidatas para a cobertura de tres vacantes de membros electivos do Consello Consultivo de Galicia

O señor PRESIDENTE: Entramos na orde do día cos puntos de eleccións. Farémolas de xeito conxunto. Neste caso a elección para a cobertura dunha vacante do Consello de Contas de Galicia e tamén a elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes do Consello Consultivo de Galicia.

Para a elección dun membro do Consello de Contas e de tres membros do Consello Consultivo de Galicia, rematados os prazos de presentación de propostas de candidatos ou candidatas admitidas a trámite, cumprimentadas as perceptivas comparecencias na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do pasado 11 de decembro, a Mesa e a Xunta de Portavoces acordou a inclusión na orde do día do pleno para a súa elección.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta, mediante papeletas e por chamamento por orde alfabética do apelido. En ambos os casos resultarán elixidos os candidatos se obteñen unha maioría de tres quintos, é dicir, 45 votos, en primeira votación, e, se é o caso, maioría absoluta en segunda votación para o suposto da elección dos membros do Consello Consultivo de Galicia.

As papeletas de cor branca son para o candidato do Consello de Contas, e verde para os do Consello Consultivo de Galicia. Nelas constan o nome dos candidatos propostos e o grupo parlamentario propoñente. A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: os votos a favor efectúanse introducindo nas urnas correspondentes as papeletas previamente entregadas polos servizos da Cámara nas que constan o nome do candidato proposto para o Consello de Contas e tres nomes propostos para o Consello Consultivo de Galicia —marcando cunha aspa o recadro e recadros correspondentes—; votos en branco serán cando non figure sinalado ningún nome; votos nulos, cando se faga en papeletas distintas das aprobadas pola Mesa, ou naquelas nas que se introduza o nome ou nomes doutras persoas, ou que conteñan rascaduras ou sinais distintos daqueles que sirvan para concederlles o voto aos candidatos propostos.



Polo tanto, comezamos. Supoño que vostedes xa teñen a papeleta branca para o Consello de Contas —aínda non, estanas repartindo—, e a verde para o Consello Consultivo. Cando este proceso estea rematado, a secretaria, a señora Corina Porro, fará o chamamento por orde alfabética.

Rógolles ao vicepresidente primeiro e á señora vicesecretaria que se sitúen onda as urnas para a recollida das papeletas. *(Pausa.) (Os servizos da Cámara proséguen repartindo as papeletas de voto.)*

Recórdolles que, aínda que poñan o nome —creo que o dixeran—, hai que marcar con aspa.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento das señoras e dos señores deputados, que proceden a depositar o seu voto na urna)

O señor PRESIDENTE: ¿Votaron xa todos?

(Procédese ao escrutinio.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación para o Consello de Contas é o seguinte: os votos emitidos son 73; votos a favor de don Simón Rego Vilar, 73. Polo tanto, acadada a maioría dos tres quintos con holgura, queda elixido membro do Consello de Contas don Simón Rego Vilar.

E para o Consello Consultivo, os votos emitidos son 73. Os votos a favor de don José Luís Costa Pillado son 73; votos a favor de don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez, 73; e votos a favor de don Alberto Souto Souto, 73. En consecuencia, acadada tamén a maioría dos tres quintos, proclámanse elixidos para o Consello Consultivo de Galicia don José Luís Costa Pillado, don Ignacio de Loyola Aranguren Pérez e don Alberto Souto Souto.

O señor PRESIDENTE: Rematan aquí, polo tanto, as votacións.

Felicidades aos elixidos.

E continuamos coa orde do día. Neste caso xa cos textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Carmen Pomar Tojo.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.



Moi bo día, señorías.

O Proxecto de lei de pesca continental de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento na data do 24 de setembro de 2020 e a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 29 de setembro, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 19 de outubro e 2 de novembro de 2020 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente. Concretamente, as emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia rexeitáronse na sesión plenaria do 10 de novembro de 2020. E as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 106 —89 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 17 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego—.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 13 de novembro, designou a ponencia encargada de elaborar o informe que se constituíu nesa mesma data. E, nas catro reunións seguintes, a ponente e os ponentes titulares —dona Marisol Díaz Mouteira, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Xosé Luís Rivas Cruz, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e don Pablo Arangüena Fernández, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia— elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data do 25 de novembro.

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 11 de novembro, aprobou o ditame que estou a presentar. Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as emendas mantidas, se é o caso.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente.

Señorías.

Lamento que a relatora desta lei polo PP, dona Marisol Díaz Mouteira, non poida estar aquí hoxe por motivos familiares. Permítanme dicirlles que a ponencia desta lei de pesca foi para min unha experiencia humanamente moito máis edificante que escoitar os habituais exercicios de demagogia barata e torpe da sección Vox do PP de Galicia. E nese sentido teño que poñer en valor a fluidez coa que a señora Díaz Mouteira permitiu que se desenvolvesen os



traballos. Ademais de que tamén nos permitiu comprobar as coincidencias nesta materia co BNG, representado por don Xosé Luís Rivas, que comparte a visión da pesca como defensa do medio fluvial, a diferenza da conselleira de Medio Ambiente; ou, segundo pode adiviñarse, da burocracia administrativo-fluvial da Xunta de Galicia; ou do desleixo do PP de Galicia polo medio ambiente e pola riqueza piscícola que un día tiveron e xa non teñen os ríos deste país —que Cunqueiro dicía que eran mil—. E Cunqueiro quedaba curto, os ríos de Galicia son moito máis de mil, porque cada pequeno val ten o seu pequeno curso de auga. É unha riqueza en termos comparativos con outros lugares do mundo, ademais de pola extensión da nosa rede fluvial, pola súa variedade primixenia, que esmoreceu dramaticamente nos últimos corenta anos, unha auténtica riqueza —como digo— á que Galicia vive de costas, descoñecendo e radicalmente liderada por un Goberno autonómico que despreza canto ignora.

E recoñecendo as boas formas e maneiras da señora Díaz Mouteira, agradezo tamén que se incorporaran algunhas das aproximadamente 90 emendas que presentou o Grupo Socialista. Pero lamento que fosen xustamente as menos transcendentais. Porque, por exemplo, para cambiar o obxecto da lei chegouse a unha emenda transaccionada entre as tres forzas políticas que foi bastante difícil de acadar, o que dá idea da escasa flexibilidade do PP, porque custou moito incluso introducir a cuestión medioambiental no obxecto dunha lei que en 1992 si o tiña. E con iso resúmese todo. A lei de 1992 supuxo un avance. Esta supón un retroceso a pesar dos vinte e oito anos transcorridos nos que o mundo se volveu moito máis preocupado polo medio ambiente.

Pero o PP vai para atrás, incluso con respecto a esa lei de 1992, que se fixo cando o dereito medioambiental estaba en cueiros. E comezaban vostedes eliminando o contido medioambiental do obxecto desa lei para substituílo por un etéreo e xuridicamente pouco axeitado «dereito ao exercicio da pesca continental». Queda moi moderno e falsamente progresista chamarlle «dereito» ao que toda a vida foi, en termos técnico-xurídicos, un uso común especial dun ben público como son os ríos. Pero, se non hai ecosistema fluvial, non hai pesca. E, se non hai pesca, non hai nin dereito á pesca nin farrapos de gaitas, porque non hai troitas nin reos nin salmóns.

Por iso debo reiterar que é inaudito que unha lei feita no ano 2020, que en teoría ten por obxecto protexer e fomentar a pesca continental da nosa comunidade, na práctica supoña un auténtico retroceso nesa protección e fomento, na medida en que empeora significativamente unha lei feita en 1992. Ademais é innecesaria, porque non hai unha necesidade real dunha nova lei de pesca, a non ser polo feito de que o departamento de Medio Ambiente amosa unha moi escasa fertilidade normativa. É dicir, que, como o departamento de Medio Ambiente leva tempo sen ter actividade lexislativa significativa, había que facer un lei. E ocorréuselles esta, unha infeliz e infausta ocorrencia, unha ocorrencia legal innecesaria que carece de xustificación, dado que na exposición de motivos se utiliza como argumento principal a longa vixencia da lei de 1992, cando o problema non é a longa vixencia desa norma senón que o problema é a moi mala xestión dos recursos realizada pola Xunta de Galicia, a omisión constante do cumprimento das súas competencias e obrigas, sinaladamente, a de sancionar e impedir as agresións aos ríos e a constante deterioración medioambiental dos ecosistemas fluviais, que derivou nunha situación de abandono da pesca fluvial por parte de moitos dos seus practicantes. Caeu case á metade o número de licenzas de pesca na última



década: de aproximadamente 90.000 a aproximadamente 45.000; nada que ver co relevo xeracional, como desafortunadamente di a exposición de motivos, e todo que ver coa imposibilidade de pescar media dúcia de troitas onde hai once anos era posible facelo.

Eu mesmo herdei a paixón pola pesca fluvial do meu pai e durante vinte anos practiquei esa afección mentres ía vendo como os ecosistemas fluviais e a pesca ían a menos en Galicia, ata chegar a un punto no que un pescador coma min deixa de sacar a licenza, deixa de ir ao río, porque non hai troitas dabondo para practicar a pesca. Non é por exceso de pesca, é porque os pescadores somos cada vez menos.

Como xa dixen anteriormente neste pleno, non hai pesca porque un río é un ecosistema, e dese ecosistema forman parte os salmónidos cuxa pesca forma parte da nosa cultura ancestral dende hai séculos. E non só da nosa senón tamén doutras, porque a pesca da troita e do salmón é unha afección compartida por decenas de millóns de persoas no mundo. E Galicia ten unha das maiores concentracións de presas de España, e España é o primeiro país da Unión Europea en número de presas e o quinto do mundo. O país dos mil ríos de Cunqueiro converteuse no país dos centos de presas, e cada presa é un obstáculo ao remonte dos salmónidos, que tenden a remontar os ríos para atopar os seus frezaderos nos cursos altos dos ríos ou nos leitos dos regatos. Se lles cortamos o remonte e a baixada interpoñendo o muro dunha presa hidroeléctrica que non poden franquear, vense mermadas as súas poboacións —por non falar de que tampouco poden baixar unha vez que desovan—. E morren se o río queda seco por incumprimento do caudal ecolóxico, como permite reiteradamente a Xunta de Galicia. E o que afecta ás troitas afecta aínda máis aos salmóns e reos, que son especies migratorias. E vostedes non só permiten e amparan todo tipo de incumprimentos das concesionarias, senón que favorecen esas mesmas empresas de todos os xeitos posibles.

Logo está o problema da contaminación, que, en troques de ir a menos, vai a máis; entre outras cousas, porque vostedes non sancionan nin moito nin pouco, non sancionan salvo testemuñalmente para poder dicir que sancionan. E ademais está o problema das deterioracións das ribeiras dos ríos e da erosión e a deterioración dos bosques de ribeira, que, ademais de constituír parte do ecosistema fluvial, cando chove son os que captan parte da choiva —sobre o 70 %— que devolven á atmosfera por evapotranspiración, mentres o 30 % restante vai ao río e logo ao mar. Pero cando se deterioran ou se incendian os bosques de ribeira, a evapotranspiración redúcese e entón prodúcense inundacións cada vez máis intensas e daniñas, como as que vemos con demasiada frecuencia en Galicia. Por tanto, o problema da pesca fluvial é que os ecosistemas fluviais están cada vez máis degradados, e sen ecosistema non hai alimento nin hábitat para as especies pescables.

O problema desta lei é que pasará á historia por ser incrivelmente unha lei menos ambientalista que a que fixo Fraga. Esta lei fai desaparecer como infracción grave o incumprimento do caudal ecolóxico que estaba na anterior, ou o incumprimento da obriga de instalar e manter en boas condicións dispositivos de remonte. Prevé só exixencias para as novas concesións e autorizacións hidráulicas sen afrontar o incumprimento das numerosas concesións e autorizacións anteriores que eluden constantemente obrigas establecidas para conservar de xeito sustentable os ecosistemas, como a de instalar reixas e dispositivos de protección para impedir o acceso da poboación ictícola ás correntes de derivación ou achega, ou a xa men-



cionada de instalar dispositivos de remonte ou outras alternativas que permitan garantir as migracións periódicas de peixes ao longo dos cursos fluviais ou manter caudais mínimos, caudais ecolóxicos. Son cuestións que seguen sen incorporarse debidamente no texto despois do proceso lexislativo en comisión, o que indica que neste campo o Goberno galego se move incrivelmente cara a unha normativa moito máis laxa con todo o que iso pode chegar a provocar, e non introduce novidades salientables para o control de vertidos e residuos perigosos que afectan a fauna acuícola e a auga.

Ademais reduce enormemente o réxime sancionador xa que baixa o importe das sancións para os infractores, diminuíndo, polo tanto, o poder coercitivo da norma. En xeral, as infraccións redúcense a menos da metade, cando pasaron vinte e oito anos e o simple efecto da inflación acumulada en vinte e oito anos debería facer que se multiplicase. A inflación acumulada dende 1992 é do 88 %. É dicir, unha sanción de 100 euros, ou das correspondentes pesetas de entón, no ano 1992, se a actualizamos, sería hoxe equivalente a unha sanción de 188 euros —100 euros en 1992, 188 neste ano—. Isto implica que as sancións terían case que duplicarse polo simple efecto da inflación, e, sen embargo, vos tedes redúcenas en xeral á metade. Por exemplo, a sanción por infracción moi grave, que podía chegar aos 50 millóns na lei de 1992, queda agora nun máximo de 150.000 euros —a metade—, e así sucesivamente. Son a metade que en 1992, e así —insisto— sucesivamente. Un vertido que sexa considerado infracción moi grave, por exemplo, sae hoxe á metade de prezo que en 1992. Se contamos a inflación, sae incluso pola cuarta parte do prezo. Imos para atrás, coma os cangrexos —por certo, non coma os cangrexos de río autóctonos, que están practicamente extintos— e pasamos do principio de «quen contamina paga» ao principio de «quen contamina paga moito menos do que pagaba antes desta lei».

Tampouco se establecen de forma clara medidas para a conservación de leitos que garantan o mantemento das súas condicións naturais. E outro aspecto fundamental que non prevé o proxecto de lei é a problemática que está a xerar o escaso número de efectivos para os labores de inspección e vixilancia, que son case nulos na época estival, por estaren a maioría dos efectivos destinados a labores de prevención e extinción de incendios. Por conseguinte, non establece esta lei ningunha novidade que garde relación con esta importante circunstancia, incluso se certifica que non existirá ningún aumento dotacional para estas cuestións a partir do momento no que a lei poida entrar en vigor.

Tampouco podemos aceptar como xustificación válida a necesidade desta norma para impulsar a renovación xeracional do colectivo de pescadores fluviais e a promoción da actividade da pesca continental como unha ferramenta para o desenvolvemento turístico no medio rural, xa que existiu a posibilidade de actuar a través doutras normas sen carácter de lei que non foron desenvolvidas para acadar estas metas e que agora tentan presentar como novidades importantes desta lei. Hai anos que se puideron poñer en marcha actuacións como as autorizacións de novos aparellos de flotación, novas artes de pesca, escolas de río ou a non exixencia de licenza para os menores e a exención da taxa para os maiores de 65.

E tampouco se establecen medidas protectoras dos bosques de ribeira. ¡Total para que, se esta lei non concibe os ríos como ecosistemas senón como lugares para o exercicio dun fic-



ticio, por imposible ou case imposible, dereito á pesca sen nada que pescar! Os bosques de ribeira son fundamentais e nin se tratan nesta lei.

En suma, a lei de pesca de 1992 foi unha lei necesaria, que supuxo un avance na regulación da pesca fluvial en Galicia, na medida en que superaba unha lexislación franquista que quedara superada por medio século de cambios na pesca fluvial e na conservación do medio. Esta lei implicaba un retroceso antes de pasar por esta Cámara e segue a implicar un retroceso hoxe.

En todo caso, señora conselleira, cunha mesma lei de pesca pódense facer cousas moi diferentes en función das ganas que se teña de defender e promover a pesca en Galicia. Agardamos que a conselleira de Medio Ambiente teña a ben facer algo máis polos nosos ríos que unha foto en campaña botando caldeiros de troitas ao río Anllóns, un río cun enorme potencial, que, como todos os nosos ríos, os ríos de Galicia, o que necesita son medidas de conservación e non as súas fotos nin os seus caldeiros de troitas.

Nada máis e seguiremos despois.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

«Unha punteira de bambú enqueirada á calor do forno de cocer, coa punta flexible, non máis dun metro e medio de tanza, un anzol sen chumbo e un besbello. Desde fóra do río, a carón, pousado na tona con xeito nun remanso, nun neto de auga, na beira, onde dá a sombra, se cimbramos suavemente a cana, o besbello semella activo e a troita sae como unha nacida. ¡Todo un espectáculo! Ou camiñar suavemente polo medio do regato, cana de bambú duns sete metros de longo e case outros tantos de tanza, saltón de cebo, ballesta e o saltón cae co seu propio peso nese neto de auga na beira; e ver como a troita emprende a carreira e arrastra o isco para comelo ao abrigo, deixalo ir e agardar... Cando se sente o tirón, deixar a cana, que a leve a auga río abaixo e percorrer cana e tanza ata chegar á troita. Nos días quentes de agosto cando non se move nin unha folla e a troita abeira á sombra agardando a que lle caía das beiras o que lle valla para comer, non é estraño sentir o zunido intermitente do cabaliño do demo desovando. Mantense como un helicóptero en vertical subindo e baixando para depositar en cada baixada e en contacto coa tona da auga uns cantos oviños. Eses ovos darán lugar a eses insectos feos que chamamos besbellos e que moran xunto coas gusarapas e cos roucos ou mainos debaixo das pedras nos leitos dos ríos. Son unha das probas máis claras, a analítica máis contundente, de que as augas dese río están sans.»



Son historias, señorías, que se transmiten de pais a fillos e que conforman a cosmovisión das xentes que habitamos as ribeiras dos ríos e, como tal, somos chamados ribeireños. A pesca e o río flúen polas nosas veas. E as historias de muiñadas, o gando recén mercado desconjurado coas cruces na presa do muíño antes de ser levado para a corte polo seu novo dono, o trasno en forma de cabalo branco... ¡eu que sei! Señorías, o río é algo máis ca unha corrente continua de auga como rezaba a Enciclopedia Álvarez que algúns de nós estudamos. Un país como o noso, sucado por dez mil ríos e máis, un país con trinta e cinco mil quilómetros de río, ten unha cultura de río que aniña nas entrañas da nosa identidade. Por iso merecemos máis.

Desde o BNG reclamamos o respecto debido para connosco e coas nosas augas continentais, porque temos entre as mans un proxecto de lei de pesca fluvial que suscita un acordo unánime na crítica ás súas moitas carencias. Todo o mundo da pesca, ¡todo!, todo o mundo da ecoloxía, dos naturalistas, da política da sensatez, todos estamos de acordo en que é un proxecto de norma que retrocede e que é peor que calquera lei pasada. Vostedes puideron ter elaborado e presentado aquí un proxecto de lei que mellorase substancialmente a que aínda está en vigor desde xullo de 1992, e puideron tomar alento coa Lei 5/2006, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, resultado dunha iniciativa popular. E puideron recuperar sentido común coa Lei 5/2019, do patrimonio natural de Galicia, que no seu artigo 87 proclama que a Administración outorgará un papel prioritario aos cursos fluviais en aras de mellorar a coherencia e conectividade ecolóxica do territorio. Pero non quixeron. Para vostedes cada lei é un mundo en si mesmo e non hai interdependencia nin complementación entre elas, nin deben servir ao mesmo fin.

Este proxecto de lei, señorías, foi cociñado a fume de carozo porque o PP ten présa en se xustificar, en xustificar o non feito: case catro anos de lexislatura do rural e apenas nada lexislativamente falando, excepto a «lei de depredación» e mais esas trampas lexislativas chamadas «leis de acompañamento» dos orzamentos anuais, pouco máis. Catro anos baleiros na actividade debida para un goberno que se prece e agora teñen présa e forzan a máquina faltándolles ao respecto debido ao pobo das galegas e dos galegos e facendo do traballo lexislativo —que debería ser pousado e concienciado— un trámite legal a todo filispín e con pouca consistencia. Tampouco a présa pode xustificar nunca a improvisación nin o retroceso, e vostedes improvisaron e nós retrocedemos.

Esta lei non bebe da realidade nin conta cos apoios necesarios que lle dean consistencia. Ítem máis: este proxecto de lei acadou o consenso de naturalistas, ecoloxistas e colectivos de pescadores. Si, pero en contra. Todos eles coinciden —e nós desde o BNG coincidimos tamén— en que é un despropósito e que os nosos ríos, regatos, fontes, lagoas e humidais non merecen este absurdo, porque non bebe da realidade, porque parte de premisas falsas. Xa llelo dicíamos no noso primeiro debate: os nosos ríos están nunha curva descendente demasiado inclinada de deterioración da calidade das súas augas e dos seus ecosistemas, porque o de vostedes non é precisamente cumprimento das leis e si máis ben o de soslaialas ao son do tonto.

E as leis anteriores e as que fan referencia ao medio ambiente nin se cumpriron nin se cum-pren. Hai vertidos incontrolados cos que, tendo coñecemento, non actúan, porque se trata



de empresas amigas. É curioso, algunha delas hai con mencións europeas ao seu coidado do medio ambiente, pero que verten ao abrigo da impunidade que lles dá a súa cobertura, a de ollar para outro lado, a de non mover palla. ¡Impotencia!

Plantacións de eucaliptos ata a mesma beira da auga, mesmo no espazo de dominio público; vertidos de puríns do intensivo en épocas do ano en que fosas mal dimensionadas sobordan; o exceso de nutrientes de terras apelmazadas que decorren para mananciais, fontes, regatos e ríos e eutrofizan as augas; as granxas de porcino e de aves que en zonas como A Limia e o Deza non dan respiro ás augas e provocan niveis de eutrofización inadmisibles; o uso indiscriminado e temerario de glifosatos na agricultura e mesmo por institucións como a Xunta ou as deputacións no tratamento das cunetas das estradas para evitar a contratación de persoal; as depuradoras que funcionan deficientemente e que todas elas mandan para o río, ¡mandan para o río! Logo nós bebemos. Iso si, botámoslle cloro, un cloro máxico que neutraliza os nitritos, os nitratos, os glifosatos, os metais pesados. Miramos para outro lado. ¿Velaquí o BNG catastrofista? Non, velaquí un BNG comprometido coa realidade, coa necesidade de lle dar un xeito a estes graves problemas. (*Aplausos.*) Porque, como ven, non se trata de que haxa máis ou menos troitas; con elas e mais coas anguías, cos reos, escalos, salmóns, parrulos, lontras, cabaliños do demo, cóbregas de auga, ameneiros, espiños, dentes de agrón, fieitas, brizos, lavandeiras reais, merlos de río, martiños peixeiros, azores, con todo iso e co que me falta por amentar e nomear, coa súa supervivencia está a supervivencia da nosa saúde e da nosa especie. Pois se eles desaparecen, nós imos atrás deles. E vostedes non o queren ver. Pode máis a cobiza dos negocios amigos e do neoliberalismo frío que a saúde e o futuro da xente. Eses son vostedes en estado puro. Logo échenelles a boca con palabras como «bioeconomía», «pacto verde», «economía circular»..., ¿ou era circular pola economía?

E vostedes, demócratas de toda a vida, déronnos a oportunidade dunha ponencia para chegarmos a acordos porque transaccionaron e incorporaron ao texto un bo número de emendas. ¡Maldita como ningunha! De feito, nas reunións da ponencia nunca acordamos nada. Quedaba para o outro día porque había que consultar coas alturas, e as alturas dicían «non». A maioría absoluta é así, dirán vostedes.

E non quero faltar á verdade, porque á última hora si, sen que servise de precedente, no debate da Comisión viñeron vendéndonos que aceptaban unha emenda de adición no artigo 1 e que introducían —seica logo dun durísimo debate nas alturas— os vocábulos «conservación» e «recuperación». E con isto xa cumprían co déficit da lei, e tamén cumprían coa nosa insistencia teimosa. ¡Tanto falar, tanto argumentar que a lei non falaba de conservación dos ríos nin trataba da conservación dos mesmos...! ¡Dúas palabras e tanto esforzo! Son vocábulos e, o que é peor, conceptos que están excluídos do texto e do espírito deste proxecto de lei. Agora xa non, ¡vaites, vaites!

E esta é a mai do año, porque só desde o absoluto descoñecemento do papel e da importancia dunhas augas continentais que gozan de boa saúde se pode concibir tal barbaridade de proxecto de lei, que ignora o lamentable estado xeral das augas e dos ecosistemas fluviais deste país. O papel xogado por estes cursos de auga é claro: son corredores de biodiversidade, ¿saben? Os científicos afirman que, tras a última glaciación —coma quen di, antonte—, logo



da retirada dos xeos, houbo unha monoespecífica colonización de coníferas en todo o norte de Europa e que a biodiversidade —espécimen incluído—, penetrou no territorio europeo desde é polos ríos. Pois hoxe continúan a cumprir a mesma función. Corredores de vida diversa que non deben estar atrancados e interrompidos polas masas forestais alóctonas e invasoras —quince metros a cada lado de exención, que nin así se cumpren, quince metros cando deberían ser polo menos cen—. E digo ben «alóctonas e invasoras», digan o que digan os tribunais herdeiros daqueles do «top-top», do Tribunal de Orden Público de anos pretéritos, aqueles que mandaban ao cárcere aos que se atrevían a expresar a súa liberdade libremente, eses que seguen aí. E así esas especies invasoras apertan a auga e impiden que a flora e a fauna que lle pertence por dereito propio poidan comunicar e conservar o que nos foi dado —non a nós, si ao conxunto do territorio—. Porque os ríos non son soamente auga que camiña, son toda esa vida que leva asociada cando menos nese espazo que lles repito unha vez máis que debería ser mimado e aloumiñado pola conta que nos ten. Lémbrolles, señorías, que cada vez precisamos e usamos máis auga potable e que temos a obriga de mantela en perfecto estado: corredor de vida diversa e freo aos grandes lumes que a ordenación en caos e os períodos de seca nos poden ofrecer periodicamente.

Esta é tamén unha «lei amnistía» para aquelas construcións fluviais que atrancaron ilegalmente a libre circulación e o desenvolvemento das especies ictícolas migratorias. Saben ben que tanto o salmón como a lamprea ou a anguía teñen os días contados. Precisan da libre circulación polo río e están atrancados. E nada hai na lei ao respecto, ningunha medida, ningún apartado, ningún artigo, ningún punto, ningunha mención. A anguía está hoxe en perigo de extinción, e hai menos de cincuenta anos era pescada a quintais, a quintais para salgar e servir de alimento a xeito de matanza especial no inverno. E cada ano subían nubes de crías polos ríos e regatos arriba. O salmón outro tanto, e ¡que dicir da lamprea!

Mentres, empresas como Fenosa —xa non sei como se chama agora—, coa súa prepotencia, sacou milleiros de millóns de beneficios e non cumpriu a lei. Non a cumpriu porque vostedes no lla fixeron cumprir —nin a Fenosa nin a Iberdrola nin a Villar Mir, amigote da alma—.

Pois esta lei é un borrón e conta nova. O feito, feito está. Moi ao seu estilo, nunca queren saber nada do pasado. Cando vostedes, señorías do PP, son o pasado, o máis turbio e rancio pasado con maquillaxe 5.0. Porque as nosas emendas ían no camiño de corrixir un risco esta barbaridade —que vén de «barbarie»— e poñer algo de espírito de conservación, algo de cordura que frease a deterioración crecente das augas doces continentais. E non, na ponencia aínda razoabamos pero nas alturas dicían que non. E dixeron que non, unha a unha, ás nosas emendas, ás emendas do BNG, se cadra porque lles proían no máis íntimo, porque saber saben de que van, claro que si; e, se cadra, a algún dálle vergoña.

As emendas do BNG eran poucas, eran emendas á esencia da lei. Ían procurando que caesen na conta de que non se pode poñer un recurso en explotación se non está en bo estado. Non se pode legislar a pesca deportiva se non hai o que pescar ou se esta é un ben escaso. Pois iso, ían orientadas a blindar as augas continentais para devolverlles a calidade aos seus ecosistemas doutros tempos. E aí eu teño vantaxe —descúlpenme—, porque vivín eses tempos ata non hai moito. Non falo de oídas. Eu vin e tentei cocer mexillóns do río, ¡mexillóns do río! Son duros coma penedos, parecen plástico. Eu bebín, como bebiamos todos e todas, ata



as augas dos regos que sucaban os prados —e tiñan pinchorras e ras en abundancia—. Eu bebín do Miño e do Ladra. «Auga corrente non mata a xente», rezaba o dito, e dito queda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Deixándome levar por esa vea poética que lle recordo sempre ao señor Rivas Cruz —que me gusta oílo aínda que non me gusta nada o que di—, empezo cunha canción moi propia do meu Mondoñedo natal, que empeza así: «Son de Mondoñedo, da beira do Masma...». Masma, como seguro coñecen, é un río importante da nosa provincia.

Empezo agradecendo, por suposto, o traballo dos compañeiros, e moi especialmente da miña compañeira Marisol. E é indubidable que teño que centrarme explicando unha lei na que creo e que por suposto defendo. Pero xa dixen, na única ocasión que tiven de intervir por agora nesta sesión plenaria, que para os que vimos da política local é moi difícil soltar aquí un discurso que pareza que preparei cun asesor en comunicación e sen deixarse levar polo que se escoita, evidentemente, con grandes provocacións. Aínda que non debemos perder a perspectiva. Só unha cousa, señor Rivas Cruz, porque, iso si, sobre todo os galegos que nos apoiaron o día 12, creo que merecen que empece escoitando. Mire, o Partido Popular en Galicia non lle é pasado, o Partido Popular en Galicia élle presente, o presente máis vivo, con máis ganas, máis comprometido con todo, e tamén co medio ambiente. *(Aplausos.)* Non o digo por nós, ben sabe que non ofende quen quere, senón quen pode. Pero temos a gran responsabilidade de defender a quen nos votou no escenario democrático máis limpo e máis marabilloso que nos deu a democracia.

É verdade que, cando o escoito aquí, parece que me traslado a unha serie de televisión, parece que, con toda a humildade do mundo, non o votou nin a familia —e non me refiro a naide—. Vén aquí a dar leccións, a chamarnos de todo, a faltarnos ao respecto, a aliñarnos con prácticas que son case delitos, polo que me custa centrarme na lei de pesca, que —insisto— é o máis importante.

Entón, dentro do respecto, e vindo dunha familia na que o respecto polo medio ambiente non era preciso aprendelo nun despacho, nin do concepto de sustentabilidade, vostedes saben que o rural galego coida o medio ambiente. Pásanse tanto de freada nas críticas ao Goberno que non se están dando conta de que critican os galegos e as galegas cando teñen a lei diante, cando teñen un instrumento que, señora conselleira, creo que é un instrumento necesario —eles mesmos o recoñecen nas súas intervencións—. Por un lado din que non fai



falta, por outro lado din que desapareceron, que foi empeorando desde os últimos corenta anos. Fago tamén esa puntualización porque o voceiro do Partido Socialista nas comisións que puiden escoitar sempre contextualizaba un empeoramento nos últimos dez. Empezamos a contar e interesan os dez porque é cando deixou de gobernar o Bipartito. Agora din que a situación viña empeorando nos últimos corenta anos.

En todo caso, hoxe, e falando de futuro, dese futuro vivo que queremos construír entre todos —ademais temos a obriga de facelo— regresa a esta Cámara o proxecto da que será a futura lei de pesca continental de Galicia, a segunda en vinte e oito anos, dende o ano 1992. Defendemos que era necesaria unha actualización para modernizar e para adaptar esta práctica a un modelo de xestión que nos permita avanzar na sustentabilidade e nesa compatibilidade coa protección do medio ambiente a medio e longo prazo. Hai que dar respostas claras e seguir a evolución. É evidente que o que hai corenta anos pois era unha práctica de pesca para, ás veces, axudar como fonte de alimentación hoxe vén sendo unha actividade recreativa e deportiva, e vai acorde cunha maior conciencia social sobre a necesidade de protexer os nosos recursos naturais. Así o reflicte o proxecto no seu obxecto principal: regular, protexer, fomentar o dereito ao exercicio da pesca nas augas continentais e un ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas.

Este instrumento apóiase en catro piares fundamentais: a aplicación de medidas para garantir o cambio xeracional; fomentar a formación e a educación e sensibilización ambiental nesta materia; o fomento da pesca sen morte; tamén o emprego da pesca como unha ferramenta de desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural; e, por suposto, o cuarto pilar, unha planificación estratéxica da xestión da pesca continental co fin de optimizar a xestión dos recursos.

Señorías, o perfil medio dos pescadores galegos concéntranse nun intervalo de idade entre os 50 e os 70 anos, pero cunha porcentaxe moi significativa no tramo que vai dende os 70 aos 80. É indubidable que a nosa poboación, sobre todo nalgúns provincias, ten un marcado carácter envellecido, pero non é menos certo tamén que é imprescindible fomentar a participación das xeracións máis novas para poder garantir o futuro desta práctica deportiva. E, sobre todo —non esquezamos—, vostedes céntranse moito no apartado de sancionar —o que, evidentemente, tamén aclararei—, pero eu quero tamén incidir nese imprescindible labor de sensibilizar, de mellorar esa conciencia ambiental, especialmente entre os máis novos. Son eles, realmente, os que teñen a obriga de preservar os nosos ecosistemas fluviais.

Introduce importantes novidades, como a creación das escolas de río, esa ferramenta que axudará a formar ou incluso —por que non dicilo— a fomentar ese encontro interxeracional entre os que hoxe acostuman pescar e eses que queremos intentar motivar e animar. Ademais, queremos atraer mozos pero que faciliten desde o ámbito administrativo. Por un lado, di o señor Arangüena que hai unha burocracia excesiva; e, por outro lado, pide que se protexa. Busquemos o equilibrio, que realmente é o obxectivo desta lei.

Os rapaces menores de 14 anos poderán practicar a pesca deportiva ou recreativa sen necesidade de licenza cando vaian acompañados dun adulto. Creo que é unha novidade desta lei que hai que destacar. E todos os menores de idade estarán exentos do pagamento de taxas.



Creo que pode tamén animar á práctica deportiva. Por certo, desa exención tamén se beneficiarán os maiores de 65 anos. Dende logo, esta gratuidade dos permisos de pesca para maiores de idade en todo caso será para a pesca sen morte, un dos obxectivos fundamentais que queremos impulsar nesta lei. Inclúense diversas medidas para a implantación progresiva da pesca sen morte, que sabemos que non é a común na nosa comunidade, e ese é sen dúbida un dos nosos retos. Malia que a pesca sen morte vai gañando adeptos e se constitúe na regra común en todo o mundo, a intención neste caso nesta lei e na nosa comunidade é que poida fomentarse este tipo de actividade coexistindo co modelo tradicional extractivo.

Queremos —no que tamén me gustaría facer fincapé— deixar unha especial protección para certas actividades tradicionais de pesca que son representativas da cultura galega, como as pesqueiras do río Ulla ou as estacadas do río Tea para captura da lamprea.

Sabemos que a pesca está intimamente ligada á poboación no medio rural e por iso apostamos por que sexa un instrumento que xogue un papel fundamental no desenvolvemento turístico, económico e social nestas áreas. Precisamente era o terceiro piar que antes citaba, que foi obxecto de alonxamentos nos debates, como así me trasladaron, e iso tamén o entendemos, porque vai evidentemente en cada proxecto político de cada un de vostedes. Estoume a referir ás augas de pesca de aproveitamento privado, unha figura que seguro que vai axudar a potenciar o turismo de pesca, así como o está a facer noutros puntos doutras comunidades autónomas, como, por exemplo, en Castela e León. Os establecementos privados de pesca neste réxime intensivo regulados na lei servirán tamén como elementos para fomentar a pesca para os citados programas con nenos, para a práctica de pesca por parte dos maiores, e entendemos que facilitará o adestramento dos competidores e competidoras galegas, que tamén moverá a economía da pesca en períodos de veda. O rural, sen dúbida ningunha, queremos que sexa un dos principais beneficiarios.

E remato no cuarto piar, que non é outro que a planificación estratéxica da xestión da pesca continental co fin de optimizar a xestión de recursos. Con esta finalidade créanse tres instrumentos: o Plan galego de ordenación da pesca continental, os plans técnicos de xestión dos recursos piscícolas —ben sexa por concas ou subconcas— e a orde anual de pesca continental.

Non entendemos que sexa unha voltiña nin que sexa unha reforma estética. Cremos realmente que se achegan propostas de calado. Por exemplo, clasifícanse as masas de augas en pescables e non pescables, e poden ser as primeiras libres para a pesca ou sometidas a un réxime especial. Concretamente, este réxime especial regúlase en catro categorías: coutos de pesca, tramos de auga de especial interese para a riqueza piscícola e máis novidades, os xa citados escenarios deportivos sociais e de formación e as augas de pesca de aproveitamento privado, esas que, como citei, surtiron polémica.

¿Que máis incorpora a lei? Pois incorpora unha listaxe das especies que poden ser obxecto de pesca continental, regula as especies exóticas invasoras, adopta medidas específicas de control e captura das especies catalogadas, establecendo a clara prohibición destas especies unha vez capturadas. Hai novidades, por certo, tan singulares que non existen en Europa. Falo, por exemplo, do establecemento dun sistema de autoguiado, ou de identificación de



capturas para os exemplares de reo, de modo que será o propio pescador o que comunique ás administracións os datos e as capturas realizadas, sistema que permitirá simplificar os controis preceptivos para a captura desta especie, pero, sobre todo, corresponsabilizar o pescador na xestión.

Si hai novidades nas condutas infractoras e nas sancións: simplifícanse as clasificacións das categorías de infraccións, elimina a categoría de menos grave e reduce o importe cando o infractor recoñeza a súa responsabilidade ou efectúe o pago nun período voluntario. Cómpre destacar que se dedica unha especial atención á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior, que me parecen aspectos, dende logo, moi defendibles.

Destacamos aquí —que parece que o ridiculizaron— o resultado da comisión. Creo que todos os grupos políticos aplaudían o que foi a modificación do artigo 1 cando se lle deu maior peso —digamos— ao concepto «conservación», que se introduce xa no artigo da lei. Parecíame que iso se vira como algo positivo, pero eu creo que ás veces é mellor levar a contraria porque así non sae un do argumentario e podemos dar caña, e chamarnos catrocentas. Eu creo que o espírito de conservación estaba implícito e explícito en toda lei, pero con esa actitude de chegar a acordos e de buscar consensos, no que entendemos que é unha lei importante, aceptaron esa emenda.

E dicía a miña compañeira, xa que o señor Arangüena repetiu en varias ocasións —tamén o fixo na Comisión e na primeira intervención— que xa non era pescador, que un dos retos era conseguir que volveuse sacar a licenza de pesca. Probablemente non sexa culpa da lei que non o sexa, pero en todo caso é un reto tamén desta lei.

Todos citaron un escritor mindoniense, como foi Álvaro Cunqueiro, que definía Galicia como a dos mil ríos. Probablemente tamén coincido con vostedes en que quede curto, porque probablemente teña máis. Pero búscase con esta lei que esa riqueza, ese signo identitario da nosa Galicia, estea máis protexido. E unha das mellores maneiras é implicar, dende logo, a mocidade.

Non hai ningunha amnistía, non hai ningunha amnistía. Eu sei que, ás veces, ás veces non sei se é que non o entenden ou é que realmente o que buscan é que entremos nesa provocación, pero, como as acusacións son moi graves, creo que tamén a miña responsabilidade é aclaralo. As previsións que propoñían no novo artigo xa a están incluídas nese artigo 12, que me consta que ten un importante contido. Pero é que, ademais, vostedes perfectamente coñecen os informes que a Asesoría Xurídica Xeral en decembro do ano 2019 apuntaba. Tamén coñecen o principio de proporcionalidade nas sancións, saben perfectamente que hai determinados feitos que estaban recollidos xa noutros instrumentos normativos. Eu creo que todo iso o coñecen, porque quero pensar que realmente se forman, e quero pensar que len os textos con actitude construtiva —e digo «quero pensar» e suponme facer un esforzo, porque realmente, insisto, o debate de hoxe, dende logo, foi máis amable que noutras ocasións—.

Creo que pensando no ben da nosa Galicia, no ben dos nosos ríos, no ben da nosa natureza, dende este grupo que represento, que é o maioritario da Cámara, trasládolles os meus pa-



rabéns á Consellería de Medio Ambiente, e ao mesmo tempo comprometémonos a explicar a lei, a explicala á cidadanía, que foi moi participativa en todo este proceso, e indubidablemente teño razóns fundamentadas para definila como un instrumento necesario, como un instrumento útil e que vai seguir contribuíndo a coidar do noso medio ambiente e dos nosos ríos.

Nesta primeira intervención nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas mantidas polos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Candia, escoitelle dicir que o PP está comprometido co medio ambiente. Bueno, o PP debe de estar tan comprometido co medio ambiente como coa recuperación e defensa da memoria histórica democrática ou co uso da mascarilla nos seus actos de partido. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Respecto da cuestión da necesidade, respecto de que vostede dicía que criticabamos esta lei pero ao mesmo tempo dicíamos que os ríos están moi mal e que iso sería algún tipo de argumento en favor da necesidade desta lei, bueno, o certo é que coa lei de 1992 se podían facer cousas mellores —con total probabilidade— que con esta lei. Nese sentido, o feito de que os ríos estean peor non vai ser obxecto de mellora con esta lei. Por tanto, insisto na falla de necesidade desta lei. O que fai falta é que se aplique ben a lei que existe, non que se cambien as leis gratuitamente.

E respecto de que eu me refería a se foron a menos os ríos nos últimos dez ou once anos ou nos últimos corenta, é evidente que nos últimos corenta anos foron a menos, pero tamén é evidente para calquera que coñeza os ríos que nos últimos dez caeron en picado pola inacción e a falla de compromiso do seu goberno. Señorías, a inacción da conselleira de Medio Ambiente ante os vertidos contaminantes ao río Furelos, primeiro como alcaldesa de Melide e despois como conselleira de Medio Ambiente —non quero enturbar o bo ton e o ton positivo deste debate—, permite albergar moi pouca esperanza, dado que se trata dun río que leva quince anos rexistrando vertidos sen que a señora conselleira fixera absolutamente nada para remedialo cando foi alcaldesa de Melide durante oito anos e conselleira durante máis de dous. É dicir, a conselleira de Medio Ambiente permitiu, primeiro como alcaldesa en dúas lexislaturas e despois xa como conselleira, que o río Furelos, de alto valor ecolóxico e dentro da Rede Natura, fose contaminado reiteradamente pola falla de depuradora no parque empresarial de Melide, *(Aplausos.)* sufrindo mortalidade recorrente de troitas e converténdose nunha sombra do que foi. E non me fagan incidir en cuestións que, por certo, poden acabar obrando —ou obran xa— en poder dun xulgado de instrución en Arzúa.



E non hai por que falar do pasado. Esta fin de semana soubemos que a Xunta foi denunciada por tardar quince meses en respostar ás alegacións de particulares, de ecoloxistas, e deixar pasar o prazo para reverter a concesión de explotación do río Verdugo, que leva sendo obxecto de explotación hidroeléctrica dende 1899 —cento vinte anos—, un río en mans dunha empresa, Naturgy, que precisamente recibiu numerosas denuncias por infracción do caudal ecolóxico e inadecuada conservación dos dispositivos de remonte nesa explotación. E poderá seguir explotando ese ben público, que é o río Verdugo, lucrándose do que é de todas e todos os galegos. E non é un caso illado, porque esa é a súa xestión dos nosos ríos.

Pero non quero afondar en cuestións escabrosas, entre outras cousas, porque estou imbuído xa de espírito navideño. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, aínda que non o crean. (*Aplausos.*) Bueno, vou seguir.

Galicia foi hai décadas un auténtico paraíso da pesca, e podería voltar selo se, en troques de impulsar unha lei que menoscaba e tende a dismantelar a protección dos ríos que establecía na teoría a Lei de 1992, fixeran vostedes na práctica cumprir esa lei, cumprindo de paso coa súa obriga de sancionar, previr, mellorar a situación dos ecosistemas fluviais, cousa que vostedes non fixeron en absoluto nos últimos once anos; entre outras cousas porque non lles interesan os ríos ni moito nin pouco. Se queren vostedes mellorar a pesca, inspírense na Lei de pesca de León, que optou por tomar en serio máis ou menos a cuestión nos últimos cinco anos e viu como a situación dos seus ríos melloraba de xeito moi significativo cando a dos nosos empeorou radicalmente. E non lles falo dunha comunidade gobernada por outro partido distinto do seu, senón que lles poño como exemplo o que fan compañeiros seus de partido. Ou tomen como exemplo a Lei de pesca continental de Asturias, que ten case vinte anos e non necesitan cambiala. ¿Saben como se chama? «*Lei sobre protección de los ecosistemas acuáticos y de regulación de la pesca en aguas continentales*», protección dos ecosistemas acuáticos, iso é o que fai todo o mundo menos vostedes, que están máis interesados en permitir todo tipo de tropelías nos nosos ríos, ou en facilitar que as grandes empresas hidroeléctricas sigan explotando o noso patrimonio hídrico común. E non falen, por favor, de «novidades tan singulares que non existen en Europa» —como dixo literalmente a señora Candia», porque o autoguiado é máis vello que as marcas de Machín. Por tanto, deixen vostedes de dicir que son vangardistas cando fan cousas que se fan en todas partes.

En todo caso, aproveito —imbuído como estou, como digo, dese espírito navideño— para desexarlles bo Nadal á señora Candia e tamén á señora conselleira.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: O PP está presente, evidentemente, pero representa o pasado.



E en canto á limpeza do escenario democrático, ¡ai, se lle eu contara!, ¡ai, se lle eu contara! Ímolo deixar, polo espírito navideño e porque non é tempo de falar diso.

Tamén vostedes saíron perdendo, miren, porque ao non haber troitas xa non se pode ir armar para lles facer un regalo para conseguir determinado favor, que non era polo valor deses dous ou tres quilos de troitas pero si pola pleitesía e submisión que se amosaba con esta práctica. Se queren continuar con esa submisión, reformen a lei e cúrense en saúde.

Miren, en canto á chamada ao turismo rural, si, cando había troita en abundancia e salmón e reo, as tabernas do rural daban comidas e fonda. Agora, tristemente, quedan poucas tabernas nas aldeas, e aos quince días os pescadores deixan de ir porque están desesperados.

Miren, non quixeron admitir que se incluíra quen son e a autoridade que deben ter os gardas medioambientais e técnicos. Porque vostedes queren que sexan —como din eles— pastores de pescadores, e eles queren ser gardas de equilibrio medioambiental con autoridade dabondo como para sacar mostras dun vertido e que a sanción caia co peso da lei sobre quen destrúe a vida das augas. E como vostedes queren seguir tendo como aliados eses que fan o negocio quitando vida e botando merda —con perdón—, pois así seguirán pastoreando pescadores e seguirán pastoreando pescadores.

Cada vez que falabamos na Comisión de aspectos de recuperación da saúde dos cursos fluviais, dicíase nos que iso xa estaba contemplado nos artigos 6 e 12. E os artigos 6 e 12 están redactados con esa ambigüidade característica da interpretación equívoca, sen ánimo de resolver nada, coa intención permisiva cando iso debería ser intransixente no ecolóxico. E cada vez as necesidades da auga potable son maiores e cada vez as existencias son menores.

En fin, señorías, a historia deste debate é o choque da razón contra o muro da prepotencia e do interese, do sentido común contra o da ignorancia que só mira o negocio. E quede ben claro que os inimigos da vida dos ríos, da calidade das augas continentais, da saúde dos ecosistemas fluviais, da abundancia dos recursos ictícolas non lles son os pescadores deportivos. Non, os verdadeiros inimigos son os que verten, os que ignoran, os que prefiren mirar para outro lado, os que tapan os ollos para non ver, os que usan os ríos coma cloacas e recollen os beneficios dos seus delitos. E vostedes, se votan a favor desta lei, serán cómplices deste atentado.

Miren, quero rematar —co permiso do señor presidente— cun anaco de panxoliña, panxoliña tradicional culta. Ten posible de ter saído de Mondoñedo, señora Candia. Pacheco pode ser o autor, pode selo, non o asevero. Foi miña mai quen ma ensinou desde pequeniño e é a primeira panxoliña que eu cantei —e canto dabondo delas—: *(Cantando.)* «¡Vamos, vamos a ver o que fai. Vamos, que está ao cabo da súa mai. Deitado está nun pesebre, desnudiño nunhas pallas, e, como vai tanto frío, súa mai co mantelo tapa. E, como vai tanto frío, súa mai co mantelo tapa. Xa que naceu para o noso ben, ¡ai, que neniño tan garridiño!, ¡vamos a ver o noso neniño!, ¡vamos a velo, que está en Belén! ¡Vamos a ver o noso neniño, vamos a velo, que está en Belén!>>».

Feliz solsticio de inverno. Saudíña e que cante o merlo para todos e todas.



Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Case volveron os ventos. *(Risos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Señora conselleira, é indubidable que imos aprobar unha gran lei. O Partido Socialista esgotou practicamente o seu tempo sen falar en absoluto dela. E, señor Mini, ímoslle dar as grazas. Teño que aplaudirille, pois deleitounos cunha fermosa canción que soaba ben. Tiña razón, seguro que era de Mondoñedo.

Dito isto, si que rompo un pouco o espírito navideño, pero tamén forzada pola provocación. E créame que non tiña ningún interese en sacar este tema. Pero a min cústame entender por que o señor Arangüena —que ten unha posta en escena tan correcta, que aparentemente vén sempre tan documentado— entra cunha facilidade inexplicable no fango e entra a provocar dunha maneira que non lle é propia. A min, que o coñecín con outras responsabilidades, non se me ocorrería aquí falar das conversas ou do que fixo ou do que non fixo, non se me ocorrería por respecto institucional. Pero sigo sen comprender por que me obriga a ter que recordarlle por que Melide non ten depuradora. E obrígame, porque evidentemente vostede o sabe, porque estaba nun goberno nese momento que apoiaba o Bloque Nacionalista Galego —o seu partido, enténdame ben—. ¡Home, nosoutros non imos ser responsables de todo o que pasa no mundo mundial —o Partido Popular—! E vostede pongo de exemplo e quere atacar a señora conselleira con mala fe, con mala fe, e —digamos— obrigándonos a clarificar circunstancias que nin son sas no debate. Porque a Lei de pesca, os nosos ríos, o noso rural, non merecen que hoxe lle teña que recordar que unha alcaldesa de Melide, apoiada polo seu partido, tivo que acabar sendo condenada precisamente por esa obra que parece que lle preocupaba daquela; e, que, por certo, agora parece que xa non lle preocupa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque ten varios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home, estoulle contestando! *(Murmurios.)* ¡Estámoslle contestando! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cre vostede que citei eu Melide nalgunha ocasión? ¡En absoluto! Mire para o lado e dígalle que coincido con vostede.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

(Murmurios.) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CANDIA LÓPEZ: Non, mire... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora CANDIA LÓPEZ: Perdoe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Recuperemos o espírito navideño.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora CANDIA LÓPEZ: Perdoe, ¡vamos ver!...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Recuperemos o espírito navideño.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Vamos ao espírito navideño.

A señora CANDIA LÓPEZ: Eu recoñezo que non lle guste... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora CANDIA LÓPEZ: Entendo que non lle guste. A min tampouco me gusta. Pero é que é a terceira vez que escoito no debate da Lei de pesca o de «depuradora», «Melide» e faltarlle ao respecto á miña conselleira. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Entón ten que comprender que me sinto na obriga de contestar rompendo ese marabilloso espírito navideño que viña, pola vía dos feitos, confirmar o que nós estabamos explicando: que a lei é un bo instrumento.

Porque, mire, vostede dixo... *(Murmurios.)* Eu sempre lle falo con afecto a pesar de que non o coñecía. Teño ido a algún dos seus concertos. E sempre lle digo que o miro con esa mirada —se me permite a expresión— ata tierna, recórdame a Galicia da miña abuela cando me di que ía coas vacas... *(Risos.)* ¡Claro! ¡É verdade! *(Risos.) (Murmurios.)* ¡É que é verdade! *(Risos.) (Murmurios.)* Entón non lle podo falar mal, porque me parece entrañable, *(Risos.)* porque ata me gusta poder ter algunha ocasión de citar a miña avoa aquí, que é unha das persoas que máis quixen na miña vida. *(Murmurios.)* Entón eu non lle quero faltar nin incomodalo coas miñas expresións, pero ten que recoñecer que o noso traballo é dicir a verdade. E a verdade, cada vez que atacan a nosa conselleira pola xestión da depuradora de Melide, é esta. ¿Non lle gusta? A min tampouco, pero entón non me provoque. *(Risos.) (Murmurios.)*

Ben, dito isto, creo que vou rematar tal como o señor Arangüena na Comisión definiu este instrumento. Decía que era un avance cativo pero un avance significativo, por iso de buscar o que nos une. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, está gravado. Decía que era un avance cativo pero un avance significativo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero é en positivo, ¡home! ¡Agora estoulle falando ben! ¡É que se lle falo mal, molesta; se lle falo ben, non lle gusta! *(Risos.) (Murmurios.)* Eu terei que usar o meu turno de palabra como considero. *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora CANDIA LÓPEZ: Dito isto, señora conselleira, é unha boa lei. E non quería rematar a miña intervención sen o agradecemento a todo o persoal da Consellería e tamén —permítanme—, nomeadamente aos axentes ambientais, que durante esta pandemia —e vamos poñernos serios— tiveron unha actitude moi colaboradora, incluso no rural e repartindo material escolar, e, bueno, en definitiva, poñéndose á disposición como persoal cunha gran vocación de servizo público —que teñen as súas reivindicacións e que temos que ter sensibilidade e temos que seguir construíndo unha mellor calidade para todos e para a Administración—. E, indubidablemente, vai o meu recordo e o meu recoñecemento a todos os que dunha maneira pois moi comprometida, xente de ben, traballa por construír unha Galicia mellor co instrumento que hoxe seguramente, conselleira, imos aprobar.

Eu tamén remato desexándovos a todos unhas moi boas festas, aínda que creo que interveño mañá, así que non vou estenderme moito máis niso e serei respectuosa co meu turno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Terminou aquí o debate.

Continuamos co seguinte texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Carmen Pomar.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Pomar Tojo): Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día de novo, señorías.

O Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 24 de setembro de 2020. E a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 29 de setembro, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas que rematou os días 19 de outubro e 2 de novembro de 2020 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.



Concretamente, as emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia rexeitáronse na sesión plenaria do 10 de novembro de 2020. Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 306 —146 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 134 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 26 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 13 de novembro, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu nesa mesma data. E nas catro reunións seguintes, a ponente e os ponentes titulares —don Martín Fernández Prado, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; dona Alexandra Fernández Gómez, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e don Luis Manuel Álvarez Martínez, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia— elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 30 de novembro.

Posteriormente, a Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 11 de decembro, aprobou o ditame que estou a presentar.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

E aproveitando o espírito navideño, deséxolles ás súas señorías boas festas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame, se é o caso, e defender as emendas mantidas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Permítanme, en primeiro lugar, non imbuído polo espírito navideño, senón porque...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, é que non se escoita moi ben. A ver se... ¿A ver agora?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Si? ¿Agora? ¿Tampouco?

O señor PRESIDENTE: Algo mellor parece. Vaia dándolle.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, voulle dando.

Dicía, señor presidente, que, non imbuído polo espírito navideño, senón porque o considero persoalmente, en primeiro lugar, quero ter un agradecemento especial para o exdeputado deste Parlamento, o señor Martín Fernández Prado, que foi ponente nesta Lei de ordenación do territorio. Creo que é unha persoa que, dentro da súa dialéctica, evita permanentemente a crispación, que é algo de agradecer en todos os contornos parlamentarios, e que debería ser algo de agradecer socialmente en xeral. El facilitou o traballo en ponencia da redacción deste texto lexislativo. Deséxolle o mellor no seu novo cargo como presidente da Autoridade Portuaria de Coruña. Creo tamén que será bo para a Autoridade Portuaria e penso que este Parlamento perde un bo parlamentario.

Cando se mantivo o debate de totalidade deste Proxecto de lei de ordenación do territorio no pleno do 10 de novembro, desde o noso grupo parlamentario dicíamos que non quedaban acreditados suficientemente os motivos e a necesidade dunha nova lei, xa que o mero feito —fíxose referencia a iso tamén no debate anterior— de que esta lei teña máis de dúas décadas de vixencia non resulta un argumento suficiente, porque existen outras moitas leis autonómicas anteriores que non necesitan ser substituídas. Polo tanto, a argumentación é a mesma que naquel momento.

Igualmente, e considerando que as políticas de ordenación do territorio son a base para construír un país, vemos como en Galicia desde o ano 2009 se foi progresivamente esquecendo a idea de facer país; foise esquecendo a idea de ter un pacto polo territorio non partidista e capaz de sentar as bases dun desenvolvemento a medio prazo. As Directrices de ordenación do territorio aínda que é certo que perderon parte das fortalezas dos documentos iniciais, aínda hoxe plantexan un documento de partida moito máis atractivo que as leis que se desenvolveron posteriormente, onde a visión liberal do solo se fai máis presente.

A modo de exemplo, o fracaso da Lei do solo de 2016 quedou demostrado pola escaseza de novas tramitacións de planeamento na nosa comunidade autónoma. Pero é que as modificacións levadas a cabo na normativa urbanística existente non xustifican unha nova lei do territorio, porque, precisamente, iso debера ir en sentido contrario.

Igualmente, a teórica necesidade que se aduciu de afrontar novos obxectivos debера, en calquera caso, ir precedida dunha análise dos resultados da actual Lei de ordenación do territorio de Galicia, tanto no referido ao seu grao de desenvolvemento e aplicación como á vixencia ou á capacidade dos instrumentos de ordenación do territorio que contén, cuestión que tampouco se aborda. E, ao tempo, tamén hai que argumentar cales serían aquelas cuestións que non poden ser abordadas no marco da actual normativa.

Como elemento clarificador de que o ámbito da ordenación territorial, e nomeadamente o urbanismo, está situado nunha permanente indefinición sobre a súa orientación cos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia, temos o debate que seguirá a este sobre a chamada Lei de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia, que tamén inclúe aspectos urbanísticos.



Como non existe esa análise previa da actual lei que a Xunta de Galicia evita realizar, resulta incoherente motivar a suficiente xustificación para a súa modificación, e máis cando, de feito, a maioría dos aspectos sinalados na exposición de motivos do proxecto de lei están incluídos na aprobación, no ano 2011, das propias Directrices de ordenación do territorio. Tanto é así que incluso a Xunta de Galicia ten recoñecido que o modelo de desenvolvemento territorial recollido na Lei de ordenación do territorio vixente na actualidade —que hoxe quedará derogada— e nas Directrices de ordenación do territorio de 2011 é flexible e que conta con percorrido; ou cando se salienta a utilidade de determinados instrumentos de ordenación existentes que agora se pretenden eliminar.

Resulta, pois, sorprendente que a Xunta de Galicia argumente agora sobre a inutilidade de determinados instrumentos que contén a actual Lei de ordenación do territorio e opte pola súa derogación, cando foi, precisamente, o propio Goberno autonómico o que se desentendeu de promovelas, evidenciando a súa propia ineficacia, que agora tenta transmutar en obsolescencia do texto anterior.

É un proxecto de lei que, pola contra, encobre cambios importantes e concretos que precisan do corpo legal para poder ser levados á práctica, como é a problemática introdución de novas figuras como a que constitúen os denominados proxectos de interese autonómico; instrumentos que se formulan dun xeito distinto aos dos actuais plans e proxectos de incidencia supramunicipal, configurándose como instrumentos de ordenación directa por parte da Xunta de Galicia, que vén posibilitar que se lesione o principio de autonomía municipal e que supón unha ameaza para a totalidade do territorio, calquera que sexa a cualificación do solo, incluso para aquel que conta con protección especial. Ao tempo, isto é unha constatación da falta de orientación e da incapacidade de xestión pública demostrada nos últimos anos para a planificación estratéxica e a ordenación do territorio polo Goberno autonómico, cando agora promove unha opción que equivoca a flexibilidade coa liberalización e transixencia e cando xa na actual lexislación urbanística ou industrial existen figuras ás que acudir para posibilitar a implantación de determinados proxectos. Como sempre, o proxecto de lei tampouco introduce ningún tipo de compromiso real nin de obriga futura por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

O noso grupo parlamentario lexitimamente aspiraba a mellorar este innecesario texto na fase de ponencia; aspiración que se viu truncada por parte do Grupo Popular, trasladando a vontade do Goberno da Xunta de Galicia.

De 134 emendas que presentamos coa mellor vontade de mellorar o texto desde o Grupo Parlamentario Socialista, foron aceptadas 17. En realidade, foron aceptadas 11, porque 6 coincidían con outras do Grupo Popular que se referían nada menos que á existencia ou non do Instituto de Estudos do Territorio, que desaparecía do texto inicial. Fomos capaces de transaccionar 4 emendas, e o resto, é dicir, 113 foron rexeitadas.

Neste punto debemos analizar as propostas rexeitadas, porque as cifras anteriores poderían quedar reducidas a efémeras estatísticas. No tempo asignado tentarei dar unhas pinceladas sobre as emendas que se rexistraron, porque falar das 113 rexeitadas sería imposible no tempo que temos asignado, e ademais ese debate foi mantido en ponencia.



Plantexabamos nas nosas emendas, con respecto aos principios e criterios orientadores da propia lei, que os instrumentos previstos na lei fosen complementarios e non excluíntes dos que con respecto á ordenación urbanística se regulan pola súa lexislación específica. Trátase, en definitiva, de dar seguridade xurídica a un ámbito extraordinariamente complexo desde o punto de vista regulamentario, como é o urbanismo, porque todos sabemos que é no ámbito legal onde está a verdadeira complexidade; na orientación e na interpretación que se dá das normas.

Sobre a racionalidade territorial, plantexabamos que, con respecto a determinados desenvolvementos xa existentes, se mantivesen aqueles que fosen compatibles, porque para aqueles que están en desenvolvemento, que non son compatibles co modelo territorial que se desexa, se requiriría unha adecuación e non a perpetuación de proxectos en desenvolvemento que poderían ou deberían ser corrixisos.

Sobre a competencia administrativa, plantexabamos que a actividade urbanística pública correspondese con carácter xeral aos municipios, que exercerían cantas competencias en materia urbanística lles estivesen expresamente atribuídas ou aquelas que non fosen atribuídas a outras administracións. Evidentemente, todos sabemos que os concellos deben respectar —¿como non?— a lexislación na elaboración dos seus plans. Están suxeitos á aprobación deles, pero son os responsables directos desta actividade. Por certo, cabería preguntarse sobre a operatividade desas entidades de certificación municipal presentes na nosa normativa urbanística.

Con respecto á participación cidadá, pretendiamos que calquera dos instrumentos de ordenación territorial contemplados nesta lei fose sometido a un período non inferior a 20 días de participación cidadá mediante a exposición pública e a audiencia ás entidades locais, previamente á súa aprobación. Cremos, francamente, que, nun asunto de tanta relevancia e impacto para a cidadanía como a ordenación territorial, semella imprescindible garantir a súa participación; o mesmo que cando pediamos que o proceso de participación se instrumentase mediante un plan específico que debería facerse público.

Con respecto ao contido das Directrices de ordenación do Territorio, que tamén se regula, pretendiamos que incluísen unha cuantificación das necesidades nas diferentes áreas ou zonas do territorio e o establecemento de parámetros que se debían ter en conta polos instrumentos de ordenación urbanística, para efectos de asegurar a dispoñibilidade de solo necesario para acadar as súas finalidades. Preguntámonos aínda hoxe como é posible rexeitar que na planificación exista unha análise cuantificada das necesidades obxectivas de dispoñibilidade do solo necesario.

Con respecto ao control parlamentario, o texto que se vai aprobar prevé que se informe a este Parlamento cada tres anos. Entendemos que é un período excesivo e que se podería informar, sen gran complexidade, anualmente, porque ¿que resulta excesivo para que o Parlamento de Galicia coñeza anualmente o grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio? ¿Non existe acaso xa un sistema de indicadores que pode ser modificado ou completado para un seguimento e unha avaliación deses obxectivos e determinacións?



Tamén pretendíamos que, con respecto ao control parlamentario, igual que o anterior, sobre un asunto tan relevante se informase a este Parlamento dos avances, dos criterios e das directrices que deberían ser aprobados previamente por esta Cámara.

Pretendíamos crear o Consello de Ordenación do Territorio de Galicia; un órgano colegiado de tipo representativo ou consultivo, con composición, que asegurase unha presenza institucional tanto dos departamentos da Administración da Comunidade Autónoma como do resto das administracións públicas con competencias no territorio, pero tamén con representación das organizacións máis representativas das entidades locais, empresariais e sindicais, e cunha participación activa de asociacións e doutras entidades vinculadas á ordenación do territorio, así como a inclusión de expertos e especialistas nesta materia.

Pretendíamos tamén que, dentro do contido dos plans territoriais integrados, se incluíse unha estimación ponderada das superficies de solo que deben ser reservadas con destino a algunha das seguintes finalidades: ben construción de vivendas de protección oficial, tanto de promoción pública como privada, ou ben a promoción pública de solo industrial.

Resulta pertinente saber que parte desas finalidades non se comparten cando hai que facer unha planificación e deseñar o contido dos plans territoriais integrados. Tamén pretendíamos que eses plans territoriais integrados contivesen un estudo económico no que se analizase a coherencia entre as normas e actuacións propostas e a dispoñibilidade de recursos. ¿Non resultaría acaso pertinente esa análise que conectase as propostas que se supoñen baseadas en necesidades cos recursos dispoñibles? Pois esta emenda tampouco foi aceptada.

Propoñíamos, con respecto á eficacia dos plans territoriais, que cando eses plans incidisen sobre plans urbanísticos xa existentes, o acordo e a aprobación definitiva daqueles precisasen necesariamente os puntos concretos nos que os plans puidesen quedar modificados, sen prexuízo, evidentemente, de que nos concellos se acordasen procedementos precisos para adaptalos ás súas determinacións.

Con respecto á xestión dos proxectos de interese autonómico, pretendíamos que, no caso de que se exercese a potestade expropiatoria a favor dunha persoa privada, a persoa beneficiaria debese xustificar a necesidade de articular tal proceso de expropiación forzosa en pos dun interese público manifesto, así como a imposibilidade de poder acudir a outros sistemas previstos para o seu desfrute ou adquisición. Trataríase, en definitiva, de limitar o uso da potestade expropiatoria de forma absolutamente garantista, que, aínda que estamos de acordo en que pode entenderse que xa existe na normativa, engadiría a protección adicional para os propietarios.

Pretendíamos tamén que se crease a función dos programas coordinados de actuación, de forma que se formulase un plan plurianual referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunha das áreas deste, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operasen no ámbito da Comunidade Autónoma.



Para ir rematando, quero dicir, con respecto ao procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio que deban someterse á avaliación estratéxica ordinaria, que entendiamos necesario que a Xunta de Galicia comunicase trimestralmente a este Parlamento a aprobación do resto de instrumentos de ordenación do territorio que esta lei recolle, con indicación das súas principais características. Trataríase, de novo, señorías, de informar o Parlamento de Galicia do desenvolvemento destas actuacións. É un problema, cremos, de vontade e de impulso á transparencia; non o é de acceso á información, senón á facilidade para acceder a esa información.

Por último, das que vou mencionar, pretendiamos que con respecto á denominación das Directrices de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses desde que entre en vigor esta lei, aprobase un documento que conteña a nova clasificación das determinacións das Directrices de ordenación do territorio en vigor, porque, como dicía ao inicio da miña intervención, a Xunta de Galicia sempre regula para os demais, pero nunca se impón obrigas propias e moito menos prazos concretos para desenvolver os instrumentos e as determinacións necesarias.

Polo tanto, nós ímonos opoñer a este texto legal polos motivos que expuxemos xa no pleno do 10 de novembro, pero, ademais, porque non fomos capaces de modificar substancialmente a lei nos termos nos que considerabamos necesario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

En Galicia temos un problema importante, un problema moi grande, coa planificación territorial. E a causa principal deste problema é que ata o de agora non se desenvolveu ningunha planificación espacial que ordenase o territorio dende unha perspectiva integral. Non existe, nin a escala de país, nin a escala subrexional; temos unicamente unhas directrices de ordenación do territorio que funcionan como recomendacións xerais, pero sen a posta en funcionamento despois dos plans territoriais integrados que as concreten nunha regulación específica. Non temos instrumentos que realmente sirvan para gobernar o territorio. A única planificación efectiva no noso territorio é a dos plans xerais de ordenación municipal que están centrados no interior do termo municipal.

Pero o problema é que hai moitos anos que os procesos urbanos desbordaron este marco. Hai corenta anos que comezou un proceso de urbanización difusa no eixo atlántico, ou que as formas da vida urbana se coaron nos asentamentos de raíz agraria e que se modificaron as relacións sociais, os tipos de desprazamento, as distancias, as relacións entre o espazo residencial e as actividades económicas, os usos do solo. E todo isto, todas estas transfor-



macións das últimas décadas, fixeron que as dinámicas territoriais en toda Galicia se desprazasen cada vez máis cara a unha articulación nunha escala máis ampla, nunha escala subrexional ou supramunicipal —chámenlle como queiran—. É que a nosa realidade territorial se traduce, fundamentalmente, nos ámbitos metropolitanos e comarcais.

O que está claro é que dende a suma de planeamentos municipais é imposible articular a realidade territorial de Galicia hoxe, e moito menos tendo en conta a complexidade do sistema urbano e do modelo policéntrico, como é o noso. E a miña pregunta é: ¿por que en Galiza non temos planificación territorial a esa escala? ¿Por que outras comunidades autónomas si a teñen? ¿Por que Euskadi, Cataluña ou Andalucía teñen planificación subrexional para o seu territorio? Non a temos por nula vontade deste goberno, e tardamos ata o ano 95 en asumir realmente as competencias en materia de ordenación do territorio. Chegamos tarde; chegamos tarde coa primeira lei de ordenación do territorio no 95. Pero, polos menos, estableceu o primeiro marco que, por fin, posibilitou que tivéssemos planificación territorial a esa escala. Permitía que nos dotássemos de instrumentos supramunicipais —por fin— e comezar a planificar. Pero esta lei que abría as portas tiña un problema, e é que non obrigaba á aprobación destes instrumentos, de forma que, pasados vinte e cinco anos da aprobación desa lei de ordenación do territorio, hoxe aínda non se aprobou nin o primeiro plan de escala subrexional.

En total, pasaron corenta anos e aínda non nos fixemos cargo da planificación territorial. E este é o problema número un, que hai un goberno que non quere asumir as competencias en materia de ordenación do territorio. Non queren planificar, porque planificar significa pór límites, e por iso o texto legal que van aprobar hoxe non é unha nova lei. Poden vendelo, poden facer moita publicidade para dicir que sacan moitas leis adiante, pero non é unha nova lei; é a continuación da Lei do ano 95 con todas estas eivas e cunha única modificación: os proxectos de interese autonómico, que, efectivamente, son proxectos puntuais que teñen vontade supramunicipal. Pero, ¿para que queren vostedes as competencias supramunicipais? Exclusivamente para asumir a capacidade de recualificar e de reclasificar solo de forma discrecional, pero sen que eses proxectos se inscriban en ningunha planificación. Vostedes só queren asumir as competencias que faciliten a desregulación, o pelotazo, o negocio, pero non as que sirvan para ordenar realmente o territorio.

E o segundo problema que temos —que tamén é grave, é gordo e ao que temos que responder— é a dinámica de urbanización extensiva das últimas décadas, que é consecuencia dunha lóxica de extracción de plusvalías rápidas e que foi alimentada por un marco normativo onde faltan límites e faltan criterios que sexan consecuencia dunha avaliación pública —avaliación pública e non só intereses privados—, dunha avaliación dos custos e dos beneficios que teñen as intervencións a medio e longo prazo. Sen planificación, a dinámica territorial de Galicia neste momento réxese baixo o único criterio da rendibilidade económica, e así priorízase consumir novo solo porque sae máis rendible no económico que afrontar a transformación e a mellora do existente. E incluso ata as propias administracións públicas asumen esta lóxica de rendibilidade inmediata. Por exemplo, cando se decide a localización de equipamentos supramunicipais, ubícanse co criterio de concentración e de solo barato, pero non con criterios de planificación supramunicipal. E, claro, ¿cales son as consecuencias disto? ¿Cales son os custos de mobilidade despois? ¿Cales son os custos ambientais?, ¿o custo dun modelo no que



se fragmenta o territorio? E o mesmo pasa para as actividades económicas, que, na maioría dos casos, non responden a criterios de coherencia territorial, senón que afondan no modelo de abaratar custos iniciais sen avaliar a viabilidade económica das intervencións; sen avaliar, por exemplo, cal é o custo en materia de infraestruturas que se debe sumar a esas intervencións, porque ás veces o barato, nun inicio, acaba saíndo moi caro.

E sen planificación supramunicipal, o resultado é un territorio urbanizado ao que lle falta calidade urbana, con densidades pouco adecuadas e con tecidos desconectados entre si e desconectados dos tecidos preexistentes. E sen planificación supramunicipal durante todas estas décadas, a urbanización de todo este tempo non serviu para aportar, para mellorar, non serviu para dar maior cohesión social, nin para mellorar as pautas de mobilidade, nin para garantir o acceso á vivenda; para o único que serviu foi para a extracción rápida de plusvalías a custa da fragmentación territorial.

Por iso, non só chegamos tarde a planificar, non só chegamos corenta anos tarde a planificar, senón que agora debemos dar respostas máis contundentes e máis complexas para intervir sobre esta realidade territorial. Polo tanto, os obxectivos fundamentais e prioritarios para unha nova lei que asuma realmente ou que teña vontade de asumir as competencias de planificación territorial deberían ser, cando menos: desenvolver a planificación subrexional —é urxente—. En segundo lugar, unha planificación pensada como interese público e que, por tanto, non estea supeditada exclusivamente aos grandes intereses económicos, senón que responda a criterios obxectivos públicos, sociais e colectivos. E, en terceiro lugar, incluír criterios de sostibilidade e resiliencia dos valores territoriais. É dicir, que se avalíen os custos a medio e a longo prazo.

Pero, esta lei, esta nova lei, non dá resposta a nada disto; ao contrario, vén favorecer que calquera intervención puntual de transformación de solo non precise de estar contemplada nin conectada con ningún instrumento de planificación territorial, nin tan sequera cos únicos que estaban vixentes, que son os de ámbito municipal. Pode estar desconectada de toda planificación. E eses proxectos quedan á absoluta arbitrariedade do Consello da Xunta, de forma que isto vai funcionar así: se es unha empresa con poder e con capacidade de presión suficiente, podes acceder a comprar a bula, que vai emitir o Consello da Xunta; emítenche esa bula, que se chama declaración de interese autonómico, e con iso podes recualificar e reclasificar solo, incluso rústico —barra libre—. Por tanto, isto non é unha nova lei, é unha modificación da lei anterior, para maior desregulación. E, por tanto, se a situación era precaria coa lei que tiñamos, agora é absolutamente trágica.

Por iso, dende o BNG, plantexamos 146 emendas a este texto legal —que, por certo, a presidenta da Comisión, trasladou de forma errada, e no informe de ponencia creo que debería corrixirse—; unha parte delas co obxectivo de frear este proceso de regulación, pero outra con vontade estratéxica. O groso das nosas emendas teñen vocación de propor e de articular un novo marco legal para a Galicia de 2020, que nos conecte máis coas políticas de planificación europeas e non con modelos de planificación territorial colonial doutras latitudes, que parece ser o exemplo a seguir por parte do Partido Popular. Son máis de 140 emendas, como digo, con vontade estratéxica para dar resposta aos principais problemas e aos obxectivos que acabo de mencionar.



Este é o debate que está enriba da mesa. Vostedes propoñen modificación puntual da lei para acabar de desarmar-la, para darlle a estocada final, e nós poñemos enriba da mesa unha nova lei de ordenación do territorio para a Galicia de 2020, porque cremos, realmente, que é posible outra forma de habitar o territorio, que é posible transformar o noso contorno doutra forma.

Lamentamos, sinceramente, que o Partido Popular aplicase unha vez máis o rodillo; pasase o rodillo e rexeitase en masa as propostas. De 146 emendas, só aceptaron 8 e transaccionaron 3; todas elas, obviamente, de carácter xenérico e non vinculante.

Así que vou pasar a relatar as principais propostas que cremos que farían avanzar este país e que hoxe o Partido Popular quero recordar que vai rexeitar unha a unha.

En primeiro lugar, que as Directrices de ordenación do territorio sexan un instrumento realmente eficaz. E para iso propomos que non sexan só recomendacións, vaguidades, senón que establezan criterios e normas que permitan orientar os procesos de asentamento, a localización de infraestruturas, de equipamentos, de servizos e a mellora do uso e do aproveitamento dos recursos naturais, etc., etc. É dicir, que as Directrices realmente teñan capacidade de condicionar as transformacións do territorio.

As Directrices tamén deben clarificar e orientar esa planificación subrexional que é tan urxente neste país. Deberían de limitar cales son os ámbitos supramunicipais, subrexionais, preferentemente no noso país, obviamente, de tipo metropolitano e comarcal, no que se divide e se articula o conxunto do territorio. E unha vez definidos eses ámbitos, deben analizarse, diagnosticarse cales son as oportunidades, os problemas que existen nese ámbito, con obxectivos específicos, accións concretas e horizontes temporais concretos que nos permitan avanzar realmente.

En segundo lugar, cremos que é necesaria unha visión integradora da planificación territorial. É ridículo —ridículo, sinceramente— que a consellería competente en ordenación do territorio se adique a pór en marcha políticas e directrices da paisaxe que logo non gardan ningún tipo de relación coa planificación territorial e que acaban sendo igual que as Directrices de ordenación do territorio: moita literatura e pouca capacidade de intervención. O que precisamos son unhas novas directrices de ordenación do territorio cun desenvolvemento harmonizado coas directrices da paisaxe, porque son dous enfoques sobre o mesmo obxecto.

E, ademais, necesitamos entender a paisaxe como algo máis que unha postal. Hai que avanzar nesa idea da paisaxe, hai que incluír as formas de vida, as prácticas, os coñecementos que desta derivan, e sobre todo incorporalo como un dereito, o dereito da poboación a vivir nun contorno cultural, social e ambientalmente significativo.

En terceiro lugar, temos que ter unha visión a medio e longo prazo do modelo territorial, porque o modelo territorial non pode hipotecar o futuro dos valores territoriais. Por iso propomos que haxa unha avaliación de cales son os custos e os riscos dos distintos modelos de explotación e de aproveitamento de recursos agrarios, forestais, mineiros, extractivos..., co



obxectivo de fixar na planificación criterios, recomendacións e normas de explotación. Son necesarias, e teñen que guiarse polo principio de resiliencia ambiental, social e económica, a curto, medio e longo prazo. Para non hipotecar o futuro, a planificación tamén debe integrar criterios de localización de usos, e os usos teñen que estar rexidos por criterios de eficiencia e de competitividade, pero tamén onde se xeren menos custos de infraestrutura, de transporte público, de mantemento e de conservación; e menos custos de fragmentación territorial, porque a finalidade debe ser comprometer o mínimo posible o futuro dos activos territoriais, porque iso é o que nos dá capacidade para adaptarse e para dar respostas a momentos de cambios e de crises.

Un modelo territorial menos vulnerable é a fortaleza de futuro, e estámolo vendo agora, que estamos nun momento de grandes transformacións e que temos grandes vulnerabilidades no territorio que nos condicionan.

E o cuarto punto é unha nova arquitectura dos instrumentos de ordenación do territorio. Como explicaba antes, despois de vinte e cinco anos de lei, non hai un só plan de escala suprexional aprobado; pola contra, si se desenvolveron unha chea de plans sectoriais. E esta arbitrariedade á hora de priorizar os plans ligados exclusivamente ao desenvolvemento de determinadas actividades económicas e a paralización da planificación integral ten que mudar. Por iso propomos nas nosas emendas axilizar a planificación integral, que no horizonte do 2031, no horizonte de dez anos, todos os ámbitos supramunicipais contén con plans territoriais integrados aprobados.

E en canto aos plans sectoriais, que a vostedes lles gustan tanto, eu creo que é necesario aclarar o *totum revolutum* que está dentro dos plans sectoriais, porque son cuestións e materias de natureza moi distinta. Serven para ordenar infraestruturas, vivenda, actividades extractivas, explotación enerxética..., cuestións que merecerían un trato diferenciado e criterios e normas diferenciadas. Por iso propomos que os plans sectoriais se dividan en dúas figuras: plans sectoriais como instrumentos para ordenar actividades económicas, e, por outro lado, a creación dun novo instrumento, os plans con incidencia na planificación territorial, que sirvan para ordenar infraestruturas, servizos, vivenda, equipamentos..., as cuestións de carácter público.

Este novo instrumento permitiría outra gran novidade, planificar dende Galiza as infraestruturas de ámbito e de competencia estatal con incidencia no noso territorio, de forma que aquí poidamos decidir, por exemplo, a planificación da rede viaria e das infraestruturas ferroviarias de forma conxunta, as de competencia galega e as de competencia estatal, obrigando a Administración central a adecuarse á nosa planificación.

Eu imaxino que moitos estarán sentíndose incómodos. A quen está cómodo nese modelo de acumulación centralista español, seguro que isto que acabo de dicir lle pode resultar problemático, pero eu quero recordar que isto está incorporado na Lei de ordenación do territorio de Andalucía, por exemplo. E eu preguntome, ¿por que Andalucía pode e nós non? (*Aplausos.*)

Se o Partido Popular aceptase estas emendas, sería un avance, porque deixaría de ter que enviar cartas ao Goberno central, de vir aquí a diario con iniciativas, solicitando ao Goberno



central cousas. E agora xa non están eles sentados na Moncloa, pero, desgraciadamente, o Partido Popular tamén vai rexeitar esta emenda, porque vostedes prefiren o teatro ás competencias, e ese é o seu gran problema.

Estes son só, como digo, algúns dos eixos da nosa proposta, que vostedes van bloquear completamente punto por punto. Lamentamos que mentres uns estamos pensando en como fortalecer o país, outros só se preocupen en pasar rodillo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e en continuar con esa axenda lexislativa para converter o territorio única e exclusivamente no negocio duns poucos intereses.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Hoxe chega ao seu fin a tramitación da Lei de ordenación do territorio de Galicia. En primeiro lugar, quería agradecer á conselleira a consecución desta importante lei para Galicia, e felicitala polo ben feito nesta lei e por todo o intenso traballo lexislativo que están facendo agora mesmo na Consellería de Medio Ambiente, Ordenación, Territorio e Vivenda.

En segundo lugar, quería agradecer a todos e a todas o ton que mantiveron na ponencia, pero permítanme unha mención especial ao meu compañeiro Martín Fernández Prado, que foi el quen fixo todo o traballo, o moi bo traballo desta ponencia e desta lei, da que hoxe debatemos a súa aprobación definitiva. Seguro que o imos botar todos de menos, tanto pola súa indiscutible valía profesional como, e o máis importante, pola máis que boa valía persoal que ten o meu compañeiro Martín Fernández Prado. *(Aplausos.)*

E xa entrando, señora conselleira, quero dicir que era visto, pois esta é a crónica da morte anunciada; era visto que as súas señorías ían votar en contra desta lei, e xa o tiñan decidido dende o inicio. *(Murmurios.)* A señora Alexandra Fernández comparábaa aquí con leis do País Vasco ou de Andalucía, con leis do ano 1990 ou do ano 1994 *(Murmurios.)* que inclúen... *(Murmurios.)* Vostede insiste, e a figura que vostede di xa se contempla na nosa Lei de ordenación do territorio, que son os plans sectoriais. Si, señora Fernández, eses plans sectoriais. Pero bueno, vou entrar na materia e despois xa incidiremos de novo nisto.



Quero destacar a importancia da ordenación do territorio para calquera sociedade, pero tamén dun xeito especial para Galicia, onde o territorio e a paisaxe son elementos clave. Esta lei establece os criterios xerais para ordenar as actividades sobre o solo, que é un ben limitado e moi sensible, e para facer un desenvolvemento sostible e equilibrado, salvagardando os valores naturais.

Con esta lei pechamos a renovación e a redacción de novos textos lexislativos que completan a regulación territorial e urbanística da nosa comunidade autónoma, completando a que faltaba e reformando e modernizando as existentes e obsoletas.

O coidado da paisaxe e do territorio é un dos catro eixos da estratexia de Galicia cara ao 2030 —a Galicia verde—, totalmente en sintonía coas políticas europeas e mundiais. A sociedade, señorías, mudou moito neses vinte e cinco anos que leva en vigor a actual lei, e modifícase con este novo texto lexislativo. Pero se temos que destacar algo é a preocupación polo cambio climático e os aspectos medioambientais. A sociedade, señorías, está a requirirnos moito máis compromiso e esta lei vai nese camiño.

Esta lei de ordenación do territorio actualiza, simplifica e axiliza os diferentes instrumentos da planificación urbanística, para evitar posibles desequilibrios e mellorar a coordinación e planificación integral do territorio en termos de igualdade. A perspectiva de xénero aporta a visión de que o territorio, as cidades e a forma en que ordenamos a paisaxe deben perseguir a idea de xerar espazos sostibles medioambiental e economicamente, e accesibles humanamente tamén. É dicir, que a finalidade última da ordenación debe ser mellorar de forma equitativa a vida das persoas, tendo en conta o conxunto da súa diversidade e complexidade.

Vostedes poñen —¿como non?— problemas a unha simplificación administrativa, que nos tempos de hoxe é máis que necesaria. Fíxose un esforzo de simplificación do número de figuras existentes na vixente lei para que as que agora se regulan sexan máis efectivas e resolvan os problemas á escala na que se está a traballar, a escala territorial.

Pero, a maiores, na liña das últimas lexislacións galegas e estatais, intégrase o procedemento ambiental e a tramitación do instrumento de ordenación, evitando ter que acudir a diversas normas para identificar que procedemento resulta aplicable, reforzando o control ambiental —non como critican vostedes; non se vai perder ningún tipo de garantía ambiental—. Así mesmo, establécese un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, ao tempo que achega maior seguridade a figura de plan sectorial, concretando e actualizando a súa definición para diferenciala do concepto de proxecto sectorial, e sobre todo intégrase nun único procedemento a aprobación de determinados documentos de ordenación do territorio e a modificación de planeamento urbanístico que soe levar aparellada, dando seguridade xurídica e evitando traballo posterior aos concellos.

O dito, unha actualización da lei que pretende ser útil e práctica á sociedade e que vai ser máis eficiente e así mellorar a implementación de figuras de ordenación territorial e, polo tanto, axudar a acadar o obxectivo último, que non é outro que seguir coidando un dos nosos máximos activos, o noso territorio e a nosa paisaxe.



Din vostedes —sobre todo os señores do BNG— que non quedan acreditados os motivos e a necesidade dunha nova lei. Como dicía, despois de vinte e cinco anos e tras os importantes cambios na sociedade, creo que está máis que xustificada a necesidade de actualización. Ademais, a vantaxe de levar vinte e cinco anos aplicando unha lei o que nos permite é coñecer cales son as súas fortalezas e que aspectos necesitan mellorarse. A adecuación á normativa e a sensibilidade ambiental na actualidade, a actualización da tramitación, integrando a tramitación ambiental, a inclusión de aspectos de xénero, a mellora de transparencia ou a resposta á demanda da sociedade de simplificar a burocracia e axilizar ao máximo a tramitación dos expedientes, sen menoscabo de ningunha das garantías xurídicas e ambientais, son aspectos que nos dan reiteradamente a razón para a actualización desta norma.

Opóñense tamén vostedes á eliminación dos plans coordinados de actuación e aos plans de ordenación do medio físico, pois propoñen a súa eliminación polas mesmas razóns que tamén os eliminaron noutras comunidades autónomas. Para o caso dos plans de ordenación do medio físico, recóllense de forma máis axeitada noutras leis sectoriais de incidencia territorial, como son a de protección de espazos naturais ou a Lei da paisaxe.

Apareceron figuras de ordenación específicas moito máis axeitadas para a ordenación de áreas con características gandeiras, forestais e agrícolas, como os plans de ordenación de recursos naturais, por exemplo. En todo caso, esta figura ten a súa equivalente e podería desenvolverse tamén a través dos plans territoriais especiais.

Respecto dos programas coordinados de actuación, enténdese que se trata dunha figura de carácter netamente investidor e de compoñente máis ben administrativo, tal como se recolle nas propias Directrices, e non ten senso que se recolla como instrumento de ordenación territorial propiamente dito.

Tamén dicían vostedes que a lei non respecta a autonomía municipal. O que se está a facer é unha lei máis eficaz e máis eficiente. Evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas. Para evitar unha duplicidade de procedementos, a nova lei contempla que a tramitación do propio instrumento de ordenación do territorio determine a modificación do planeamento urbanístico directamente, sen necesidade de volver tramitar un novo procedemento coa única finalidade de contemplar expresamente tal modificación que de facto xa prevalece.

É evidente que a planificación territorial ten que impoñerse sobre a urbanística, isto xa era así, e a lei vixente obrigaba a que os concellos fixesen despois as modificacións do seu planeamento. ¿Que pasaba? Que o que ocorría era que non o facían, e quedaba o planeamento sen actualizar. Isto podería xerar algunha dúbida, confusión ou inseguridade se algún cidadán quería coñecer a realidade urbanística neses ámbitos.

Entón, permítanme que lles diga que a experiencia destes anos di que en moitas ocasións hai que actualizar esta lei, porque os concellos non son quen de desenvolver as súas competencias urbanísticas, e son os propios concellos os que demandan á Xunta que utilice este mecanismo para facer un polígono industrial ou outras actuacións, porque eles non



son capaces de facelo urbanisticamente. E permítanme unha pequena consideración, sen acritude para aqueles de Vigo, que sempre se espolian cada vez que falamos de Vigo. Pois un exemplo claro disto é o Concello de Vigo e a recente aprobación en abril de 2020 do Proxecto sectorial de ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo. Si, porque Vigo, señorías, mal que lles pese, segue sen plan urbanístico e ten que facer uso destas actuacións.

Pero o quid da cuestión é que ao que se opoñían realmente —pasaron así, de puntillas, pero era ao que se opoñían realmente, señora conselleira— era aos proxectos de interese autonómico. Pois esta figura, que xera un clímax aí no BNG, é simplemente unha actualización dos plans supramunicipais que estaban na lei anterior. É posible que este esquema siga a permitir unha configuración dun marco territorial global e flexible, algo que vostedes non entenden —e eu non entendo como non son capaces de comprender—, e que dean cabida ás actuacións, tanto de carácter sectorial como integradas, sen excluír a posibilidade de arbitrar solucións puntuais alí onde sexa preciso, e iso dende a preeminencia que por definición debe ter a planificación territorial sobre a urbanística.

Este instrumento —que pode ser, como agora, de iniciativa pública ou privada— é o único de intervención directa no territorio; é dicir, vai servir para planificar e executar actuacións concretas, como son a implantación de dotacións urbanísticas, a creación de solo destinado a vivendas protexidas e a creación de solo destinado á realización de actividades económicas. En todos os casos deberá xustificarse que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural e que non teñen previsión nin acomodo no planeamento vixente, polo que en ningún caso pode defenderse esa aludida vulneración da autonomía municipal, xa que estamos a falar dunha planificación territorial a escala autonómica que xustifica esa prevalencia sobre o plan urbanístico.

Os proxectos de interese autonómico poderán desenvolver plans sectoriais vixentes ou ser autónomos, é dicir, non previstos en ningún plan sectorial, denominándose previstos ou non previstos, respectivamente. No caso de proxectos de interese autonómico non previstos, antes de iniciar a súa tramitación, deberase obter por parte do Consello da Xunta a correspondente declaración de interese autonómico, o que constitúe unha garantía que xa está regulada na vixente lei.

Finalmente, non compartimos esa aludida ameaza ao solo rústico de especial protección, xa que en todo momento se está a garantir a protección deste tipo de solo. E mesmo entre os fins e obxectivos da lei atópase o de identificar as áreas territoriais que deban ser obxecto de especial protección, garantindo o seu uso racional e a súa conservación, coordinando as accións que se proxecten ou se executen en cada ámbito territorial. En todo caso, as competencias en materia de ordenación do territorio deberán exercerse sen prexuízo das que deriven das diferentes normativas sectoriais que resulten de aplicación.

E —insisto—, señorías, os proxectos de interese autonómico veñen substituír os actuais proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. Decidiuse modificar a denominación deste instrumento por dous motivos: o primeiro, para diferenciarlo dos plans sectoriais, en tanto que as actuacións que desenvolven non teñen sempre ese marcado carácter sectorial;



e, en segundo lugar, para remarcar que esta figura ten unha incidencia territorial que excede do supramunicipal.

Ao BNG, que fala insistentemente do fracaso da lei vixente, pois eu diríalle que temos unhas directrices feitas coa lei vixente e que temos un proxecto de ordenación do litoral que é un documento recoñecido a nivel internacional pola súa calidade; os dous feitos, holisticamente, como se demanda, ao igual que varios plans sectoriais para moitos dos sectores estratéxicos e dúcias de proxectos sectoriais. Moitas actuacións feitas nestes últimos vinte e cinco anos ao amparo da Lei 10/1995 foron a solución para dotar de servizos, equipamentos e solo industrial os cidadáns en concellos onde non eran quen de facelo sen estes instrumentos. Parece ralles pouco éxito, pero, entre eles, moitos, moitos nos concellos gobernados polos seus partidos, que non son quen de sacar a adiante un plan urbanístico.

E, por certo, señorías, din que se xeran unhas directrices e un plan de ordenación, pero non debe ser tan doado porque vostedes en catro anos do Bipartito non foron capaces de sacalas adiante. O Goberno anterior —naquel caso, o conselleiro daquel momento, o señor Feijóo— deixóullelas preparadas e vostedes non foron quen de rematalas. Tivo que volver vir o Goberno do señor Feijóo no ano 2009 a aprobar estas directrices, que despois vostedes non foron capaces de aprobar. Así que, menos... —non sei como vou dicir— «sobradía» aquí nesta tribuna, señorías.

En canto á participación, transparencia e accesibilidade, creo que saben que todos os documentos de estratexia ou planificación se fan coa participación na redacción e con consultas a toda a sociedade e aos sectores interesados. Pero é que, ademais, todos estes documentos inclúen períodos e fases de alegacións e de consultas sistemáticas. Polo tanto, eu creo que esa crítica non ha lugar neste momento, e non cremos que iso ocorra.

E, para rematar, aprobaremos hoxe, señorías, unha lei que influirá positivamente na calidade de vida dos galegos e das galegas, tendo en conta, ademais, que a lei favorece a máxima participación cidadá no desenvolvemento dos diferentes instrumentos que van actuar sobre o territorio.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Abrimos unha rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas de novo, señor presidente.



Señora Nóvoa, agradézolle esa cita ao Premio Nobel de Literatura, García Márquez, facendo referencia á *Crónica dunha morte anunciada* con respecto a esta votación. Tamén lle podería dicir que é a crónica dunha votación cantada; é dicir, xa sabemos o que vai dar de si todo este debate. Pero permítame dicirlle tamén que nunha das novelas do señor García Márquez había un propietario dunha pequena frota fluvial —que xa non ten que ver co debate previo da Lei de pesca continental— que dicía que se mantiñan a flote por puro descoido da fatallidade. Pois tamén algo parecido pasa co urbanismo nesta comunidade autónoma. (*Aplausos.*) E, si, a realidade é que, dentro da argumentación que xa coñecemos, se fala de que hai un esforzo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...na simplificación normativa e de tramitación, que hai un reforzo no control ambiental. Veremos, por certo, con respecto ao control ambiental, o que dá de si a nova Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica que se debaterá a continuación deste debate que estamos a manter.

Di vostede que hai fortalezas na lei, pero que tamén hai aspectos que deberan ser mellorados; que non se vulnera a autonomía municipal, senón que se fai máis eficiente a tramitación urbanística; que é importante ter figuras de planeamento nos concellos debidamente actualizados, cousa na que, evidentemente, creo que concordamos todos. Pero permítome recordarlle, señora Nóvoa, que entre o 2011 e o 2019 foron aprobados só 49 planeamentos e que neste momento hai 90 en elaboración. E son datos que a propia Consellería facilitou cando presentou neste Parlamento a Memoria das Directrices de ordenación do territorio, o que nos situaría, unha vez concluídos todos, en que o 44,2 % dos concellos galegos terían un planeamento adaptado. Creo que, á vista do éxito dos últimos oito anos, non parece que ese sexa un argumento que se deba manter neste pleno.

E non hai, señora Nóvoa, non houbo e creo, francamente, que non haberá estabilidade normativa en materia urbanística, porque, mire, se basicamente podemos dicir que o código urbanístico de Galicia ten 16 normas —unhas de rango legal e outras de rango regulamentario—, permítame dicirlle que a traxectoria de modificación de distintas normas ao longo dos últimos anos fai que a estabilidade non pase do ámbito do desiderátum, no caso dos gobernos do Partido Popular. Porque esta Lei de ordenación do territorio de Galicia que hoxe vai quedar derogada tivo seis modificacións, catro delas cos gobernos do señor Núñez Feijóo. Foi modificada no ano 2010 —¡oh!, sorpresa— pola Lei de medidas fiscais e administrativas; foi modificada no ano 2012; foi modificada no ano 2016 pola Lei do solo de Galicia; e foi modificada de novo no ano 2018 con outra Lei de medidas fiscais e administrativas. Ese debate xa se mantivo onte e xa sabemos o que significa, pero o certo é que tanta modificación en tan pouco tempo dá boa proba de que non é que sexa necesario axustar —como se dicía onte— na defensa por parte do Partido Popular das modificacións legais introducidas na Lei coñecida como de acompañamento, senón que forma parte dunha traxectoria demasiado..., ía dicir abusada pero, bueno, si... É unha traxectoria de modificación que no ámbito urbanístico introduce permanentemente inseguridade. Ou a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, que tivo catro modificacións, dúas delas no mesmo ano, en 2010; ou a Lei de protección da paisaxe de Galicia, con tres modificacións; ou a Lei



2016, do solo de Galicia —esta é para nota—, unha lei do Partido Popular que tivo cinco modificacións, e que serán seis, coa aprobación no seu momento da Lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos de 2021, pero que se modificou nada máis e nada menos que dúas veces en dez meses, unha vez publicada. É dicir, no ano 2017 modifícase dúas veces esa lei do ano 2016, que ten en total —repito— seis modificacións.

Polo tanto, señora Nóvoa, permítame barruntar que o éxito desta nova lei —repito, innecesaria desde o noso punto de vista— creo que vai quedar evidenciado porque podemos poñer o contador a cero, se lle parece, todos e ver cantas modificacións hai deste texto magnífico, tan marabilloso e que tanta seguridade vai aportar á planificación territorial de Galicia ao longo dos próximos anos.

Pola miña parte, nada máis. E como esta é a última intervención neste pleno, deséxolles a todas as súas señorías unhas boas festas e unha feliz entrada no ano 2021, que creo que ten bastante fácil ser mellor que este ano 2020.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra de novo a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, vicepresidente.

A señora Nóvoa acaba de dicir que o noso argumentario é que nós cremos que non está xustificada esta nova lei. Eu non sei se o escoitou, porque acabo de facer un relato de todas as necesidades, de todos os retos e de todos os problemas que debemos afrontar e da necesidade de ter unha nova lei. Entón, vostede ou non escoitou ou viña coa intervención preparada, *(Aplausos.)* pero nós non dicimos para nada que non se necesite unha nova lei; *(Aplausos.)* o que dicimos é que hai que actualizala e que hai que ir máis alá, de feito. *(Aplausos.)*

Miren, dende que as comunidades autónomas asumiron as competencias en materia de ordenación do territorio, a maioría aproveitaron todas as primeiras décadas de planificación para desenvolver unha primeira vaga, unha primeira xeración de ordenación territorial. E mentres esas comunidades autónomas aproveitaron para ter política propia, unha certa política territorial propia para deseñar os seus primeiros instrumentos, aquí non se fixo absolutamente nada, ese é o problema. E agora moitas comunidades autónomas están xa na segunda vaga de planificación e están facendo actualizacións da planificación —como digo—, achegándose máis ao contexto de planificación europeo e non a este modelo colonial que nos queren implantar vostedes. Nós levamos aquí vinte e cinco anos de parálise e cero proxectos de ámbito supramunicipal, cero proxectos de ordenación do medio físico... ¡Vostede non pode vir aquí vender nada positivo do desenvolvemento desta lei! ¡É unha vergoña! ¡Cero proxectos de ordenación do medio físico e cero proxectos de ordenación supramunicipal!



Pero, ¡por favor! Entón, claro, mentres outras comunidades están desenvolvendo esa segunda vaga de ordenación territorial, nós pedimos que, cando menos, se desenvolva esa de primeira xeración que nunca tivemos e que saiamos dunha vez por todas desta situación de parálise.

Precisamos unha lei de mínimos que, polo menos, obrigue a impulsar a aprobación de plans, que propoña unhas directrices de ordenación do territorio que realmente dirixan algo e unha perspectiva pública da planificación; cuestións básicas e todas rexeitadas polo Partido Popular, porque a vostedes a planificación territorial —insisto— sóbralles, moléstalles.

Na nosa proposta, ademais, non queriamos quedar aquí cunha lei dos anos noventa, non, queriamos tamén actualizar o marco normativo e desenvolver un marco á altura do ano 2020, colocarnos nesa oleada de planificación de segunda xeración, incorporando novas cuestións como, por exemplo, a participación. Un territorio cohesionado exige dun proceso de participación e implicación da propia sociedade; por iso, non pode limitarse a un trámite dunha fase de alegacións, tal e como propoñen vostedes. A propia Administración debe fomentar a participación social e institucional, favorecer o intercambio de argumentos, a expresión de demandas e vontade tamén de chegar a grandes acordos, e non simplemente atoparse sistematicamente cun muro, o muro das alegacións. Pero, claro, a vostedes, ademais de sobralles a planificación, sóbralles tamén moitas veces a xente; a xente moléstalles para determinados proxectos.

E nós propuñamos, coas nosas emendas, mecanismos de participación —sobre todo que se desen nos procesos previos, non cando xa o proxecto está feito— e tamén mecanismos para a rendición de contas.

Tamén incorporabamos novos conceptos como a visión do feminismo, que tamén ten a súa consecuencia na planificación territorial; a participación das mulleres, das mulleres como suxeitos políticos, as políticas de planificación e, sobre todo, unha achega importante que fixo o feminismo, que é a incorporación da visión da vida cotiá e da tarefa de coidados. As políticas deberían incluír medidas tendentes a facer efectivo o principio de igualdade e a que se tivesen en conta os impactos dos roles de xénero, do traballo non remunerado e da división sexual do traballo no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes. A isto o Partido Popular tamén vai votar en contra.

Tamén propuñamos que era fundamental que a Consellería se implicase nesta cuestión da igualdade e que apostase polo acceso á formación en cuestión de xénero para o propio persoal técnico, para o persoal político, porque habitualmente foi sempre un sector moi monopolizado por unha visión patriarcal.

A perspectiva de xénero tamén significa incluír a planificación dos diferentes usos relacionados coa vida cotiá, promover cidades e vilas complexas, de proximidade, potenciar a función social dos espazos públicos, introducir a perspectiva de xénero na planificación e xestión do transporte, promover a mobilidade de coidados, promover o acceso á vivenda ás mulleres, visibilizar o traballo das mulleres no rural... Todo isto vai ser hoxe tombado polo Partido Popular, porque vostedes tampouco cren nas políticas feministas.



Tamén pediamos avanzar na visión de cal é o rol xeopolítico de Galicia, porque coa planificación non só decidimos a vertebración interna do país, senón que rol xogamos cara ao exterior. E, por un lado, plantexabamos eses plans de incidencia na planificación territorial, que eran a capacidade e as competencias para decidir sobre cuestións de ámbito estatal, cuestión que vai ser unha oportunidade perdida para este país, pero é que, ademais, pediamos que se definise unha estratexia xeopolítica diferente á que vostedes plantexan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: No texto vostedes plantexan —vou acabando xa— a conexión cos principais núcleos —que vostedes denominan nacionais—, que vén sendo participar do modelo radial de Madrid. Esa é a priorización do modelo estratéxico que vai definir o Partido Popular neste documento, e nós propoñíámoslles modificalo, priorizar o desenvolvemento do potencial xeoestratéxico de Galicia no eixo atlántico, na eurorrexión, no noroeste peninsular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e no arco atlántico europeo, e ningunha destas catro estratexias lles interesa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Logo veñen aquí con lágrimas de crocodilo, pero a realidade é que vostedes tamén están en contra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...dese modelo, de definir un rol xeopolítico e de conseguir máis soberanía para este país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Miren, señora Fernández e señor Álvarez, presentaron moitas emendas, e o meu compañeiro Martín Fernández Prado —transmitido por el— plantexoulles un acordo dun bo número de emendas para polo menos a abstención, pero vostedes dixeron que non, porque vostedes tiñan por diante a eliminación dos proxectos de interese autonómico. O que non imos facer nós é aprobar unha lei coa que non estamos de acordo. Non, non pasamos o rodillo, nós aprobámoslles 25 emendas e 7 transaccións, e o que non imos facer é cambiar o espírito da lei porque nós fixemos esta lei, señora Fernández; iso está claro que non.



Mire vostede, a verdade é que é moi difícil comprender o seu modelo, porque de repente se pon na lei vasca do ano 1990 ou na lei de Andalucía do ano 1994. Entón, é que eu... ¿Que quere? ¿Leis actualizadas, leis dos anos noventa...? É difícil comprender a súa teoría. Moitas comunidades eliminaron este instrumento, o do medio físico, e moitos anos de experiencia o que nos deron foi ver que non se utilizou, que non se empregou, por iso propoñemos eliminalo.

Mire, propoñemos eliminar instrumentos que non se empregaron en vinte e cinco anos, e parécelles mal. Propoñemos simplificación administrativa, un único procedemento de tramitación para os instrumentos de ordenación do territorio, mellorando ao mesmo tempo a vida aos concellos e evitando duplicidades, e tampouco están de acordo. ¡Agora collérona coa simplificación! Pero é que vostedes, que poñen de exemplo aquí moitas veces a Portugal, onde teñen unha simplificación —que todos compartimos bastante— da burocracia administrativa, agora están en contra da simplificación administrativa, sen menoscabo de eliminar ningunha garantía nin ambiental nin territorial, por suposto que non. Agora agárranse a iso.

Creouse un cuarto instrumento de ordenación, que son os proxectos de interese autonómico, que teñen a filosofía dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e sacan os seus mantras do espolio, das portas xiratorias...; un vello discurso, señora Fernández. Xa ninguén lles cre o do espolio e todo iso que vostedes dicían.

Eu fun a ponente, co señor Tellado, da Lei de implantación empresarial e dicían o mesmo. Pasaron dous anos e hoxe vén aquí outra lei... (*Murmurios.*) ¿Onde está? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero díganme que espolio... É que non nos cren, por iso están aí e nós estamos aquí outra vez, por cuarta vez. (*Aplausos.*) E non é presumir, ¡non é presumir! É porque a xente comparte, ten o mesmo discurso que este grupo, non que o seu, señorías. Esa é a razón do seu fracaso.

Miren, en canto á Lei do solo, creo que se falou onte aquí do tema da Lei de medidas, pero hai dúas xustificacións claras. Por un lado, as modificacións plantexadas son consecuencia do requirimento e das discrepancias formuladas por iniciativa do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico contra as modificacións á Lei do solo practicadas pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais. Primeiro motivo.

E, segundo motivo: responde á necesidade de clarificar nuns casos ou modificar noutros determinadas imprecisións ou indeterminacións comprobadas na aplicación da normativa urbanística, concretamente as relativas á tramitación dos plans básicos municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes en planeamento urbanístico. Si, unha figura que nós tamén creamos e que vostede criticou o outro día na comisión, pero que creo que non ten moita crítica porque hai 49 municipios que se poderían beneficiar destes plans, hai nove que se están tramitando e un que se aprobou xa. Eu creo que, en vez de criticar, é mellor defender esta iniciativa.

Señorías, é difícil saber cal é o seu modelo, o seu modelo en xeral: de territorio, modelo enerxético, modelo empresarial...; é moi complicado porque vostedes se basean na empresa



privada, da que falou onte aquí o conselleiro de Facenda, e deberían recoñecer que a colaboración público-privada é necesaria. Pero vostedes, en canto aparece a palabra «privada», pois xa falan de espolio, de amigos, de negocio... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Negocio para quen? Traballo; ¡traballo, señor Rivas! Traballo é o que necesitamos, emprego, público e privado, colaboración pública e privada. E mentres non o entendan, seguirán aí. *(Aplausos.)*

Señorías, somos moi conscientes da importancia que ten a nova Lei de ordenación do territorio para a nosa comunidade, e o Grupo Popular defende que a lexislación urbanística é unha garantía de éxito para acadar que a ordenación do solo de cada municipio sexa coherente e igualitaria para os cidadáns do propio concello. Pero tamén son necesarios instrumentos de carácter supramunicipal que garantan esta mesma igualdade de oportunidades a nivel de toda Galicia, co fin de corrixir os posibles desequilibrios resultantes da variedade que presenta o noso territorio. Por iso, a futura Lei de ordenación do territorio se adapta á evolución territorial de Galicia é a súa realidade actual, e preséntase como camiño para garantir a cohesión social e para mellorar a calidade de vida non só das xeracións presentes, senón tamén das xeracións futuras. Presente e futuro, señor Rivas. Vostede falaba do pasado, pero nós somos presente e futuro.

Señora conselleira, nada máis, só quero agradecer a consecución desta importante lei, de todo o traballo lexislativo que están facendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...e felicitala.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(A señora Pomar Tojo pide a palabra.)

A señora POMAR TOJO: Presidente, pido a palabra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Para que quere o uso da palabra, señora Pomar?

A señora POMAR TOJO: Como presidenta da Comisión simplemente pido a palabra para pedir desculpas aos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, porque, por un erro, efectivamente, na transcripción, se cruzaron os números das emendas aos artigos da lei. Así que, no ditame orixinal está corrixido.

Moitas grazas.

Grazas, presidente.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pomar.

(Pide a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, ¿para que quere o uso da palabra vostede, señora conselleira?

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Pois simplemente é para agradecer un traballo feito por todos. Non todos os días se traen dous textos lexislativos á Cámara, non todos os días se debaten e non todos os días se procede á súa votación. É un traballo enorme, feito por un equipo, pero tamén é un traballo enorme, moi participativo, da sociedade. Foron moitas as achegas, máis de mil entre as dúas leis e, polo tanto, hai que agradecer o ton cordial, e incluso esa cantiga, señor Rivas. E á parte dese ton cordial do señor Rivas, tamén o de todos os demais; no caso do PSOE, o do señor Álvarez Martínez, tamén o de Alexandra Fernández, Martín Fernández Prado —que xa non está, ten outras responsabilidades— e Marta Nóvoa, que, por suposto, colleu o relevo. E tamén foi similar o do señor Pablo Arangüena, o do señor Rivas, o da señora Marisol Díaz —que non pode estar— e o da señora Elena Candia. Créanme que o único que perseguimos é, no caso da Lei de pesca fluvial, que nos permita protexer os nosos ríos e que estes sexan fontes de vida e sinal de identidade. E, no caso da Lei de ordenación do territorio, mellorar ese camiño para garantir unha maior cohesión e mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Sen máis, neste 22 de decembro, non sei se nos tocou a lotaría, pero nós —todos vostedes e nós— si temos unha lotaría, que é representar os galegos e as galegas, e iso tennos que encher de satisfacción.

Sen máis, bo Nadal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ben, pasamos ao seguinte punto, ao seguinte texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición de lei, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Presentamos a proposición de lei de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia, un documento traballado conxuntamente dende o Grupo Parlamentario Popular en colaboración co Goberno galego.

Partimos da consideración evidente de que estamos nun momento tremendamente excepcional que require todo o esforzo e todo o compromiso dos cidadáns, pero tamén todo o esforzo e todo o compromiso das administracións públicas.



A Administración debe ser un apoio para a actividade dos profesionais e as empresas, nunca un freo, especialmente nos momentos máis complexos, como estes que estamos a vivir. É necesario, por tanto, que mudemos a cultura administrativa, e esta proposición de lei é unha oportunidade para facelo.

A reactivación pasa, evidentemente, por que os gobernos impulsen a actividade e faciliten os procedementos administrativos para que as empresas e os profesionais poidan desenvolver a súa actividade económica, para atraer novos investimentos a Galicia e para apoiar as iniciativas tanto dos emprendedores como dos proxectos xa consolidados. Así o vén facendo a Xunta de Galicia dende o momento inicial desta pandemia con ese plan de reactivación económica, que permitiu mobilizar investimentos de máis de 3.000 millóns de euros, co reforzo dos servizos públicos, a reactivación da economía e a protección do emprego como obxectivos fundamentais, e tamén co Plan de rescate de autónomos e microempresas, que permitiu desenvolver axudas por un valor de 84 millóns de euros para o apoio directo á hostalería e aos autónomos.

A folla de ruta do Goberno galego e do Partido Popular de Galicia para a reactivación económica continúa con esta proposición de lei que hoxe presentamos para a súa toma en consideración e posterior inicio do trámite parlamentario.

O Grupo Popular presenta esta proposición de lei que ten un obxectivo moi claro: xerar confianza. A confianza é fundamental para lograr a reactivación da nosa economía, para incentivar o consumo e tamén para lanzar unha mensaxe de protección do noso emprego.

Para lograr esta confianza esta lei traballa sobre tres eixos fundamentais. O primeiro é a axilización dos trámites administrativos; o segundo é o apoio e o financiamento dirixido a empresas e profesionais; e o terceiro é a anticipación, anticipación para aproveitar a oportunidade que representan os fondos europeos.

Axilizar a Administración é quizais, probablemente, o eixo principal desta norma. Esta lei pretende axilizar os trámites administrativos para impulsar a actividade económica e a creación de novos proxectos en Galicia. ¿Como facelo? Simplificando os trámites burocráticos, eliminando duplicidades, aforrando custos, reducindo tempos de tramitación, simultaneando procedementos e informes e fomentando a coordinación entre diferentes administracións. Destacar que esta axilización en ningún caso significa diminuír garantías nin eliminar proteccións a outros valores fundamentais, como os medioambientais, os culturais ou os naturais.

O segundo eixo desta lei busca apoiar as iniciativas empresariais, especialmente as máis novas e especialmente as situadas nas contornas rurais. Deseña mecanismos de financiamento para pequenas empresas, apoiando a súa posta en marcha, crea un sistema múltiple de acompañamento para empresas profesionais —ese sistema de atención ao investimento, a Oficina Doing Business— e o sistema de acompañamento individualizado para os grandes proxectos. Tamén establece beneficios fiscais para apoiar o rural e regula, por primeira vez, o concepto de proxecto tractor, ademais de redefinir os proxectos industriais estratéxicos e



as iniciativas empresarias prioritarias, que amplían a súa capacidade para absorber máis iniciativas e máis proxectos.

Esta lei anticipa a chegada dos fondos europeos, fondos europeos que representan, sen lugar a dúbidas, unha oportunidade única para minimizar o impacto da pandemia e apoiar empresas e profesionais para transformar a nosa economía, impulsando un modelo máis sostible, máis verde, máis dixital.

Pero, para aproveitar esta oportunidade, debemos estar preparados, e, por iso, a anticipación é o terceiro eixo desta lei. Crear un mecanismo completo, crear un mecanismo integral de planificación, programación, xestión e control dos fondos europeos, reforzando a Comisión interdepartamental Next Generation, creando un comité técnico que auxilia tecnicamente esa comisión, establecendo grupos de traballo que traballarán na simplificación dos procedementos de subvencións e contratación, homoxeneizando modelos e boas prácticas.

Por outra parte, a lei contempla beneficios fiscais para determinadas iniciativas empresariais. Eu quixera destacar varias. Dedución do 100 % nas transmisións patrimoniais onerosas, no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para a adquisición de inmobles que se atopen nas áreas pouco poboadas ou no rural; esta dedución será do 50 % no resto do territorio da nosa comunidade. Dedución do 100 % do gravame sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, para adquisición, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles en zonas pouco poboadas ou áreas rurais; igualmente, a dedución será do 50 % no resto do territorio da nosa comunidade.

A norma contempla tamén a creación dunha serie de catálogos por sectores de actividades que recollerán todas as tramitacións administrativas exixibles para a implantación de novos proxectos, así como unha serie de formularios, modelos de solicitude e documentación asociados aos citados procedementos, o que suporá, sen lugar a dúbidas, unha grande axuda e simplificación para as empresas.

A norma contempla tamén a creación do SAI (sistema de atención ao investimento) para acceder de xeito electrónico a toda a información e a toda a documentación indicada e consultar en tempo real o estado da tramitación de todos eses expedientes.

Creación da Oficina Doing Bussines Galicia como unidade especializada no acompañamento e tramitación destes proxectos industriais caracterizados como estratéxicos.

E, a maiores, esta lei propón o desenvolvemento dun sistema de acompañamento individualizado cunha rede de oficinas de apoio a empresas.

O artigo 56 regula o concepto de proxecto tractor, do que vimos falando moito sen que estivera perfectamente regulado. Trátase daquelas iniciativas industriais estratéxicas que incidan en diversos sectores económicos para xerar crecemento, emprego e competitividade, actuando como vertebradora doutras iniciativas empresariais e que reúnan os requisitos para ser financiadas polos fondos europeos.



Creación de instrumentos específicos de financiamento para as iniciativas promovidas por e-startups, emprendedores e outras pequenas empresas.

Como lles dicía, esta lei reforzará a Comisión Next Generation, regulada no artigo 60, como órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que poden financiarse con estes fondos. Tamén o comité técnico, regulado no artigo 61, que asesorará na valoración de plans e proxectos que son examinados pola Comisión Europea.

E está todo previsto e deseñado para que ao día seguinte da aprobación desta norma dende a Xunta de Galicia se poidan configurar grupos de traballo, que operarán de maneira inmediata na simplificación dos procedementos de subvencións e contratación, homoxeneizando modelos e homoxeneizando boas prácticas.

Por último, esta proposición tamén busca fomentar a participación —en concreto, recóllese no artigo 63— para prever tres instrumentos na planificación dos fondos. A primeira, xa coñecida, a comisión de expertos económicos, que leva traballando na nosa comunidade dende o pasado mes de maio. A segunda, as mesas do diálogo social, en funcionamento dende hai xa bastante tempo. E, por último, un grupo de traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias. É dicir, esta lei conta coas principais institucións, cos axentes sociais e económicos, cos representantes dos traballadores e das empresas e cos concellos, unha representación ampla da sociedade galega.

Remato xa. En resumo, esta é unha lei que continúa o traballo que empezou o Goberno galego o pasado mes de marzo, apoiando os profesionais e as empresas, reactivando a economía e consolidando as rebaixas de impostos. Unha lei que aposta por unha nova cultura administrativa, que elimine trabas e que impulse novos proxectos empresariais en Galicia. Unha lei que rebaixa impostos, que crea mecanismos de asesoramento e acompañamento a empresas e que regula a figura dos proxectos tractores indispensables para a definición do futuro de Galicia. Unha lei que se anticipa á chegada de fondos europeos, desenvolvendo instrumentos de planificación, de xestión e de control, para aproveitar a oportunidade que supoñen estes fondos para transformar a economía de Galicia nunha economía máis verde, nunha economía máis dixital. Unha lei pensada por e para os profesionais e as empresas galegas, que esperamos que teña o apoio do conxunto das forzas políticas que compoñen esta cámara para proceder a iniciar a súa tramitación parlamentaria.

Adianto a nosa vontade, a vontade do grupo propoñente, para contar con todos, para enriquecer este texto entre todos e para facer unha lei coa que este parlamento se sinta plenamente identificado e unha lei que sirva para facer fronte a esa tripla pandemia: a sanitaria, a económica e a social, e para que entre todos, todos xuntos, sexamos capaces de converter esta crise nunha oportunidade, a oportunidade que necesita a sociedade galega para avanzar na simplificación administrativa e para avanzar na reactivación económica que todos desexamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

A verdade é que, aínda que non vou entrar no que é o contido exacto do que é a propia proposición de lei, posto que teremos tempo de debater os artigos que aquí se conteñen, entendo que a man tendida que nos acaba de ofrecer o señor Tellado de enriquecer ese texto se materializará en que teñan en conta as emendas que os grupos parlamentarios imos presentar, que seguro que poden enriquecer este texto, e non como nos dixo onte o señor conselleiro, que practicamente nos veu dicir que só vostedes teñen a razón e, polo tanto, nós vimos aquí dicirlles catro tonterías que non teñen moito que ver.

Espero que neste caso si que se valore o traballo que facemos a oposición, que é moito, aínda que moitas veces non se teña reflectido, posto que o grupo maioritario deste parlamento galego, co seu habitual rodillo e falta de diálogo, pois non nos ten en conta practicamente nunca. Espero que iso mude, e será moi benvido polo noso grupo.

Hoxe o Grupo Parlamentario do Partido Popular trae a esta cámara unha Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, unha proposición de lei que o Grupo do Partido Popular xustifica como urxente —e leo literalmente— «pola importancia de contar canto antes cun documento legal que introduza medidas específicas de apoio e simplificación administrativa co obxecto de favorecer a recuperación económica, a implantación ou afianzamento de novas empresas e o aproveitamento responsable dos instrumentos de financiamento europeo postos en marcha no actual contexto da pandemia pola covid-19.»

A verdade, eu a primeira puntualización que lle teño que facer ao Grupo Parlamentario do Partido Popular é que a simplificación administrativa, aínda que pode ser nestes momentos máis importante, non é un tema que soamente sexa importante agora, non é un tema que só sexa imprescindible agora. É un tema no que vostedes xa tiñan que ter feito algo durante os anos precedentes. A verdade é que a vostedes lles entran as présas agora, porque, como vostede ben dicía, a declaración de pandemia mundial foi o 11 de marzo, que obrigou a tomar unhas medidas inmediatas como o confinamento e a restrición, e, polo tanto, tivo un impacto importantísimo e sen precedentes, sobre a economía, tamén a economía do noso país.

É dicir, dez meses despois, cando xa pasamos a primeira onda, se supón que estamos na segunda e todas as autoridades sanitarias nos veñen advertindo de que imos empezar a terceira, pois o Grupo Popular agora mesmo entende que hai moitas présas e que é urxente aprobar esta norma.



Vostedes rexistran esta iniciativa o 7 de decembro, case dez meses despois da declaración da pandemia. A toma en consideración faise hoxe, vai iniciar a súa tramitación entendemos que a partir de xaneiro do próximo ano e, polo tanto, será aprobada, no mellor dos casos, en febreiro. Entrará en vigor, segundo a súa proposición de lei, vinte días despois da súa publicación. E, ademais, para moitas das disposicións contidas nesa proposición de lei e que para os socialistas nos parecen fundamentais, como son a elaboración dos dez primeiros — vós falades de dez — catálogos de iniciativas empresariais, pónense un prazo para a súa elaboración de dez meses. É dicir, que, no mellor dos casos, esta lei vai estar en vigor no mes de marzo de 2021 e algunhas das súas propostas teñen como prazo para estar listas e para poder ser empregadas pois o mes de setembro, o mesmo que o regulamento que ten que desenvolver esta lei.

Realmente, se vostedes quixeran sacar adiante esta lei en tempo, poderían telo feito como fixeron outras comunidades autónomas que xa teñen aprobadas normas neste sentido, aínda que non iguais, e niso xa entraremos cando falemos do articulado da lei, aínda que non son iguais pero si que regulan estes temas dos que vostedes falan, polo menos na súa exposición de motivos, e co obxectivo este de simplificación administrativa para facilitar a implantación de iniciativas empresariais no seu territorio. Pois mire, Andalucía aprobouno en febreiro; Castela-A Mancha, en agosto; Baleares, en outubro; Valencia, en abril; e Canarias, no mes de setembro; todas neste ano. En fin...

Vostedes levan gobernando Galicia nesta última etapa dende hai once anos con maioría absoluta e de xeito continuado. Moita prisa por sacar agora esta lei cando nesta última lexislatura, na décima lexislatura, a produción lexislativa do Goberno galego, de maioría absoluta, foi de doce textos lexislativos, a pesar de que onte o conselleiro de Facenda —a verdade que nese ánimo de arrogancia que ultimamente emprega cada vez que vén ao pleno deste parlamento— se gababa de ser un goberno moi traballador e case nos acusaba á oposición de pouco traballadores. A verdade é que aos feitos nos remitimos: catro anos, doce textos lexislativos.

Na décima lexislatura, exceptuando a Lei de orzamentos e a Lei de medidas fiscais e administrativas, en 2016 non aprobaron ningunha lei; en 2017, seis; en 2018, ningunha; e en 2019, seis. Doce textos lexislativos, como dicía antes, toda a produción lexislativa deste goberno que ten maioría absoluta, aínda que cabe recordar que o Goberno galego emprega a Lei de medidas fiscais e administrativas, que tivemos ocasión de debater onte, para modificar unha amalgama inconexa de leis, cun debate único e evitando o debate unitario para cada unha das normas que se pretenden modificar, chegando a modificar nalgúns casos ata trinta e tres leis nunha soa tramitación. Xa que logo, catro anos, doce leis, e agora teñen moita urxencia por sacar determinados textos lexislativos. Debe ser que lles dá vergoña a produción lexislativa que tiveron na anterior lexislatura.

Vostedes traen unha proposición de lei que o presidente Feijóo anunciou como unha norma que quere facer da Xunta de Galicia a Administración máis áxil dos últimos corenta anos, manifestando que a tramitación administrativa non pode ser un problema, senón que ten que ser o acompañamento legal ás empresas para que con seguridade xurídica se poidan instalar no ámbito territorial.



A verdade é que fai un pouco de graza tamén, abundando no que expoñía antes, que fala dos corenta anos, cando trinta e tres anos deses corenta anos leva gobernando o Partido Popular e resulta que a simplificación administrativa non debeu ser unha prioridade durante todo este tempo, aínda que tamén é verdade que o vou matizar máis adiante na miña exposición.

Pero, en calquera caso, présa présa non parece que tiveran, posto que a implantación empresarial no noso país é un dos grandes fracasos do Goberno Feijóo na Xunta de Galicia durante estes últimos once anos e era unha necesidade xa antes da época da covid. E é verdade que vostedes mesmos na súa exposición de motivos se emendan, porque din: «Toda crise supón unha oportunidade de mudar políticas públicas que ao longo dos anos teñen manifestado unha inercia de resistencia ao cambio e que nalgúns casos teñen freado o crecemento.» Polo tanto, fan unha emenda ás súas leis, ás que aproban vostedes coa súa maioría, porque nós non temos esa capacidade, porque non nos teñen en conta nin sequera cando presentamos emendas.

A verdade é que tamén nos gustaría saber —ao mellor vostede despois nos contesta— por que traen unha proposición de lei no canto de traer un proxecto de lei. ¿Será porque así evitan determinados informes? Por exemplo, gustaríanos ter un informe do CES, porque recórdolle que o CES é un órgano consultivo da Xunta de Galicia e que no artigo 5 establece as súas funcións, e entre outras di: «Son ditames de carácter preceptivo os anteproxectos de lei, os proxectos de decretos lexislativos e os plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.»

Supoño que vostedes, igual que cando traen a Lei de medidas fiscais e administrativas, entenden que isto non é un tema que teña nada que ver e que non está vinculado co desenvolvemento económico nin social de Galicia, e por iso omiten unha vez máis este informe que os socialistas entendemos preceptivo.

Tampouco teñen o informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e pregúntome se teñen un informe, polo menos un pacto coa Federación Galega de Municipios e Provincias, posto que regulan tamén asuntos que son de competencia municipal. ¿Ou queren unha vez máis poñerlles máis deberes aos concellos galegos, evidentemente sen achegarlles recursos, pero si poñerlles máis deberes en vez de asumir vostedes as súas competencias? En fin, non é defendible, cando vostedes teñen maioría absoluta para sacar adiante estas leis, que consideren este trámite.

Vostedes traen unha proposición de lei que na propia exposición de motivos contida nos di que «a presente lei pretende conseguir ese equilibrio, evitando duplicidades e solapamentos nos procedementos que son concorrentes, diminuíndo os atrasos na emisión dos informes, sempre complexos, que teñen por finalidade protexer un ben público, axilizando os trámites precisos para o desenvolvemento dunha iniciativa empresarial que tenta crear riqueza e emprego.» E nós estamos de acordo, estamos totalmente de acordo co que vostedes expoñen aquí, pero é que mire, señor Tellado, iso mesmo xa o expoñían na Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico —non me dá tempo a lerllo pero despois comentareille algo—; na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, apro-



bada tamén coa súa maioría absoluta; e tamén na Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que foi aprobada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: —Si, remato xa, señor presidente—. É dicir, en tres leis nas que falaban do mesmo tema, que non aplicaron, que modificaron unhas tres e outras catro veces, nalgúns casos incluso volvendo utilizar a Lei de medidas fiscais e administrativas, e agora traen por cuarta, quinta, sexta, sétima vez unha lei que pretende axilizar... *(Murmuros.)* Si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois esperemos que nos teñan en conta, porque aqueles onde non nos tiveron en conta vese que non foron eficaces e non serviron para o fin que foron cumpridos. Teñan en conta a oposición, que moitas veces temos cousas interesantes e que axudan ao ben de todos os galegos e de todas as galegas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como cuestión previa, quixera saudar desde aquí a absolución de doce activistas galegos, que foron sinalados durante cinco anos por ser independentistas e que veñen de ser absoltos despois dun proceso de cinco anos que buscaba criminalizar as ideas. *(Aplausos.)*

E anuncio xa o voto en contra do Bloque Nacionalista Galego a esta lei, que, disfrazada de axilización administrativa, é en realidade un atropelo democrático, unha tomadura de pelo a este parlamento e o abrazo definitivo da Xunta e do Partido Popular á máis absoluta desregulación económica e industrial. É a barra libre para regalar os nosos recursos naturais —si, si— a grandes fondos de investimento e deixar a sociedade galega con cada vez menos ferramentas diante dun modelo depredador e ao servizo do Ibex 35. Iso é o que é esta lei, señor Tellado, por moito que negue coa cabeza. *(Aplausos.)*

E miren, señorías do Partido Popular, para levar tanto tempo anunciándoa, esta lei non se sostén, nin no procedemento nin no título nin na xustificación, nin moito menos na concreción do articulado; non se salva unha coma. Técnica e xuridicamente é unha trapallada, pero é que politicamente é desde logo inaceptable.

O título xa é unha manobra de distracción, e vostede non decepcionou, foi na mesma liña. De eixo central nada, jeh!, de eixo central nada, señor Tellado. A axilización administrativa é empregada nesta lei como unha coartada, porque practicamente o que fai vostede é a di-



solución administrativa. Na crise financeira a dereita abrazou unha estratexia de adelgazamento do público; vímolos na sanidade, no ensino e noutros sectores, e agora o que pretenden vostedes é seguir con esa ofensiva e ir a polo esqueleto da administración pública con medidas e subterfuxios para substituíla por organismos privados.

Xa a xustificación da urxencia si que é de traca, a xustificación da urxencia, señora voceira do Partido Popular, porque empregan a covid e a recuperación económica como a desculpa para todo. A única verdade que din na xustificación da urxencia é que, claro, falan de aproveitamento responsable dos instrumentos de financiamento europeo, e de aí temos que inferir que recoñecen que non eran responsables. ¡Claro que non eran responsables! Onte mesmo 1.400 millóns de euros procedentes da Unión Europea sen executar por parte da Xunta de Galiza. Si, son uns irresponsables, pero o que propón esta lei non vai facer que sexan máis responsables nin poñer solucións a estes problemas, senón todo o contrario.

E ten narices esa urxencia, esa apelación á vontade de contar con todos e con todas, señor Tellado, cando vostedes o que fan é filibusterismo parlamentario para un procedemento exprés, para un procedemento exprés para que en dez minutos teñamos que posicionarnos aquí, nun prazo axustadísimo tamén despois de emendas, sobre nada máis e nada menos que setenta e catro artigos, seis disposicións adicionais, catro transitorias, unha derogatoria e doce derradeiras, que modifican doce leis de todo tipo, outra vez —como se fora unha lei de acompañamento pero *a lo grande*—, do patrimonio e comercio interior, pasando polo eólico ou o marco impositivo.

Desde logo, é indecente este trámite parlamentario, é unha tomadura de pelo, é poñer o Parlamento ao servizo de que o Goberno salte trámites; é simplemente iso. Repiten o *modus operandi* que xa practicaron coa lei de depredación primeira, nesa primeira tempada desa gran trama do Partido Popular ao servizo do Ibex 35.

Unha tramitación exprés. Así furtan participación pública, furtan consultas aos sectores implicados, evaden ese informe do Consello Económico e Social e outros, e fan isto desta maneira porque non se sostaría nin sequera a exposición de motivos, que vostede medio leu na súa intervención, porque tamén pintan unha realidade na que antes do coronavirus en Galiza todo ía estupendamente. Todo era marabilloso, un crecemento disparado, cando o mesmo informe do Consello Económico e Social respecto do 2019 sinala xa evidentes síntomas de ralentización da economía, e se algo vimos nesta crise foi que de crecemento san, nada, señor Tellado, senón que había importantes problemas que hai que resolver, pero que desde logo esta lei non facilita o camiño nin tapa o fracaso anterior. O único que fan nesa lei, na intervención que tivo vostede aquí, é palabrería.

Por exemplo, na exposición de motivos, falan de que esta lei vai priorizar aqueles sectores máis danados pola covid, como a mocidade. ¿Cantas propostas para o emprego da mocidade hai nesa lei? Cero, cero patatero, señor Tellado. Con iso é un bo exemplo para ver que esta lei o que constata é o fracaso do Partido Popular planificando, como cada lexislatura, unha lei de actualización administrativa e económica nova. Vese que non o fan moi ben, porque é: opción A, ou fan as cousas mal; opción B, menten e é un cabalo de Troia para colarnos outros debates pola porta detrás; ou C, ambas son correctas. Por non falar de que logo, en



cada Lei de acompañamento, seguen cambiando, e que son vostedes o Goberno da inseguridade xurídica, e van seguir sendo con este *remake* da lei de depredación ou lei de depredación *bis*.

E claro, o problema é que as segundas partes nunca foron boas, e tamén o vemos aquí. Non soluciona en absoluto os problemas de burocracia e saturación administrativa, porque vostedes, os mesmos que en once anos non foron capaces de facer do Igape un instrumento útil para este país, agora crean outro chiringuito, a ver se desta vai. Vostedes, que fixeron a chapuzada do *Doing Business* chantaxeando os concellos galegos, repiten o mesmo.

Claro que hai ás veces problemas de saturación e de excesiva burocracia, pero non o vai solucionar esta lei, porque fundamentalmente o que nos falta é persoal e tamén unha dixitalización ben entendida, e non como a que vostedes practican. (*Aplausos.*)

Esta lei non os corrixe, é que negamos a maior, porque o único que fai é acurtar prazos, privatizar servizos sen garantías de independencia e imparcialidade, pon mesmo en perigo os traballadores e traballadoras públicas, que vostedes tanto din defender, porque van ter que asumir como se foran propios informes que fan chiringuitos privados, que iso pode ter incluso consecuencias legais.

É malo o que din nesta lei, pero é malo o que deixan de dicir, porque hai moitas cuestións que quedan para regulamentos posteriores. É unha lei, desde logo, de privatización da administración pública en múltiples exemplos, pero, sobre todo, é unha alfombra vermella para as agresións medioambientais e para a barra libre do eólico.

E mire, señor Tellado, hai un refrán que di que vale máis unha imaxe que mil palabras. Poderíamos dicir (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) que unha imaxe vale máis que mil palabras ou tamén que unha sentenza vale máis que mil exemplos que eu poida poñer nesta intervención. Isto que non queren ver, isto que vostede non quere mirar, é a serra do Iribio; (*Murmurios.*) supoño que vería a sentenza que saíu a semana pasada, eu recoméndolle que a lea; en todo caso, hoxe pola tarde imos falar diso e voulle ler algún fragmento. Pero o que fai esa sentenza é dicir que a Xunta de Galiza está instalada no produtivismo e que a Xunta de Galiza non está a garantir as condicións ambientais e que hai ausencias regulatorias. E esta lei o que vai facer é agravalas, porque o capítulo II é un atentado ambiental; iso que vostedes chaman racionalización dos procedementos de avaliación ambiental quere dicir en realidade: ¡todo vale!; todo vale é o que quere dicir. Un exemplo —porque supoño que o señor presidente non me vai acumular o tempo que lle sobrou a vostede—: artigo 31, elimina garantías nos procedementos de avaliación ambiental. Vostede repetiu algo aquí que aparece na introdución da lei, e eu o que lle teño que dicir é que *excusatio non petita, accusatio manifesta*; xa se vostedes autoxustifican con que non evade ningún trámite ambiental, só fai falta ver iso para ir buscar e atopalos. (*Aplausos.*)

E o capítulo III, como adiantaba, pode resumirse en que é a barra libre para o sector eólico. Xa incluso hai algún artigo —como o 50— no que limitan e eliminan trámites de información pública, e que reflicte que o que dixo aquí é falso. Ou cuestións tan graves como aproveitar unha disposición derradeira para poñer o plan director da Rede Natura ao servizo das



necesidades do novo mapa eólico, que basicamente vai ser toda Galiza. Ou sexa, non poñen un muíño de vento aquí no medio do hemiciclo porque non colle; se non, serían capaces tamén de facelo. Desde logo, os Reis Magos neste Nadal deberían levar a San Caetano todo o carbón que atopen, porque este proxecto e a súa forma de tramitar non merecen outra cuestión.

Esta lei tamén, ademais, mente, mente nos seus obxectivos. Falan de propostas para o emprego de calidade, peche de ciclos produtivos e valor engadido; nin unha soa liña estratéxica para favorecer iso. Por moito que disfracen doutra cuestión, o que fan é abrazar o discurso verde na teoría para introducir un cabalo de Troia para o noso país.

E, ademais, afondan na liña de xestión antidemocrática de todo o que ten que ver cos fondos europeos. Ou sexa, vostedes retroactivamente veñen poñer aquí no papeliño esa comisión que basicamente é o Consello da Xunta e o director xeral de Planificación Orzamentaria e darlle rango de lei, a ver se así queda un pouco mellor, (*Aplausos.*) cando o título V o que fai é dar manga ancha ao Consello da Xunta para facer o que lle pete.

Son tan cínicos que ata introducen un artigo, o 63, de diálogo coa Fegamp cando non o negociaron coa Fegamp, non o negociaron cos concellos, e teñen as narices de introducilo. E xa o colmo da indecencia é pretender dar rango de lei a ese autodenominado diálogo social que constituíu a Xunta de Galiza fóra do verdadeiro foro de diálogo social, que é o CES, única e exclusivamente porque non lles gusta que a CIG sexa o sindicato maioritario deste país, única e exclusivamente. (*Aplausos.*)

En fin, serían moitas as cuestións que quedan no tinteiro pero, basicamente, esta é unha mala lei para o noso país, é unha lei que non cumpre co que di e que está ao servizo do gran capital transnacional. Por iso nós pedímoslles hoxe que a retiren. Se hai esa vontade de diálogo e de sentarse a traballar cos grupos parlamentarios, se é esa a vontade real...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...retiren esta lei e traballemos para facer outro proxecto.

E remato tamén —e con isto si que remato de verdade, señor presidente— cunha advertencia. Esta é unha mala lei, cun mal procedemento e que traen por aquí de forma exprés para evitar que haxa un debate social e que se coñeza o que vostedes queren facer. Pero eu tamén lle digo: hai fóra deste parlamento unha sociedade exixente, unha sociedade que se rebela, que se rebelou contra a mina de Touro, Corcoesto, O Iribio, contra o peche do paritorio de Verín e contra moitas inxustizas que vulneraron os dereitos sociais...

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e colectivos. E desa mesma forma vai haber aí unha sociedade civil que conteste cada unha das agresións que vai ter como consecuencia este proxecto de lei, se vai a adiante. E, desde logo, señor Tellado, nós tamén estaremos aí...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...do lado das necesidades deste país e contra este proxecto claramente abusivo e ditatorial.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica. Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Hai que ver que pouco lle durou ao nacionalismo a careta da moderación da que tanto intentaba presumir a señora Ana Pontón durante a campaña electoral e nas primeiras semanas desta lexislatura. *(Aplausos.)* Pero rascas un pouquiño e ao final aparece o nacionalismo decimonónico de sempre, *(Murmurios.)* en contra de todo, a favor de nada, axudando nunca. Esa é a liña argumental do nacionalismo decimonónico que hoxe representa a señora Ana Pontón.

Vou comezar agradecendo o ton da intervención da voceira do Partido Socialista, aínda que non coincidamos en moitas das cuestións que dixemos pero si na necesidade dunha liña de traballo conxunto, que é a man tendida que nós mantemos para o debate desta Lei de simplificación administrativa e reactivación económica.

Señora Rodríguez Rumbo, non se nos pode criticar por lexislar e por non lexislar ao mesmo tempo; ou lexislamos moito ou non lexislamos nada. O certo é que nós lexislamos ao longo de todo este tempo con leis sucesivas, adaptadas á realidade de cada momento. Fixémolo no ano 2013 coa Lei de racionalización do sector público, fixémolo no ano 2013 coa Lei de emprendemento e de competitividade económica de Galicia e fixémolo no ano 2017 coa Lei de fomento e implantación de iniciativas empresariais; *(Murmurios.)* por certo, leis que votaron en contra maioritariamente os partidos da oposición. Polo tanto, man tendida toda, pero vostedes nunca colaboran en nada.

Críticasenos que sexa o Grupo Parlamentario Popular o que presente esta proposición de lei, como se nós non tiveramos dereito a presentar iniciativas como grupo maioritario desta cámara. *(Murmurios.)* Temos dereito non porque nolo dean os grupos da oposición senón porque nolo dan os galegos co seu voto *(Aplausos.)* e nolo recoñece o Estatuto de autonomía e o Regulamento desta cámara, póñanse como se poñan. Esa é a realidade, non lles temos que pedir permiso para traer unha proposición de lei; e se lles gusta, ben, e se non lles gusta, tamén.



O BNG quita a careta. As formas amables da señora Pontón desapareceron. É normal, o BNG xa pode quitar a careta, tomoulles o pelo o Partido Socialista de Pedro Sánchez. O BNG de Ana Pontón non necesita manter ningunha farsa, porque o Partido Socialista riuse de vostedes con ese pacto de Ana e Adriana que é papel mollado. (*Murmurios.*) Vostedes non defenden Galicia, vostedes o único que defenden é o interese dos seus grupos municipais alí onde perderon as eleccións e apoiando o Partido Socialista conseguen algunha concellería. Iso é o único que lle preocupa ao Bloque Nacionalista Galego da señora Ana Pontón, esa é a realidade. Nin esas formas amables que ás veces amosa son capaces de agachar a radicalidade do Bloque Nacionalista Galego (*Murmurios.*) con ese discurso do espolio, da depredación, do colonialismo, que ao final non son máis que tapadeiras para agochar ese nacionalismo obs-trucionista de sempre, que os galegos teñen rexeitado unha e outra vez durante corenta anos. (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Miren, podemos contar con vostedes ou non contar con vostedes. O que temos claro é que nós temos un compromiso cos galegos, que o 12 de xullo falaram alto e claro e pediron un goberno único e un goberno unido para facer fronte a unha pandemia. ¿Pregúntanse cal é o motivo da urxencia desta lei? É unha pandemia, unha pandemia sanitaria, económica e social á que vostedes amosan absoluta insensibilidade, a vostedes dálles igual todo. (*Murmurios.*) A súa escenificación forma parte da folla de ruta dun partido que a pesar da pandemia vai seguir facendo oposición. ¿Sabe que ocorre? Que na rúa a xente nos pide unidade, decisión e determinación. E nós podemos contar con vostedes ou sen vostedes, pero temos claro a onde queremos ir, que é saír desta crise económica e desta crise social. Podemos facelo máis rápido se vostedes nos acompañan. Xa nos di a señora Pontón coa cabeza que non, que non están dispostos a apoiar o Goberno en nada. ¿E sabe o que ocorre? Que se non están dispostos a apoiar agora, ¿cando van apoiar o Goberno de Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A vostedes Galicia impórtalles moi pouco. A nosa prioridade é seguir traballando na simplificación administrativa e na reactivación económica de Galicia para saír máis fortes, pero máis fortes de verdade, non como fai propaganda o Goberno de España.

Eu entendo o malestar do partido do Bloque Nacionalista Galego porque se senten enganados polo Goberno de España. ¿Sabe o que ocorre? Que vostedes son cómplices dese goberno que castiga a Galicia e esa etiqueta non a van poder quitar de enriba nin por outros corenta anos que vostedes pasen na oposición. (*Aplausos.*)

Nós imos seguir traballando pola reactivación económica de Galicia e para que o Goberno e as institucións galegas apoiem todas as actividades económicas xeradoras de emprego e de benestar. Vostedes sigan nas súas liortas, dándose codazos, o señor Caballero coa señora Pontón, a señora Pontón co señor Caballero. (*Murmurios.*) Nós imos seguir traballando por Galicia. Se queren traballar por Galicia, suban ao carro e traballen nesta proposición de lei, que con vostedes ou sen vostedes iniciará a súa tramitación parlamentaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.



Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Comezamos votando, de xeito conxunto, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da Comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de pesca continental de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de pesca continental de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas ao Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

Votamos, de xeito conxunto, as emendas. Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da comisión. Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de ordenación do territorio de Galicia.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de simplificación administrativa e do apoio á reactivación económica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos cunha alteración da orde do día. Agora imos debater dúas mocións, tal e como xa foi comentado aos grupos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Quería, por se non lles quedou claro na intervención de Noa Presas —que supoño que si—, deixarlles claro ao Partido Popular e ao señor Tellado que o BNG de Ana Pontón lles vai plantar cara ao espolio e á depredación deste país e aos proxectos e ás leis que veñen teledirixidas desde Madrid. (*Aplausos.*) Ademais, ese foi o papel historicamente do nacionalismo: defender os intereses do país. E o nacionalismo galego iso pagouno no 1936. Non por unha guerra civil, como dixo onte o presidente do Parlamento, por un golpe militar que asasinou, que masacróu o mellor deste país. (*Aplausos.*) Ese era o nacionalismo, ese é o nacionalismo onde nos miramos nós e que reivindicamos e que representamos aquí.

Antes de entrar en materia do tema de hoxe —o saneamento e a rexeneración das rías— queremos tamén aproveitar esta tribuna para denunciar os recortes impostos á frota pesqueira galega a semana pasada e, o que é peor, o discurso de resignación e de submisión da Xunta na voz da súa conselleira de Pesca, do Mar —á que lle desexamos, por certo, unha pronta recuperación—. ¡Como é posíbel que a máxima representante do Goberno galego mostre esa resignación, esa submisión, e diga que o que hai que facer son recortes de mariñeiros, cupos de mariñeiros! (*Aplausos.*) Vostedes o que teñen que facer é plantarse, de-



fender os intereses deste país, o mar deste país, non poñerse de xeonllos, como fixo a conselleira de Pesca.

Con respecto ao saneamento e á rexeneración das rías, a principal conclusión á que chegamos ao analizar este tema é o fracaso das políticas que levaron a cabo ao longo destas últimas décadas. E, se non estivese claro, acábano recoñecendo vostedes neste documento, que non sei se se lle pode chamar estudo, informe ou aproximación —como lle chaman vostedes— e que nos mandaron á Comisión de Reactivación, e que llo mandaron vostedes supostamente ao Goberno do Estado e tamén á Unión Europea para o próximo período de financiamento.

Ben, a verdade é que podemos dicir que, coas cifras que poñen aquí, coas cantidades que poñen aquí, coa definición que poñen aquí dos proxectos, é un documento cutre. Pero veñen recoñecer o fracaso das políticas do cemento, do fibrocemento, do PVC, das infraestruturas; de construír por construír sen ningún tipo de racionalidade, sen ningún tipo de planificación e sen ningún tipo de análise das necesidades do territorio. Simplemente é que había cartos, había subvencións, había financiamento e había que poñer tubos, pero non se fixo unha verdadeira planificación. E acaban recoñecendo aquí todas as deficiencias, as ineficiencias, as carencias que teñen as nosas redes de saneamento e tamén as nosas EDAR, as EDAR —sexan de xestión municipal ou sexan de xestión autonómica— que foron construídas con proxectos impulsados e promovidos pola Xunta de Galiza, e, polo tanto, a necesidade de revisar completamente a concepción da xestión da auga neste país.

En primeiro lugar, hai que poñer en cuestión todo o feito, revisar criticamente todo o que se fixo. En segundo lugar, hai que contar co papel fundamental da investigación, do coñecemento e da ciencia. En terceiro lugar, hai que cambiar de raíz a relación co medio, co ecosistema, coas rías, cos ríos, cos humidaís, coas marismas...; en fin, con todos eses elementos que son fundamentais para a vida. Hai, polo tanto, que poñer freo aos aterros nas rías, como está pasando aínda na ría de Vigo con proxectos que hai que parar desde o porto de Vigo; por exemplo, en Bouzas e noutras zonas da ría de Vigo.

Hai que devolver tamén os terreos de dominio público ao público. Hai que recuperar dunha vez por todas as marismas de Lourizán e botar a Ence fóra da ría de Pontevedra. (*Aplausos.*) Hai que poñer fin a esta ocupación franquista, legalizada e prorrogada —por certo— polo Partido Popular do señor Raxoi —ou Rajoy— en 2016.

E hai que deixar de entender o mar e as rías como vertedoiros nos que se pode botar de todo: recheos de todo tipo, plásticos, tamén as lamas das dragaxes. Hai que poñerlle fin tamén definitivamente a ese vertedoiro preto da illa de Sálvora, que ten que deixar de ser o depósito do lixo, dos residuos, das lamas das dragaxes de todas as rías e de todos os portos. Porque son elementos tóxicos que hai que tratar en terra. En definitiva, hai que avaliar, hai que revisar, hai que corrixir, hai que redefinir todo o que ten que ver coa relación humana, urbana, urbanística, industrial e tamén institucional de todas as institucións con estes ecosistemas.

E, miren, no pasado pleno fixémoslles preguntas e hoxe toca facer propostas. E a primeira proposta —na que insistimos e que nos parece fundamental— é que temos que ter todas as competencias relacionadas co mar e a costa. E por iso na nosa moción propoñemos que Ga-



liza teña capacidade de decisión sobre todos estes aspectos: sobre as concas hidrográficas —non ten sentido que só xestionemos as concas hidrográficas da costa—; sobre a investigación oceanográfica —que é fundamental para coñecer a realidade—; sobre os portos de interese xeral; e sobre as costas e a ordenación do litoral. E temos que facelo desde aquí, non desde un despacho de Madrid onde nunca viron un trasmallo, nunca viron unha nasa. Non saben o que é iso. ¿Como van poder decidir e gobernar sobre esas cuestións?

Pero, claro, para iso vostedes teñen que romper con todas as sinerxías, con todas as dependencias, con todas as submisións a Madrid que levaron a que non reivindicasen unha soa competencia cando o puxeron no seu programa en 2009 en todas estas materias e en moitas máis. Teñen que asumir dunha vez que vostedes son o Goberno galego, non son unha xestoría. Non son unha terminal ao servizo dos grandes poderes económicos madrileños que os manexan, sexa desde Génova ou sexa desde a Moncloa, segundo toque.

En segundo lugar, a segunda proposta é a necesidade dun enfoque integral —non parcial— na xestión das rías e dos ríos. Non se pode facer unha cousa desde Infraestruturas, outra desde Medio Ambiente —ás veces a contraria— e outra desde o ámbito do mar. Ten que haber unha xestión integral contando co papel do coñecemento e da investigación dos centros científicos, e tamén coa colaboración e a participación de todas as administracións, e que teña en conta todas as funcións —como lles dixemos— que cumpren as rías e os ríos.

A terceira proposta ten que ver coas infraestruturas. E o primeiro que hai que facer aquí é unha profunda revisión de todo o feito. Vostedes din que investiron máis de 1.100 millóns de euros nas rías. Pois, se o fixeron, moitas cousas fixéronas mal. E aí están os feitos, a realidade, a contaminación, a cantidade de vertidos que hai, a cantidade de contaminación que hai en todas as rías galegas. E hai, polo tanto, que facer unha auditoría sobre todos os investimentos, tamén sobre as EDAR. Hai que facer, en definitiva, unha auditoría e unha investigación sobre o Plan hidrolóxico Galicia-Costa e unha proposta consensuada do próximo plan. Hai que explicar, por exemplo, ao que foron os máis de 500 millóns que vostedes recadaron en concepto de canon da auga. Porque, ademais, recibiron grandes cantidades de fondos europeos. E a realidade é a que é, veñen recoñecela vostedes neste informe. Acaban recoñecendo que hai unha auténtica desfeita.

Propoñemos tamén un estudo, unha análise e unha investigación sobre os encoros, e un protocolo sobre algo tan fundamental como o desaugamento de encoros, porque está demostrado que a baixa da salinidade —por exemplo nos bancos do Ulla— causa unha grande mortalidade no marisco.

E, en fin, propoñemos tamén a reversión das concesións, pero actuando como un goberno que defende os intereses do país e dos ríos, non como acaba de facer Augas de Galiza co río Verdugo, coa Presa do Inferno, que deixaron pasar os trámites para favorecer os intereses de Naturgy. Deixaron pasar o prazo e iso impediu a reversión e a caducidade da concesión. Miren, está claro —máis claro que a auga— para quen gobernan vostedes. Se isto non é prevaricación, a verdade é que pasou rozando o poste. (*Aplausos.*) ¡Pasou rozando o poste!



E remato xa volvendo ao comezo. Temos que cambiar radicalmente o modelo. O modelo ten que partir da participación de toda a sociedade e das institucións. Ten que tamén basearse na corresponsabilidade de todos os axentes, de todos os sectores, das persoas e das institucións. E ten que basearse na planificación, no estudo, no coñecemento, que o teñen que facer todas esas entidades científicas tan avanzadas, de grande nivel, que temos no país, e tamén para facer un plan de actuación integral de saneamento, de rexeneración e para mellorar a capacidade ecolóxica e produtiva das nosas rías.

En definitiva, acordos, un grande acordo, un gran pacto de país, unha grande aposta do país en defensa do noso mar, da nosa costa, dos nosos ríos, dos nosos ecosistemas fluviais, das nosas marismas, dos nosos humidaís. Vainos moito nisto, vainos a vida e o futuro en facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Xa pasou bastante auga baixo as pontes desde que en febreiro de 2013 varios eurodeputados e eurodeputadas visitaban Galicia para controlar a depuración das rías galegas. Concluían que varias zonas das nosas rías estaban en grave perigo se non se adoptaban medidas. E seguen a estalo, sinaladamente as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo, Noia ou Ferrol. E a finais de 2014 a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España —e, polo tanto, a Galicia— ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea porque non existía garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas por falla dun sistema axeitado de tratamento e porque existía risco para a saúde pública.

Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, globalmente unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento dada a falla de tratamento de residuos —entre outros lugares, en varios puntos de Galicia—. A ninguén lle escapa que este desastre ten algo que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa moi mala xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais.

O Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento esas sancións, non por capricho nin porque exista ningún tipo de conxura do Goberno central contra Galicia —como algúns defenderían, tomándolle o pelo á cidadanía—, senón simplemente porque é a obriga do Estado dentro das súas competencias. Ante esta situación, o Goberno do Estado está ultimando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto de 10.000 millóns de euros nos vindeiros anos. Dous terzos desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e un terzo ao Estado e aos concellos. Está agora mesmo en período de consultas e informa-



ción pública; polo tanto, é inminente a súa saída adiante. É dicir, diferentemente dos gobernos de Rajoy —que puideron facelo e non o fixeron—, o actual goberno progresista está collendo este touro ben forte pola súa cornamenta.

E a situación en Galicia é certamente preocupante, dado que vinte anos despois da aprobación da Directiva marco da auga —e centos e centos de millóns de fondos europeos despois— a situación de contaminación das rías e ríos de Galicia é preocupante, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola Unión Europea.

Señorías, as rías de Galicia son un ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade, fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente mermada pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licenzas de pesca se reduciron aproximadamente á metade na última década —como comentabamos hai un rato—. Eu mesmo pregunteille na Comisión 2ª á Xunta de Galicia se vai implantar o Goberno galego un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024. Non tivemos resposta. Tamén lle preguntamos como ten pensado reducir a Xunta os niveis de contaminación existentes nas rías e ríos de Galicia e tam pouco tivemos resposta.

E Galicia recibiu inxentes cantidades de fondos europeos, ¡inxentes!, para afrontar o saneamento das súas augas nas últimas décadas. A Directiva marco da auga está vixente dende o ano 2000. ¡Pasaron vinte anos! Resulta inaceptable, inadmisible e inasumible que o país que fai bandeira da súa riqueza marisqueira, piscícola e acuícola permita que a contaminación non vaia a menos senón que, polo contrario, en moitos casos vaia a máis. É absolutamente definitorio do seu xeito de actuar que, no que depende de vostedes —como é a loita contra a contaminación— quede tanto por facer e digan que todo vai ben, mentres se dedican a montar polémicas completamente ficticias e impostadas e a enganar o sector do mar á conta do artigo 18 da Lei de cambo climático.

Señorías, a situación das nosas augas é mala e non tende a mellorar substancial ou significativamente. A modo de exemplo, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos na costa galega, un 21,5 % máis que hai un lustro, cando foron 1.296. Dos detectados, 253 excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no contorno, pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo, con 60, 45 e 30 puntos respectivamente con carga microbiolóxica ou química tóxica; así como Ferrol, con 29 focos; Ares-Betanzos, con 19; e Pontevedra, con 18.

Soamente para darnos unha idea do que estamos falando, vaíamos á praia do Testal, en Noia —onde gobernan vostedes—. Non é apta para o baño pero si é apta, segundo vostedes, para o marisqueo, a pesar de que a moi escasa distancia, na mesma ría, as augas residuais de Noia —que ten unha depuradora que non funciona— se verten directamente case sen depurar á ría, ¡directamente á ría, a cachón! Dean vostedes unha volta por alí, se o estiman adecuado, e cheiren o aroma da falla de compromiso con Galicia do Partido Popular. Cheiren



vostedes en Noia o aroma da distancia abismal entre a Galicia da propaganda oficial e a Galicia real da cidadanía.

E o problema da contaminación non é unicamente un problema medioambiental, senón un problema económico e social. Na ría da Coruña chegaron a mariscar case 2.000 persoas. Hoxe non hai marisqueo practicamente. Na de Noia, por citar outro exemplo, chegaron a mariscar 3.000 persoas —o dobre que na actualidade—. Hai menos dunha década, na ría de Ferrol mariscaban máis de 600 persoas. Hoxe a ría de Ferrol non pode manter a actividade nin de 60 persoas, que están autenticamente desesperadas.

Non fai falta dicir que, a diferenza da actividade mineira —por poñer un exemplo—, que ten data límite para a súa explotación, ou das actividades económicas como a de Alcoa, que nas súas decisións poden contemplar lamentablemente a deslocalización, a actividade marisqueira é totalmente sostible no tempo, non é deslocalizable e ademais é intensiva en man de obra, sinaladamente man de obra feminina. Dito doutra forma, a economía marisqueira é un sector absolutamente estratéxico para Galicia e todo investimento que se faga nas nosas rías é investimento altamente produtivo.

E a pesar de ter vostedes plenas competencias en materia de loita contra a contaminación, de ordenación do litoral, de medio ambiente, de pesca, de acuicultura, de marisqueo, e a pesar de recibir vostedes centos e centos de millóns de euros de fondos europeos, non son capaces de estar á altura nunha materia que debería ser absolutamente prioritaria para Galicia, nun asunto de carácter altamente estratéxico tanto desde o punto de vista económico como medioambiental e turístico.

E póñolles como exemplo a rexeneración da ría da Coruña, unha demanda de toda a comarca que leva enriba da mesa vinte anos. E a Xunta de Feijóo e o Goberno de Rajoy tiveron sete anos para impulsar o saneamento da ría e non o fixeron. Non fixeron absolutamente nada en sete anos. Vai ser un goberno socialista o que impulse ese proxecto, que xa está aprobado e dotado de 24 millóns para o 2021 e outros 24 para o 2022 en previsión. Son 48 millóns de euros, que é xustamente o custo total do proxecto.

A Xunta de Galicia non puxo nin vai poñer un céntimo de euro dos seus fondos para sanear a ría do Burgo. A totalidade dos fondos serán do Estado e europeos, ¡nin un céntimo de euro cando todas as competencias sobre a ría, como o marisqueo e a acuicultura, ordenación do litoral, medio ambiente etc., son súas, excepto a de loita contra a contaminación, que é compartida co Estado! A pesar de que as competencias son súas, a Xunta non pon un euro.

E, falando de competencias, direi, para rematar, que o PSdeG está disposto a apoiar, se se fai a votación por separado, todos e cada un dos aspectos da proposta do BNG excepto o relativo á transferencia de competencias, é dicir, o punto 1, tendo en conta que non hai un estudo que aconselle ou que avale a transferencia desas competencias. Transferir por transferir parécenos unha certa irresponsabilidade, que, por certo, non levan a cabo os estados federais máis avanzados. E poño no seu coñecemento que algunhas das competencias que reclaman están xa transferidas dende hai moitísimo —por exemplo, ordenación do litoral— no Estatuto de Galicia.



E aproveito —e finalizo— para facer extensiva a miña felicitación de Nadal a todo o resto do Grupo Parlamentario Popular, con excepción da «sección Vox», que creo que non a merece. Sinaladamente quero felicitar o señor Balseiro, que me pediu que fixese extensivas as felicitacións. Felicítooo a el moi especificamente porque, ademais, me adxudicou o título de «arreglador da Coruña», que me gusta moito. E, por certo, evidentemente, tamén fago extensiva a miña felicitación ao Grupo Socialista —como non podía ser menos— e tamén ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Felicitados todos. *(Murmurios.)* ¡Todos, todos! *(Murmurios.)* Todos felicitados, non entremos en polémica. ¡Todos felicitados! Isto é o que eu entendín. Todos, todos. Eu síntome felicitado. Todos felicitados.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Bo día, presidente.

Señorías.

A verdade é que a megalomanía do Bloque non ten límites nalgunha das súas intervencións. Xa o vimos na carta aos Reis Magos que escribiron aos seus socios do Goberno central e xa vimos tamén cales foron os resultados. Nese espírito de Nadal do que hoxe viñamos falando en todas as intervencións, o señor Bará plántase aquí e pide de todo, sen límites, sen coherencia ás veces —dende o meu punto de vista— nin responsabilidade. Pide transferencias de todo tipo, un mix do máis variado. Quedou de pedir polo número da lotería do Nadal. Se pedise, oxalá pedise polo que me vendeu vostede.

Pero, bromas á parte, a verdade é que se equivocan de novo, señor Bará. Erran de novo na porta na que chaman. As competencias de abastecemento, saneamento e depuración son municipais. E eu xa sei que o voceiro do Partido Socialista tampouco entendeu. Non sei se non o entenden ou non queren entendelo, para facer un pouco de lea. En todo caso, á parte desta cuestión, non é incompatible coa colaboración da Xunta de Galicia. E fíxese vostede que esta moción chega co goberno autonómico máis comprometido da historia na mellora da calidade das masas de auga, pese a que algún intente trasladar o contrario. Así que, grazas, señor Bará, por permitirnos darlles algún dato neste debate que coido que lle servirá a vostede para as intervencións seguintes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, leva investidos en Galicia dende o ano 2009 1.100 millóns de euros en saneamento e abastecemento —en saneamento, 350 obras en 160 concellos; en abastecemento, 300 actuacións en 186 concellos—. Leva construídas 45 novas depuradoras. Mellorouse a calidade das augas, pese a que



algúns intenten reescribir a realidade. ¡E en todas as rías se fixeron investimentos, en todas as rías se fixeron investimentos! Froito dese traballo, nestes últimos anos sabemos que o 90 % das aglomeracións urbanas cumpren coas directivas europeas.

Pero, miren, vostedes veñen aquí e veñen pedir de novo un montón de cousas que está xa a facer a Xunta de Galicia pese —repito, e é importante, señor Bará— a non ser da súa competencia. A Xunta de Galicia redacta plans de saneamento local para coñecer en profundidade as necesidades de actuación en cada concello —en materia de saneamento e tamén en abastecemento—. Voulle dar algúns datos.

Na ría de Arousa, 61 millóns de euros —na EDAR de Ribeira; depuradora de Corrubedo; depuradora do Grove e depuradora de Ribadumia—.

Ría do Burgo, 100 millóns de euros, ¡100 millóns de euros, señor voceiro do Partido Socialista! Decía que a Xunta non investiu nada no saneamento da ría do Burgo. Non, a Xunta investiu ata agora 100 millóns de euros. Os que non investiron nada ata agora foron os gobernos socialistas en Madrid, iso que lle quede claro. Na ría do Burgo foron 100 millóns de euros —na depuradora de Bens e no seu emisario, no tanque de tormentas de Santa Cruz, bombeos do Temple e da Pasaxe—.

Ría de Cee, Corcubión e Camariñas, 10 millóns de euros —EDAR de Camariñas, EDAR de Ponte do Porto, saneamento de Fisterra e Corcubión—.

Ría de Muros, 40 millóns de euros —colectores da EDAR, colectores xerais de Esteiro, de Tal, melloras en Noia e Porto do Son—.

Ría de Vigo, 130 millóns de euros —EDAR do Lagares, EDAR de Baiona, depuradora de Vilalba e Soutomaior—.

Ría de Ferrol, 122 millóns de euros —a última está a piques de se rematar este mes que entra—.

Rías altas, 44 millóns de euros —EDAR de Ribadeo, EDAR de Foz, melloras en Burela—.

Ría de Ares-Betanzos, 17 millóns de euros —saneamento en Sada; Plan director de saneamento do concello de Betanzos, mellora do saneamento e depuración de Paderne, mellora do servizo en Pontedeume e Cabanas—.

Por tanto, no que respecta á Xunta de Galicia, pese a non ter esas competencias, si que hai unha colaboración, pero unha colaboración dende sempre. E os datos están aí enriba da mesa. Os deberes están feitos, e eu creo que, pensando no futuro, incluso temos comprometida nestes mesmos orzamentos unha dotación de cinco millóns de euros para unha sociedade pública para a xestión do ciclo da auga. Esperemos que polo menos sexa compartida ou sexa apoiada por vostedes.

Eu creo que para o que queda por facer —que aínda queda por facer— deberían falar vostedes cos seus socios de goberno. Deberían falar cos seus socios de goberno ou con aqueles con-



cellos que, pese a ter competencias, non participan na xestión. Por exemplo, con algún que vostede coñece ben, como o de Pontevedra.

Falaba dos bancos marisqueiros. Mire, durante estes anos lévase investido moito en recuperar bancos marisqueiros. Recuperáronse 13,5 millóns de metros cadrados para bancos marisqueiros. Lévanse investidos máis de 9 millóns de euros en 267 proxectos executados por confrarías e entidades. O Intecmar —fundamental neste debate— este ano incrementa o seu orzamento nun 6 %, nos orzamentos da Xunta. Polo tanto, creo que aí está suficientemente contrastado.

E aproveito, porque vostede dicía que a conselleira dixo —no dos fondos— que había que reducir o número de mariñeiros. ¡Home!, eu esperaba isto de calquera. Pero eu entendía que vostede era capaz de entender a retranca das declaracións da conselleira. Se non a entendeu, eu pídolle por favor que a lea, e despois pode pedir desculpas na segunda intervención. Porque queda moi claro e —o que é máis importante— o sector ten moi claro quen defende o sector en Bruxelas. Habería que preguntarlles aos seus socios —aos seus socios, señor Bará— por que foron negociar desa maneira e que é o que fixeron. Porque son socios seus en todos os gobernos, en todos os concellos e en todas as deputacións onde poden. Polo tanto, neste tema comprenderá que non ten vostede moita credibilidade.

E tamén fala nesta moción do traspaso das competencias. Mire, a verdade é que nós temos unha maneira de traballar moi distinta á que vostedes plantexan nesta moción. Vostedes están afeitos a facer esa carta aos Reis Magos, mándanlla ao Grupo Socialista e alí o Grupo Socialista dilles que si. Sacan unha foto á súa voceira co voceiro de turno do Partido Socialista e están todos contentos e venden fume. Fan teatro, como dicía nunha intervención anterior unha voceira do Bloque Nacionalista Galego —que dicía que isto parecía un pouco de teatro—. Vostedes niso móvense ben. O que pasa é que despois a esa carta, a esas peticións e a eses compromisos non lles fan ningún caso. Non lles fai ningún caso o Partido Socialista. E vostedes ¿saben o que fan —que é o peor—? Que rin e aplauden. E o peor é que isto xa se leva producido en varias ocasións, non é a primeira vez que acontece. E, sen embargo, vostedes seguen facendo o mesmo; séguenlle dando a coartada ao Grupo Socialista. ¡Alá vostedes!

Pero, dito isto, nós queremos deixar claro, en primeiro lugar, que seguimos reclamando todas e cada unha das competencias que foron reclamadas con acordo deste Parlamento na lexislatura pasada —nesta levamos moi pouco—. Seguimos reclamando as mesmas, non damos ningún paso atrás. É máis, das que vostedes falan incluso poderíamos falar e estudar algunha delas. Pero comprenderá que desta forma, desta maneira —nunha moción sobre o saneamento da ría—, non podemos chegar a un acordo e por iso tamén lle adianto o noso voto negativo.

Eu creo que hai que reclamar moitas cousas ao Goberno en Madrid, vostedes deberían sabelo. En principio, desa carta que firmaron pódennlle reclamar a súa totalidade. Nós seguimos falando do que nos deben, do IVE que nos deben. Na lexislatura pasada vostede, que xa era deputado coma min, animaba este grupo e o Goberno a acudir á xustiza, acórdese. Seguimos reclamando un modelo de financiamento máis xusto. E tamén reclamamos infraestruturas pendentes. Onte mesmo viña o ministro de Fomento e segue dicindo a día de hoxe que o



AVE estará listo no ano 2021. Non é verdade. Ou, mellor dito, o que intentan é enganar, porque aquí non estamos falando de que remate a última pedra no ano 2021. Estamos falando de que no ano 2021 non vai circular o tren con persoas no servizo de AVE entre Madrid e Galicia. E iso sabémolo todos, incluídos os do Partido Socialista, que aplauden o ministro e seguen intentando enganar gran parte da poboación. Eles saberán.

Pero mire, señor Bará, eu creo que temos chegado neste Parlamento a acordos importantes en canto ás competencias. E eu solicítolle falar noutro formato. Non nun pleno onde se aproban os orzamentos, nun momento no que hai moitas dúbidas enriba da mesa e hai moitas cousas sen aclarar, por exemplo os fondos europeos. Vostedes non se dirixen ao Partido Socialista para preguntarlle acerca dos fondos europeos, dos criterios. É máis, vostedes e grupos municipais do Partido Socialista o que fan é presentar mocións nos concellos para dicirlle á Xunta que escoite os concellos no tema do reparto dos fondos. Pero ¿sabe que? Da repartición dos fondos non sabemos nada, porque o Partido Socialista négase unha e outra vez a facer aclaracións. E vostedes son o seu socio en todos os concellos e en tres deputacións das catro que hai en Galicia. Son os socios en todos os sitios e non lles piden explicacións a eles. Porque é verdade que dende as últimas eleccións hai un feito curioso: o BNG dedícase a pedirlle a este Grupo Parlamentario e á Xunta de Galicia o que non se atreve a pedirlle ao Grupo Socialista, que son os seus socios. Non deixa de ser curioso, pero esta é unha realidade e todo o mundo o está comprobando. Día tras día está a pasar iso.

E remato. A min gustaríame que metese vostede tamén neste debate as deputacións. Nin caso diso, non fixo ningún tipo de referencia, pese a que as deputacións —como sabe vostede— teñen como fin atender os concellos da provincia, sobre todo os que non teñen recursos. Eu da da Coruña coñezo algo, pódollo asegurar. E na Deputación da Coruña hai fondos suficientes para facer un plan de saneamento naqueles concellos con poucos recursos. Sen embargo, vostedes só queren as deputacións para chegar a estar nun sillón para ser vicepresidentes e para ter o seu pouquiño presuposto, o orzamento que lles deixen. É para o único que contan.

E antes de finalizar si me gustaría dicir —aínda que agora xa non está o voceiro do Grupo Socialista— que, se hai que facer unha dragaxe da ría da Coruña, é porque durante moitos anos —máis de cinco, de dez, de quince, de vinte— os concellos, que tiñan competencia en saneamento, foron vertendo a esa ría sen ningún tipo de pudor. Chegouse a unha situación na que a Xunta de Galicia tivo que tomar cartas no asunto e os 100 millóns de euros que se investiron nesa ría foron para evitar os puntos de vertido. Agora ben, ¿quen gobernou durante corenta anos nos concellos da contorna da ría da Coruña? O Partido Socialista. E de paso que van facer unha visita á ría de Noia, eu invito o voceiro do Partido Socialista a que vaia a Sobrado dos Monxes, onde un voceiro do Grupo Socialista se dedica a facer balsas de puríns sen ningún tipo de permiso, un voceiro do Partido Socialista, no Goberno, cun alcalde do Partido Socialista —exBNG—, que o sabe e que non pasa absolutamente nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —ex, xa dixen ex— Queda moito máis cerca da Coruña, moito máis cerca da Coruña...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUSO: ...e daría máis credibilidade para poder falar dos partidos e da atención ao medio ambiente.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Calvo, da miña parte dígalle á señora Quintana que deixe a retranca para outras ocasións, que este é un tema moi serio no que está en xogo o traballo, a vida e o futuro de miles de persoas que traballan do mar. (*Aplausos.*) Non é un asunto para facer bromas, é un asunto moi serio.

Sobre as transferencias, alégrame que me dean a oportunidade de aclararlles, voceiros do Partido Popular e do Partido Socialista, de que estamos falando. Porque aquí parece que non se enteran moito do que pasa e do que pasou. Mire, quérolle recordar simplemente que o 23 de xaneiro do ano 2019 houbo un acordo parlamentario unánime de todos os grupos no que aprobamos demandar para Galiza o máximo nivel competencial, todas as competencias que que xa acadaran outros territorios e outras comunidades. Polo tanto, eu non sei se vostedes se están voltando atrás, se están facendo un trasacordo, se están poñendo en evidencia os que estaban antes..., pero a realidade é esa: xa aprobamos iso.

E, ademais, outra cousa, señor Calvo: quen ten que reclamar as competencias non son os grupos da oposición, é o Goberno galego. É o Goberno galego quen se ten que poñer á fronte, (*Aplausos.*) quen ten que demandar a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias, quen ten que exixir esas transferencias que son fundamentais para xestionar todos eses ámbitos, como o do mar, o da costa, o da ordenación do litoral, o das concas hidrográficas ou os dos centros de investigación oceanográfica.

E vostede contradíse na frase seguinte despois da anterior. Porque vostede dixo: «Isto é competencia municipal». Recórdolle que a Lei de augas di que é unha competencia compartida, onde a Xunta tamén se puxo obrigas e competencias. Pero é que, ademais, se non é competencia ¿por que gastan 1.100 millóns de euros? Están recoñecendo que tamén é competencia, porque a Xunta ten competencias en planificación, en ordenación, en xestión, en cooperación cos concellos. E para iso recada máis de 500 millóns de euros do canon da auga. Para algo será. Terá que reinvestilos nesas actuacións.

Miren, un dos grandes problemas que temos é precisamente o que ten que ver coa planificación. Xa llo dixen antes, ese estudo —chámalle «aproximación», que creo que é unha denominación xenerosa que fan— é unha emenda á totalidade do que fixo a Xunta ao longo destes dez últimos anos. Están recoñecendo que hai un montón de deficiencias, que hai un montón de ineficiencias no sistema e nas redes. E non me veña dicir aquí vostede que fan planificación, porque ¿sabe cantos plans de saneamento local fixeron? Dúas rías, señor Calvo. ¡Dúas rías! E temos dezaioito rías. ¡Moito traballo lle queda aínda por facer ao Goberno do Partido Popular!



E o outro día anunciounos a conselleira que aínda non fixeron o Plan galego de saneamento, que sería esa visión de conxunto, global, da situación que temos, de todos eses problemas e da procura de solucións, que xa lle dixemos que non pasan só por construír máis infraestruturas, por enterrar miles de quilómetros de tuberías e tuberías. Hai que buscar outras solucións, que as hai. Saben vostedes perfectamente que as hai.

E, claro, fala vostede de datos. Voulle dar uns datos dun estudo, do único que se fixo, serio, técnico, científico, dunha universidade galega, no ano 2016 na ría de Arousa —que non o contratou a Xunta de Galiza, por certo, senón que o contrataron as confrarías e o Consello Regulador do Mexillón—. ¿Sabe o que dicía ese estudo? Que, con toda esa millonada de investimentos que fixo a Xunta de Galiza para mellorar a calidade das augas, no marisqueo a pé —a maioría emprego feminino—, se perdeu o 41 % dos postos de traballo, máis de 2.700 postos de traballo perdidos; que o berberecho case desapareceu das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo —baixou o 93 % da produción—; que hai unha prohibición en todas as rías galegas da explotación do reló por contaminación por chumbo, cando era o 20 % da produción no ano 2000; que o descenso na produción de ameixa foi do 28 % e da vieira do 57 %. Esta é a realidade dramática das rías galegas, da perda de capacidade produtiva, da perda de emprego e de postos de traballo polas políticas do Partido Popular.

E aquí nós viñemos facer unha proposta, unha alianza de todas as institucións, de todos os sectores, de todo o pobo galego en defensa do mar, da costa, das rías, unha alianza e un pacto que ten que contar tamén coa implicación, co saber facer e co coñecemento das institucións científicas e das universidades galegas. E vostedes o que nos acaban de dicir é que non, que van votar en contra, que lles parece demasiado ambicioso. Pero ¡que é isto! ¡É que non lle pedimos cousas á deputación! ¡Pero se estamos no Parlamento galego! ¡Isto non é unha deputación, isto é o Parlamento de Galiza e pedímoslle ao Goberno galego que goberne!, *(Aplausos.)* que tome decisións e que aposte de verdade, con este conxunto de actuacións integral, polas nosas rías, polos nosos ríos, polo noso mar, pola nosa costa, polo noso futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entendo que a cuestión que formulaba o señor Arangüena de separar o punto 1 da moción non llo vai aceptar. Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 6408 (11/MOC000017),

Emenda de adición

Engadir ao texto tres novos puntos, que terían os números 6º, 7º e 8º: “6º Abrir un amplo proceso de participación institucional e social para elaborar unha nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e un novo Plan Operativo acordes coas obrigas derivadas da Lei Europea do Clima e cos novos obxectivos de redución das emisións de CO₂ de como mínimo o 55% para o 2030. A elaboración e aprobación da Estratexia deberá comprometer a todos os ámbitos institucionais e deberá procurar a implicación de todos os sectores económicos e sociais. A Estratexia establecerá como obxectivo para 2030 a redución de emisións do 60% a respecto de 1990 e establecerá unha avaliación intermedia en 2025.

7º Crear un organismo independente encargado de avaliar os avances da Estratexia e o cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro.

8º Crear un comisionado fronte á emerxencia climática e a crise ambiental, co obxectivo de coordinar e impulsar as políticas da Xunta e das entidades locais así como de propiciar procesos de participación social na toma de decisión e na avaliación destas.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta moción ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Dicía na miña interpelación á conselleira hai quince días que apelaba ao seu raciocinio e ao do seu grupo de xeito case suplicante, porque o único que pode facer o Grupo Socialista en relación con esta proposta que traemos ao Parlamento é pedir, porque vostedes teñen a maioría para facer o que consideren e tanto fan o que consideran —o que lles peta, basicamente— que aprobaron vostedes unha resolución no debate do estado da Autonomía do ano pasado para declarar a emerxencia climática; unha resolución que nós considerabamos cicateira e falaz, pero unha resolución que, polo menos, recoñecía a necesidade de declarar a emerxencia climática. E resulta que descubrimos con asombro que nin sequera se aprobou esa declaración polo seu Goberno máis dun ano despois de ser acordada por este parlamento. Non son vostedes capaces nin de cumprir as resolucións impulsadas e votadas por vostedes mesmos e aprobadas por este parlamento, que representa a soberanía popular de Galicia. Ese é o seu nivel de coherencia e de compromiso: cero, cero coherencia e cero compromiso. A pesar de estar aprobada por este parlamento, vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

Señorías, estamos inmersos no sexto gran proceso de extinción masiva de especies que se ten producido na historia biolóxica do noso planeta, e que se remonta aproximadamente a 4.000 millóns de anos atrás. Cinco grandes extincións masivas en 4.000 millóns de anos e temos a mala sorte de estarmos metidos xustamente neste preciso momento da nosa historia na sexta grande extinción masiva. Os cinco episodios anteriores de extinción masiva na Terra



estiveron asociados a momentos de cambio climático, e vostedes néganse a declarar a emerxencia climática. O ano 2019 foi o máis caloroso da historia en Europa e o segundo no planeta, e os últimos cinco anos foron os máis calorosos da historia do noso planeta, pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

E por moito que a pandemia que padecemos neste momento nos pareza de enorme importancia —non cabe dúbida que a ten—, o cambio climático ou o queentamento de orixe antropoxénica é na actualidade, en toda a historia da nosa especie, sen o menor asomo de dúbida, a maior ameaza á que se enfronta a humanidade, na medida en que o clima determina directa ou indirectamente todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, de auga, etc., etc., e se retroalimenta co resto do sistema planetario, producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade inusitadas, fenómenos climatolóxicos extremos e un longo etcétera que vai afectar especialmente a España e a Galicia, como zonas costeiras e de transición climática. Pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

Hai un ano tiven a ocasión de asistir como representante do Grupo Socialista no Congreso á COP25 que se celebraba en Madrid, e alí dicía ao comezo Antón Guterres, o secretario xeral das Nacións Unidas —non un señor que pasaba por alí—, que a humanidade está destruindo conscientemente o sistema que nos serve de soporte vital. Esa destrución afecta máis os máis pobres, pero nin sequera os ricos poden escapar dos seus efectos, no suposto de que nos considerásemos incluídos nesa categoría —que non é o caso—. Catástrofes naturais cada vez máis intensas e frecuentes, perda de cultivos e diminución dos seus rendementos, guerras pola auga, migracións masivas, inestabilidade política e un longuíssimo etcétera. Pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

A parte positiva desta crise é que existen os medios para combatela e que o noso país, Galicia, está moi ben posicionado para ser vangarda nesta revolución, a diferenza do pasado. Temos excelentes e inmellorables condicións para as enerxías renovables, coñecemento e alta motivación na medida en que —como dixen e reitero— España e Galicia van ser especialmente afectadas pola crise climática. Somos o primeiro país do mundo en ter unha Estratexia de transición xusta no marco dun ambicioso Plan integrado de enerxía e clima; e temos un Ministerio de Transición Ecolóxica cun equipo de recoñecido prestixio —pese a quen pese—, que é parte dun goberno que toma moi en serio o problema, segundo é recoñecido pola Unión Europea e polas Nacións Unidas, a diferenza de vostedes, que se negan a declarar a emerxencia climática.

Hai dúas semanas o secretario xeral das Nacións Unidas, Antón Guterres, dicía que o noso planeta está quebrado, que estamos nunha guerra suicida coa natureza e que a natureza sempre contraataca e o fai cada vez con máis forza e furia. E tamén anunciaba que o seu obxectivo central no próximo ano será construír unha coalición global ao redor da necesidade de reducir as emisións a cero. Os acordos de París do ano 2016 pretendían limitar o queentamento global a menos de dous graos coa intención de seguir avanzando ata reduci-lo por debaixo de 1,5 graos. Pero eses obxectivos tenden a quedar superados pola realidade do comportamento dos países e polo avance da ciencia. E as predicións son cada vez máis som-



brías respecto da rapidez e efectos do cambio climático, ao estar a proxección actual nos tres graos adicionais, chegando a poñer en cuestión o noso futuro como especie. Pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

Non debemos perder de vista que o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou a acelerarse no século XX e que está a acelerarse moito máis no século XXI. Son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global. A Declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático, a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo; ese compromiso que vostedes se negan a aceptar, como se negan a declarar a emerxencia climática. Ducas de países e cidades están declarando a emerxencia climática; España declarou a emerxencia climática a principios deste ano; Cataluña, Castela-A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, Valencia, País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Extremadura, Navarra... están en proceso de declaración ou declararon xa, na inmensa maioría, a emerxencia climática. É dicir, a práctica totalidade das comunidades autónomas —con algunha excepción, como Castela e León, Madrid e Andalucía, nestes últimos dous casos dado o peso que ten no Goberno desas comunidades o apoio de Vox— declararon a emerxencia climática.

Galicia, a diferenza de todas estas comunidades anteriormente mencionadas, quedou adiada e non fixo ningún movemento nese sentido, salvo sacar do caixón a Estratexia contra o cambio climático do ano 2005, da que non se lembrou en quince anos —que son toda unha vida en materia de ciencia relacionada co cambio climático—, que foi retocada no ano 2019, aproveitando que nos metiamos xa en período electoral, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia; outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego, que parece crer que o cambio climático, como a pandemia, se combate a base de propaganda.

En troques, España si conta dende o ano 2019 —niso si que é pioneira, dado que foi o primeiro país do mundo en facelo— cunha Estratexia de transición xusta no marco do Plan nacional integrado de enerxía e clima. Insisto: o primeiro país non de Europa, senón do mundo, en dispoñer dun instrumento dese tipo. O Goberno de España está facendo unha aposta decidida por esa transición ecolóxica, aumentando o orzamento neste ano nada máis e nada menos que nun 132 %. Pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática.

Volvo apelar ao seu instinto de supervivencia, á súa ética e ao seu raciocinio. Dende o Grupo Socialista apelamos ao instinto de supervivencia e ao raciocinio de todos os aquí presentes, e ao amor de todos os aquí presentes polos seus descendentes, para afrontar dun xeito decidido o enorme problema do cambio climático, facendo da necesidade virtude e meténdonos con forza nunha nova economía verde, coidando dos nosos espazos naturais, recuperando os nosos bosques, rexenerando as nosas rías e ríos, poñendo todos os recursos públicos á disposición do proceso de transición ecolóxica xusta e cambiando incluso a nosa ética individual e colectiva.

O tempo de actuar non é mañá, é agora mesmo. Saian do bando dos negacionistas climáticos, despéguese de Vox, deixen o postureo medioambiental e declaren vostedes, dunha vez, a emerxencia climática.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

(*O señor Bará Torres diríxese ao señor presidente.*)

Se non me quere poñer o reloxo, non hai problema.

O señor PRESIDENTE: Cando empece a falar.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Ben, este debate sobre a emerxencia climática, que ás veces é presentada como unha especie de mantra que vai resolvelo todo, parécenos moi pertinente e moi oportuno para facer algún tipo de reflexións sobre temas que, ao mellor, quedaron desprazados do foco por esta emerxencia, por esta urxencia sanitaria da pandemia da covid, pero que son de máxima importancia, de máxima transcendencia. Se non fose por esta pandemia, neste mes de decembro habería mobilizacións masivas en todo o mundo pola crise climática, que é, á parte dunha crise máis ampla, que é a crise ambiental, unha crise que pon en risco o futuro do planeta Terra, o futuro da humanidade.

Efectivamente, estamos nunha conta atrás, nunha conta contra o reloxo, contra a catástrofe que supón a subida das temperaturas na Terra por riba de 1,5 graos neste século. Hai que ter en conta que esta é unha media estatística; é dicir, a subida será moito maior nalgunhas rexións da Terra, nalgunhas zonas con fenómenos meteorolóxicos extremos, con grandes secas, con grandes inundacións, tamén con perda das costas, das reservas de auga, e con afección a sectores económicos fundamentais, como o agrario ou o pesqueiro.

E din vostedes que somos catastrofistas. Quen son catastrofistas, o que é unha verdadeira catástrofe son as políticas do Partido Popular. Vostedes si que son catastrofistas, porque gobernan e lexislan —como acabamos de ver— ao servizo dos grandes grupos económicos, porque fan as leis e a tramitación administrativa. Vímolo cun exemplo moi concreto e moi pequeno: a presa do Inferno, o salto do Inferno, no río Verdugo; deixar pasar os prazos para favorecer os intereses de Naturgy. Pero vémolo día tras día con cantidade de tramitacións que moitas veces son postas en cuestión e botadas abaixo polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como pasou recentemente en Sasdónigas e tamén no caso do Iribio. E non pasa moitas veces máis porque non hai xente con mellor capacidade económica para poder facerlle fronte a estes recursos. Isto lévanos a unha reflexión: se vostedes fan isto coa Rede Natura, co Camiño de Santiago, con áreas de especial interese paisaxístico, ¿que farán co resto? (*Aplausos.*) ¿Que farán co resto agora que xa están facendo unha lei precisamente para que toda Galiza poida ser un único parque eólico?



E miren, unha segunda reflexión. Vostedes queren pasar polo que non son. «Aínda que a mona se vista de verde e de seda, mona se queda»; é un dito que lles vai perfectamente a vostedes, porque por moito que queiran pasar por ecoloxistas, por grandes defensores do verde, da moda da sustentabilidade, da economía circular, da transición ecolóxica..., a realidade é que vostedes o que fan vai no sentido contrario. Xa llelo dixemos moitas veces. Podemos falar da política de residuos. Apostan pola incineración e polos vertedoiros fronte ás políticas que hai que primar, que son a prevención, a reciclaxe e a compostaxe. Podemos falar da política forestal, pero apostan polos monocultivos, pola biouniformidade dos nosos montes e pola industrialización dos nosos montes. Tamén podemos falar da política en relación coa biodiversidade, que nos pon á cola do Estado, á cola de Europa en canto a espazos naturais protexidos por Rede Natura. E podemos falar da mobilidade, pero en todos estes anos apostaron pola motorización, coas consecuencias gravísimas que iso ten na calidade de vida, na calidade do ar, na vida e na saúde das persoas.

En fin, vostedes din unha cousa, ou aparentan dicir unha cousa, e fan todo o contrario. Isto chámase ecopostureo, chámase lavado en verde... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Chámase lavado en verde, señora deputada do Partido Popular. Vostedes incluso van a estes cumios do clima presumindo de que fan políticas pioneiras e avanzadas nesta materia. Mesmo chegan a facer, efectivamente, unha Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, que é un auténtico *bluff*. Igual que o plan operativo ou a Estratexia galega de economía circular. ¡É que caen das mans!

Miren, ¿saben cal é a principal partida que vostedes teñen no Plan operativo da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050? É a extinción de incendios: 250 millóns para extinguir incendios de aquí ao 2023. Esta é a verdadeira política do Partido Popular posta na súa estratexia.

Ben, teño que dicir que a maior parte das fichas dos orzamentos están en branco. (*O señor Bará Torres mostra uns documentos.*) Isto tamén é un exemplo claro da política do Partido Popular: unha política de páxina en branco. (*Aplausos.*)

Nós fixemos propostas de emenda para completar esta iniciativa, para enriquecela, para melloralas..., porque pensamos que neste momento esta Estratexia non vale, porque xa está incompleta e obsoleta. Non vale porque xa era mala de inicio, pero, aínda por riba, a Comisión Europea e o Consello acaban de aprobar unha proposta do Parlamento Europeo para incrementar os obxectivos de redución de emisións de carbono para o ano 2030: ata o 55 % do 40 % que estaba inicialmente, que era a cifra coa que esta Estratexia contaba. Polo tanto, non queda outra que incrementar o ritmo das medidas de mitigación e de adaptación para intentar cumprir ese obxectivo. Hai que facer outra estratexia, hai que facela dunha maneira participativa e cunha verdadeira participación. A participación, como vostedes a entenden, é publicar no DOG e facer unha exposición pública. Iso non é participación. Ten que haber un auténtico proceso de participación en horizontal e en vertical, pero vertical de abaixo para arriba, e non, como fan vostedes, de arriba para abaixo, dando ordes e imposicións. É fundamental que se faga iso, porque unha estratexia ten que partir da participación e de algo que é moi importante na política ambiental, que é a corresponsabilidade de todas as administracións e sectores sociais.



Tamén propoñemos un comisionado para a emerxencia climática e a crise ambiental. Parécenos que é un asunto suficientemente importante como para que nesta materia haxa unha delegación específica do Goberno. Tamén propoñemos que haxa un organismo independente de avaliación e de seguimento das políticas que se fagan para cumprir os obxectivos da Estratexia, cunha avaliación intermedia no 2025, porque o que tamén está demostrado é que moitas destas planificacións non se cumpren.

Miren, a terceira reflexión que queremos facer aquí é que non encaran con toda a seriedade e rigor estes graves problemas ambientais; non os do futuro, senón os de agora.

Voulles falar dunha cuestión que mata moito máis que a covid, que é a contaminación do ar: a contaminación por partículas finas, a contaminación por dióxido de nitróxeno. Segundo a ONU, a OMS, a Comisión Europea, a Escola de Saúde do Instituto Carlos III, morren, por esta causa, centos de miles de persoas ao ano no mundo. Segundo a OMS, hai máis de cen enfermidades asociadas á contaminación do ar: as patoloxías cardiovasculares e as enfermidades respiratorias, como a asma, a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e as infeccións respiratorias; tamén o incremento das demencias, os nacementos prematuros ou o aumento da incidencia dalgúns tipos de cancro.

Este mesmo ano publicáronse varias investigacións que tamén puxeron en relación a contaminación do ar co incremento da mortalidade por covid-19. Loxicamente, canto máis afectados estean o sistema respiratorio e os pulmóns, maior incidencia e perigo pode ter a contaminación e o contaxio pola covid. Fálase dunha media de ata o 15 % de incremento da mortalidade pola contaminación do ar en todo o mundo. Este é un asunto moi serio. Ademais, é un asunto que se pode combater con medidas eficaces desde aquí, desde Galiza, desde a nosa realidade, desde os nosos concellos e, ademais, xa se está facendo. Só se trata de mirar quen o está facendo ben e de aproveitar esa experiencia. En Galiza estase facendo ben en Pontevedra. Hai un modelo que se chama «o modelo Pontevedra»; un modelo de éxito no mundo, que conseguiu rebaixar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, a vostedes pareceralles unha broma e unha coña, pero é un modelo que salva vidas, ¡que salva vidas! *(Aplausos.)*, ¡que salva vidas por atropelos e que salva vidas!, porque a contaminación do ar se reduciu un 60 %; e non foi pola covid, senón polas políticas valentes aprobadas polo Goberno local.

Isto é posible facelo en toda Galiza. Só falta valentía, só falta coraxe e só falta tamén humildade; humildade para baixar da poltrona e reunirse co alcalde de Pontevedra para coñecer o que se está facendo alí e para estendelo por toda Galiza, facendo unha Axenda urbana galega 2030 que este país necesita.

Iso é para salvar vidas —que lles conste—, para salvar centos de vidas, miles de vidas neste país. ¡Hai que facelo xa! Non se pode esperar a 2030. ¡Hai que facelo xa! Xogámonos moito con isto.

Unha última reflexión. Fálase moito das consecuencias que a crise ambiental e o cambio climático teñen, pero fálase pouco das causas. As causas tamén están claras. Recentemente saía un estudo que dicía que os materiais fabricados pola humanidade xa pesan máis que



toda a vida que hai no planeta Terra. Isto ten que ver cun modelo, cun modelo económico, cun modelo de espolio —efectivamente—...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...cun modelo de depredación dos recursos, cun modelo depredador que se chama capitalismo, e que por moito que vista de verde, vai seguir sendo o mesmo; ademais, vai utilizar o verde unicamente como unha oportunidade de negocio.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: É para o que lles interesa o verde.

Hai que rachar con este modelo, hai que cambiar o sistema e hai que facelo...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor BARÁ TORRES: ...empezando por cuestións como as que dixen, porque se poden facer xa agora.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Póñanse a traballar. Conten con nos, porque podemos aportar moito nesta dirección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rubén Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señorías, sendo esta a miña primeira intervención en pleno neste Parlamento, quero amosar o meu profundo pesar polas 1.346 vidas das galegas e galegos que a covid-19 nos deixou neste ano tan complicado que xa chega ao seu fin. Dende aquí, o meu apoio aos amigos e familiares das vítimas, e o meu desexo pola pronta recuperación a todas as persoas que nestes intreos están a pasar a enfermidade, especialmente aos que loitan pola súa vida nas UCI dos nosos hospitais.

Tampouco quero deixar pasar a oportunidade para ter un especial recordo e trasladar o meu máis sentido pésame á familia do percebeiro de Laxe, Francisco Lema Rodríguez, *Paco de Tinolo*, quen o pasado luns 14 perdía a vida cando faenaba na Pedra do Boi, próxima ao faro de Laxe, deixando viúva e dúas nenas. Unha vez máis, o mar bravo da nosa Costa da Morte fai



honra ao seu nome e constata a dureza do traballo que as nosas xentes do mar levan a cabo. *(Aplausos.)* Dende aquí, un saúdo forte á familia.

Entrando xa en materia, señor Arangüena, non me estraña que boten tanto de menos a Vox, porque está claro que, sen Vox, vostedes non son nada. *(Risos.)*

Tamén lle quero facer un recordatorio ao señor Bará, que falaba do capitalismo encarnecido que tantas veces se nomea aquí. Se falamos de cambio climático, o maior emisor de gases de efecto invernadoiro é China, e precisamente o capitalismo non manda en China. *(Aplausos.)*

Quero comezar por dicir que Galicia se mantén entre as tres comunidades do Estado na que máis diminuíron as emisións respecto ao ano 1990, de tal maneira que se sitúa quince puntos porcentuais por debaixo do nivel do conxunto de España.

No debate do estado da Autonomía de 2019 aprobouse unha resolución na que se instaba a Xunta de Galicia a declarar a emerxencia climática, pero o Goberno galego optou pola acción, e non por facer unha mera declaración de intencións. Era máis importante actuar de xeito inmediato, e iso foi o que fixemos dende o ano 2019, tomar medidas.

As declaracións de emerxencia climática iniciáronse no verán de 2019 como declaracións simbólicas, ás que se sumaron organizacións ecoloxistas e un bo número de colectivos, entre eles universidades e outras organizacións xuvenís, como a liderada pola moza activista sueca Greta Thunberg. Posteriormente, a idea foi callando e parte das institucións, que van dende o Parlamento Europeo ata os gobernos dos diferentes países e os gobernos autonómicos e locais, a foron adoptando a nivel institucional, pero modificaron os textos da declaración inicialmente proposta por esas organizacións.

En setembro do ano 2019, o Congreso dos Deputados aprobou a Declaración do estado de emerxencia climática en España; declaración que non levaba aparelada ningunha medida concreta, senón que establecía un marco no que o cambio climático se puña como unha prioridade das políticas do país dun xeito transversal. Este tipo de declaracións foron evolucionando, e así, en xaneiro de 2020, o Consello de Ministros aprobou o Acordo de declaración ante a emerxencia climática e ambiental en España, que non é o mesmo que declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, tal e como a súa moción pide.

Precisamente por esa evolución, non ten sentido volver aos inicios, que é o que vostede propón. Non é o mesmo facer unha declaración ante a emerxencia climática global que declarar a emerxencia climática en Galicia. Agora xa non toca falar de declarar a emerxencia climática, senón que toca apostar pola acción climática e traballar unidos e sen fisuras para lograr a neutralidade climática. Aínda así, xa temos declaracións de emerxencia climática en España, e se o obxectivo desta proposta é o compromiso das políticas públicas coa acción climática en Galicia, non é necesaria, xa que Galicia vén demostrando con feitos este compromiso.

Boa mostra diso é a aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía —esa que tampouco lle gusta ao señor Bará—, un documento elaborado para dirixir e guiar a ac-



ción climática de todo o Goberno galego e da sociedade no seu conxunto, co obxectivo de acadar a neutralidade climática en Galicia antes do ano 2050, en liña co acordo de París.

Tamén aprobou o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, o I Plan de desenvolvemento da Estratexia que inclúe 170 medidas que abranguen todos os departamentos da Xunta de Galicia con competencias relacionadas co cambio climático. Este plan supón un investimento de 1.250 millóns de euros. Esa é a verdadeira e eficaz acción climática e non as declaracións de intencións.

Esta Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 non lle vale ao BNG e, por iso, na súa emenda, propón facer outra. O raro sería que estivese de acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esta Estratexia foi elaborada cun amplo proceso de participación pública e define claramente o sistema de avaliación. Tanto os obxectivos da Estratexia como as liñas de actuación son válidos na actualidade e configuran unha acción climática transversal do Goberno, que inclúe políticas efectivas de mitigación, adaptación, I+D+i, dimensión social, gobernanza e sensibilización.

Para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro xa se están implantando as Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, a folla de ruta posta en marcha pola Xunta de Galicia para favorecer a eficiencia e a potenciación das enerxías renovables autóctonas. Tamén se inclúen accións cara á mobilidade sustentable con medidas como a introdución de combustibles alternativos aos combustibles fósiles ou a renovación do parque móbil.

Por certo, respecto ao parque móbil, creo que hai que lembrar, nunha iniciativa presentada hai uns días polo Grupo Popular en comisión para elaborar un plan para a renovación do parque móbil da Xunta de Galicia, as posturas dos distintos grupos da oposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O BNG non quere nin oír falar do tema. Por algo será. Non apoia a iniciativa e alega que se trata de medidas cosméticas, señor Bará. O PSOE —aquí si, en Galicia si— si apoia a renovación do parque móbil. Pero non estaría de máis que falase coa señora Ribera, xa que, por un lado, di que o diésel ten os días contados —o que provoca un desplome nas vendas, co prexuízo que este tipo de declaracións conleva ao sector— e, por outro, este ano o seu goberno aumenta exponencialmente a adquisición de vehículos diésel para o seu propio parque móbil —nada menos que un 96,2 % dos vehículos adquiridos son diésel—. (*O señor Lorenzo Gómez amosa unha gráfica desde o estrado.*) Aquí comezaron a gobernar e aquí está a gráfica: 3.117 son vehículos diésel e tan só un 2 % son híbridos eléctricos —15—; 3.117 fronte a 15. Esa é a preocupación polo cambio climático que profesa o seu partido, señor Arangüena. (*Aplausos.*) Así que, menos declaracións de intencións e máis accións.

A necesidade de aplicar medidas para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro a nivel global e de actuar para paliar os efectos do cambio climático a nivel local non son discutibles. Por iso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinou no ano 2020 un orzamento de máis de 20,5 millóns de euros para levar a cabo medidas de impulso de políticas de acción climática a nivel local, incluídas neste plan rexional integrado, como a Oficina Técnica do Pacto cos alcaldes, creada para fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía, e apoialos técnica e finan-



ceiramente no cumprimento dos obxectivos de mitigación e adaptación asumidos coa súa adhesión.

Neste ano 2020 adxudicou unha liña de axudas para os concellos adheridos ao Pacto para a elaboración dos plans locais de clima e enerxía, e por iso xa temos 177 concellos de Galicia que teñen os seus plans de acción de clima e enerxía sostible aprobados. Iso son accións, señor Arangüena.

No ámbito da adaptación referíronse tres obxectivos estratéxicos e trece liñas de actuación nas que se desenvolven sesenta medidas concretas no horizonte 2019–2023. No ámbito da I+D+i, a estratexia define dous obxectivos estratéxicos e cinco liñas de actuación que se desenvolven a través de vinte e tres medidas concretas no horizonte 2019–2023, tal e como se recolle no primeiro Plan rexional integrado de enerxía e clima, cun orzamento total para este período de máis de 45 millóns de euros.

Para rematar, quería mencionar que o Goberno galego tamén está implicado no Pacto verde europeo, ao que vostedes tamén fan alusión na súa moción. O Pacto verde europeo é a folla de ruta para alcanzar a neutralidade climática e dotar a Unión Europea dunha economía sostible. O Goberno galego vén traballando neste mesmo obxectivo e participando na discusión dos documentos que configuran o plan de acción do Pacto verde, como a Lei europea do clima, o Plan de acción para a economía circular e a Estratexia da biodiversidade.

En conclusión, estamos no momento de tomar decisións e de actuar. Xa non toca facer declaracións. Non podemos seguir facendo deste tema do cambio climático un uso e un abuso demagóxico de bos e malos. Queda moito por facer, pero Galicia xa está na vangarda da acción climática. Este grupo non quere declarar sen aportar solucións. Este grupo quere un plan de traballo cunha estratexia clara, coa que xa conta Galicia con esa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e cun obxectivo claro en liña co acordo de París: acadar a neutralidade climática en Galicia antes do ano 2050.

Pola miña parte, nada máis. Moi boas festas a todos, tamén a vostede, señor Arangüena.

Moitas grazas. Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lorenzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Lorenzo, dixo vostede que sen Vox —por certo, grazas pola felicitación, que é recíproca— non somos nada. Eu creo, máis ben, que quen non son nada sen Vox son vostedes, como demostra o feito de que en Madrid o PP ten 89 deputados e Vox ten 52 —un 36,8 % da forza conxunta que antes tiña o conxunto da dereita—. *(Murmurios.)* Por certo, se fixé-



semos a translación desa porcentaxe ao Parlamento de Galicia, habería 15 deputados, que serían a «sección Vox» do Partido Popular de Galicia. (*Fortes murmurios.*) Conste que eu non estou disposto a afirmar que esa porcentaxe teña que trasladarse mimeticamente a este grupo, pero si é certo que hai unha certa cantidade de deputados que amosan formas e maneiras moi afíns ás da ultradereita. Por certo, esa sección Vox non está, en absoluto, imbuída de espírito navideño, cousa que lles recomendo que se revisen. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Imos ao tema.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Están un pouco axitados hoxe. Non sei se polo espírito navideño ou por outra cousa.

Por certo, señor Lorenzo, andaba eu decidindo se vostede estaría ou non na sección Vox. Creo que vostede aínda non fixo méritos —e espero que siga sen facelos— para ingresar na sección Vox do Partido Popular. (*Murmurios.*)

¿Como é posible, señoras e señores do Partido Popular, que con escusas de mal pagador digan vostedes que non van facer o que neste Parlamento vostedes mesmos impulsaron e acordaron hai algo máis dun ano? É dicir, ¿cal é a súa escusa? É que non ten ningún tipo de lóxica nin de amparo nin de fundamento, así se vistan vostedes de lagarteranas. Néganse a declarar a emerxencia climática porque son vostedes negacionistas —como Vox, por certo—, porque participan daquilo que o curmán de Rajoy dicía: que o cambio climático non era para tanto. Pero aínda que vostedes o descoñezan, as perspectivas meten medo —meten bastante medo—, en especial a probabilidade de que se desencadeen os chamados «bucles de realimentación», que poderían acelerar o cambio climático máis aínda. En xeral, como xa dixen, as perspectivas relativas á evolución do cambio climático tenden a empeorar co paso do tempo, e co avance da ciencia aplicable...

(*Proseguen os murmurios.*)

Señores deputados e deputadas do PP, entendo que a Navidade chega, pero, ¡por favor!, non monten tanto balbordo. (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*)

Señor Puy, ¡como está vostede hoxe! (*Protestas.*) (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor, silencio!

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Dígoo con cariño. E, por certo, aínda non o felicitei e aproveito para facelo (*Risos e aplausos.*) (*Murmurios.*)

Para Galicia, singularmente vulnerable ao cambio climático, as súas consecuencias poden ser máis graves que noutros países, con graves repercusións sobre a agricultura, os incendios forestais, as migracións e un longo etcétera, e así afectar toda a nosa sociedade. Pero vostedes néganse a declarar a emerxencia climática. ¿Saben vostedes cal é o orzamento especificamente dedicado ao cambio climático no seu proxecto de orzamentos —aprobado xa, por certo—? ¡Oito millóns de euros! ¡Oito millóns de euros para afrontar o maior problema



da nosa especie! O maior problema para nós e tamén para os nosos fillos vale oito millóns de euros para vostede. Iso si, posturo medioambiental e ecobranqueo, ¡todo o do mundo! Sobran razóns para a declaración da emerxencia climática. O aumento das temperaturas, a perda de terreo cultivable, a desertización, a suba do nivel do mar, o récord de concentración do CO₂, a acidificación do océano, os fenómenos meteorolóxicos extremos, as migracións masivas e a inestabilidade que supón todo o anterior aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción contra o cambio climático, que, dende logo, e como fixeron tantos e tantos países e o resto das comunidades autónomas que están nunha liña política racional e moderada neste país, pasa por declarar a emerxencia climática, esa que vostedes se negan a declarar e aínda non sabemos por que —despois de todas as súas explicacións hoxe aquí e o outro día na Comisión 2ª deste Parlamento—. Deixen o ecoposturo e declaren a emerxencia climática.

Anuncio que imos aceptar as emendas do Bloque Nacionalista Galego.

Outra vez os felicito por este Nadal e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

¿Aceptou as emendas? *(Afirmación do señor Arangüena.)*

Entón, suspendemos a sesión ata as catro e cuarto.

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Para formular a moción, ten a palabra a señora Presas.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 6424).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a renunciar aos cambios legislativos no sector eólico incluídos na Proposición de lei do G.P. Popular, de simplificación administrativa e do apoio á reac-



tivación económica de Galicia, negociando un novo modelo eólico integral coa participación de todos os sectores implicados, que poñan solución aos múltiples problemas de transparencia, participación, asesoramento e garantías medioambientais, xerados polas consecutivas regulacións do Partido Popular dende o ano 2010, que estuden as seguintes propostas:

- 1) Creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental, para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento de actividade eólica no seu territorio.
- 2) Establecer no canon eólico e no Fondo de Compensación Ambiental, que o canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico, utilizando a recadación íntegra para actuar sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos ditos parques.
- 3) Establecer un modelo de “contrato tipo” para favorecer a transparencia e garantías dos propietarios rurais.
- 4) Crear unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico.
- 5) Reforzar as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques eólicos ou a repotenciación dos existentes, con especial atención á protección do territorio pertencente á Rede Natura e as súas futuras expansións, impedindo, en todo caso, o fraccionamento de proxectos de parques eólicos que se está a producir na nosa comunidade en vulneración da lexislación vixente.
- 6) Endurecer os mecanismos para a declaración de utilidade pública dos proxectos eólicos, que favoreza na busca de acordos e o equilibrio das negociacións entre promotores e propietarios.)

(A señora Presas Bergantiños coloca unha camiseta no estrado.)

Non a vexo desde aquí. É que quero vela.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada inconstitucional, non se preocupe, señor Santalices, non se preocupe. (Risos.)

O señor PRESIDENTE: Paréceme ben.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Todo dentro da lei, señor Santalices. Non se preocupe.

Ben, boa tarde a todos.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Se non é ofensiva, non; se non é ofensiva, eu creo que... (O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.) Eu creo que me refería a que sempre mirei se isto era ofensivo ou non era ofensivo. Eu vin algún debate aquí que se tivo. Agora non recordo se estivo na Xunta de Portavoces. Se na Xunta de Portavoces hai isto e o temos, si que entón... (O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.) Si, pode ser, iso é o que eu agora



estou tratando de rebobinar. Se é así, ímolo consultar. Vouno consultar. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, pero ben. Se é así, vouno consultar. Agora non está aquí o letrado. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Pode ser, pode ser. Eu agora tamén recordo que houbo algo, pero se efectivamente... *(Aplausos.)* Hai acordo. Si, perfecto. Si, si, pode ser que o acordo sexa así.

Perdón, estame dicindo ademais a señora Prado, que estivo na Xunta de Portavoces... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Perfecto, pois nada. É así, desculpe señor Puy, ten razón nesta cousa, a min ás veces... Como houbo outro debate no que houbo algún que si que se permitiu aquí, pois ao mellor... Pero se se acordou na Xunta de Portavoces, iso é sagrado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois nada, se non se pode, non se pode. Perfecto. Adiante, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, despois deste aproveitado lapsus de tempo sobre un debate transcendental e fundamental que ía afectar a vida dos galegos e das galegas, pois imos proseguir despois xa da demora tamén de reiniciar o Parlamento esta sesión.

Hai quince días desde o BNG interpelabamos a Xunta de Galiza apelando a un cambio de rumbo no sector eólico. Apelabamos a un cambio de rumbo porque alertabamos de que neste novo boom eólico que vive Galiza, que non obedece a unha planificación e ordenación que poña en interese o centro público as garantías ambientais e o retorno económico e social para o noso país, hai moitos elementos que traer a debate e que corrixir.

Porque, a día de hoxe, este novo boom está obedecendo máis ben a unha lei da selva, que está deixando non só oportunidades perdidas para un modelo enerxético ao servizo da economía e da sociedade, senón desfeitas medioambientais gravísimas, sen posibilidade de retorno.

Primeiro, paralizaron o sector dez anos e agora vivimos aquilo de que é peor o remedio que a enfermidade, porque están a patrocinar un pelotazo eólico cun modelo alleo aos intereses sociais, ambientais e económicos do noso país. *(Aplausos.)*

Quería poñer dous exemplos desta realidade. Un é que, vendo as cifras ata o 2018, non se instalaram nin 300 megavatios no noso país, e só no último ano instaláronse máis de 400 — insisto en que máis que na década anterior— e dezanove parques máis, un número maior aos instalados en dez anos, e iso non serve. Por iso traemos esta camiseta hoxe aquí, que quizais era mellor que preocupara a desaparición da forma de comer para máis de cincocentas familias, que onde poñemos ou non poñemos un anaco de tela, pero a cuestión é que Siemens–Gamesa simboliza o que pasou no noso país nos últimos anos: desmantelouse todo o tecido empresarial autóctono que traballaba ao redor do sector eólico, e a día de hoxe nin sequera este gran novo boom que estamos a vivir serve para frear isto. Tampouco o papel da propia Xunta de Galiza, que omite as súas funcións.

Na interpelación, eu tamén puña o exemplo hai quince días dunha sentenza que á súa vez saíra quince días antes máis ou menos, ao redor do 13 de novembro, sobre Sasdónigas, e que



realmente pois quitaba a razón á Xunta de Galiza sobre unha modificación dun plan que é realmente o que dicía a sentenza: que estaba fragmentado e que esa división artificial impedía analizar o impacto sobre a natureza e o patrimonio, ese *modus operandi* que a Xunta de Galiza está permitindo tamén noutros sectores como o mineiro.

Ao señor conselleiro entroulle por un oído e saíulle por outro, pero a realidade é teimuda. Hoxe pola mañá ensinámoslles fotografías da realidade do Iribio, desa nova sentenza que saía a semana pasada, nin sete días despois da nosa interpelación, tráíolles a sentenza (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*), a ver se lles gusta máis mirar para a sentenza que as imaxes que puxemos hoxe pola mañá. Porque o certo é que deberan lela desde o Goberno galego, porque é absolutamente demoledora. Esta sentenza anula a autorización concedida por parte da Xunta a un parque eólico na serra do Iribio, que non é ademais un contorno calquera, que goza de diferentes categorías de protección, entre outras a de zona de Rede Natura.

E esta sentenza dinos frases literais que son absolutamente indiscutibles. Lerei algunha. Di: «As lesións ambientais estanse producindo constantemente. En relación con Galiza resulta evidente que tanto nos dereitos como na lei existen diferentes liñas de actuación, e de modo notable, en relación coa afectación ambiental por parte das normativas, segue existindo un gran baleiro legal en materia ambiental no que se amparan as empresas enerxéticas para levar adiante os seus proxectos.» Repito: un gran baleiro legal en materia ambiental, que hoxe pola mañá, ademais, coa lei que queren vostedes tramitar, vai ir a peor.

E tamén nos di, ademais, que «a Administración competente en enerxía tendeu a unha interpretación tremendamente produtivista.» E alerta tamén esta sentenza non só sobre esa evidencia de que renovable non significaba automaticamente sostible ou inocuo, senón que alerta tamén das repercusións que está a ter no territorio, da indefensión que están a ter os colectivos e a cidadanía e da pasividade que está a ter a Administración. Esta sentenza fai unha crítica contundente, profunda e incontestable ao actual marco lexislativo relativo ao desenvolvemento e á planificación da enerxía eólica, pero, sobre todo, tamén, a cal está sendo a actitude do Goberno, que non está protexendo os intereses da sociedade.

Da mesma forma que coas novidades que tamén avanza vostedes na Lei de ordenación do territorio, recén aprobada, vai acontecer o mesmo. Vivimos xa nesa selva da planificación eólica, e imos ir a peor. Pero nós, tal e como avanzabamos pola mañá, o BNG de Ana Pontón non vai permitir que isto aconteza sen contestación, e non imos deixar de facer esforzos por unha alternativa e porque haxa unha corrección por parte do Goberno galego. (*Aplausos.*)

Por iso, hoxe propoñemos seis cuestións que nos parece que deberían saír adiante sen ningún tipo de problema. A primeira é que necesitamos un consenso neste país. Teñen que abandonar desde o Goberno galego a estratexia da unilateralidade e teñen que substituír a actual Lei de aproveitamento eólico, no lugar de por emendas vía trapallada nesa lei que acaban de introducir no Parlamento, por un proceso de consenso que harmonice os obxectivos de desenvolvemento industrial pero tamén a necesaria custodia ambiental e tamén o necesario retorno no territorio e na sociedade. Reclamos que se faga un novo plan sectorial eólico, participativo, porque non podemos seguir baseando o plan que temos, baseando o



mapa actual nunha realidade que é a de 1997. É necesario darlle unha volta para garantir transparencia, avaliación ambiental e garantías, e tamén que se limiten os procesos expropiatorios ao mínimo.

Apostamos tamén por reforzar o persoal da Administración galega, por dotar o Inega dun papel relevante, e porque se creen medidas garantistas para as e os propietarios, como por exemplo esa demanda do Observatorio Eólico Galego de arbitrar un rexistro no que figuren todos os contratos, os prezos, e que iso permita que cada pequeno propietario poida ter información ao seu alcance á hora de negociar con estas grandes empresas.

Nese sentido, entendemos desde o BNG que a maior parte dos problemas existentes, que a maior parte da preocupación existente no territorio e das distorsións, resolveríanse se realmente houbera unha estratexia de desenvolvemento que puxera no centro os intereses colectivos e vinculara iso á estratexia eólica.

Nese sentido, insistimos na cuestión da participación pública, non só da Xunta de Galiza, tamén dos concellos galegos, tamén que se experimenten fórmulas como as comunidades enerxéticas e demais.

Queríamos introducir tamén que se acepte esa proposta do Observatorio Eólico Galego dun contrato tipo para que particulares e comunidades de montes teñan instrumentos para a negociación, que se retome esa necesidade de plans de desenvolvemento industrial e de restauración ambiental nas comarcas onde estean situados os parques, e que iso teña garantías tamén de desenvolvemento para as zonas. E unha cuestión tamén pendente, que é vincular todo isto ao tecido innovador galego.

En cuarto lugar, outra das propostas que poñemos enriba da mesa é que se corrixa as deficiencias que existen a día de hoxe nese canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza, e no Fondo de Compensación Ambiental. Temos debatido sobre isto moitas veces. O Fondo require de transparencia e de que maioritariamente vaia para os lugares máis afectados, e o canon é un absoluto disparate e inxustiza que a día de hoxe siga computándose por muíños, no lugar de por potencia, cando está habendo tantas repotenciacións. Nese sentido, eu quero recordar aquí o dato da estimación do Observatorio Eólico de que as rendas locais e rurais para propietarios de terras eólicas só pensan ao redor dun 5 % da facturación real, absolutamente multimillonaria, que teñen estas empresas; polo tanto, un retorno moi limitado que hai que corrixir.

E, en quinto lugar, pois pedimos que se incrementen as vixilancias sobre as garantías ambientais, e para iso hai que desenvolver figuras de ordenación, hai que desenvolver figuras como a ampliación da Rede Natura, e supeditar o desenvolvemento industrial ao benestar tamén ambiental, e non ir na liña contraria, como quedou demostrado hoxe pola mañá, que basicamente van poñer o plan director da Rede Natura ao servizo do que ordene a patronal eólica.

E, por último, introducimos unha cuestión que tamén nos parece que non é menor. Estamos nun momento de moitos cambios no aspecto enerxético, estamos nun momento no que ade-



mais temos no noso país comarcas que estiveron durante estes anos cunha térmica instalada que vai pechar, e o que non é de recibo é que vaia haber unha poxa de renovábeis anunciada e publicada a orde o pasado 4 de decembro por parte do Goberno central na que hai dúas grandes ausencias. Por unha banda, non se incorporan criterios que non sexan exclusivamente económicos á hora de arbitrar esas poxas, e, por outra banda, nós insistimos en que tería que haber poxas específicas de renovables para as zonas afectadas por estes peches.

Esta é unha posibilidade que non inventa o Bloque Nacionalista Galego, esta é unha posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do marco estratéxico de enerxía e clima, e, polo tanto, o lóxico será que, se Endesa deixa As Pontes co cu ao aire, polo menos haxa unhas garantías de que vai haber unha poxa específica para esta parte do territorio, de forma que non poida a mesma empresa que saquea unha parte do noso país pois obter beneficios a través desta nova poxa, e que se busque un equilibrio e que cando menos na vía do desenvolvemento eólico, que irremediamente vai afectar estas comarcas, haxa un peso específico e poida haber tamén unha participación por parte destas localidades e destas comarcas.

En resumidas contas, fronte á lei da selva que nos ofreceron hoxe pola mañá, hoxe o Bloque Nacionalista Galego presenta aquí unha alternativa para o desenvolvemento, un sector que é fundamental, pero que non é inocuo e que tamén hai que ordenar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señores do Partido Popular, dende o Partido Socialista non vimos aquí revisar o pasado nin imos participar nese conflito entre o Partido Popular e o BNG sobre cal era o modelo do sector eólico no 2009, que escoitamos o outro día, e os problemas que este tiña. Queremos falar de presente, do que está a pasar actualmente no noso país, de como podemos seguir apostando polas enerxías renovables, corrixindo as diversas problemáticas actuais que están a pagar os concellos, as comunidades rurais e propietarios, así como a defensa do noso patrimonio no natural e os nosos sectores produtivos.

Dende o Partido Socialista, despois de doce anos de goberno do Partido Popular e de observar as deficiencias que as súas regulacións introduciron no noso territorio, vimos pedirllas que fagan as correccións necesarias, que non avancen en allanar o campo para as empresas promotoras, e non incidir nuns erros que mobilizan cada día máis colectivos cidadáns, concellos e comunidades rurais do noso país.

Estamos a tempo de facer modificacións pactadas e debatidas entre todos os sectores do noso país para obter un novo modelo eólico que camiñe cara á democratización da enerxía



eólica, cun modelo que debe beneficiar, en primeiro lugar, a loita contra o cambio climático; en segundo lugar, a creación de postos de traballo; en terceiro, a defensa do noso patrimonio natural; e, por último, unha maior participación dos beneficios recollidos dos nosos recursos naturais entre concellos e as comunidades afectadas, é dicir, entre os nosos cidadáns. *(Aplausos.)* Non estamos a facer propostas bolivarianas nin estamos a paralizar o desenrolo eólico da nosa terra, simplemente plantexamos medidas para democratizar o sistema, establecer equilibrios entre propietarios e promotores eólicos e, por suposto, non poñer en risco a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio.

A xente do noso rural denuncia día tras día sentirse desamparada ante a multitude de proxectos eólicos que xorden en todo o noso territorio, sen que a Administración autonómica lles dea información sobre o que está a suceder, sen saber a onde teñen que acudir para que aqueles que supostamente elixiron maioritariamente defendan os seus intereses. Señores do Partido Popular, todas as semanas algún cidadán de todo o noso extenso territorio rural chámamos pedindo auxilio para que o seu Goberno busque fórmulas para ter un lugar onde acudir cando un promotor se achega ás súas casas para falar da instalación dun parque eólico. ¿Por que non poñen en marcha unha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental dende a Administración? ¿Cal é o problema? ¿Por que prefiren poñerse de costas aos nosos veciños e veciñas? ¿Por que non aceptan a posta en marcha de mecanismos para fomentar a transparencia, para que os propietarios teñan como modelo un contrato tipo para negociar coas empresas promotoras de parques eólicos? ¿Cal é o problema que ten o Partido Popular para non facelo? ¿Por que non aceptan establecer unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico? ¿Por que lle teñen medo á transparencia e ao apoio que necesita a nosa cidadanía? Vostedes, que locen ser os grandes defensores da propiedade privada, abandonan os concellos e as comunidades rurais, que piden auxilio dos seus gobernantes para poder negociar con aqueles que veñen beneficiarse da súa propiedade. *(Aplausos.)*

¿Por que non buscan mecanismos para equilibrar a negociación entre propietarios e promotores, endurecendo a posibilidade de levar a cabo unha declaración de utilidade pública e, por conseguinte, unha expropiación dos seus recursos sen poder negociar en pé de igualdade coas empresas promotoras de parques eólicos? ¿Tanto pesan as empresas do sector enerxético, señores do Partido Popular? ¿Tanta peaxe hai que pagar para que as súas excompañeiras no Consello da Xunta pasen ás directivas das ditas empresas?

Por outra banda, pedímoslles que corrixan o insuficiente retorno que ten o Fondo de Compensación Ambiental e o canon eólico nos concellos afectados pola instalación destes parques, que o canon eólico sexa establecido pola potencia instalada, agora que se introducen muíños de maior potencia, e coa recadación deste fondo, establecida dun xeito opaco polo seu Goberno, actúe directamente sobre melloras nos concellos e nas comunidade locais afectadas pola instalación dos parques. *(Aplausos.)* Algo que é de xustiza, señores do Partido Popular, cando o Observatorio Eólico de Galicia informa que as rendas locais para os propietarios das terras onde se instalan os eólicos só supoñen o 5 % de toda a facturación que xeran os ditos parques, é dicir, unha facturación millonaria na cal non participan case de ningún xeito.



En canto á defensa do noso patrimonio natural e ao futuro dos nosos sectores produtivos, son múltiples as denuncias que recibimos de colectivos en toda Galicia sobre como están a aparecer proxectos de parques eólicos en todo o noso territorio sen ver orde nin planificación por parte da nosa Administración autonómica, convertendo en zonas de sacrificio lugares de alto valor medioambiental e cultural, con multitude de proxectos fraccionados diante dos seus ollos, vulnerando a lexislación vixente. ¿Que me poden dicir do que está planificado en Outes, Mazaricos e Negreira? ¿Non lle parece que se está fraccionando un proxecto onde xa hai catro parques e se están a planificar catro máis coas súas liñas de evacuación? ¿Non ven o fraccionamento, señores do Partido Popular? ¿E que lles parece o que queren desenrolar en Ordes, Curtis e Mesía?, catro supostos parques que deberan de ser un só; ¿non ven tam-pouco o fraccionamento?

Señores do Partido Popular, a realidade é que o 50 % da súa potencia instalada está en zonas de Rede Natura e comezan a aparecer sentenzas xudiciais daqueles que, desamparados pola Xunta de Galicia, se atreven a defender o seu territorio cos seus recursos. Como no caso do Iribio ou en Sasdónigas, en Mondoñedo, onde comezan a aflorar os erros dun plan eólico que non defende o noso territorio, o noso patrimonio e os nosos cidadáns.

Xa non vou falar da absoluta incapacidade para facer política industrial, nunha competencia que lles atribúe o Estatuto da autonomía e á que vostedes renuncian. Onte o presidente do Parlamento celebraba o aniversario do referendo sobre o Estatuto de autonomía, e ¿que me-llor forma de celebrar ese aniversario exercendo as competencias que lle atribúe unha es-forzada conquista da Autonomía (*Aplausos.*), como a definía o mestre e amigo Ceferino Díaz?

Pero detrás das súas renuncias Galicia sofre unha perda preocupante da actividade industrial, e son incapaces de atraer novos investimentos e ancorar os existentes. ¿Onde queda a Con-sellería de Industria, agora rebautizada como Vicepresidencia económica? Na extinción de Emesa, abandonada pola Xunta de Galicia e o Igape. ¿Onde están as políticas industriais para intentar salvar dunha deslocalización a fábrica de Gamesa Siemens cara a Portugal? Nada, señores do Partido Popular, ¡non hai absolutamente nada!, só esconderse detrás do que fan ou deixan de facer outros ante unha falla absoluta de proxecto para os sectores produtivos do noso país, algo que xa non se lle escapa a ninguén e que tamén se reproduce nos sectores agrogandeiros.

¿Por que esta metodoloxía establecida polo Partido Popular? Falen coas explotacións situadas nos contornos rurais de alto contido agrogandeiro antes exposto: Mazaricos, Ordes, Mesía... ¿Falaron con algunha empresa de referencia nacional situada no concello de Mesía, señores do Partido Popular?, cun enorme esforzo para desenrolar unha actividade extensiva e eco-lóxica e que ven como a súa actividade está en risco pola instalación de muíños de 200 me-tros nas portas da súa explotación, sen que ninguén da Xunta de Galicia lles abra as portas ante a súa preocupación? Nada de nada, señores do Partido Popular.

Agora é o momento, despois de que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto De-mográfico aprobara a primeira resolución de convocatoria de poxas de enerxías renovables co novo marco retributivo nun proceso normativo que ofrece un marco estable para atraer o investimento e fomentar a actividade económica en toda a cadea de valor das enerxías re-



novables do país, permitindo que os consumidores se beneficien de maneira directa das reducións de custos de xeración destas tecnoloxías co obxectivo de optimizar a integración das renovables no sistema e maximizar o aforro para a factura eléctrica.

A poxa establece que o prezo percibido polas instalacións se obterá a partir do prezo do resultado da poxa corrixido con certa exposición ao mercado. A resolución establece a porcentaxe de axuste do mercado nun 25 % para as tecnoloxías con capacidade de xestión do seu nivel de produción e nun 5 % para as que non dispoñan da devandita capacidade. A resolución establece a obrigatoriedade de que os participantes na poxa presenten un plan estratéxico con estimacións de impacto sobre o emprego local e as oportunidades para a cadea de valor industrial local, rexional e nacional, así como, no ámbito da economía circular, as medidas contempladas en relación co tratamento dos equipos ao final da súa vida útil e a análise da pegada de carbono durante o ciclo de vida útil das instalacións.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista dicímoslle que si á enerxía eólica, pero pedímoslle ao Partido Popular que escoite os nosos cidadáns e democratice o sistema, dándolle participación, transparencia e protección medioambiental á nosa cidadanía e tamén ao noso territorio. *(Aplausos.)*

Nesa liña vai a emenda que presentamos, que non significa unha revolución, simplemente democratizar un sistema no que todos temos que saír beneficiados e no que o Partido Popular ten moito que dicir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Vaia por diante dende este Grupo Popular o apoio a todos os traballadores da planta de Siemens Gamesa, que están sufrindo unha importante redución na súa carga de traballo e se ven abocados ao peche; e vaia por diante o apoio, por suposto, do Grupo Popular.

E, entrando en materia, a verdade é que, claro, aí son un pouco seleccionadores: escollen o que a vostedes lles gusta do sector enerxético. Entón, o que non podemos é obviar o pasado, vir aquí falar do sector enerxético e obviar que algúns gobernaron aquí en Galicia e gobernaron tamén en Madrid. Entón, eu teño que poñer en antecedente tamén. O que non pode ser é como di o señor Seco: non imos falar do pasado; non, hai que poñer en contextualización, porque houbo un parón da enerxía renovable neste país, *(Murmurios.)* porque o que fixeron vostedes neste país foi isto. Miren, *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.)* isto



é unha gráfica —que eu xa a teño ensinado aquí en varias ocasións—, o déficit de tarifa, 30.000 millóns de euros que estamos a pagar por unha implantación inadecuada das enerxías renovables neste país dende o 2004. (*Aplausos.*) Ese é o problema.

E o problema ¿cal é? Non, o problema non é que non rematou aquí, é que vostedes levan gobernando dous anos e o que ocorría é que empezou a baixar o déficit de tarifa, incluso chegou o Goberno de Rajoy a crear un superávit —co complicado que era iso— e agora pois mesmo o anuláron xa, cargáronse ese superávit, e agora, claro, vailles subir a luz a todos os contribuíntes e entón din: «*el Gobierno baja la luz un 13 %*»; ¡ah!, pero esconden que vai subir os carburantes, señorías. Miren, os tramposos son vostedes. Aquí o que non pode ser é intentar falar de cidadanía, de participación, do público, e intentar enganarnos. Unha baixada da luz, que veremos o que vai ser, e meternos unha subida do diésel, señorías, que ao final nin PNV, ao final emperráronse e subirán o diésel. E iso é o que lles quedará dese goberno de Madrid tan fabuloso.

Miren, tamén temos que falar do pasado galego, claro, porque gobernou o Bipartito aquí. E se falamos de sentenzas, vostedes son os campións das sentenzas, pero en anulación dos seus concursos. Miren, o seu concurso realizouse con corenta meses de atraso, aprobárono a escasas semanas das eleccións autonómicas, dividiu en dous o Goberno, o seu Goberno, o señor Touriño e o conselleiro de Industria, do Bloque Nacionalista Galego, que estivo a piques de cesar. Ese era o seu Goberno. E non só se levantaron da mesa de negociación os representantes do Goberno, mesmo os funcionarios, porque o concurso eólico que plantexaban era totalmente ilegal. E varias sentenzas anuláron o seu concurso. Entón, non están vostedes para falar de sentenzas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non llas vou enumerar aquí porque teño dez minutos escasos, é a pena, pero xa teremos tempo de falar delas tamén. (*Murmurios.*)

Pero, mire, á parte de ser un auténtico fracaso, o que facían vostedes co concurso é que nós participásemos, ben, o Goberno da Xunta participase coa participación pública neses concursos. Co cal, co apalancamento do sector, o que estaríamos hoxe é sen un euro nas arcas públicas polo seu fracasado concurso, señorías. ¡Esa é! Entón, si que temos que falar do pasado. Serían incalculables as perdas económicas, nada que ver coas sentenzas que poidan derivar dalgún dos nosos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, que sempre ocorren problemas e hai sentenzas... ¡Si, señorías! (*Murmurios.*) Nós, por outra banda, aceptamos o Estado de dereito e cumprimos as sentenzas, non coma vostedes ou coma outros grupos cos que vostedes queren aliarse doutros lugares de España. (*Murmurios.*) Non falemos aquí de quen non cumpre o Estado de dereito.

Miren, tamén obvian a quen lle deron vostedes o concurso eólico. ¿A quen lle adxudicaron megavattios? Pois vóullelo dicir eu, señorías: Gas Natural, Fenosa, Naturgy —como din aquí, que non saben como se chama; esa ¿que é?, unha microempresa, ¿non?, non é a empresa do oligopolio—, Acciona, ENEL, Energías de Portugal, Gamesa ou FCC. Esas ¿que son?, ¿pequenas empresas?, ¿son empresas familiares?

Miren, demagogia pura. Cando gobernan, fan unha cousa, e cando están na oposición, pois din o que lles peta. Esa é a diferenza. Non, señorías, (*Aplausos.*) non. Miren, polo contrario,



o Goberno actual impulsou un novo concurso eólico baseado no rigor, na concorrência e, por suposto, no cumprimento da lei. (*Murmurios.*) Si, señorías, un concurso eólico que permitiu a través dos plans industriais asociados xerar máis de mil millóns de euros de investimento en Galicia e crear máis de dous mil empregos. Galicia está claro que aposta de forma contundente polas enerxías renovables, en concreto pola enerxía eólica, por xogar un papel destacado na creación de riqueza e de emprego. E por iso, si, aprobouse na pasada lexislatura a Lei de implantación empresarial, para ofrecer unha regulación máis áxil e unha maior transparencia e seguridade, e nesta imos aprobar a Lei de reactivación, que non modifica, nin grava, nin fai ningunha...; non se perde ningún tipo de garantía medioambiental, só se reducen prazos. Pero a vostedes... Redúcense prazos, señorías. É que non poden vir aquí, como dixeron... ¡É que non sei que lei leron vostedes! É que eu non sei se leron outra lei, pero esta non menoscaba ningún tipo de garantía nin medioambiental nin territorial. É máis, copiáronnos a lei, señorías, porque a de implantación empresarial, despois de que se aprobou aquí, neste Parlamento, foi copiada por Aragón, Comunidade Valenciana... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Somos pioneiros!

Miren, señorías, temos un exceso de burocracia e dino os indicadores, o indicador Doing Bussines. Xa sei que lles dá igual, pero é que España está no ránking de burocracia neses indicadores, moi por enriba de Portugal —outro país que vostedes poñen de exemplo aquí constantemente—. Entón, eu o que non entendo é cal é o seu modelo eólico.

Despois falan aquí de que todo o mundo está en contra. E, miren, a maioría de propietarios chega a un acordo cos promotores. Estamos de acordo en que se pode mellorar, pero a maioría dos propietarios chegan... Pregúntenlles vostedes aos seus alcaldes, a algún alcalde da miña zona, da miña provincia, (*Murmurios.*) si, que non está gobernado... É dos poucos que gobernan vostedes... Colla o teléfono, señora Presas, e pregúntelle que opina dalgunha posible implantación de parques eólicos. Ten poucos a quen chamar da miña provincia, porque gobernan en poucos sitios, pero faga unhas chamadiñas e xa verá o que lle din.

Miren, critican o canon eólico. A verdade é que é increíble porque vostedes —o Grupo Socialista votou en contra naquel momento— se opoñen ata a que se cree un canon, a que se cree un imposto medioambiental que grave o medio ambiente, que só hai tres comunidades que o teñen. ¡É que se opoñen ao máis increíble!, despois de recadar máis de 200 millóns de euros e de financiar máis de 2.000 proxectos, e tamén lles parece mal.

En canto á recadación, ás empresas do oligopolio das que vostedes falan, pois falen tamén cos seus alcaldes, por exemplo co de Muras, e vexan se está de acordo ou non co que recada por IBI no seu concello. Entón, claro... Iso non lles parece ben, pero bueno...

En canto á sentenza do Oribio, insisto, señora Presas, nós imos aceptar a sentenza, pero vostede non leu a sentenza enteira, porque non leu o voto particular que estaba de acordo coa... (*A señora Presas Bergantiños fai acenos desde o seu escano.*) Claro, pero a sentenza estase estudando e posiblemente se presentará un recurso; xa veremos o que deciden os letrados. Pero non todo o mundo se opón ao parque do Oribio, porque aquí hai un alcalde, o de Samos. (*A señora Nóvoa Iglesias mostra unha noticia de prensa.*) ¿sóalle, señor Seco? Este non é do PP. ¿E que quere? ¿Quere o parque? Pregúntelle. ¿Chamouno? ¿Non quere o parque? (*O señor Seco*



García nega coa cabeza desde o seu escano.) Pois eu creo que se manifesta aquí a favor do parque. (Aplausos.)

Miren, un pouco de rigor. A verdade é que eu pensei que o BNG, nesta onceava lexislatura, ía cambiar un pouco a súa postura en canto ás enerxías renovables. Estou sorprendida porque segue no mesmo, no pasado; seguen ancorados no pasado. Aínda non trouxeron a tarifa galega, pero, ben, volverá, seguramente, a esta Cámara.

A realidade, señora Presas, é que Galicia é unha potencia eólica e que somos a terceira comunidade con máis potencia eólica instalada, a segunda en xeración de enerxía eólica, e contamos con 180 parques eólicos instalados, cunha potencia de case 3.800 megavatios, e, cos proxectos instalados, a finais deste ano 2020, chegarán ata os 4.000; proxectos eólicos procedentes —insisto— das últimas subastas do Goberno Rajoy. Estamos á espera de que convoquen esas poxas de enerxías renovables. A ver se é verdade, porque levamos dous anos sen ningunha, o que vai provocar, de seguro, un parón na enerxía eólica. Si, xa o anunciaron, xa sei que o anunciaron —estou ao día das noticias—, pero imos ver cando as convocan finalmente. *(Murmurios.)*

Galicia en 2019 xerou unha inxente cantidade de enerxía renovable. Noutras ocasións comparamos co País Vasco. A verdade é que non queremos ser coma eles, porque eles non teñen nin a quinta parte da enerxía renovable que temos nós en Galicia. Hoxe vese que non lle interesou sacalo. Pero, señora Presas, a enerxía eólica si que xera emprego e riqueza en Galicia, xera máis de 7.000 empregos e achégase ao 1 % do PIB. Esa é a realidade, a realidade que hai, e vostede non a pode obviar. E o que non pode ocorrer é que nun momento en que se necesitan máis proxectos, máis traballo, vostedes empecen a sacar a camiseta, a axitar, o espolio de sempre, a sacar a pancarta, os Din A3 coas fotos do espolio... Pero, señores, é que están no pasado. *(A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía desde o escano.)* Insisto, díxeno, están no pasado, señorías.

Miren, as esquerdas de Galicia e de España provocaron o maior buraco da historia no sistema enerxético español. E se seguen gobernando durante máis tempo no Goberno do Estado, é posible que sigan co mesmo sistema, engordando o déficit.

O que teñen que facer dunha vez, señor Seco, pola enerxía eólica, é convocar as poxas da enerxía renovable...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Así que queda claro, obviamente, por todo o exposto, que non imos aprobar a súa iniciativa. A min o que si me gustaría é que, se fan propostas, as fagan cun pouco máis de rigor e, a verdade, non sempre co mesmo mantra: non á empresa privada á que vostedes lle adxudicaron megavatios cando gobernaban.

Nada máis pola miña parte. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Para rigor, o seu, señora Nóvoa, que eu creo que non debeu nin ler a moción, porque, se lese a moción, vería que a orde das poxas de renovables do Estado da que nós pedimos unha corrección —que é o último punto da moción— saíu o 5 de decembro. ¡É que ese é o rigor! A orde está publicada e as condicións están publicadas. Ese é o seu rigor, señora Nóvoa.

Por certo, tampouco dixó qué lle parecía que as comarcas afectadas pola transición enerxética do noso país deban ter unha poxa específica baixo os seus intereses. Vexo que, claro, dependendo do día da semana, válelle ou non lle vale algo de cara ao Estado.

Mire, varias cuestións. Sobre os teléfonos dos alcaldes, igual ten que chamar vostede a algún alcalde tráfuga que puxeron vostedes cos seus votos para que deixe de cobrar salarios do erario público en Viana do Bolo (*Aplausos.*) e tamén a algún outro dentro da corporación de Castrelo de Miño, despois desa sentenza pola cal non poden mellorar. Entón, igual ten que chamar a eses alcaldes postos cos votos do Partido Popular.

E, mire, hai cuestións gravísimas: Muras e o canon eólico. Claro, é que Muras ten un modelo revolucionario polo cal o que fai é conseguir que iso volva para a veciñanza, que paguen menos de factura e que non haxa pobreza enerxética en Muras. O problema é que o que están facendo en Muras non se pode facer en todos os lados, señora Nóvoa, (*Aplausos.*) esa é a cuestión.

E tamén está o alcalde de Muras do lado da veciñanza, á que lle queren impoñer repotenciacións sen garantías, e non queren negociar con eles. Está traballando de noite e de día para que teñan asesoramento para negociar boas condicións. ¡Claro que si! ¡Claro que si! E claro que moitos propietarios chegan a acordos, porque é mellor un mal acordo que unha boa expropiación, señora Nóvoa, sábeo vostede perfectamente. Pero iso non quere dicir que o modelo funcione. (*Aplausos.*)

Efectivamente, eu concordo co señor Seco en que é mellor non falar do pasado e falar do presente e do futuro. O problema é que vostedes logo veñen aquí cunhas falsidades e cunhas cuestións que hai que rebater. (*Murmurios.*) Porque mire, efectivamente, no concurso do Bipartito, houbo grandes empresas do oligopolio que obtiveron megavatios. ¿Pero sabe cal era a cuestión? Que se facilitaba que pequenas empresas que non pertencen a ese oligopolio tamén os obtiveran, señora Nóvoa. Así se vai cambiando o modelo económico pouco a pouco.

A cuestión, en definitiva é: xa que vostede mencionou o señor Fernando Blanco, ¿sabe vostede onde está Fernando Blanco hoxe?, ¿onde está o exconselleiro do Bloque Nacionalista Galego? Non está en Greenalia, non está en Naturgy..., está na súa casa. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Está na súa casa, señora Nóvoa. Por iso lle estamos orgullosas de falar do noso pasado,



claro que si. ¡Claro que estamos orgullosas de falar do noso pasado e do que intentamos facer! (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Home!, señora Prado, pois o señor Anxo Quintana tamén está na súa casa, non está dirixindo unha eléctrica. (*Aplausos.*) Si, si, e xa lle digo que nesta bancada estaría ben que lavaran a boca cun pouco de xel hidroalcohólico antes de falar do vicepresidente da Xunta Anxo Quintana. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Claro que si; si, si!

Esta organización defende o mesmo modelo de desenvolvemento eólico, e a próxima vez que lle teñamos que dicir a alguén que os muíños de vento do noso país teñen que estar ao servizo do pobo e non das grandes empresas ímolo volver facer, non se preocupe, estea tranquila, xa sexa o señor Quintana, xa sexa a señora Pontón ou xa sexa outra persoa; vano volver facer. (*Aplausos.*)

Mire, esgótaseme o tempo, só quero dicir un par de cuestións.

Eu agradezo o ton do voceiro socialista. Non imos aceptar esa emenda porque non engade nada novo respecto da nosa, agás eliminar o punto que fai referencia ao Goberno central. Eu creo que estaría ben que este Parlamento lle pedise ao Goberno central unha poxa específica de renovables para as comarcas en transición —é unha mágoa que non estea o señor Conde; se non, tamén llo proporíamos—, pero, en todo caso, agradecemos o ton e entendemos que hai un camiño posible de diálogo aí.

Quería facer unha última mención, se paran de [rumiar] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) por parte desta bancada... (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Presas, imos retirar esa palabra. [«*Rumiar*»] non é propio do ser humano.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Rosmar, rosmar...

O señor PRESIDENTE: Non é propio do ser humano [*rumiar*]. Ímola retirar. Retírase esa expresión.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Rosmar, pero non siga correndo o tempo, que quería acabar a frase. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Ben, xa sabe que eu no tempo... Rosmar é outra historia.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A min o que me parece gravísimo é que veña vostede facer a defensa dun voto particular dunha sentenza, a facer esa defensa. É que á Xunta de Galiza lle importa un pito o Iribio, lle importa un pito o dano que xa está feito, porque este é o problema destas sentenzas que están vindo agora contra a Xunta de Galiza: que o dano está feito, señora Nóvoa. E é moi grave que veña vostede aquí a medio anunciar que o Goberno galego vai recorrer a sentenza do Iribio e a desexar que aquí se poida seguir adiante con ese proxecto, porque iso dá idea de que non aprenden nada. Veu dicir practicamente que dá igual o que pagou tamén



este erario público en sentenzas pola anulación sectoria do concurso do Bipartito, polo que está acontecendo agora no medio ambiente. Desde logo, é un moi mal precedente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sobre o futuro que temos que construír para este país e un mal precedente...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque, despois dunha década de parón —que o seu si que foi parón— ...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...o que imos vivir agora mesmo, desde logo non está acorde coas necesidades deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Eu non sei se toquei tres veces? ¿Toquei tres veces, ou non?

Non sei se avisei tres veces. ¿Non? ¿Dúas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero falta alguén? Vou dar outro toque por... Desculpen, jeh! Non sei agora, está un pouco... Ás veces pásaseme. É que, claro, isto é moi complicado, entre tal e non sei que, e agora recordar... *(Murmurios.)* Olvideime, non sei se foron dúas ou tres veces as que toquei. Iso pasa... *(Aplausos.)*

Eu creo que xa podemos votar, creo que si.

Imos votar. *(Murmurios.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Pablo Arangüena.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día. Neste caso, tamén con outra alteración, que foi comunicada.

Comparecencia da Sra. conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade.



A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, comparezo, efectivamente, nesta Cámara e por petición propia para informar, por unha banda, sobre as liñas estratéxicas da Consellería de Emprego e de Igualdade, pero tamén para dar conta da evolución da emerxencia sanitaria e económica da covid-19 no ámbito de competencias desta consellería.

Esta consellería é unha consellería de nova creación, e é unha consellería que amosa o compromiso do Goberno galego cos dous ámbitos aos que fai referencia o seu nome: co emprego e coa igualdade. Nun primeiro caso, porque lle damos protagonismo a unha área que cobra vital importancia de cara á recuperación económica e social da comunidade nos próximos anos, e, no segundo caso, porque ascendemos a consellería unha secretaría xeral, a de Igualdade, precisamente lanzando unha mensaxe moi clara; a mensaxe de que impulsaremos a igualdade, pero a igualdade laboral e a corresponsabilidade para conseguir non soamente a recuperación económica e social de Galicia, senón tamén porque pensamos que a igualdade no mercado laboral, que a igualdade na formación e que a igualdade na educación son a base fundamental para loitar contra a violencia de xénero.

Como ben saben, atopámonos nun momento histórico, nun momento cunha crise global sen precedentes e de gran impacto no noso tecido social, no noso tecido empresarial e no noso tecido laboral e industrial da que aínda descoñecemos, por desgraza, a data concreta do seu fin, a súa saída e as dimensións e repercusións reais que vai ter.

Tendo en conta todo isto, o departamento de Emprego e de Igualdade da Xunta de Galicia ten previsto desenvolver —e xa vén desenvolvendo— actuacións orientadas, por unha banda, á protección e ao fomento do emprego na nosa comunidade, pero tamén que garantan o principio de igualdade.

Vou estruturar, polo tanto, a comparecencia en dous puntos: o primeiro relativo ás liñas de actuación que tivo a Consellería en relación coa crise da covid ata o momento, e un segundo xa en relación coas liñas estratéxicas para o vindeiro ano 2021.

Dende o punto de vista das medidas articuladas, neste caso no ámbito da igualdade para a covid ou para a protección das vítimas de violencia de xénero contra a covid no ano 2021, en concreto temos articulado dous tipos de medias: por unha banda, as relativas aos servizos prestados ás vítimas de violencia e, por outro lado, ao que fai referencia aos apoios económicos.

Respecto dos servizos, o Consello da Xunta de Galicia no 20 de marzo aprobou xa un plan de reforzo de atención ás vítimas de violencia de xénero; un plan con 17 medias básicas que pretendían, por un lado, manter con toda a súa intensidade os servizos existentes para as vítimas, pero tamén reforzar e crear outros novos que considerabamos necesarios. Polo tanto, mantivemos operativos en todo caso, e adaptándoos, no seu caso, os servizos de atención telefónica, de atención e asesoramento xurídico, neste caso *on line*; os servizos de apoio



psicolóxico, que mantivemos en atención presencial, pero tamén a través de sesións telemáticas e de seguimentos telefónicos; mantivemos os servizos de carácter administrativo tamén *on line*, de xeito que todas as axudas económicas puideron ser tramitadas na sede electrónica da Xunta; e mantivemos o punto de coordinación das ordes de protección. E o Centro de Recuperación Integral para Mulleres mantivo un contacto permanente con todas as usuarias.

Como lles dicía, implementamos tamén novos servizos para as usuarias. Deste xeito, os centros de acollida foron implementados ou aumentados, prevendo un posible aumento de demanda, con recursos alternativos como albergues, hostais e pensións. Neste sentido, tamén cabe destacar o labor que levaron a cabo os CIM, os centros de información ás mulleres —os 82 CIM que prestan os seus servizos en colaboración entre os municipios e a comunidade autónoma que os financia en parte—, que, lonxe de pechar as súas portas, aumentaron o seu horario das 20.00 ás 21.00 horas, garantindo, polo tanto, atención presencial continua.

Contamos coa colaboración da Federación Galega de Taxi para garantir o servizo do traslado das vítimas a estes centros de acollida, e ampliamos o Bono de alugueiro social ás vítimas de violencia de xénero, asumindo o cen por cento do alugueiro.

Como lles dicía, os apoios non foron soamente respecto dos servizos, senón tamén respecto das axudas económicas ás vítimas. Así, durante estes meses do ano contamos xa con 639 beneficiarias de pagos mensuais de axudas periódicas ás vítimas de violencia de xénero e con 341 beneficiarias de axudas anuais de pago único para as vítimas de violencia con especiais dificultades de emprego. E tamén concedemos indemnizacións por insolvencia do agresor, neste caso a once beneficiarias no que vai de ano.

Neste ano 2020 continuamos con dúas axudas económicas postas en marcha no ano 2019 e que son pioneiras no Estado español. A primeira é a axuda para os fillos e as fillas menores de 30 anos vítimas mortais de violencia de xénero —dous beneficiarios no que vai de ano e ata o momento—, e a segunda son as axudas ou indemnizacións económicas para mulleres que resultaron gravemente feridas e que requiriron hospitalización —tres beneficiarias—. Todo isto foi acompañado dunha ampla campaña de difusión institucional, lembrando ás mulleres os teléfonos de información e as axudas, apoios e recursos á súa disposición.

Como comentaba antes, o impacto da crise afectou moi significativamente tamén o tecido laboral galego. E, neste contexto, ten tamén moitísima importancia o traballo desenvolvido dende a Consellería de Emprego na súa condición de autoridade laboral dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais. Esta dirección xeral foi quen de tramitar, no prazo de menos de cinco días dende a entrada en vigor, 4.000 ERTE na segunda vaga e posibilitou da mesma forma e coa mesa axilidade e celeridade a desafección das empresas e dos correspondentes traballadores afectados a estes expedientes para a volta á actividade.

Gustárame aquí aproveitar para falar non soamente respecto desta dirección xeral, senón respecto de todos os empregados da Consellería e facer un agradecemento público a todos eles, porque sen o traballo de cada un deles na tramitación destes expedientes e de todos os



que vou dar conta agora mesmo sería imposible que se tivesen levado a cabo as actuacións e as actividades e que tivesen saído adiante todos os programas dos que vou falar aquí.

Voltando á Dirección Xeral de Relacións Laborais, foi tamén capaz de manter un criterio unívoco na resolución destes expedientes dos ERTE en toda a comunidade autónoma. Isto conseguiu a través de continuas interpretacións e notas informativas sobre como terían que tramitarse os ERTE a medida que foron aprobándose as distintas normas estatais que os regulaban. Deste xeito, mantivemos o continuo contacto cos colexios profesionais de avogados, de xestores, cos colexios de graduados sociais, para garantir unha adecuada tramitación e, como digo, unha tramitación única e coherente nas catro xefaturas territoriais da Consellería.

O Issga, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, realizou tamén un labor fundamental durante a pandemia, durante a covid-19, neste caso na prevención e na seguridade e saúde laboral.

O Issga, como saben, ten dúas funcións fundamentais: a primeira é acompañar as empresas na elaboración de plans de prevención e de seguridade e saúde laboral, pero ten tamén a función de axudalas nas consultas que fan ao instituto con criterios da máxima tecnicidade e cun alto grao de especialización; isto tanto no ámbito público como no ámbito privado.

Neste contexto, nunha primeira fase da pandemia, atendeu case 800 consultas técnicas, foi capaz de elaborar 76 documentos entre guías e recomendacións preventivas e deu asesoramento e asistencia técnica ao cen por cento das demandas realizadas desde distintos sectores, e son de destacar a automoción, a construción, o naval e o ámbito ou sector forestal. Púxose tamén á disposición de todas as consellerías da Xunta, elaborando protocolos de actuación específicos en materia de reincorporación laboral. O Issga converteuse, pola habilitación do Real decreto lei 21/2020, en autoridade habilitada no marco da prevención e hixiene, e neste sentido doce persoas —persoal técnico do Issga— realizaron 28 actuacións con base nesta habilitación basicamente garantindo a posta á disposición dos equipos de protección para os traballadores, vixiando as medidas de ventilación, as desinfeccións e a efectiva reorganización dos tempos e dos espazos laborais para a volta ao traballo.

O labor do Issga é constante e vaise adaptando ás distintas evolucións; vai revisando e vai tamén actualizando os seus documentos segundo os escenarios que van derivando da evolución da pandemia. E así, nesta segunda ola, foi capaz de aprobar, de elaborar e de difundir para os autónomos e para as microempresas un folleto e unha guía chamado *Chaves para a prevención da covid-19 na túa empresa* para dar resposta ás principais dúbidas das empresas ante un posible contaxio nun centro de traballo.

Levou a cabo tamén o asesoramento técnico para a elaboración de informes sobre as máscaras hixiénicas; emitiu un informe para a Valedora do Pobo sobre medidas preventivas para protexer a saúde das persoas traballadoras dos servizos de axuda no fogar durante a pandemia; levou a cabo o asesoramento técnico ao Colexio de Xornalistas de Galicia para minimizar o risco de contaxio dos profesionais da comunicación; e levou a cabo tamén formación fronte á covid-19 para a comunidade educativa a petición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



Por último, hai que resaltar a creación neste último trimestre do ano dunha unidade de referencia da covid-19 no seo do Issga para prestar —agora xa no 2021— un apoio constante na contorna laboral e que contará con 30.000 euros de orzamento.

Tamén puxemos en marcha medidas de adaptación no ámbito da formación e da colocación, fundamentalmente vinculadas á flexibilización e á adaptación dos cursos, de xeito tal que se facilitou que pasasen de presenciais a impartirse a través de teleformación ou de aulas virtuais.

Dende o 15 de marzo toda a formación impartida polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia se realizou en modalidades a distancia, e aínda coa pandemia fomos quen de sacar adiante 19 accións formativas e 390 alumnos, e agora mesmo aínda hai 48 alumnos en tres accións formativas. Reforzamos tamén a limpeza tanto das oficinas de emprego como dos centros de formación, investindo máis de 2 millóns de euros.

Pero neste contexto era necesario tamén apoiar economicamente as nosas pequenas empresas, os nosos autónomos, e por iso foi clave o labor da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, que liderou e puxo en marcha o plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e para microempresas.

Podo dicirlles xa que este plan conta agora mesmo con 39.600 solicitudes. Xa foron pagados 12,7 millóns de euros, e pagaránse nos próximos días 10 millóns de euros correspondentes a expedientes xa tramitados na Consellería que se atopan na Consellería de Facenda para o seu pago. Isto implica que, en menos dun mes, seremos capaces de pagar o 41 % das solicitudes recibidas.

Esta é, como lles dicía, a primeira parte da intervención, a que se refire ás actuacións que se levaron a cabo de maneira inmediata para reaccionar contra a crise da pandemia, e paso, entón, agora a referirme á segunda parte da intervención, a que fai referencia ás liñas estratéxicas da Consellería para o próximo ano.

Estas liñas das que lles vou falar enmárcanse no compromiso da Xunta coa sociedade galega no seu conxunto, pero tendo en conta as peculiaridades tamén existentes na nosa sociedade; unha sociedade que abrangue todos os galegos e todas as galegas, que abrangue, polo tanto, todos os homes e as mulleres, porque todos eles son imprescindibles para o desenvolvemento sustentable da nosa comunidade autónoma para conseguir unha sociedade igualitaria, unha sociedade equitativa, na que cremos que o noso departamento terá ou xogará un papel clave.

Para iso contamos cun orzamento que é o segundo que máis se incrementa nos orzamentos da Xunta do 2021; é un orzamento que duplica a subida xeral media dos orzamentos da Xunta de Galicia; é un orzamento de 355 millóns e que medra un 33 % respecto do do ano 2020.

Comezo de novo co ámbito da igualdade. No ámbito da igualdade, imos continuar deseñando e desempeñando todas as actuacións de loita contra a violencia de xénero, imos continuar tamén con todas as medidas de promoción da igualdade, pero imos continuar tamén coas medidas relativas á promoción da igualdade laboral.



Na loita contra a violencia de xénero e no tratamento integral das súas vítimas, por un lado, manteremos todas as liñas de colaboración existentes cos distintos axentes implicados. Manteremos, polo tanto, a colaboración, tanto cos concellos como coas entidades de iniciativa social, para poder seguir dando e prestando recursos de acollida e os servizos de atención. Manteremos tamén os convenios existentes no día de hoxe que prestan servizos a determinados colectivos máis específicos de mulleres, como mulleres con discapacidade, mulleres inmigrantes ou mulleres da comunidade xitana.

Por outra banda, continuaremos coas axudas directas ás persoas afectadas, ás vítimas, e farémolo mantendo as axudas directas de pago único ás vítimas de violencia de xénero desempregadas, duplicando neste sentido o seu orzamento. Pasa de 600.000 a 1.200.000 euros.

Blindamos tamén as indemnizacións económicas que se dan ás vítimas nos casos de insolvencia do agresor, e consolidamos un forte impulso dos últimos anos en relación coas axudas económicas periódicas que lles damos ás vítimas de violencia de xénero. Saben vostedes que somos a única comunidade autónoma que ten implementadas estas axudas. Partimos dun orzamento de 4 millóns de euros, e con créditos, en todo caso, ampliables.

No ámbito da violencia de xénero, na execución do Pacto de violencia de xénero, imos seguir apostando pola transversalización dos fondos. Cremos que non soamente dende a Consellería de Emprego e Igualdade podemos loitar contra a violencia de xénero, senón que todas as institucións e os restantes departamentos da Xunta de Galicia poden tamén facer, e moito, na loita contra a violencia.

Por iso manteremos o Bono de alugueiro social en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; manteremos o cen por cento dos gastos de alugueiro das vítimas de violencia; manteremos tamén a colaboración coa Consellería de Política Social para o apoio e a atención a menores vítimas de violencia sexual; e manteremos os convenios que temos coas tres universidades galegas.

Pero xunto con todos estes recursos que xa tiñamos dispoñibles e que, como digo, temos que manter no seguinte ano, no 2021, e co incremento dalgún nalgúns casos, tamén imos poñer en marcha dúas medidas de nova creación: por unha banda, imos dar asistencia xurídica gratuíta ás vítimas de violencia sexual, e ímolos facer coa colaboración da Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Primeira e cos colexios de avogados de Galicia, destinando medio millón de euros a esta asistencia xurídica gratuíta. E, por outra banda, imos presentar ou imos implantar un novo recurso de acollida, neste caso un recurso especializado para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adiccións. Este proxecto será un proxecto que se leve a cabo co Proxecto Home-Galicia.

Como lles dicía, tan importantes son as medidas de loita contra a violencia de xénero como aquelas que están encamiñadas á súa prevención a través da promoción da igualdade e que están dirixidas a toda a comunidade. Por iso, continuamos apostando por medidas de promoción da igualdade, que desenvolvemos coas subvencións e as axudas que lles damos aos concellos para actuacións tanto de promoción directa como de sensibilización. Por iso, imos manter todos e cada un dos centros de información á muller, 82 centros de información ás



mulleres, que satisfán a máis de 180 concellos en toda Galicia, e tamén por iso imos manter a colaboración con todas as entidades sen ánimo de lucro que axudan as mulleres que máis o necesitan, as mulleres máis vulnerables.

Pero imos continuar tamén, nesta promoción ou neste ámbito da promoción da igualdade, apostando polos programas de emprendemento feminino. Cómpre parar aquí ou destacar un destes programas, que é o programa Emega, que é unha medida integral de loita polo emprendemento feminino, pero tamén con isto consegue a conciliación da vida laboral e consegue crear postos de traballo femininos. Este programa para o ano 2021 vai ter un orzamento de 3.600.000 euros; é dicir, máis do dobre do que investimos no ano 2020. ¿E isto por que? Porque soamente no ano 2020 conseguimos con este programa apoiar 197 iniciativas empresariais de mulleres, que crearon 324 postos de traballo. Este proxecto iniciouse na Xunta no ano 2009. Levamos investidos máis de once millóns de euros, e dende o ano 2009 son máis de novecentos os proxectos femininos financiados e son máis de mil seiscientos os postos de traballo creados.

Neste ámbito da promoción da igualdade, imos continuar apostando —e, se cabe, máis— polos programas de conciliación e de corresponsabilidade, polos programas de conciliación en colaboración coas entidades locais, pero tamén polos programas de conciliación e corresponsabilidade que articulamos dende a Xunta de Galicia, subindo, neste caso, as convocatorias, polas que financiamos a redución de xornada de homes e familias monoparentais nun 41 % respecto do ano 2020.

Pero, como xa lles dicía, a plena igualdade non soamente a podemos conseguir coa loita contra a violencia de xénero, non soamente a podemos conseguir con actuacións transversais de promoción da igualdade, senón que a temos que conseguir tamén coa auténtica igualdade laboral.

No 2021, faranse máis precisos que nunca os apoios que promovan e garantan que as mulleres poidan traballar en igualdade de condicións cos homes, que teñan igualdade de acceso ao traballo e que aseguren tamén o seu mantemento do emprego, respaldando, por suposto, como lles dicía, os supostos de conciliación e de corresponsabilidade.

No ámbito de actuacións en materia de igualdade laboral, como novidade imos formar as propias empresas, ademais dos traballadores, en materia de igualdade, para conseguir calar no tecido produtivo en canto á igualdade laboral. Vanse crear instrumentos tecnolóxicos para conseguir tramitar de xeito máis áxil a implantación dos plans de igualdade. Intensificaranse as axudas tanto para a elaboración como tamén para o seguimento dos plans de igualdade nas empresas.

Acabamos de modificar, na Lei de medidas, a certificación de excelencia en igualdade, que desenvolveremos regulamentariamente para conseguir facilitar a tramitación por parte das empresas desta certificación.

Manteremos todas as axudas para o incremento do teletraballo e para os acordos de conciliación e poñerase en marcha un novo programa, o programa de formación con compromiso de contratación feminina, en sectores subrepresentados polas mulleres.



Todas estas actuacións levaranse a cabo pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, que, como lles dicía, continuará co seu traballo e coas súas funcións como autoridade laboral, e moi nomeadamente, dende logo, coa tramitación que lles corresponde nestes momentos tan delicados respecto dos ERTE.

E dende esta dirección xeral encabézase tamén o diálogo social, que é un elemento fundamental para o Goberno e para esta consellería para acertar nas nosas decisións e para conseguir decisións de consenso cos axentes sociais e cos axentes económicos implicados na nosa comunidade no ámbito do emprego, no ámbito da igualdade e no ámbito da transformación tecnolóxica.

Xa o pasado 23 de setembro asinamos coas organizacións presentes no diálogo social unha declaración pola que manifestabamos a nosa vontade de continuar, efectivamente, durante esta lexislatura, con acordos e coas negociacións no seo do diálogo social. Dende entón, reunímonos en oito ocasións cos axentes presentes nas mesas do diálogo social para tratar temas como o asesoramento en igualdade, a execución dos contidos formativos e as ferramentas en igualdade, o proxecto Empreganav, os fondos Next Generation, ou a Lei de reactivación.

Temos xa previsto para o próximo 12 de xaneiro a seguinte reunión, que será, precisamente, para comezar a traballar sobre os novos programas e as novas liñas de actuación da Consellería para o próximo 2021.

Mostra dos acordos levados a cabo no seo do diálogo social é, como lles dicía, por exemplo, o proxecto Empreganav, un proxecto que conta cun investimento de 3,3 millóns de euros, grazas a fondos europeos, cofinanciado tamén pola Xunta de Galicia, e que ten o obxectivo a reinserción laboral das persoas desempregadas procedentes da industria auxiliar da construción naval en Galicia. É un proxecto pioneiro que pretende orientar, formar transversalmente e recualificar; en definitiva, fomentar tanto o autoemprego como apoiar a recolocación destes traballadores. Desenvolverase no ano 2021 e no primeiro semestre do ano 2022, e acabamos de asinar xa, cos representantes tanto de Asime como de Comisións Obreiras e UGT, o convenio para poñer en marcha a fase inicial do proxecto.

O Issga —Instituto de Seguridade e Saúde Laboral— vai continuar dando cumprimento á súa política de seguridade e saúde no traballo, e vai continuar, por un lado, apoiando na pandemia con esa unidade de referencia covid que acabo de mencionar, que intentará dar unha resposta áxil e unha resposta eficaz no eido da prevención do risco de transmisión pola covid, pero, así mesmo, continuará o seu labor. Por un lado, prorróganse os acordos cos axentes sociais sobre as estratexias de seguridade e saúde no traballo, que remataban neste ano 2020. E isto farémolo coa firme intención de constituír un grupo de traballo que sexa capaz de debater sobre a vinculación entre a saúde pública e a súa interrelación coa saúde laboral, e, en definitiva, coa intención de conseguir ter, na nova estratexia, unha visión máis integral sobre a prevención de riscos laborais nos centros de traballo, tendo en conta, precisamente, os efectos da covid.

Imos continuar traballando no ámbito da sinistralidade laboral. O Issga puxo en marcha cos axentes sociais un grupo de traballo para a análise e a prevención da sinistralidade laboral



en Galicia, e continuaremos, polo tanto, na planificación anual de actividades do Issga, incidindo, precisamente, en todas aquelas actividades que, froito deste traballo e deste grupo, amosan que incrementaron a súa sinistralidade ou que reiteraron a accidentalidade nos correspondentes sectores.

Para rematar, o Issga continuará coas campañas de promoción e coas campañas de sensibilización. Imos centrar sobre todo estas campañas en riscos derivados das medidas preventivas no teletraballo, no uso de dispositivos móbiles e nos riscos psicosociais xerados, precisamente, pola pandemia.

É responsabilidade das administracións públicas deseñar novas medidas que se adapten á realidade cambiante, e sobre todo no actual contexto socioeconómico; respostas estas que teñen moitísimo que ver coa formación dos nosos traballadores e coa orientación laboral. Por iso, apostamos pola creación dun novo servizo público de emprego en Galicia.

Temos o compromiso de facer unha renovación integral do Servizo Público de Emprego da comunidade galega, compromiso que vai dende a continuación da modernización das propias infraestruturas —e neste sentido finalizaremos a obra da oficina de Lugo— como tamén temos xa aprobados os proxectos para licitar as obras da Coruña, Cangas, Ponteareas e Verín.

Pero o que é tanto ou máis importante é que imos facer un cambio absoluto no sistema do Servizo Público de Emprego. Trátase de poñer en marcha un novo sistema operativo para a xestión e para o control da demanda de emprego, para a colocación ocupacional e para a formación. É un proxecto de cerca de seis millóns de euros que pretende, a través da intelixencia artificial, por unha banda, adiantarse ás necesidades do mercado laboral en tempo real e, por outra banda, adaptarse tamén aos demandantes de emprego, no sentido de mellorar o procesamento dos datos e da información relativa a estes demandantes, non soamente respecto da súa formación e da súa localidade, senón en canto ás súas capacidades, en canto ás súas habilidades ou incluso en canto ás súas preferencias laborais.

Todo isto permitirá un cruce en tempo real —como lles digo— da demanda e da oferta laboral. Permitirá, polo tanto, unha máis eficiente orientación laboral, baseada na demanda do mercado, e permitirá o que é tan ou máis importante, adaptar a formación, adaptar os itinerarios formativos dos nosos traballadores e das nosas traballadoras a estas necesidades.

Nesta liña, e de acordo coa recomendación de distintos órganos tanto nacionais como internacionais sobre a necesidade de analizar e o cambio da demanda de competencias e cualificacións que deberá afrontar o emprego nos próximos anos, temos encargado tamén xa un estudo de tecnoloxías emerxentes que se levará a cabo ao longo do próximo ano que, basicamente, pretende analizar ou implantar catorce tecnoloxías emerxentes en quince sectores. Este estudo ten como obxectivos os seguintes: en primeiro lugar, analizar a situación actual, analizar os diferentes sectores económicos ou o impacto que as tecnoloxías emerxentes poden ter no futuro no ámbito laboral; identificar as innovacións que afectan cada sector e detectar as carencias formativas existentes no persoal que traballa para eses sectores para que sexamos capaces de adaptar os postos de traballo; e finalizará cun documento onde



propoña ou elabore as cualificacións necesarias para cada un destes sectores e os módulos formativos necesarios para elaborar a oferta formativa necesaria.

Neste 2021 dende a Dirección Xeral de Formación e Colocación manteremos, ademais desta reforma do Servizo Público de Emprego, todas e cada unha das actuacións en materia de formación, tanto para ocupados como para desempregados. Manteremos, polo tanto, todas as accións formativas para persoas traballadoras desempregadas que se imparten en centros de formación acreditados, neste caso, cunha convocatoria de máis de 5 millóns de euros neste ano 2021 sobre o 2020. Son 40 millóns de euros para financiar 841 cursos e formarán un total de 10.549 persoas.

Manteremos as accións formativas en empresas con compromiso de contratación cunha convocatoria bianual que permitirá participar a case 6.000 alumnos e manteremos tamén as accións formativas nos centros propios de formación profesional para o emprego, en concreto, nos nosos 12 centros serán máis de 2.300 participantes nun total de 160 cursos. Tamén manteremos —como lles dicía— a totalidade da formación para persoas ocupadas, para traballadores ocupados, no Plan de formación de emprego dirixido a traballadores ocupados, pero tamén coas unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos; neste ano beneficiamos con este plan 1.735 alumnos con 442 accións formativas. E manterase, por suposto, o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e tamén as probas de avaliación en competencias clave para poder acceder aos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3. Pretendemos satisfacer unha convocatoria para 4.000 persoas.

O emprego constitúe a meta e a finalidade última de todas as actuacións de formación, de colocación e de orientación laboral. A covid-19 supuxo, sen dúbida, un reto sen precedentes a todos os niveis sociais, e, por suposto, tivo un impacto enorme na sanidade, na educación e tamén no emprego. Por iso, dende o primeiro momento, sentamos non soamente co diálogo social senón coa Mesa de autónomos de Galicia para definir o plan de rescate para autónomos e para as microempresas —do que xa lles falei—, e por iso imos ser capaces de levar actuacións como esta no seguinte ano 2021. Así, as partidas económicas destinadas a autónomos e a microempresas incrementáronse neste orzamento 2021 nun 310 %. Deste xeito, imos ser capaces de renovar o Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas adaptándonos xa no mes de xaneiro ás necesidades, por unha banda, das medidas sanitarias, e, por outra banda, tamén ás necesidades que nos trasladen os propios representantes dos traballadores, das empresas e dos autónomos no seo do diálogo social. En todo caso, o que lles podo garantir é que serán axudas levadas a cabo con consenso —como neste caso con este plan— e axudas inmediatas, axudas áxiles, axudas fáciles de tramitar e que se cobrarán de xeito inmediato, como lles digo.

Pero imos poñer en marcha tamén outros programas novos non soamente para o mantemento do emprego, senón tamén para xerar novo emprego. En primeiro lugar, poremos en marcha un programa que impulsará novas iniciativas empresariais con independencia da súa forma xurídica, ben sexan autónomos ou microempresas. E o único requisito será que atendan necesidades non cubertas no territorio ou que satisfagan cadeas de valor xeradas por outras industrias ou por outros servizos presentes no territorio.



Continuaremos co Bono autónomo, con 6 millóns de euros para o próximo ano e continuaremos tamén apoiando a conciliación dos autónomos, o relevo xeracional, a segunda oportunidade e o Programa de mentoring, o de titorización para autónomos, que está permitindo consolidarse e axudar as persoas autónomas a reorientar os seus negocios.

Para o vindeiro ano sentaremos as bases co diálogo social e coa Mesa de autónomos da Estratexia do emprego autónomo para o ano 2021 en adiante e tamén impulsaremos a oficina virtual do emprego autónomo actualmente existente. Pero tamén temos que manter o apoio á contratación das persoas, non soamente ao emprendemento nin soamente á xeración de novas empresas, e farémolo continuando con programas como, por exemplo, o programa Galicia Emprega, apoiando especialmente a contratación nas empresas das mulleres, pero tamén a contratación na empresa ordinaria de persoas con discapacidade e de persoas en risco de exclusión social. Tamén manteremos as axudas á contratación en concellos e as axudas á contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro.

Paso agora a dar conta da parte relativa á economía social. A economía social ten grande importancia dentro do proxecto desta consellería e da Xunta de Galicia e xa o ten dende que desde o ano 2016 a Xunta o amosou coa aprobación da Lei de economía social; unha lei que nos converteu na primeira comunidade autónoma en estar dotada dunha lei para regular o sector. A economía social ten en Galicia unha estratexia probada 19-21, a economía social ten unha presenza cada vez máis consolidada no territorio, tanto en Galicia como no resto de España e no panorama europeo. Amosou, por unha banda, que é moito máis resistente á destrución de emprego, destrúe ao redor dun 6 % de emprego menos que o resto das organizacións, e ten actualmente en Galicia un peso de arredor do 7 % do PIB.

En Galicia neste ano fomos quen de constituír, aínda coa pandemia, 87 sociedades cooperativas, 23 sociedades laborais, 4 centros especiais de emprego e 1 empresa de inserción. Superamos, polo tanto, en total máis de 2.000 entidades activas entre cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción. Por iso, no ano 2021 a Xunta segue apostando pola economía social, e farémolo con programas e con proxectos dos que falaremos —como non pode ser doutro xeito— no Foro Galego de Economía Social e no Consello de Economía Social de Galicia, porque, como digo, escoitando os colectivos é como, efectivamente, poderemos impulsar políticas públicas que sexan acordes e axustadas ás necesidades de cada un dos sectores.

A economía social increméntase nos nosos orzamentos nun 22 %. Temos 33 millóns destinados única e exclusivamente a actuacións para o ano 2021; actuacións que podemos organizar en tres grandes grupos. As primeiras van destinadas á creación e/ou consolidación de empresas de economía social. Algúns son programas xa coñecidos, como o Aprod-Economía social, que o que pretende é xerar emprego en cooperativas e en sociedades laborais, pero tamén con tres novos programas: o Es-Transforma, que o que pretende é recuperar empresas con outra forma xurídica que, por motivos económicos ou por falta de relevo xeracional, teñen perspectivas de peche para que se transformen en entidades de economía social; o Es-Factory, un segundo programa, que é un programa de aceleradoras de economía social que basicamente pretende orientar e acompañar os promotores destes proxectos empresariais vinculados a oportunidades empresariais na economía de proximidade; e o Bono con-



solidación, que é unha liña de axudas dirixida a empresas de economía social que xa existen, pero que teñen unha antigüidade mínima e precisan dalgún tipo de renovación, de adaptación, vinculada ao novo contexto económico e tamén á nova era dixital.

Un segundo grupo de actuacións, tamén moi importante, trata de difundir e de dar a coñecer a economía social, de dar a coñecer os seus valores e de dar a coñecer as entidades que os conforman. Algunhas destas accións tamén serán accións xa coñecidas como, por exemplo, a Rede Eusumo, para o fomento do cooperativismo e da economía social, pero tamén poremos en marcha un novo programa, o programa Es-Próxima, que ten como finalidade, precisamente, poñer en valor a calidade dos produtos, a calidade dos servizos e os beneficios que aporta a economía social á nosa comunidade para poder, deste xeito, estimular a demanda.

E un terceiro grupo de programas, dentro da economía social, son os programas destinados a promover o emprego inclusivo, tanto para persoas con discapacidade como para aquelas que están en risco de exclusión.

Con estas actuacións esperamos beneficiar de xeito directo a 130 empresas, dando traballo a máis de 3.600 persoas. Son as axudas aos centros especiais de emprego, as axudas ás empresas de inserción, o programa que xa temos en marcha da formación dual para persoas con discapacidade intelectual, que continúa no ano 2021, a posta a punto para o emprego dirixido a persoas perceptoras da Risga e unha nova liña de axudas para o reequilibrio financeiro aos centros especiais de emprego de iniciativa social e tamén ás empresas de inserción.

Señorías, penso que co que acabo de expoñer se pon de manifesto que a Xunta de Galicia e esta Consellería de Emprego e de Igualdade está a traballar con determinación, conscientes da nosa responsabilidade e conscientes tamén de que existen moitas familias, moitas empresas, que están e viven en momentos de grandes dificultades. Son plenamente consciente de que para conseguir este obxectivo a única maneira é a implicación de todos os axentes sociais, de todos os axentes económicos e de todos os axentes laborais da nosa comunidade. Manifesto, polo tanto, o meu compromiso de continuar na senda do diálogo social permanente, do consenso, para articular medidas, como poden ser plans de rescate para manter e conter os efectos provocados pola covid a curto prazo, pero tamén con novos programas que permitan unha formación flexible adaptada ao novo contexto dixital e a posta en marcha dese novo Servizo Galego de Emprego, dotado de ferramentas que garantan unha interconectividade real, auténtica e no momento entre a oferta e a demanda. Son actuacións que se complementan con estes novos programas de emprego e de economía social de proximidade dos que lles veño de falar. En definitiva, axudas directas, formación, servizos de emprego eficaces que fomenten a empregabilidade e que constitúan a base para un desenvolvemento sustentable da nosa comunidade, para unha Galicia libre de violencia machista e para unha Galicia igualitaria para mulleres e para homes.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Conselleira, boas tardes.

O Grupo Parlamentario Socialista celebra a comparecencia da conselleira de Emprego e Igualdade en referencia á situación da emerxencia sanitaria da covid-19 coas previsións e liñas xerais do seu departamento xa transcorridos cen días de goberno.

Iniciarei a miña intervención falando da área de igualdade, para despois pasar á análise da situación da sección de emprego.

A estas alturas, parece incuestionable que a afectación da pandemia da covid-19 foi moito maior nas mulleres que nos homes. Fomos nós quen experimentamos unha regresión nas nosas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e nos coidados; as que modificamos as nosas condicións laborais para adaptarnos á nova realidade, e mesmo as que nos atopamos nunha maior situación de vulnerabilidade fronte á violencia machista. *(Aplausos.)* Todo isto que acabamos de mencionar, por certo, foi advertido nas comparecencias das expertas na Comisión de Reconstrución, que sinalaban a necesidade de dar un xiro nas políticas para minorar os efectos que están a afectar directamente as mulleres e para ir adiantándonos á nova orde social, económica e dos coidados que, inevitablemente, conselleira, chegou para quedar.

E, diante desta situación, ¿que ten previsto o Goberno do Partido Popular no futuro máis próximo? Pois realmente pouco ou nada novo, algo verdadeiramente preocupante. A Xunta de Galicia parece non ter sido capaz de facer unha análise teimuda da nova realidade. A pesar de ter xa os datos sobre a mesa, non ofrecen nada novo en conciliación nin no fomento da corresponsabilidade, cuxas partidas nos orzamentos do ano 2021 non só non aumentaron coa contundencia que deberan á vista da situación actual, senón que, como dicimos, van supor un cambio de paradigma.

Por suposto, temos que falar tamén hoxe da violencia machista, ese problema estrutural que, lonxe de desaparecer, semella que continúa a nos atizar e para o que tampouco temos atopado novas fórmulas de loita, a pesar de que os datos son teimudos e ofrecen a mesma realidade que hai anos.

Lamentablemente, pese a todos os esforzos en materia lexislativa e con tres mulleres galegas asasinadas este ano, neste momento en Galicia hai cerca de 3.800 casos activos de violencia ma-



chista. *(Aplausos.)* Sobre esta cuestión, e tendo en conta a especial vulnerabilidade das mulleres en tempos de pandemia, preguntámonos se avaliaron xa os datos sobre a situación das mulleres vítimas, ou potencialmente vítimas, nesta crise, e tamén que propuxeron durante o confinamento e nestes meses posteriores, ademais da necesaria tarefa asistencial e de protección — por certo, fundamentalmente, soportada, como sabe, polo persoal dos centros de información á muller, dos que falou na súa comparecencia—. Sobre eses centros teñen agora un novo discurso, eludindo responsabilidades e argumentando que son centros municipais. *(Aplausos.)*

Sobre as prestacións ás mulleres vítimas —que, por suposto, cremos imprescindibles—, reclamamos tamén unha avaliación pausada dos datos, conselleira. O 53 % das mulleres beneficiarias pertencen ao ámbito rural; o 70 % teñen menos de 46 anos; e máis do 81 % son desempregadas. Só vou dar tres datos para facernos claramente un perfil destas mulleres vítimas para as que debería haber accións específicas de prevención: unha moi especial atención á muller do rural. A muller do rural sofre un illamento triplo pola escasa participación nos espazos públicos, por estar illada xeograficamente e por identificar a súa propia situación como un proceso individual e non como un problema estrutural, que o é.

Dende o Grupo Socialista pensamos que é preciso e urxente elaborar un plan específico, conselleira, fortemente dotado de recursos contra a violencia machista, centrado unicamente na prevención; non accións concretas e deslabazadas, non, un plan específico de prevención e, por suposto, transversal a todas as áreas do Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

As accións destinadas a protexer e a acompañar as mulleres son indiscutibles, pero, á vista dos datos, é esencial traballar a prevención, con máis educación nas escolas e con campañas contundentes dirixidas á xente nova, aos homes.

Falaba vostede de convenios, de convenios como os da universidade. Teño que dicir que si os mantén, como dicía, pero baixa a súa dotación orzamentaria.

A falta de tempo non nos permite seguir afondando hoxe aquí en materia de igualdade, pero poderíamos falar un segundo do colectivo LGTBI, ao que os novos orzamentos adican unha partida única de 26.000 míseros euros. Non merece máis comentarios. *(Aplausos.)*

En definitiva, non dubidamos da boa vontade da secretaria Xeral de Igualdade nin da vontade súa, conselleira, pero, se verdadeiramente entendemos que esta é unha cuestión que debería ser transversal a todas as áreas do Goberno, dende logo, merecería moitos máis recursos orzamentarios e novas liñas de actuación á vista de que, pese aos seus esforzos, pouco temos avanzado nesta materia.

Pasarei agora á área de emprego —teño pouco tempo—. O impacto da crise orixinada pola pandemia está sendo máis pronunciado do que se prevía, e as medidas decretadas para a contención do virus están a ter un efecto inédito no emprego. A crise sanitaria está a afectar en maior medida os sectores máis vulnerables, como son os traballadores e traballadoras con contrato temporal, a tempo parcial, mozos e mozas, as mulleres, os autónomos e as pequenas empresas. Botei de menos que non falara de mozos e mozas na súa intervención, coa problemática que están a sufrir.



Como dicía, as medidas de confinamento perimetral adoptadas pola nosa Comunidade Autónoma que conteñen limitación de circulación de persoas e medidas que supoñen peches ou limitación de actividades en establecementos como hostalería, restauración, axencias de viaxes, etc., provocan unha forte contracción da demanda interna. A pandemia chegou ao mercado laboral galego nunha situación de máis debilidade que ao conxunto do Estado. Seguimos sen recuperar as cifras do ano 2008, doce anos despois. Isto visualízase claramente se falamos de horas habituais. ¿Por que falou de horas habituais e non de xornadas? Porque o Partido Popular fragmentou os contratos de traballo e agora un traballador que teña dúas horas no seu contrato figura como ocupado.

Ben, en 2019 o mercado laboral galego seguía sen recuperar o 14,8 % das horas habituais existentes no 2008, fronte á perda do 7,9 % do resto do Estado. E isto é moi importante: hai que dicir que estas horas habituais perdidas equivalen nada máis e nada menos que a 177.844 postos de traballo a xornada completa perdidos dende o 2009 á actualidade. Debemos destacar a perda do 43 % do sector primario, fronte ao 9 % da media estatal. Temos 22.000 empresarios menos.

Falemos de autónomos pola importancia da súa problemática actual e da grave situación que están a atravesar. Se analizamos a execución dos programas dirixidos a autónomos dentro da Consellería de Emprego, antes integrada en Economía, no período 2009-2019, período Feijóo, cun crédito de 821 millóns, vostedes gastaron só 551 millóns. Deixaron de gastar o 31,8 % do presupostado referente a autónomos.

Eu creo que, señora conselleira, non só é un problema de medidas que expón na súa comparecencia, senón de políticas, porque se trata, señores do Partido Popular, Goberno da Xunta de Galicia, de que os cartos presupostados cheguen aos seus destinatarios.

O Goberno galego non só mermou os presupostos que Galicia tiña para o emprego no ano 2008 e 2009 —que deixou feitos o Goberno de Touriño—, nos sucesivos anos de goberno do PP baixáronos e, ademais, foron incapaces de gastalos, conselleira.

Se analizamos os datos de traballadores independentes, tamén segundo a EPA, temos tamén un total de 36.431 independentes menos.

A baixada no sector primario é demoledora. No ano 2008, 55.099 empregos independentes; no ano 2020, 33.470 empregos independentes dentro do sector agrario. Agoniza o sector no rural e non fan nada para impedi-lo. (Aplausos.)

En marzo de 2020 o Goberno do Estado, a través do Real decreto 8/2020, puxo o acento nos autónomos particularmente afectados pola situación actual creando unha prestación extraordinaria por cese de actividade e exoneración de cotas á Seguridade Social. A hostalería, o comercio e a construción concentraron máis da metade das prestacións concedidas. Vostedes só sacaban peito dunha medida que eran os anticipos. Falaba moito Feijóo dos anticipos, e eu quería darlles uns datos sobre eles. Afirmou Feijóo que se concederan 3.400 anticipos, se non entendín mal. Mire, señoría... —¡ah!, estou con señoría, de falar nos xulgados...—. Ben, 3.400 son unha insignificancia e explico por que. Dos 176.000 perceptores



de prestación por ERTE en Galicia que se totalizaron en maio do 2020 e que recibiron unha nómina de 145,15 millóns de euros, 3.400 anticipos supón o 1,93 %. *(Aplausos.)*

O noso grupo presentou diversas iniciativas co fin de que se habilitasen axudas a autónomos, pemes e, particularmente, hostalería, e vostedes tardaron en reaccionar. Esperaron mudos a que os colectivos afectados se manifestasen nas rúas con desesperación, facendo despois un acopio dun batiburrillo de decretos e xerando un baile de cifras inexacto e confuso. Os autónomos e as pemes necesítanas xa.

E temos que falar, como dicía antes, de xoves, señora conselleira. O mercado laboral dos mozos e mozas caracterízase por ser precario, inestable e sen dereitos. Os datos da EPA, segundo o terceiro trimestre, reflicten que se reduce de forma alarmante a poboación activa. Hai 17.400 mozos e mozas inactivos máis, 7.600 mozos e mozas desempregados máis e unha perda de poboación activa de máis de 20.200 persoas menos deste colectivo. Porque, se ademais de analizar a poboación en situación de desemprego, temos en conta a avaliación da poboación activa, obsérvase unha forte caída, 20.200.

Moi preocupante, conselleira, é a taxa de paro da xuventude en Galicia, que se sitúa nun 21,6 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa remato.

Tan só nun ano os mozos e mozas galegos perden catro puntos de taxa de actividade.

Seguirei despois, na miña segunda intervención, falando do Programa de garantía xuvenil da Xunta, que creo que non está a funcionar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Quero empezar sumándome ao pésame dado por Rubén Lorenzo pola trágica morte de Paco, percebeiro da Costa da Morte. Coñeciámonos de bater nos campos de fútbol de veteranos. Lamentei moito a súa morte. ¡Que a terra che sexa leve, Paco! *(Aplausos.)*

Señora conselleira, veu vostede hoxe aquí vender unhas liñas de actuación para o ano 2021 respaldadas por un innegable incremento de cantidades orzadas respecto ao ano anterior na súa consellería, pero síntoo, conselleira, dende o BNG non mercamos o seu discurso, e intentarei argumentarllo ao longo do pouco tempo do que dispoño.



Quería comezar resaltando a nula autocrítica que fai vostede da actuación do seu departamento dende o comezo da pandemia. Certo é que emprego e igualdade estaban encadrados noutras consellerías e que foi en setembro cando se creou esta nova consellería que engloba dous departamentos que para o BNG foron sempre centrais. Por iso, entendemos esa decisión como acertada e imprescindible no contexto de crise económica e social xerada pola covid-19 e tamén poñer o foco nestas dúas áreas, pero esta aposta ten que ser real.

En canto ao emprego, xa existía un departamento antes desa conversión en consellería, e a actuación da Xunta neste eido dende o comezo da pandemia deixou moito que desexar.

As necesarias medidas sanitarias supuxeron que moitísimos autónomos e pemes do noso país visen restrinxida a súa actividade parcial ou totalmente. A incidencia nos negocios das medidas sanitarias restritivas foi asimétrica, xa que, dependendo de a que se adicasen, moitos puideron seguir traballando e facturando con normalidade, pero moitos outros viron como a súa facturación pasou a ser cero. E, neste sentido, especialmente afectados se viron autónomos do mundo da cultura, da hostalería e da restauración, do turismo e moitísimas liñas de negocio asociadas a estes negocios e actividades. Unha porcentaxe altísima de pemes e autónomos vían que mes a mes ían caendo facturas como a da auga, a da luz, os gastos de mantemento dos negocios ou o alugueiro; gastos que non podían ser minorados porque as restricións de actividades necesarias impedían directamente facturar ou, no mellor casos, permitían facturar algo, aínda que nunca suficiente para cubrir eses gastos. E nesa situación víronse, se me apuran, ata hoxe.

Porque a Xunta anunciou en abril plans como o de reactivación da cultura e do turismo con efectos na práctica puramente pirotécnicos, como demostran as mobilizacións de outubro destes sectores, porque non contemplaba ese plan unha soa liña de axudas directas que lles permitise afrontar a estes negocios os gastos correntes que se seguían devengando, a pesar de estar pechados ou traballando con restricións de actividade e horario. E ademais non tiñan en conta esa incidencia asimétrica da pandemia nos diferentes sectores e subsectores nos que se encadran as pemes e autónomos deste país. Ese plan e outras medidas anunciadas non xeraron confianza nos destinatarios, establecían requisitos inasumíbeis ou directamente non chegaron a quen ían dirixidas. E así, en outubro, saíron á rúa os autónomos, a hostalería ou as axencias de viaxe, desesperados pola situación e a falta de apoio por parte da Xunta; abandono que supuxo que dende marzo ata agora pechasen definitivamente máis de 2.000 pemes. A inmensa maioría dos peches son de pequenos establecementos a pé de rúa: tendas, actividades culturais privadas, perruquerías, axencias de viaxes e, sobre todo, cafés, bares e pequenos hoteis e restaurantes.

Así, parte do noso tecido empresarial, o máis redistributivo e cercano, o que dá vida ás nosas vilas e barrios, viuse abandonado pola Xunta cando máis o precisaba. E foi agora, case dez meses despois, e motivado pola presión social, cando a Xunta articula as primeiras axudas directas, mentres noutras comunidades xa van polas segundas. E autocrítica, por parte da Xunta, cero; balóns fóra.

A min asáltame unha terrible dúbida: de marzo a xullo, que foi cando se celebraron as eleccións —por iso poño ese lapso temporal—, ¿a que dedicou o seu tempo o departamento de



emprego? Porque tiveron tempo a analizar a situación e a evolución da pandemia noutros países, ou mesmo noutros territorios do Estado, e non facía falta unha bóla de cristal para saber que os peches de actividades e as restricións de movemento ían ser necesarios na Galiza, e, polo tanto, debían ir aparelados de maneira simultánea de medidas económicas destinadas a compensar os gastos correntes que se seguían devengando por estar pechada a actividade.

Ter traballado nesa máis que probable situación ten un nome: anticipación. E a anticipación está intimamente anoada a unha boa xestión; non é posible unha sen a outra. Se non hai anticipación, a xestión non é tal. ¿E sabe o que é, neste caso, a actuación da Xunta? Propaganda.

Iso foi o que fixo o Goberno da Xunta cando anunciaba plans e medidas marabillosas aló polo mes de abril; «antes ca ninguén», dicían, pero, realmente, con efectos prácticos nulos. E neses meses non houbo ningunha actuación concreta dirixida á mocidade —á que, efectivamente, vostede nin nomeou nesta intervención, supoño que na segunda quenda fará referencia a ela—. Se xa antes da pandemia partiamos dunha situación complicada para a xente nova no eido laboral, nun contexto de precrise era necesario apostar de maneira clara por ela. Era e é imprescindible adoptar medidas concretas e reais que faciliten o acceso ao mercado laboral da xente moza, que corrixan a precariedade cronificada deste sector da poboación e que permitan voltar a Galiza a miles de mozos e mozas galegas que se viron obrigadas a emigrar pola falta de oportunidades no seu país, provocada polas políticas nefastas de emprego para a xuventude do PP. (*Aplausos.*)

En vez de analizar de forma seria e responsábel a situación sanitaria e os seus efectos socioeconómicos, a Xunta vendeu fume durante meses, e, aínda así, nin unha palabra de autocrítica na súa intervención, pola inacción da Xunta durante eses meses.

En canto á igualdade, a covid-19 provocou unha crise xeral que, dende o punto de vista mediático, solapa problemáticas que afectan sectores ou grupos máis concretos da nosa sociedade, pero que non por iso poden ter menos importancia na previsión e na actuación das administracións. Este sería o caso da discriminación por razón da orientación sexual e da identidade de xénero e tamén da violencia machista. E non cabe ningunha dúbida de que son as mulleres as que máis sofren e están a sufrir as consecuencias negativas da covid-19. Por un lado, polo máis que seguro retroceso de perdas de dereitos laborais en forma de feminización de determinados traballos, como os coidados, precarización e forma de salarios máis baixos ou aumento da fenda salarial, e pola agudización de problemas que xa antes da pandemia sufrían as mulleres para acceder ao emprego, tanto por conta allea como no caso do emprego autónomo.

A actuación do Goberno da Xunta no relativo á igualdade limitouse a anunciar a finais de marzo —o 26 de marzo— un plan de dous folios —con letra bastante gorda, ademais— de reforzo de atención ás vítimas de violencia machista para a súa seguridade durante o estado de alarma pola covid-19, que consistiu en establecelo como servizo esencial, pero mantendo practicamente as mesmas medidas.

Por suposto que a atención ás vítimas de violencia de xénero é un servizo esencial, pero é que a violencia de xénero se agravou esencialmente nesta época de confinamento. A violencia



machista non só non desapareceu coa covid-19, senón que continuou producíndose, nun contexto marcado por meses de confinamento e restricións de mobilidade, que a agravan; unha violencia prolongada e constante no espazo que se agravou pola sensación de impunidad dos agresores, que percibiron un menor control sobre eles. Todo isto exixía previsión, un especial tratamento e sensibilidade por parte do departamento de Igualdade. Ese plan de reforzo ao que vostede facía referencia ten 17 medidas; 10 delas xa existían antes, e das outras 7 a maior parte concéntranse en relación coa acollida en colaboración con concellos e ONG. A Xunta aquí tampouco foi moi previsora. Dende logo, entendemos que a Xunta de Galicia, e neste caso a súa consellería, non estivo á altura das circunstancias en canto á violencia de xénero.

Entrando nas liñas de actuación da nova consellería, quero dicir que nesta consellería, efectivamente, houbo un incremento importante das cantidades orzadas, pero para nós seguen a ser insuficientes polos motivos que vou expoñer. Debe facerse unha análise en perspectiva dese incremento, primeiro, desde o punto de vista temporal. Os recortes e a falta de investimento neste departamento durante case unha década minimizan e fan necesario relativizar o pretendido efecto positivo do incremento orzamentario e, dende a óptica da execución orzamentaria, vén sendo unha tónica habitual no relativo ao emprego a baixa execución de programas de fomento do emprego.

Consideramos imprescindible unha estratexia clara, contundente e definida da Consellería. A Consellería de Emprego e Igualdade non pode ser unha muleta doutras consellerías, por moito que intenten xustificalo coa transversalidade. A proba e a ausencia de estratexia do baixo grao de execución dalgúns programas de emprego constitúena as transferencias de crédito que se fixeron hai ben pouco. Acudir a partidas de orixe relativas a axudas a empresas en crise, a axudas a persoas afectadas polos ERE de forza maior para agora transferilas a axudas á hostalería amosa claramente que hai programas fume que só serven para xerar titulares, pero con efectividade real moi dubidosa.

En todo caso, dáse unha falta de estratexia clara na Consellería no relativo ao emprego. Esas axudas á hostalería son necesarias, pero o que non poden facer é desvestir un santo para vestir outro.

Como xa dixen, para o BNG a igualdade é unha cuestión central, e como cuestión central merece unha consellería propia, aínda que sexa compartida con outro departamento como o de Emprego, pero dende o BNG entendemos que o Goberno da Xunta debe ir moito máis alá e transmitirlle á sociedade que as loitas en prol da igualdade, o avance na visibilización e na concienciación da sociedade exixen mandar unha mensaxe clara dende a Administración. A loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, contra a violencia machista, a loita pola igualdade real da muller en todos os eidos —social, económico e laboral— ten que ser o eixo fundamental da nova consellería; debe ter un protagonismo, unha proxección e unha promoción moito máis intensa dende a igualdade.

Non é suficiente, aínda que si necesaria, esa transversalidade da que vostede falaba hai ben pouco nun medio de comunicación. A aposta ten que ser moito máis potente. É imprescindible avanzar na igualdade, e así debe transmitirllo á sociedade.



En resumo, dende a Xunta adoleceron de falta de análise da situación socioeconómica no relativo ao emprego e á igualdade durante moitos meses de pandemia, e iso non pode considerarse como boa xestión. As medidas que adopten agora de aquí en diante non compensan eses meses de inacción e esquecemento nos eidos de emprego e igualdade. E a efectividade das medidas que se adopten dende a Xunta no ano 2021, nestes dous campos, hai que poñela tamén en corentena, atendendo ao baixo grao de execución que xa é costume nesta área.

Como ben dixo o conselleiro de Facenda na súa intervención de onte, é imprescindible optimizar cada euro para executar o orzamento, e dende o BNG estaremos vixilantes. Podemos non coincidir no enfoque que se lle dá dende a Consellería ao que debe ser a súa actuación, pero a situación de precrise exige de maneira ineludíbel que todos os programas e plans anunciados e orzados se executen ata o último céntimo, para así poder seguir xerando emprego e seguir avanzando na igualdade. Se non o fan, os que sufrirán aquí serán as galegas e os galegos, e, tendo en conta a crise que se aveciña, a súa consellería non pode escatimar esforzos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente.

Señorías.

Señora conselleira, vostede comparece neste Parlamento a petición propia, ante este pleno, para dar conta das liñas estratéxicas do departamento que vostede dirixe no ámbito da igualdade e no ámbito do emprego e tamén para explicar as iniciativas promovidas pola Xunta para facer fronte ao desafío que a pandemia representa para as empresas e para as traballadoras e os traballadores do noso país.

Todos coincidimos na análise. A crise sanitaria veu acompañada dun impacto rotundo en todos os sectores económicos, con máis ou menos virulencia nalgúns deles. E, ante esta realidade, hai dous xeitos moi distintos de afrontar este reto que hoxe puidemos evidenciar nos discursos das persoas que me precederon no uso da palabra: o discurso das forzas da oposición —xa supoño que vostede non esperaría outras cousas—, aferradas a, canto peor, mellor; ou o proceder do Goberno de Galicia, no que todos os esforzos están volcados en recuperar os nosos como país.

A Xunta está centrada no apoio e no rescate —cando así corresponde— dos profesionais máis vulnerables neste momento, especialmente naqueles ámbitos nos que hoxe máis ca nunca empresas e traballadores necesitan sentir o respaldo das distintas administracións. E, ante este reto —dicía—, resulta especialmente acaído que unha das primeiras decisións



do Goberno Feijóo nesta nova lexislatura fora, precisamente, elevar ao rango de consellería as políticas de emprego e as políticas de igualdade; é dicir, a creación desta consellería, ofrecendo unha mensaxe alta e clara ao emprego e á igualdade, que son dúas prioridades para o Goberno de Galicia e son dúas prioridades para o grupo que sustenta o Goberno. *(Aplausos.)* E sempre, ademais, o foron, pero hoxe máis ca nunca, cun equipo, o equipo que vostede lidera, centrado na igualdade, na conciliación e en xerar novas oportunidades de emprego.

¿En que se traduce todo isto? Pois tradúcese en exemplos concretos. Mentres o Goberno central, gobernado polo Partido Socialista e por Podemos, e que contou co apoio na investidura do Bloque Nacionalista Galego, foi incapaz en plena primeira onda da pandemia de facer fronte ao pago das prestacións por ERTE, a Xunta de Galicia buscou unha solución efectiva para todos eses traballadores e habilitou un sistema de anticipos que permitiu que moitas familias non tiveran que sobrevivir máis meses sen ningún tipo de ingreso. Mentres o Goberno central, gobernado por Partido Socialista, por Podemos e apoiado polos nacionalistas na investidura, leva meses prometendo, sen aprobalo, un plan de rescate para un sector especialmente impactado, como é o da hostalería, a Xunta xa está facendo efectivos os pagos do seu plan de rescate. Autónomos, microempresas e hostalería saben que coa Xunta os carcos chegan nestes momentos, que é cando máis se necesitan. *(Aplausos.)*

Todo isto, grazas a un plan de rescate dos máis ambiciosos e mellor dotados do conxunto das comunidades autónomas, aprobado en tempo récord, consensuado co sector —vostedes de consensuar non saben— e cunha tramitación áxil que permitiu que xa a semana pasada e esta se adiantaran os primeiros pagos. Mentres, o Goberno central, gobernado polo Partido Socialista, por Podemos e apoiado na investidura por estes señores do Bloque Nacionalista Galego... *(Murmurios.)* Non, se vostedes, efectivamente, apoiaron... É certo que teñen un representante só e que todo canto teñen vostedes de representación de Pedrafita para alá vai todo nun patinete; pode ir nun patinete... *(Risos.) (Aplausos.)* Pero nisto foron decisivos. ¡Nisto foron decisivos, hai que recoñecelo! *(Murmurios.) (Risos.)*

Levan anos prometendo impulsar, dentro das súas competencias, uns plans de apoio a empresas como as empresas electrointensivas, ou medidas de transición enerxética, e desde a Moncloa adoptan decisións políticas que poñen en serio risco o futuro de empresas como Alcoa ou o futuro dos traballadores de Endesa... —¿Quéreme algo? Non sei, non o entendo. *(Risos.)*— Fíxense vostedes que levan dous anos prometendo o estatuto de electrointensivas e, cando o aproban, non teñen en conta nin as alegacións que foron quen de consensuar gobernos de distintas cores políticas, como foi Galicia, como foi Asturias ou como foi Cantabria. É dicir, que non lles fixeron caso nin aos seus propios compañeiros de partido nin aos seus socios, aos que tamén pouco caso lles fixeron, aínda que, dito sexa de paso, en relación con este asunto, haberá un debate propio neste pleno, e non me vou estender mais. Hai dúas formas moi distintas de afrontar os retos do mercado laboral. Nós pensamos que a mellor política social que a Administración pode facer é reforzar as súas políticas activas de emprego para seguir incrementando o poder adquisitivo dos galegos e das galegas.

Tras poñer en marcha o Plan de reactivación económica, a Xunta activou unha nova axenda de emprego, axustada ao contexto actual. E por iso a Xunta acerta, cando escoita. É moi importante escoitar; e a esquerda, de escoitar... Antes dicía que non sabían consensuar, e es-



coitar non escoitan, porque para consensuar hai que escoitar e levan anos na oposición e seguen vostedes sen escoitar. Non se dan conta de que están equivocados, de que teñen que seguir no futuro na oposición, porque vostedes non escoitan nin consensúan as achegas do tecido empresarial e dos interlocutores sociais e económicos e políticos a través das canles que están neste momento abertas, que son os foros sectoriais, a Comisión de Reactivación neste Parlamento e a Mesa de diálogo social. Si, ese diálogo social —precisamente agora vai para vostedes, señores nacionalistas— tan deostado por vostedes. É que vostedes só entenden as bondades do diálogo social cando é monólogo. Vostedes escoitan única e exclusivamente un sindicato, un sindicato da súa cor política; polo cal, non son capaces neste momento de entenderse, coa que está caendo. E o que piden neste momento os cidadáns galegos e as cidadás galegas é que haxa un entendemento, que haxa diálogo social e que dunha vez por todas os representantes públicos nos entendamos.

A Xunta está centrada en que nos recuperemos como país, señora conselleira, e iso implica tamén apostar pola igualdade entre homes e mulleres, en todos os ámbitos: no público, no privado e tamén, por suposto, no laboral. Porque hai forzas políticas que pensan que a igualdade é patrimonio exclusivo da esquerda, pero a realidade é que os maiores avances en materia de igualdade de oportunidades na nosa comunidade autónoma —en Galicia— viñeron sempre e sempre se fixeron realidade co Partido Popular no Goberno de Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Hoxe o orzamento en materia de igualdade duplica o que tiñan vostedes, o do Bipartito, o do Partido Socialista e o do Bloque Nacionalista Galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esta área de igualdade disporá, no ano 2021, de máis orzamento do que tiña para promover a corresponsabilidade e para seguir combatendo a lacra da violencia machista.

Tamén somos diferentes nas políticas impositivas que defendemos. Vostedes apostan polo baleirado do peto dos galegos, ¡home!; vostedes apostan por que os galegos teñan menos diñeiro nos petos... (*Murmurios.*) Porque vostedes pensan que os gobernos da esquerda teñen a posición de dicirlles ás familias como deben gastar os seus cartos, mentres que Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia, o Goberno de Galicia e o grupo que sustenta a acción de goberno veñen apostando pola baixada de impostos, ademais co obxecto de apoiar sectores estratéxicos da economía de Galicia. Por iso, no vindeiro ano 2021 non subiremos impostos en Galicia, nin a familias nin a empresas, (*Aplausos.*) e manteremos as grandes rebaixas fiscais aprobadas en anos anteriores, como o imposto de sucesións, polo que máis do 99 % dos galegos non pagan este imposto cando herdan dun familiar directo.

Ademais, estas políticas consolidan a Galicia entre as comunidades autónomas con menor tributación de toda España. Tamén está a rebaixa dos impostos para a compra de vivenda no rural. A Xunta facilitará tamén a sucesión das empresas familiares, e o Goberno galego manterá o programa de impostos cero no rural, que ten por finalidade mobilizar as terras rústicas e fixar poboación no espazo do noso territorio máis amplo.

Señora conselleira, estas son as políticas que veñen avaladas polos homes e polas mulleres deste país, pero que veñen avaladas en cada proceso electoral. E esta bancada segue crescendo (*O señor Balseiro Orol sinala coa man os escanos dos deputados e deputadas do G. P. Popular de Ga-*



licia), e esta bancada merma (*O señor Balseiro Orol sinala coa man os escanos dos deputados e deputadas dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.*) (*Risos.*) Cambian, cambian os cromos, pero a bancada merma. Esta bancada (*O señor Balseiro Orol sinala novamente coa man os escanos dos deputados e deputadas do G. P. Popular de Galicia*) ten un deputado máis que tiña na pasada lexislatura. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pero tan mal o fixemos, fíxense vostedes, que desde o ano 2010 a cada elección que imos, máis deputados temos para esta bancada. (*O señor Balseiro Orol sinala novamente coa man os escanos dos deputados e deputadas do G. P. Popular de Galicia*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E estes señores (*O señor Balseiro Orol sinala outra vez coa man os escanos dos deputados e deputadas dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.*) soben á tribuna do Parlamento e seguen dicindo que o fixemos mal. ¡Oian!, algunha vez terán que reflexionar vostedes e dicir: ¿pero quen o está facendo mal aquí? ¿Os galegos equivócanse en cada proceso electoral, ou que pasa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ao mellor, si; ao mellor, si.

Polo cal, eu animo os galegos a que continúen nesa decisión...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...—remato xa, señor presidente— porque de momento lles foi ben, e para iso disporá vostede de máis recursos que nunca. A Consellería de Emprego e Igualdade verá incrementando nun 32 % o orzamento para o ano 2021 con 355 millóns de euros, para acadar unha Galicia con máis oportunidades laborais, máis igualitaria e máis sostible. Nese obxectivo ten o respaldo pleno do Grupo Popular, do grupo maioritario desta Cámara, da maioría desta Cámara, e estou seguro tamén de que ten o pleno apoio dunha gran maioría de galegos e de galegas, que unha vez máis din que o Grupo Popular siga no Goberno de Galicia, siga tomando decisións e siga defendendo os intereses dos galegos, e que unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista sigan por moitos anos nas bancadas da oposición. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a réplica, a conselleira de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Presidente, grazas.

Vou comezar, entón, a responder pola parte relativa ao emprego e por determinadas cuestións que son comúns, coido, para os dous partidos da oposición. Din que o Plan de rescate desta Xunta de Galicia e da Consellería de Emprego é escaso, que chegou tarde e que non nos anticipamos. Ese é un pouco o resumo das súas críticas.

Respecto do Plan de rescate da Comunidade Autónoma de Galicia —e poden contrastalo—, por moito que falara o BNG de que cando nós sacamos un plan xa ían outras comunidades autónomas por un ou dous plans, coido que non se trata tanto de cantos plans sacamos, senón da axilidade en canto á xestión dos plans e do investimento económico dos plans. Non



hai agora mesmo en España ningunha comunidade autónoma que sacase un plan co nivel de investimento económico —84 millóns de euros— da Xunta de Galicia, e non hai ningunha comunidade autónoma que fose capaz de pagar un 41 % das solicitudes en menos dun mes. Invítoos, de verdade, a que me digan en que orde de subvencións en toda España foron capaces de pagar máis dun 40 % dende a data de publicación ante o momento correspondente, en concorrència.

Falaban vostedes do Real decreto do Estado. O que si lles podo dicir é que a Xunta está apoiando 84 veces máis os autónomos e as microempresas que o Estado. O Estado acaba de aprobar hoxe no Consello de Ministros o Real decreto lei de apoio a estes sectores. ¿Saben canto son as axudas directas ás microempresas e aos autónomos? Cero euros. ¡Cero euros! E di a ministra que os apoios son os apoios dos ERTE —que xa viñan dende xuño e que, por certo, efectivamente, tivemos que anticipar— e que as axudas son as axudas que se lles están dando dende as comunidades autónomas. É dicir, parece ser que as comunidades autónomas xa non soamente somos autoridades delegadas sanitarias, senón que somos tamén autoridades delegadas económicas. Entón, os apoios económicos aos sectores dos autónomos, ao sector da hostalería, ao sector do turismo, dependen exclusivamente das arcas das comunidades autónomas.

E critican como facemos fronte a este plan. Tamén criticaron no día de onte o conselleiro de Facenda cando falou das modificacións orzamentarias que se articularon para facer fronte ao plan. ¿Que outra maneira ten un goberno, un executivo, de facer fronte a unha necesidade absolutamente imprevisible cando non existe ningunha transferencia por parte do Estado, ningunha transferencia por parte da Unión Europea? ¿Que outra maneira ten? É a maneira de executar un orzamento, é o que se espera dun goberno que sabe executar os seus orzamentos: que no último trimestre do ano sexa quen de mobilizar os fondos que aínda non están comprometidos para necesidades que aparecen de xeito imprevisible, como é o Plan de rescate.

Entón, por unha banda, critican a baixa execución dos fondos e din que non imos ser capaces de executalos, pero, por outra banda, tamén critican que modifiquemos presupostariamente —que é unha figura legal, un instrumento que dá a Lei de orzamentos— e que movamos os fondos para conseguir atender as necesidades dos autónomos e das microempresas. A realidade é que non se entende. E non se entende tampouco que digan que sacamos un plan que non vai dirixido aos sectores máis afectados e que incluso critiquen o diálogo social. Parece un pouco, como dicía o señor Balseiro, que o diálogo social soamente o pode facer a ministra de Traballo, porque, se o fai a conselleira de Emprego, entón, o diálogo social non é válido.

Este plan é un plan nacido do diálogo social, é un plan en consenso e é un plan que está posto en valor polas organizacións de autónomos. Saen na prensa dicindo que a Xunta si es-tivo á altura das circunstancias, e dino os propios autónomos, non o di a conselleira.

Entón, si, efectivamente, facemos medidas con diálogo social, facemos medidas con consenso, e esta é a aposta do Goberno: sacar os autónomos da crise e sacar as pequenas em-presas da crise, pero sempre en colaboración e en consenso cos axentes sociais.



Fan aquí referencia ao emprego xuvenil, ao emprego de mozas e mozos. Eu mañá teño unha interpelación específica sobre o emprego xuvenil, e non ía poñerme agora a dar datos sobre o emprego xuvenil cando vou facelo mañá. En calquera caso, Galicia está catro puntos por debaixo da media nacional en paro xuvenil e Galicia é a segunda comunidade autónoma con menos paro de mozos entre 16 e 24 anos. Como digo, non vou estenderme agora nisto, porque vou mañá dar datos polo miúdo.

Falaban tamén dos traballos a tempo parcial. Dicían que aumentaban cada vez máis estes traballos e que computamos como fóra do paro os traballadores a tempo parcial. Pero é que, miren, 3 de cada 4 traballadores en Galicia son indefinidos, e destes, o 87,55 % son traballos a xornada completa. Entón, tan mal non o debemos de estar facendo cando o 87,55 % deste 75 % de indefinidos son traballadores a tempo completo.

Mencionaban tamén o Real decreto 8/2020, polo que o Estado pon en marcha a prestación extraordinaria por cese de actividade para autónomos, que mesturan aí cos ERTE e co financiamento dos ERTE. Aquí, neste Real decreto e nos posteriores, regúlanse dous tipos de prestacións: unha relativa, efectivamente, ás cotizacións dos traballadores en ERTE e outra á prestación por cese de actividade de autónomos; prestación por cese de actividade que nós completamos no Plan de rescate, porque é unha prestación absolutamente básica; é o 50 % da cotización básica á Seguridade Social, é dicir, uns 500 euros. Esa é a prestación que dá o Estado no Real decreto, e é a que nós completamos agora neste Plan de rescate.

Din que as actuacións da Xunta en materia de emprego neste ámbito —no ámbito da covid— non son máis que propaganda e que nos meses de marzo e de abril non fomos capaces de facer nada. Nin nós, nin ninguén; en marzo comezou a pandemia. ¿Como poden dicir que un plan é propaganda, cando lle estou dicindo que o 41 % de 40.000 solicitantes teñen percibido xa a prestación solicitada? Iso non é propaganda, iso está no bolsillo e nas contas correntes dos beneficiarios das subvencións.

Despois, no ámbito da igualdade, din que non investimos en conciliación e en corresponsabilidade, e non entendo como poden dicir iso cando aumentamos un 46 % as partidas de conciliación e corresponsabilidade. O orzamento deste goberno —diciáo o señor Balseiro— en materia de igualdade, duplica o investimento que facía o Bipartito. Entón, non entendo como poden seguir dicindo iso.

En relación cos centros de información á muller, coido que nunca se dixo dende o Goberno galego que fosen centros autonómicos. Son centros municipais, e o único que eu quixen foi poñer en valor, garantir e dar coñecemento de que esas axudas dos centros de información á muller van continuar para os 82 centros, que, efectivamente, son necesarios.

O Plan de reforzo covid en materia de violencia de xénero din que son dous folios —dous folios sen contido—, con medidas que xa existían e outras novas, e ademais que estas novas foron en colaboración con outras entidades; co cal, que non fomos previsores. ¡Home, é que ninguén esperaba a covid-19! Entón, ¿como pode dicir que non fomos previsores? Estamos falando dun plan de continxencia precisamente polo estoupido da crise da covid para garantir a existencia de centros de acollida de natureza alternativa; estamos falando de alber-



gues e estamos falando de centros de turismo exclusivamente pola circunstancia. ¿Quen foi previsor respecto disto?

Este plan conta con 17 medidas. Efectivamente, parte das medidas eran as que xa existían, eu non dixen o contrario, pero tamén hai medidas novas e medidas que coido que son para poñer en valor, porque que o cen por cento do alugueiro das vítimas de violencia sexa financiado pola Administración, ou que o traslado da vítima ao centro de acollida sexa financiado pola Administración, coido que é para poñer en valor. Igual que é para poñer en valor a continuidade de todas as accións que seguimos facendo en colaboración coas universidades, co Observatorio Galego de Violencia de Xénero, co Consello Galego das Mulleres... En fin...

Eu quixera, nesta segunda parte da intervención, poñer en valor o feito de unir as áreas de emprego e as áreas de igualdade. Son dous eidos estes que se nutren un do outro, como así se vai demostrar ao longo da lexislatura. É unha lexislatura marcada pola covid e que estará caracterizada pola reactivación económica, pero onde non haberá igualdade se non hai emprego, porque ten que haber empregos inclusivos, porque ten que haber empregos que permitan a potencialidade das mulleres e porque ten que haber empregos femininos que redunden na produtividade das empresas. Pero tampouco haberá emprego se non hai igualdade, porque o empoderamento da muller pasa, precisamente, pola plena participación da muller no tecido produtivo, no tecido empresarial, nos cargos directivos, nos cargos de responsabilidade... En todos aqueles onde tradicionalmente foi discriminada.

Imos continuar, polo tanto, con todas as accións en materia de promoción da igualdade e imos continuar tamén intensificando —como lles dicía— non soamente a elaboración dos plans de igualdade, senón o que é tan ou máis importante, que é o seguimento dos plans de igualdade. Imos intentar formar non só os traballadores e as traballadoras en igualdade, senón as propias empresas, que son as encargadas de liderar eses plans de igualdade e a efectiva instalación deses plans de igualdade nas empresas. Imos reforzar o diálogo social nesta materia coa Mesa de igualdade que temos establecida no diálogo social e continuaremos, por suposto —que creo que é moi importante—, co labor en materia de seguridade e saúde laboral neste momento con esa unidade covid-19 creada no seo do Issga.

Ninguén de vostedes mencionou nin fixo referencia á renovación do Servizo Público de Emprego de Galicia. Coido que é importante que... —desculpe, señora Rodríguez, que non me dei conta—. (Risos.) Creo que é moi importante destacar esta renovación; é, de verdade, un proxecto importantísimo para o futuro do emprego e da igualdade en Galicia. É fundamental este investimento —como lles digo— de case 6 millóns de euros para conseguir cruzar a demanda e a oferta, os empresarios e os traballadores, para conseguir de verdade unha formación para os traballadores especializada naqueles sectores que, efectivamente, van dar emprego e para conseguir que nós, o Servizo de Emprego Público, sexamos capaces de levar a cabo unha adecuada orientación laboral, de levar a cabo unha adecuada colocación dos nosos traballadores.

É fundamental a formación e a capacitación. Non imos escatimar un euro na formación, tanto para os desempregados como para os desocupados. Son fundamentais as actuacións de recoñecemento de competencias profesionais pola experiencia porque van permitir



tamén a colocación e o emprendemento de moitos dos nosos traballadores desempregados, son fundamentais as actuacións de formación nas unidades formativas das empresas con compromiso de colocación e son fundamentais todas as accións que imos levar a cabo no ámbito do emprendemento para os autónomos e para as microempresas. Porque, como lles dicía, imos manter —e tendes o meu compromiso— o apoio aos traballadores autónomos e ás microempresas a través dos plans de rescate que teñen que acompañar a crise sanitaria todo o tempo que faga falta, pero imos manter tamén todas as medidas de incentivos á contratación con programas como Galicia Emprega; programas que, efectivamente, apoian os colectivos máis desfavorecidos, apoian as mulleres, apoian as persoas en risco de exclusión social e apoian tamén os mozos e as mozas galegos para as insercións nas empresas.

Como lles digo, imos continuar cos programas de economía social, coa creación e consolidación das empresas de economía social, con eses novos programas para intentar crear novas entidades de economía social ou transformar entidades en crise en entidades de economía social, e, por suposto, imos seguir apoiando o emprego inclusivo en empresas de inserción e tamén o emprego para as persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

En definitiva, somos unha consellería de nova creación, pero cun orzamento de máis de 355 millóns de euros para levar a cabo as políticas activas de emprego competencia desta comunidade autónoma e con actuacións tamén que fomenten a igualdade de xénero e que combatan a violencia machista na nosa comunidade.

Estamos desenvolvendo dende o inicio da lexislatura programas centrados na prevención e na seguridade e saúde laboral. Levamos feito xa, como saben, o estudo ou a macroenquisa sobre a percepción na sociedade galega respecto da violencia de xénero, para continuar incidindo naqueles programas que vemos que están funcionando e para incidir tamén naqueles puntos onde vemos que é necesario continuar traballando.

Escoitamos e atendemos, con todos os medios que temos á nosa disposición, os galegos e as galegas. E desde esa premisa xorden as axudas que xa temos aprobado para aliviar a situación, na medida do posible, de incerteza e de falta de liquidez do noso tecido produtivo. Pero tamén temos claro que, ademais de manter o emprego, temos que crear emprego, emprego que responda ás novas demandas do mercado laboral de Galicia, que temos que coñecer a través desa renovación do Servizo Público de Emprego.

Contamos cos orzamentos máis ambiciosos da historia recente; uns orzamentos que se van materializar en estratexias, en programas e en accións que acabamos aquí de expoñer, que se mostran como necesarias e como eficaces e que ofrecen un abanico de programas que seguen a senda marcada de organizacións como a propia OCDE, que acaba de sinalar no seu informe de data 1 de decembro que, efectivamente, hai que incidir en dúas liñas: en programas a curto prazo para o mantemento do emprego existente —en Galicia pensen que máis do 95 % do tecido produtivo está formado por autónomos e microempresas— e que ten que ir a longo prazo a sistemas que sexan capaces de detectar e de anticiparse ás necesidades do mercado laboral para cruzar a oferta ocupacional coa demanda empresarial.



En definitiva, como saben, o obxectivo non é outro que procurar a mellor vida posible a todos os galegos e a todas as galegas. Temos claro neste goberno que a política soamente é útil se chega á xente, e de verdade que esperamos conseguilo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Con carácter previo, señora conselleira, di vostede que a aportación do Estado durante o ano 2020 nesta pandemia foi de cero euros. Mire, non di a verdade. A transferencia polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2020 foi de 735 millóns de euros para sanidade, educación..., *(Aplausos.)* e, sobre todo, para o que nos ocupa, para compensar a caída da actividade económica foron, concretamente, 224 millóns de euros. Creo que non se poden falsear os datos desa maneira. Incluso quero dicirlle que é a sexta comunidade autónoma que recibe estes cartos no ano 2020 e recordarlle datos como que, por exemplo, en maio, polo cese da actividade, simplemente, e por prestacións por desemprego se pagaron en Galicia máis de 150 millóns de euros.

Continuaba coa exposición do Plan de garantía xuvenil. Díciolle antes que o Plan de garantía xuvenil non funcionaba e que por iso pedimos neste Parlamento, nunha iniciativa presentada por este grupo político, a creación dun plan de choque para este colectivo, á que o Partido Popular votou en contra. A título anecdótico quero dicir que foi a propia Deputación de Ourense quen no seu documento sobre o reto demográfico, no marco do Programa operativo de emprego xuvenil do Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, que comprende unha memoria descritiva, dixo textualmente: «*La medida de ayuda al autoempleo contemplada en el Real decreto 234/2018 sí la consideramos más interesante que la ofertada por la Xunta de Galicia para la misma finalidad, es de mayor cuantía y se adapta mejor en requisitos y obligaciones a las dificultades de los territorios reto demográfico.*». Este mesmo informe da Deputación de Ourense recolle que esta provincia é a única provincia de España onde hai máis pensionistas que persoas traballando.

Temos que falar tamén de muller e emprego. ¿Saben vostedes que, se non mudan as políticas feitas en Galicia sobre emprego na muller, a fenda salarial que sufrimos as mulleres non se recuperará ata pasados cento cinco anos? *(Aplausos.)* Coido que non o veremos ningún dos que estamos aquí. A muller necesita un plan específico por parte do seu departamento, e tamén os colectivos máis desfavorecidos, como os parados de longa duración.



Falabamos das oficinas de emprego. Estou de acordo con todo o que dixo das oficinas de emprego, con todo; só espero que se leve a cabo. Porque ¿sabe vostede que, cando gobernaba Touriño, nos últimos orzamentos se deixaran dotadas 89 prazas de orientadores para as oficinas de emprego, que ao chegar o Partido Popular non as cubriron e que no seguinte presuposto as suprimiron? Iso é o que fixo o Partido Popular en materia de oficinas de emprego.

Vostede é coñecedora tamén das transferencias do Sepe. En maio do 2020 falamos de 4.260.380 euros para as oficinas de emprego; que os poden empregar en oito eixos: programas informáticos —como vostede dicía—, sistemas de apertura en espera, etc. Esperamos que as empregue no que estaba a dicir.

E agora o Estado, concretamente o Ministerio de Traballo —que tanto deosta—, acordou coas comunidades autónomas e os axentes sociais o reforzamento individualizado dos parados por medio de persoal cualificado, dedicando 550 millóns aos novos orientadores e creando un centro de orientación, emprendemento e innovación para o emprego. Esta lei necesita que vostedes se acollan aos novos plans de orientación. Esperamos que así o fagan, e estamos expectantes, señora conselleira.

Tamén quero dicir que o Goberno bipartito formalizara os pactos territoriais de emprego con planificación das políticas activas. Vostedes, ao chegar á Xunta de Galicia, abolíronos para levar a cabo unha oferta clientelar sen ter en conta a análise de formación e necesidades do territorio. Non existe agora —esperamos que coa súa xestión se volva realizar— un instrumento que analice as necesidades do mercado laboral.

Quédame moi pouco tempo, e teño que falar tamén de igualdade. Quero incidir en que non existiu nin existe ningunha acción nova nun ano marcado pola covid, que tivo —como sabemos— unha especial incidencia nas mulleres e que incrementaron porcentualmente ben pouco os recursos para o 2021 destinados a programas de conciliación no ámbito local e para o fomento de medidas de corresponsabilidade, algo fundamental no escenario actual.

En definitiva, son datos, pero falta unha avaliación necesaria para elaborar políticas que incidan, precisamente, aí onde é máis necesario. Porque, por pór un exemplo, ¿pensaron xa como reverter ou como actuar para que non se volva producir esa fenda de xénero na produción científica que tivo lugar durante o confinamento, tal e como denunciaron os reitores na Comisión de Reactivación? (*Aplausos.*) Tememos que non. É aí onde o noso grupo observa o maior problema. Unha vez que se detecta unha eiva, hai que saber actuar e estar preparados para dar a mellor das respostas de maneira inmediata.

Por todo isto, dende o Grupo Socialista, solicitámoslle que fagan un exercicio de avaliación notable e sexan quen de ver a necesidade de artellar políticas públicas que garantan unha sociedade equitativa onde as mulleres non teñamos que perder o aínda insuficiente espazo que con moito esforzo, froito da loita das que nos precederon, xa tiñamos alcanzado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Tranquilo, señor Balseiro, vostede na miña táboa de *skate* —que non patinete— non montaría nunca. (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E agora, xa indo ao serio...

O señor PRESIDENTE: A máscara.

O señor PÉREZ LÓPEZ: ...—si, perdón.— vou empezar a miña intervención, a miña réplica, como empecei o outro día unha interpelación: dez meses sen axudas directas a pequenos e medianos autónomos, con peche ou limitación de actividade, ¡dez meses! A Xunta, por responsabilidade e por compromiso, debería ter actuado.

En todo caso, fala tamén de que se moveron fondos; pero, se se moveron, é porque non se executaron e, precisamente, falamos de partidas que eran de axudas a persoas afectadas polos ERE de forza maior e a empresas en crise por nada máis e nada menos que 2.732.115 euros sen executar.

Falaba tamén antes —que antes non me deu tempo—, respecto dos ERTE, do asesoramento que se fixera desde a súa área. Non é, desde logo, o que nos transmitían e o que transmitiron tanto os autónomos como os que se manifestaron en outubro polas rúas de Galiza, que falaban de confusión e de falta de información.

En canto ao Issga, tamén falaba vostede de que fixeran guías de actuación para os centros educativos. Non me estraña, porque, cos cambios de protocolos que houbo xusto antes do inicio do curso, normal que necesitaran esas guías.

Tamén me sorprende —aínda que vostede me dicía que deixara algunhas cousas sen nomear— que vostede tampouco nomee para nada os datos do desemprego do mes de novembro aquí, en Galiza, que son demoledores. O número de desempregados rexistrados nas oficinas de emprego subiu na Galiza en 6.165 persoas. Isto supón un incremento do 3,4 % respecto ao mes anterior, cinco veces máis que a media española, co que 1 de cada 4 novos desempregados no conxunto do Estado español son galegos. A razón atopámola no modelo económico do PP, ao que a covid lle está amosando as costuras. En vez de apostar decididamente polos nosos sectores produtivos e pola nosa industria, desde a Xunta seguen fomentando a dependencia do sector servizos, que, desgraciadamente, sofre de estacionalidade e de precariedade laboral. E este sector servizos é o que lidera a alza de desemprego, cuantificándose en 4.600 as persoas que perderon o seu traballo en novembro.

Señoría, en canto á precariedade laboral, ter un traballo na Galiza xa non supón estar libre de atoparse nunha situación de exclusión social. A dimensión que compón a exclusión social sería a escaseza económica, entendida como falta de ingresos suficientes ou a ausencia deles, e isto relaciónase directamente co emprego e co mercado laboral. Un traballo estable ben remunerado, un traballo digno, é básico para a integración. Por iso, a inestabilidade laboral entendida como temporalidade é un elemento que xera vulnerabilidade e exclusión, e isto



fai imprescindíbel que o Goberno da Xunta adopte medidas correctoras para que as galegas poidan acceder a un emprego digno, estable e ben remunerado; medidas que non se adoptaron por parte da Xunta. Así, vemos como informes fóra de toda dúbida como o de Foessa indicaban antes da pandemia que a exclusión social está enquistada na nosa sociedade. Estes datos, desde logo, despois da pandemia, non melloraron.

A temporalidade é un indicador claro da precariedade laboral. En novembro, os contratos indefinidos foron pouco máis de 5.000, fronte aos 56.000 temporais. Iso supón que os primeiros baixaron en 1.535 nun mes e os segundos, os temporais, se afundiron nunha cantidade de 10.254. En balance acumulado, o 98,86 % dos contratos son temporais, fronte ao 9,2 %, que neste caso serían indefinidos.

E non me vale que compare os datos de Galiza cos dos outros territorios do Estado que están peor. Compárese sempre, por favor, cos primeiros da clase, non cos que van peor ca un; ou iso me ensinaron a min sempre na casa. *(Aplausos.)*

Dende a Asociación Galega de Traballadores Autónomos e do Mar anuncian que a afiliación ao RETA se cerrará en novembro en Galiza cun saldo negativo de 1.700 autónomos menos. Tan só no sector da hostalería Galiza perde 203 establecementos, e o pequeno comercio, 107. O que non é menos importante é que tamén denuncian que hai unha contradición entre os datos de novas altas como autónomos e a situación pola que está atravesando o mercado de traballo tradicional. E conclúen con isto que hai un transvasamento ao mercado de traballo como falsos autónomos de miles de novas altas no RETA; o cal podería controlarse se a Xunta avanzase dunha vez no autogoberno e reclamase do Estado español asumir as competencias que lle son propias nesta materia, como sería a da inspección laboral. Pero, claro, non interesa. E agora Galiza carece dos instrumentos axeitados para detectar eses falsos autónomos e así corrixir esa situación denunciada polas diferentes asociacións de autónomos do país.

Non valen políticas continuístas en emprego e igualdade. Galiza precisa unha consellería protagonista, proactiva e non unha continuadora de políticas mediocres e conservadoras que se limitan a sota, cabalo e rei. A situación actual require valentía. Así que asuman a súa responsabilidade de goberno dunha vez, avancen no autogoberno e reclamen do Estado as competencias que lle son propias, como as de inspección. Só así o Goberno galego estará dotado de todas as ferramentas necesarias para intentar solucionar os problemas das galegas e dos galegos.

Nun momento de crise como o actual é algo vital para o noso pobo. Adopten decisións valentes, porque iso é gobernar e iso é o que lle están exixindo os galegos e as galegas neste momento de tremenda crise.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradezo o ton da señora Rodríguez e do señor Pérez, xa llelo dixen máis veces en comisión; dá gusto debater con eles. E, a todo isto, se me permite o señor Pérez unha brincadeira, direille que eu non teño ningún problema en montar nese patinete que teñen vostedes, ou nesa táboa, pero non polo patinete, porque no patinete xa montei moitas máis veces, senón porque non o vexo a vostede como piloto e non me xera a confianza suficiente para pilotar. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Eu, que son un home de mar, ligado ao mar, tampouco o subiría a vostede na táboa de surf. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Señora conselleira, aquí falouse de moitas cousas, incluso se falou do Goberno bipartito. Tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego deben estar orgullosos daquel goberno que durou catro anos, pero os galegos dixéronlles a vostedes que volveran á oposición.

Falouse de que tiñamos menos recursos que daquela na súa consellería. O orzamento da súa consellería é un dos que máis crece; crece un 32 %; é dicir, crece 18 puntos por riba da media do conxunto da Xunta de Galicia, que é dun 14 % e que ten 355 millóns de euros, que son case 100 millóns máis de euros para o ano 2021 que para o ano 2020. Polo cal, non sei de onde sacan os números, pero é que comparar os números cos dos anos 2008 e 2009, que foron os anos de bonanza e cos presupostos máis altos que tivo a propia Comunidade Autónoma de Galicia... Porque despois os presupostos viñeron mermando desde eses anos ata o 2014 e ata o ano 2015, e chegamos a ter dous mil e pico millóns de euros menos no ano 2013 e 2014 dos que tiñamos daquela. O que non dixo vostede é que vostedes cadraron mal as contas e deixaron un burato de 2.000 millóns de euros cando se foron do Goberno, que aínda están pagando agora os galegos e as galegas. *(Aplausos.)* Entón, non me pode comparar vostede iso cos anos 2008 ou 2009, porque iso é un erro.

Falaron aquí de moitísimas cousas, pero, mire, eu xa lle dixen máis veces que o Partido Socialista é unha máquina de destruír emprego en todas as administracións nas que está. Mire, eu teño aquí un cadro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire... *(O señor Balseiro Orol mostra unha gráfica.) (Risos.) (Murmurios.)* Non, non, mire: último Goberno de Felipe González, 8 millóns de parados; *(Murmurios.)* Goberno de José María Aznar, crea 4 millóns de empregos; Goberno de Zapatero, 3 millóns de parados; Goberno de Mariano Rajoy —en plena crise, señores, jen plena crise!—, crea 2 millóns de empregos. É dicir, vóullelo explicar mellor porque quizais o van entender mellor: con Felipe González a taxa de desemprego era do 20,5 %; José María Aznar baixouna ao 11,4 %; vén Rodríguez Zapatero e súbea ao 23 %; e vén Mariano Rajoy e báixaa ao 16 %. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor BALSEIRO OROL: E falaron vostedes de emprego xuvenil, pois, fíxese vostede: con Felipe González, a taxa de emprego xuvenil, o 39,2 %; con José María Aznar, a taxa de emprego xuvenil, o 22,9 %; con Zapatero, a taxa de emprego xuvenil, case o 49 %; con Mariano Rajoy a taxa de emprego xuvenil, o 37,3 %; e con Pedro Sánchez, a taxa de emprego xuvenil



actual pasa do 40 %. ¿Como poden vostedes falar de emprego xuvenil, señores? ¿Como poden falar vostedes de emprego xuvenil?!

Igual que falaron dos centros de información á muller, que se eran municipais. ¡Claro que son municipais! ¿Pero sabe quen os financia ao cen por cento? A Xunta de Galicia; finánciao ao cen por cento. ¿E sabe cales son en Galicia os únicos CIM que se cerran? Pois os dun concello que gobernan vostedes con maioría absoluta, que é o concello de Castro Caldelas, que ten tres sentenzas, ademais, en contra. ¡Están vostedes como para dar leccións do que se fai!

Falaron incluso vostedes de emprego. Mire, o paro rexistrado en Galicia reduciuse en 30.000 persoas desde que chegou o actual Goberno da Xunta de Galicia. Aumentou o paro rexistrado; o Bipartito triplicaba o actual, a pesar dun contexto económico moito máis favorable que o contexto actual. O último ano do Bipartito, 50.900 parados; o último ano do actual Goberno, 17.000 parados. É dicir, vostedes triplicáranos. Pero é que vostedes non poden dar leccións de emprego, porque se dan leccións de emprego ou ocultan os datos ou, se non ocultan os datos, non os coñecen. Porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Eu non sei... A empanada... Non sei...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, era del. Remate.

O señor BALSEIRO OROL: Ía dicir que a empanada é un prato típico galego, vostede que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min gústame a de liscos; non sei cal lle gusta a vostede. *(Risos.) (Murmurios.)*

Mire, e por finalizar cun dato de emprego alentador, direille que nos últimos meses recuperamos o total de empregos perdidos nos meses de marzo e de abril: 42.900 afiliacións á Seguridade Social. É dicir, Galicia recuperou o 100 % do emprego, fronte ao Estado, que recuperou só o 66 %. E non é un emprego precario, como din vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...porque 3 de cada 4 ocupados son indefinidos, e o número de indefinidos aumenta mes a mes fronte á caída do conxunto de España.

Falan vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente. ¡Pena que non tiveramos máis tempo para rebater, pero é o que toca!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): No turno de dúplica ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Vou responder a algunhas das cuestións antes de facer a intervención final.

Señora Rodríguez, eu, cando falei da transferencia do Estado de cero euros, referíame exclusivamente a axudas directas ao sector, non a que non se transfiran, evidentemente, fondos desde a Administración estatal á Comunidade Autónoma de Galicia. Referíame a que durante dous meses o Estado anunciou que ía sacar un plan de axudas contundente para o sector da hostalería, para o sector do turismo. Levamos esperando dous meses e as axudas directas son de cero euros. Baséase nas prestacións que xa viña financiando, é verdade, respecto dos traballadores en ERTE e baséase nas axudas que dá ás comunidades autónomas. Referíame a iso.

En calquera caso, si é certo que o Estado vén transferindo fondos ás comunidades autónomas. Pero, en concreto, fondos covid —dos que vostede falaba— Galicia recibiu menos dos que lle correspondía pola porcentaxe de poboación, o cal resulta francamente sorprendente.

Falaba vostede das transferencias do SEPE —en concreto, para as oficinas de emprego—. Mire, as transferencias do SEPE este ano tiñan que ter sido 180 millóns de euros, e Galicia soamente percibiu 167 millóns de euros. Cando vostedes facían as súas intervencións dicían que, en concreto, nas políticas de emprego Galicia non executaba ben os fondos. Neste ano, na conferencia sectorial celebrada en outubro, Galicia era a única comunidade autónoma que tiña comprometido o cen por cento dos fondos que tiñan que ser transferidos, é dicir, os 180 millóns de euros. Nós imos pagar 180 millóns de euros. É dicir, a diferenza entre os fondos transferidos do Estado e o que nós imos pagar procede das arcas da Comunidade Autónoma, que se ten que xestionar porque non veñen os fondos que o Estado prometeu.

Señor Pérez López, fala vostede de que os traballadores autónomos saíron á rúa pola confusión, e non me estraña, non me estraña. Unha cousa son as prestacións que se pagan aos autónomos e outra cousa é a tramitación dos ERTE. Os autónomos saíron ás rúas, e case as mutuas saen ás rúas, porque non hai quen entenda como está regulada a prestación por cese de actividade nos reais decretos. Pero iso non ten nada que ver coa tramitación dos ERTE por parte da Comunidade Autónoma. Quen escribe as normas, quen ten a competencia lexislativa, é o Estado. Nós somos os que executamos esas normas. A única competencia que ten esta consellería como autoridade laboral é a tramitación dos ERE e dos ERTE nos supostos de forza maior; *ergo*, todos os que foron desenvolvidos durante esta fase da pandemia. E así o fixemos, nun tempo récord —volvo dicir—, e non grazas nin a esta conselleira nin á directora xeral, grazas a todo o equipo de empregados públicos que estiveron traballando e que sacaron adiante catro mil expedientes de ERTE e, a maiores, todos os ERTE que tiveron que desactivarse a continuación. *(Aplausos.)*



Di vostede que Galicia non ten os instrumentos necesarios para vixiar os falsos autónomos que ao parecer se están producindo. É dicir, a Inspección de Traballo desenvolve as súas funcións de xeito diferente se depende do actual Partido Socialista en coalición que se depende do Partido Popular. É dicir, que reconece vostede que a Inspección de Traballo faría mellor as súas funcións se dependese do Partido Popular aquí en Galicia que se dependese do Ministerio de Traballo e do Ministerio de Seguridade Social. Porque, por certo, fale con algún inspector de traballo, porque aínda non saben de onde dependen. Inspección de Traballo está dividida entre dous ministerios e, se desempeña funcións para a Seguridade Social, terá que falar co señor Escrivá; e, se ten que facer funcións a nivel de traballo, terá que falar coa señora Díaz.

Os inspectores de traballo é un corpo de funcionarios respecto do que estou convencida de que están facendo as súas funcións con absoluta independencia, e tamén —valla a redundancia— con independencia do goberno do que dependen. Entón, non diga que estes falsos autónomos van quedar sen inspeccionar porque dependan da Administración autonómica ou porque dependan da Administración estatal.

Os autónomos, ao parecer, saíron á calle para falar contra a organización da Xunta, contra a tramitación da Xunta, contra o plan de axudas... Mire, hai un presidente dunha organización de autónomos que non é soamente presidente aquí, a nivel galego —saberán de quen lles falo—, senón que é secretario xeral da organización de autónomos a nivel nacional. E destacou o importante papel que a Administración galega desempeñou respecto dos autónomos. Dixo textualmente: «La Xunta ha estado a la altura de las circunstancias y ha puesto en marcha las medidas y ayudas necesarias para los autónomos». Se tan tarde chegamos, se tan mal nos anticipamos, se resulta que a Xunta o está facendo tan rematadamente mal e non está chegando a nada, entón o presidente dos autónomos a nivel nacional non defende os autónomos e sae a favor da Xunta. E precisamente é dunha organización de autónomos que creo que non é para nada sospeitosa de ser favorable a este goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Miren, ao longo destes catro intensos meses de goberno, podo asegurarlles que analizamos, reflexionamos, debatemos, investigamos, nos documentamos e falamos de todas as cuestións que debiamos abordar. Froito disto, das horas investidas en dialogar cos interlocutores sociais na nosa comunidade para coñecer as distintas perspectivas, para intercambiar percepcións, para encontrar puntos de unión, decidimos poñer en marcha non soamente este plan de autónomos, senón as liñas das que acabo de falar. Froito disto é tamén polo que estas organizacións apoian os plans que sacamos dende o Goberno, porque non están feitos unilateralmente dende o Goberno, senón porque están feitos dende o consenso.

Falamos aquí dunha aposta por manter determinadas accións, pero por manter determinadas accións non para consolidar políticas, senón por manter accións que son eficaces e que se amosan como eficaces. Falamos de impulsar outras accións que ano tras ano aumentan a súa demanda, porque non podemos parar a formación, porque non podemos parar a formación con compromiso de contratación, porque non podemos parar os obradoiros de emprego que amosan ano tras ano que contribúen á colocación e á inserción laboral. ¿Como imos falar de parar programas que ano tras ano están contribuíndo



claramente á empregabilidade dos galegos e das galegas nun momento de crise? É o momento de mantelos e, se cabe, de incrementalos. E imos ser capaces de incrementalos co orzamento que estamos presentando. Ademais, por suposto, traemos novos proxectos. Non é, polo tanto, unha política de continuidade fronte á covid, é unha política de mantemento daqueles programas que funcionan e de innovación naqueles proxectos cos que cremos que temos que innovar para atender as novas necesidades froito do novo contexto económico e social.

Non son liñas estratéxicas a curto prazo, pese a que ocupen o orzamento dunha anualidade, senón que son liñas estratéxicas que están pensadas para un medio e para un longo prazo. Pensamos que co investimento que imos ser capaces de levar a cabo neste ano 2021 e tamén no 2022 —e en parte cos fondos europeos— seremos capaces de implementar e de reformar —como lles digo— medidas en materia de emprego e en materia de igualdade. Investimos moito máis que o Bipartito —gústelles ou non— en materia de igualdade, o dobre. Soamente dende a Secretaría Xeral de Igualdade investimos 30 millóns de euros. Sobe o orzamento un 10 %, ao que hai que sumar todos os programas de conciliación da Consellería de Política Social, como tamén os sumaban vostedes dende a antiga Vicepresidencia de Igualdade e Benestar. Polo tanto, subimos o dobre do presuposto en igualdade que durante o Bipartito. Subimos un 46 % as accións de conciliación e as accións de corresponsabilidade. Non baixa o orzamento de corresponsabilidade nin de conciliación. Dos 25 millóns da Dirección Xeral de Relacións Laborais hai que sumar 2 millóns destinados soamente ao eido da igualdade laboral.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación vai investir —como lles digo— 6 millóns de euros en reformar todo o Servizo Público de Emprego. Crecemos un 300 % en materia de autónomos e de microempresas. Encontrámonos, en definitiva, ante un ano en que esta consellaría e, por suposto, toda a Xunta de Galicia —como todos os gobernos do mundo— se enfrontaron a desafíos importantísimos, pero tamén coido que temos unha organización estratéxica real, con propostas consolidadas e con propostas que están orzadas e cunha auténtica planificación.

O 2021 preséntase como un ano incerto, pero cremos que os galegos e as galegas deben saber tamén que, aínda que estamos cun panorama sanitario e económico incerto, contamos na nosa comunidade cun goberno estable, cun goberno sólido, cun goberno responsable e que imos traballar cada día desta lexislatura co firme propósito de facer de Galicia un lugar de oportunidades para o emprego —para un emprego igual para mulleres e para homes— e, sobre todo, unha Galicia libre de violencia machista.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora ao seguinte punto, o punto seis, de proposicións non de lei, e comezamos pola primeira delas.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos fondos europeos Next Generation

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentou ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 3593).

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego:

1. Acorda constituír de xeito urxente, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, unha ponencia para conformar unha posición de país en torno a priorización dos proxectos que deben optar a asignación dos fondos europeos, para a súa defensa na Conferencia Sectorial de Fondos Europeos a celebrar entre o goberno e as Comunidades Autónomas.

2. Instar a Xunta de Galicia a remitir á Cámara galega, de xeito inmediato a listaxe dos 108 proxectos enviados pola Administración autonómica para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, con explicación detallada sobre a natureza do proxecto, o seu impacto na creación de emprego, criterio de selección e nome da empresa ou entidade, pública ou privada, executora do proxecto.»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a Proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego, hoxe volvemos insistir en traer a debate a esta Cámara unha cuestión que nos parece fundamental: outra iniciativa respecto da xestión e da tramitación dos fondos europeos de recuperación. Facémolo, unha vez máis, con preocupación diante da falta de información, de transparencia, de claridade e, sobre todo, de estratexia do Goberno galego nun asunto que nos parece que é fundamental para saír adiante xa na crise na que desafortunadamente estamos inseridas e inseridos. Imos a un contexto económico moi incerto, que sabemos que vai ser complicado e no que todo recurso será pouco. Se algo quedou claro no debate orzamentario de onte, foi precisamente que sabemos que van ser os únicos orzamentos expansivos da lexislatura. Sabemos tamén que nin sequera o Goberno as ten todas consigo respecto de que todos eses recursos planificados vaian vir de forma efectiva. Sabemos que despois virán as vacas fracas e seremos conscientes verdadeiramente da



dimensión que acada esta crise da covid. Polo tanto, para nós é inaceptable a deixadez de funcións que vemos no goberno do Partido Popular, que está máis preocupado por facer anuncios que por facer os seus propios deberes. A nós gustaríanos que estivesen un pouco menos embriagados de maioría absoluta e que deixasen de camiñar como polos sen cabeza nesta cuestión; e tamén, de paso, que deixasen de tomar a pitorreo este Parlamento, esta oposición e este país.

Temos insistido noutras ocasións e neste mesmo hemiciclo en propostas de país para que houbo un debate sobre este asunto. Propuxemos no seu día, no mes de outubro, unha ponencia para abordar isto no Parlamento galego. Foi vetada a proposta. A partir de aí comezou o Goberno galego co seu baile de cifras. O 11 de novembro propuxemos criterios específicos para que Galiza os defendese diante da repartición dos fondos europeos, e a mesma tónica. Outras propostas seguiron o mesmo destino. Mesmo, sen ir máis lonxe, hai quince días, na sesión de control ao presidente da Xunta de Galiza, a nosa voceira nacional, Ana Pontón, fixo unha proposta para defender, en nome deste país, que a xestión debe ser territorializada e para alertar do perigo que supón a centralización que xa está anunciando o goberno de Sánchez. O señor Feijóo —na súa liña— saíu por peteneras.

Polo tanto, nós entendemos que ata este momento basicamente o que fixo a Xunta de Galiza foron anuncios e ignorar institucións e organizacións sociais do noso país de diferente índole. Xa non falo só do que fai coas forzas políticas. Temos debatido noutras ocasións sobre o que aconteceu con esa Comisión de Reactivación, na que nos dicía o Partido Popular, tendendo a man, que aí iamos debater o destino dos fondos europeos e ter toda a información posible. En realidade, aí o único que puidemos constatar é que non só a oposición non sabe nada desta cuestión, senón que tampouco as universidades teñen reservado un papel. Sabemos que os propios expertos consultados pola Xunta de Galiza recomendan que iso non se faga así, e vimos todo tipo de colectivos que viven do lado deste gran debate de país que nos debería estar ocupando —entre eles o Consello Económico e Social ou os sindicatos maioritarios deste país—.

En todo caso, nós seguimos apelando a que isto se corrixa, e vemos como unha mala noticia que volvese o señor Francisco Conde pola Comisión de Reactivación para non aclararnos nada. Porque o certo é que veu comparecer. Tráxonos un *power point* recompilación pasados uns días coas xeneralidades que nos dixo, pero non anunciou nin explicou nada que non estivese concretado anteriormente nas comparecencias públicas da Xunta de Galiza. Sinceramente, pensamos que este país, esta oposición, este Parlamento, merecen maior respecto.

Nese sentido, nós entendemos que nos ofreceu un discurso cheo de xeneralidades, de proxectos xa anunciados previamente, ou de cuestións que xa están na xestión diaria da Xunta de Galiza, como a construción de albergues ou as aldeas modelo. Desde logo, se o nivel de proxecto tractor para a Xunta de Galiza é construír algún albergue máis no Camiño de Santiago, nós quedamos moi preocupadas; como tamén quedamos preocupadas por moitas ausencias inexplicables que escoitamos nesa comparecencia. Diante da crise industrial tan importante que vivimos, sorprende que sectores como as térmicas, o naval e a transición enerxética non teñan un peso específico; e tampouco grandes débedas que hai neste país como ese saneamento das rías, que tantas polémicas protagonizaba nestes días.



Tamén nos preocupa poder comprobar certa solvencia técnica dos anuncios que se fan. Temos falado noutras ocasións desas grandes plantas de hidróxeno de 50 megavattios que as persoas expertas din que son insostibles e que sería mellor un modelo a pequena escala. Ou da cuestión do tratamento e da xestión dos puríns, que a ninguén se lle escapa que é unha necesidade atopar unha saída neste país e favorecer unha economía circular e a reciclaxe, pero, desde logo, tampouco se lle escapa a ninguén que é absolutamente contrario a todos os principios de non contaminación pretender trasladar eses puríns en camións, con toneladas de líquido contaminante por todo o país, como gran solución para unha economía verde. Desde logo, iso o que desvela é unha verdadeira falta de proxecto, de consistencia e que o que hai é improvisación, negocio con catro empresas escollidas e falta de diálogo, de contraste científico e de deseño de futuro.

Por iso, hoxe queremos insistir nesta cuestión que é tan importante para Galiza, e facémolo cunha proposta que ten tres peticións moi claras e moi sintéticas. A primeira, a transparencia. Eu teño aquí todas as solicitudes do artigo 9 que leva feito o Bloque Nacionalista Galego desde o inicio desta lexislatura; solicitudes de información concreta de fondos europeos de anuncios da Xunta de Galiza, e non foi contestada nin a primeira. Polo tanto, pedimos algo tan elemental como que se remita de forma inmediata ao Parlamento galego información máis concreta. E volvo insistir: somos conscientes de que hai aspectos que non poden ser desvelados, que poden estar suxeitos a segredo dos profesionais; por suposto. Pero entre non dicir nada e dicir un titular hai moitos puntos intermedios que, desde logo, entendemos que serían posibles.

En segundo lugar, unha cuestión tamén moi clara. Insistimos, a xestión dos fondos ten que ser desde Galiza. É fundamental defender unha xestión directa por parte do noso país fronte a un centralismo no que sabemos que Galiza perdería fronte a outros territorios; igual que aconteceu no pasado en sectores tan importantes como o mar, o leite ou o naval. E xa sen ir a tempos moi pasados, podémolo ver nestas últimas semanas respecto da cuestión das cotas pesqueiras.

Polo tanto, o que pedimos é simple: non repetir os erros do pasado e ter unha posición clara de que Galiza debe xestionar os fondos que lle correspondan. Porque, ademais, hai unha contradición evidente: se territorializar foi a forma en que repartiu a Unión Europea ata o momento a contía destes fondos —anteriormente xestionábanse outros fondos—, pois parece pouco razoable que neste momento as administracións que xa traballaron con eses fondos deixen de facelo e que teñamos que ir o outro modelo. Iso non quita, evidentemente, a nosa crítica —que aínda a faciamos pola mañá— a como leva feito a Xunta de Galiza ese traballo. Pero, desde logo, se as competencias son de materia galega, non vaíamos a un fiasco como algúns dos que vivimos durante o estado de alarma, onde o Estado se atribuíu algunhas funcións que non lle competían e, ao final, tiña que volver descansalas nas comunidades porque non era quen de facer unha xestión adecuada.

Polo tanto, en síntese, o que pedimos hoxe é esa xestión directa, e traemos a iniciativa que o Partido Popular non se atreve a traer, porque o certo é que o Partido Popular pon o traxe galeguista segundo lle peta para confrontar co Goberno central e para lanzar a súa mensaxe de campaña do día, pero logo, á hora da verdade, non está exixindo unha xestión racional



dos fondos europeos. Polo tanto, non sabemos se o venres pasado lle deu permiso Casado ou non, agardamos que si, pero a cuestión clara que propoñemos hoxe aquí é: que uns e outros deixen de lado os intereses centralistas e obedezan este país.

E, en terceiro lugar, a última cuestión que propoñemos vén na liña do que levamos defendendo estes últimos meses de debater e dialogar sobre os obxectivos, sobre os criterios claros e os ámbitos estratéxicos de actuación que precisa o noso país, porque o certo é que o Partido Popular ten gastadas xa as palabras «consenso» e «unidade» de tanto usalas, de tanto apelar nesta lexislatura a elas, pero o certo é que é inversamente proporcional o número de veces que as repite ao número de veces que as practica.

Nós entendemos que hai cuestións das que falar nas que este Parlamento ten que ter un papel —algunha delas xa a temos enunciado noutras ocasións—; nas que marcarnos un obxectivo. Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, facemos unha proposta: o equivalente ao 9 % do fondo, 12.6000 millóns de euros. Pero, en todo caso, debatámolo. O que non é lóxico é ter un goberno que parte do punto de partida de ir ao exame sen marcarse un obxectivo.

En segundo lugar, entendemos que tamén hai que falar dos fondos que estamos deixando de recibir, do impacto que vai ter a medio prazo o recorte dos denominados fondos tradicionais e de tecer tamén unha estratexia de país para que esa cuestión se compense. Poño un exemplo: minorouse o Fondo para a transición xusta, pois este país terá que ter unha posición a ese respecto.

E, por último, tamén cremos que as liñas a negociar e os proxectos estratéxicos a definir e demais tamén deberan ter un papel neste Parlamento, porque o Goberno galego fai apelacións ao consenso, a que se está aberto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a recibir novas propostas, pero logo a realidade é que, se non se fan esas propostas neste Parlamento, non sei onde queren que lles fagamos as propostas, porque nós non somos as empresas que vostedes convidan a falar.

En resumidas contas, xogámonos moito como país nesta cuestión e traemos tres propostas moi claras e necesarias que entendemos que deberían ter unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente.



Boa noite a todas e a todos, deputadas e deputados.

Efectivamente, esta é unha cuestión que xa se ten debatido neste Parlamento, a instancia do BNG, insistentemente. É unha iniciativa onde o PSdeG ten unha posición política eu creo que bastante evidente, que se reflicte na emenda: a necesidade de que este país articule unha posición única, onde participen o conxunto das forzas políticas, onde participen os axentes económicos e sociais, onde participen os actores fundamentais deste país, e a universidade tamén; unha estratexia de país que se ten que fixar nunha ponencia, nunha comisión ou no órgano que se estime, pero unha posición de país que reflicta cales son os proxectos que vai desenvolver este país para que sexa capaz de asumir os fondos; neste caso, os fondos europeos. *(Aplausos.)*

Evidentemente, estamos diante dunha cuestión dunha magnitude importantísima. Hai que coñecer e saber as limitacións tamén que impoñen a xestión e a execución dos fondos europeos. Galicia non ten unha dinámica especialmente positiva na execución dos fondos europeos. En relación cos fondos de I+D+i do período 2014-2018, a Xunta de Galicia única e exclusivamente foi capaz de executar o 25 %. No Estado tampouco é que teñan moita máis capacidade. Creo que temos como país un problema fundamental para executar os fondos.

Neste tipo de debates que afectan fondos europeos, en fin, cadaquén ten a súa ideoloxía, evidentemente. Eu non lle digo a ninguén que renuncie á súa ideoloxía, sen embargo, sería bo evitar debates gratuítos, dende o punto de vista partidista, que non van solucionar absolutamente nada e sería bo centrarse na realidade do que constitúen os fondos, en como conseguilos e, dende logo, en como executalos. *(Aplausos.)*

Sería bo tamén que coñeceramos como funciona realmente isto. Temos a necesidade de coñecer o regulamento e a xestión dos fondos a nivel europeo, que aínda non o coñecemos, a necesidade de coñecer os criterios e as bases para definir os proxectos que teñen que asumir ese tipo de fondos e a necesidade de coñecer que estes fondos se van tramitar e xestionar a través dun plan único —un plan estatal, nacional, un plan de recuperación e resiliencia dende o ámbito estatal— no que, polo tanto, as comunidades autónomas teñen que participar —Galicia tamén, por suposto que si— a través dunha conferencia sectorial de fondos europeos coas comunidades autónomas. Así se acordou na Conferencia de Presidentes, onde estivo o señor Feijóo e onde estivo, ademais, a comisaria europea. Efectivamente, temos que ser conscientes de como funciona todo isto.

Son uns fondos dunha magnitude importantísima —70.000 millóns—. O mecanismo de recuperación e resiliencia para o conxunto do Estado español en fondos non reembolsables de execución moi áxil —no período 2021-2022 teñen que ser executados o 70 %— non é fácil. Hai que definir ben os proxectos. E nós apelamos ao conxunto da Cámara a sentarnos nunha comisión, a conformar unha posición de país, unha posición única que defina cales son os intereses de Galicia, que non son os intereses do Partido Popular. *(Aplausos.)* Vostedes ganaron as eleccións, e ninguén lles quita a lexitimidade, pero vostedes non teñen o monopolio do país *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Aquí hai máis que un pensamento único, señor Tellado —que está mirando para min, por iso lle contesto a vostede—. *(Risos.)*



Nós defendemos, evidentemente, a cogobernanza nos fondos europeos; imos defendela. Anunciouse que as comunidades autónomas van xestionar o 54 % dos fondos, dos 70.000 millóns iniciais, se somos capaces de captalos, se somos capaces de presentar proxectos que sexan capaces de absorber eses fondos. E tamén van participar os concellos.

Nós somos conscientes da dificultade, pero tamén somos exixentes. Galicia ten que estar na xestión dos fondos, pero imos ser consecuentes, imos definir os proxectos capaces de absorber eses fondos, capaces de dimensionar economicamente este país, capaces de cohesionar este país. E iso, dende logo, faise cunha posición de país, cunha posición, a ser posible, negociada coas forzas políticas, cos axentes económicos e cos axentes sociais.

Posición da Xunta: anunciáronsenos 108 proxectos en relación cos fondos nestes últimos tempos e unha aspiración de mobilizar 9.400 millóns de euros de ámbito público, nunha colaboración público-privada. En paralelo, anunciáronsenos un plan de reactivación de 3.000 millóns. Eu creo que aquí hai bastante propaganda, bastante publicidade e, dende logo, pouco realismo, e dígoo con toda honestidade. Na comparecencia do señor Conde na Comisión de Reactivación a semana pasada —comparecencia á instancia do Partido Popular, que pode comparecer as veces que estime conveniente; a nosa crítica non vai porque compareza o conselleiro, senón porque se vete a comparecencia de expertos solicitados polos grupos da oposición, que non compareceron—, (*Aplausos.*) o señor conselleiro non dixo absolutamente nada novo. Si dixo unha cousa —ou plantexou unha estratexia— que é pór a venda diante dunha estratexia xa deseñada de confrontación co Goberno do Estado basicamente diante da inacción, da falla de rumbo, da falla de estratexia, da falla de modelo que ten a Xunta en relación cos fondos europeos.

Son 108 proxectos que ninguén coñece. Logo diseccionaba nesa comparecencia o señor conselleiro varios eixos e atribuíu a cada un dos eixos non sei cantos proxectos... Pero, en definitiva, ninguén os coñece. E vostede, señora Noa, acaba de ensinar aquí un *PowerPoint*, que é o que o señor conselleiro remitiu á Comisión de Reactivación e que é o mesmo que remitiu ao Goberno central: unha folla de *Excel* e un *PowerPoint*. É o que hai dende a Xunta de Galicia.

Polo tanto, paréceme ben que a Xunta de Galicia —e o Partido Popular— reclame coñecer cales son os criterios que utiliza ou que vai utilizar o Goberno para definir eses proxectos, pero coa mesma pregunta solicitámoslles a vostedes unha resposta: ¿cales son os criterios que utilizou a Xunta para seleccionar os 108 proxectos? ¿Cales son? ¿Quen participou? ¿Participou a Comisión de Expertos na definición dos proxectos?, ¿participaron os sindicatos? Non. Non participaron nin os axentes económicos e sociais, (*Aplausos.*) non participou a universidade, non participaron os concellos...; non participou ninguén, simplemente as empresas ás que vostedes están ligados e ás que vostedes intentan... Eu creo que xa nin se fían de vostedes. En fin...

Señores deputados e deputadas, dende o PSdeG somos conscientes da magnitude que significan os fondos para Galicia, somos conscientes da necesidade de conformar unha posición de país e somos conscientes do futuro que demanda este país se somos quen de conseguir que os fondos veñan a Galicia, que se definan proxectos viables e que se executen. E, por



tanto, pedimos menos opacidade, menos singularidade na actuación do Partido Popular e máis consenso, máis diálogo e máis posicións de encontro cos grupos da oposición, e especialmente co conxunto das forzas políticas e dos sectores económicos e sociais do conxunto do país. O portavoz do Partido Socialista tendeu-lles a man en distintas ocasións; fíxoo na Comisión de Reactivación e volvémoslo facer nós neste debate. Queremos conformar unha posición de país; constituír unha ponencia ou o que vostedes estimen conveniente. Esa é a nosa posición.

Respecto da iniciativa do BNG, respectamos a súa posición. En fin, é unha posición ideolóxica e non compartimos algunhas cuestións que se citan nela. Non as compartimos, porque non nos parece realista a posibilidade de que Galicia perciba 12.600 millóns, que constitúen, efectivamente, o 9 %, cando o peso de Galicia na economía galega é do 6 %. Pero estamos dispostos no fondo da cuestión a entrar nun debate serio, onde Galicia ten que estar, efectivamente, reclamando ou viabilizando proxectos que sexan bos para este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, don Francisco Rivera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

A verdade é que a intervención do señor Francisco Rivera foi tremendamente clarificadora e xa me aforrou parte do meu traballo. A súa intervención resúmese no seguinte —xa o dixo vostede entre liñas—: a Galicia vanlle tocar poucos fondos porque, como xustificamos mal os fondos europeos —di vostede—, pois, total, ¿para que? Primeiro argumento do señor Francisco Rivera, que xa o deslizou —supoño que lle mandaron—.

Segundo argumento —isto vai para vostedes, señores do BNG—: isto vaise xestionar de forma centralizada; acábao de dicir e recoñecer publicamente, quedou xa no *Diario de Sesións*. Polo tanto, o resto do debate é unha tomadura de pelo, señor Francisco Rivera, ¡unha auténtica tomadura de pelo! A Galicia vaille tocar pouco, e xa o fai de forma centralizada o Goberno de Pedro Sánchez dende a Moncloa. *Fin de la cita* —resumo da súa intervención—. Señora Presas, ¿que quere que debatamos?, ¿que quere que debatamos se xa dende o PSdeG-PSOE se encargan de clarificar a cuestión?

Señor Francisco Rivera, fala vostede dunha posición conxunta de país. ¿De verdade? ¿Dende o PSdeG-PSOE? Mire, se realmente queren defender os intereses de Galicia, nós o único que lles podemos dicir é benvidos; benvidos, porque esta sería a primeira vez que dende que nese partido manda —bueno, é unha forma de falar— o señor Gonzalo Caballero se interesan polos intereses de Galicia. Porque ata o de agora o único interese que tiveron vostedes foi sempre defender o Goberno de Pedro Sánchez. ¡Sempre! ¡Sempre!, a pesar de todo.



Este é un debate que xa tivemos en múltiples ocasións en pleno, en comisión, na Comisión de Reactivación... Eu teño que dicirles que o Parlamento de Galicia xa se pronunciou, gústelles ou non lles guste, participasen vostedes ou non. Xa hai un acordo deste Parlamento de Galicia sobre estas cuestións. É certo que vostedes non quixeron saber nada. E estou seguro de que non quixeron saber nada porque o propuña o Partido Popular, porque en boa medida estaban de acordo co acordo que puxemos enriba da mesa. O mandato deste Parlamento demanda do Goberno de España criterios transparentes, criterios obxectivos e obxectivables para a repartición dos fondos, baseados en tres principios —dixémolo aquí e debatémolo aquí—: o principio de subsidiariedade e cogobernanza, o principio de concorrência competitiva e o principio de cohesión social e territorial; deseñando un mapa de axudas coherente coa realidade dos diferentes territorios e tendo en conta factores como: niveis de renda per cápita —¿están de acordo?—, a porcentaxe de poboación que vive no rural —¿están de acordo?, non están de acordo—, o reto demográfico —¿están de acordo?, están de acordo— e a transición industrial —¿están de acordo?, están de acordo—. Pois, sen embargo, votaron en contra. (Risos.) Este é o PSdeG-PSOE, que toma a cachondeo a defensa dos intereses de Galicia.

Mire, estes principios de repartición que defende o Partido Popular de Galicia—e demandamos a Pedro Sánchez a través deste Parlamento— son tamén os criterios de repartición que está demandando de forma reiterada a Unión Europea aos estados membros. Non é que o diga o Partido Popular de Galicia; é que a propia Comisión Europea se ten posicionado demandando este tipo de criterios.

Última mostra. Mire, logo da reunión que tiveron os presidentes autonómicos e o presidente do Goberno coa presidenta da Comisión Europea o pasado 2 de outubro, as institucións europeas definiron un marco de cogobernanza, establecendo que —e abro comiñas—: «as autoridades rexionais deben ser apropiadamente consultadas e involucradas na repartición de fondos en consonancia co marco xurídico nacional». Ben, ao señor Pedro Sánchez isto dálle igual e xa dixo que vai facer o contrario.

Vostedes, en vez de traballar xuntos en crear unha fronte común que defenda os intereses de Galicia e que evite que o Goberno de Pedro Sánchez volva enganar a Galicia, aférranse unha e outra vez ao mantra de facer públicos os proxectos europeos. Non sabemos os criterios, pero vostedes queren que poñamos as cartas boca arriba sen saber aínda como van ser avaliados e priorizados eses proxectos. ¿Vostedes coñecen os proxectos que manexa o Goberno de España? ¿Con quen os consultou? ¡Con ninguén! ¿Coñecen os proxectos doutras comunidades autónomas? Non, porque ninguén o fai público ata que non se coñeza o regulamento da repartición dos fondos. Entón, ¿de que se nos acusa?, ¿de non facer públicos uns proxectos nos que debemos velar pola súa confidencialidade para que sexan competitivos na contorna comunitaria na que competimos?

Miren, aínda non coñecemos os criterios de repartición, non coñecemos nin sequera o mecanismo a través do cal eses fondos van chegar ás comunidades autónomas, pero para vostedes a única prioridade é coñecer os detalles, o nome e apelidos de cada un dos primeiros 108 proxectos presentados.

As liñas xerais foron presentadas polo conselleiro —polo vicepresidente segundo da Xunta de Galicia— neste Parlamento. Coñecémolas todos, hai un documento entregado. ¿Que que-



remos? ¿Poñer as cartas boca arriba?, ¿para que? Para que nos fulminen e para ter a excusa de botarlle logo a culpa á Xunta de Galicia do fracaso dunha repartición de fondos que o Partido Socialista pretende facer contra os intereses de Galicia.

Mire, están muy preocupados por el cuánto en el BNG, pero están muy poco preocupados en el cómo; y el cómo, hoy por hoy, es lo más importante, no fijar una cantidad. Están ustedes muy interesados en fijar una cantidad para que luego nos llegue ese dinero y poder echarle la culpa a la Xunta de Galicia de que es poco. *(Murmurios.)* ¡Ese es el tema! *(Murmurios.)*

En el fondo, el problema del BNG es que necesita culpar a la Xunta de Galicia y al Partido Popular de Galicia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de un reparto injusto de fondos que va a perpetrar el Gobierno de España. *(Murmurios.)*

Miren, vosotros e nós sabemos perfectamente o que vai pasar: vosotros necesitades unha excusa para poder culpar a Xunta do que vai facer o Goberno de Pedro Sánchez, porque ningún dos grupos —nin sequera o PSdeG-PSOE— confía no Goberno de Pedro Sánchez, porque sempre que puido castigou a Galicia; sempre que puido. Esa é a realidade.

Teñen vós que aferrarse a calquera excusa para xustificar o que vai acontecer coa repartición dos fondos europeos: que se repartirán con criterios políticos. E non o digo eu, díxoo o propio presidente do Goberno creando un gabinete político para a xestión deses fondos. Aquí o que hai é unha comisión de expertos; *(Murmurios.)* unha comisión de expertos independentes, esa é a diferenza. Polo tanto, mire, aquí os fondos repartiranse con criterios políticos que favorecerán, sen lugar a dúbidas, os socios prioritarios do señor Pedro Sánchez. E entre eses socios prioritarios xa non está o Bloque Nacionalista Galego —o Partido Popular de Galicia nunca estivo—.

Mire, os incumprimentos do Goberno de Pedro Sánchez con Galicia coñéceos todo o mundo; todo o mundo, esa é a realidade. O Goberno de Pedro Sánchez traizoou Galicia sempre que puido, co aplauso dos seus palmeiros no PSdeG-PSOE e coa axuda —ás veces silente, ás veces ruidosa, pero sempre cómplice— do Bloque Nacionalista Galego. Vós fixérono presidente.

Mire, eu podería ler a lista de agravios continuados do Goberno de España a Galicia dende que chegou Pedro Sánchez á Moncloa. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vou aforrala, señor Arangüena, porque vós non está neste debate. Pero, se quere, falamos, porque é continuada, dende os orzamentos xerais do Estado do ano 2019, que non prosperaron, á rebaixa dos orzamentos do ano 2021, que castigan Galicia cun recorte do 11 %. Os orzamentos medran no conxunto do Estado e caen en Galicia; esa é a realidade. Aínda nos deben a última mensualidade do IVE do ano 2017; levan dous anos sen pagala. Polo tanto, non lle tomen o pelo á xente, porque xa non enganan a ningún. *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¡Caramba co espírito navideño do señor Arangüena! (Aplausos.) Vese que... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Nós lamentamos que, ante as continuas traizóns do Goberno de España a Galicia, o Bloque Nacionalista Galego sexa cómplice necesario desa traizón, porque sempre elixen ese camiño. Calquera escusa é boa para non arrimar o ombro e para non enfrontarse directamente co PSdeG-PSOE, con quen gobernan en concellos e en deputacións. O que pretende o Bloque Nacionalista Galego é preconstituír probas para poder dicir que xa o dixeron e que a Xunta é tan culpable como o Partido Socialista; para dicir iso tan do BNG de [«PSOE e PP, a mesma merda é»]. (Expresión retirada do Diario de Sesións polo deputado que a pronunciou.) ¿Sabe o que ocorre? Que con esa merda do PSdeG-PSOE é con quen vostedes cogobernan; esa é a realidade. (Aplausos.) Nós, se tivéssemos ese concepto do PSdeG-PSOE, non gobernariamos con eles en ningún lugar. (Murmurios.) Non, eu non comparto esa afirmación. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Comprenderá que eu non comparto esa afirmación, porque nós non a pronunciamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O que lle digo é que quen a comparte é ese partido. (Murmurios.)

Non esquezamos que o Bloque Nacionalista Galego de Ana Pontón fixo presidente o presidente máis centralista da historia democrática de España. (Murmurios.) ¡Fixo presidente o presidente máis centralista da historia de España!, o máis lesivo para a nosa comunidade e para o Estado das autonomías; que non só minora os nosos recursos, senón que ataca os principios do noso autogoberno. Poden estar orgullosos da súa axenda nacionalista tan comprometida con Galicia e que, ao final, segue os ditados de Esquerra Republicana de Cataluña e de Bildu.

Nada máis e moitas grazas.

Aclárolle a frase para que quede tranquilo, señor Arangüena. Eu dixen que nos critican a nós, igual que a vostedes, para poder dicir esa frase que tanto cacarexan moitas veces nas manifestacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de [«PSOE e PP, a mesma merda é»]. (Murmurios.) E eu en-gadín: se eu considerase que o PSdeG-PSOE... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...fose unha merda, nunca gobernaría con vostedes... (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, non son eu (Protestas.) quen asume esa afirmación. (Murmurios.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

Señor Tellado, de todos os xeitos... *(Murmurios.) (Interrupcións.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Se me deixan, agradézollelo. Porque a quen lle toca dirixir o debate nesta ocasión é a min, e sempre deixo terminar os que están falando, aínda que ás veces non compartan o que digan.

Señor Tellado, aínda que xa sabemos exactamente o que dixo, pídolle... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, sabémolo todos, somos conscientes. Está claro cal era o significado, pero pídolle que retire esa afirmación para evitar malentendidos. Pese a que entendo cal era o seu sentido, pídolle que a retire.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu xa dixen que esa afirmación non a comparto e, polo tanto, se non a comparto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, pois se a retira, agradézollo ou, se non, retirámola nós.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Se en vez de non compartila...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, pero xa está...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Se quere que a retire, retíroa; así quedan todos máis tranquilos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale. Pois se a retiramos, agradézollo.

Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O sentido da expresión quedou perfectamente claro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa o sei, pero para evitar suspicacias de ninguén...

(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)

Veña. Moitas grazas, señor Tellado. Agradézollo eternamente.

(Aplausos.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.



Se puidese pedir un desexo de Aninovo, pediría por un minuto que na Noiteboa, no lugar de falarnos o monarca de España, puideran emitir en *prime time* dúas cousas: o anuncio de Nadal desta semana do señor Feijóo e despois a microrrealidade na que vivimos neste Parlamento, onde os mesmos que defenden o consenso practican escenas como a do señor Tellado. A verdade é que así, polo menos, aos que estamos aquí axudaríanos a non sentirnos ás veces nun mundo paralelo.

Miren, eu só digo unha cuestión inicial, por deixar as cousas claras. Defender o autogoberno, efectivamente, é algo ideolóxico, é unha posición política. Tamén estamos nun parlamento. Pero tamén é político e ideolóxico defender todo o contrario ao autogoberno. ¡Alá cadaquén con onde se sitúa!

O señor Tellado dicía que, claro, que con uns cogobernamos. Pois, mire, con outros seica temos unha pinza. É o que ten, que, segundo o asunto, esta organización política sempre está co que pensa que é mellor para Galiza. E se ás veces hai que pactar co demo, pois páctase. (*Aplausos.*)

É así a cuestión, claro. O problema é que o autogoberno ten que ser algo que intentemos exercitar, sobre todo quen goberna. Esa é a cuestión, claro. Pero hoxe mesmo nese Congreso dos Deputados co que tan obsesionados e obsesionadas viven votábase unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para transferir os centros oceanográficos da Coruña e de Vigo, algo que se votou unanimemente neste Parlamento moitas veces. ¿E votaron a favor os seus grupos? ¡Non, non votaron a favor! (*Aplausos.*) Claro, a cuestión é cando falamos de autogoberno como un elemento retórico que queda moi ben para celebrar efemérides da nosa axenda pero non para intentar practicalo porque o señor Casado ou o señor Sánchez non nos dá permiso. Se é para iso para o que quere que votemos unidos, señor Tellado, votar unha cousa aquí para que despois vostedes non a defendan noutro lado, pois, desde logo, quen é cómplice de soterrar o autogoberno e de que Galiza perda oportunidades, é vostede, non somos nós.

Falou, claro, da iniciativa que trouxeran no seu día para defender os criterios. ¡Oia!, é que trouxeron esa iniciativa en resposta a unha iniciativa do BNG porque xa non podían xustificar máis non traer uns criterios aquí, señor Tellado. (*Murmurios.*) Pero a cuestión é que vostede intenta xustificar a dación de información dos 108 proxectos, claro, en criterios de segredo industrial, etc. Pero é que hai moitas máis cuestións coas que ser transparentes e das que falar ademais dos proxectos. ¿Por que non aceptaron vostedes que houbese unha ponencia de traballo? ¿Por que, cando a líder da primeira forza da oposición apela a que o señor Feijóo non se ría e levante o teléfono, non o toman en serio? Eu creo que este país ten que estar orgulloso de que, efectivamente, ese consenso, ao que vostedes tanto apelan nos seus vídeos navideños, se vise en situacións como a pandemia. En situacións como a pandemia aquí neste país fixemos algo extraordinario e completamente ilegal como suspender unhas eleccións. ¿Por que non poderíamos ter unha posición de país para determinadas cuestións? Claro, vostedes si que preconstitúen probas. Si, si que preconstitúen probas vostedes, porque o único que lles interesa é ter un elemento máis de ariete para autoxustificarse e para dar pataditas ao Goberno central porque non está o señor Casado. É o único que os motiva: non ter unha estratexia de país ambiciosa para conseguir proxectos, señor Tellado.



E, claro, logo fan unhas críticas de que *el señor Sánchez es que quiere un gabinete político para decidir sobre los fondos*. Pois, ¡oia!, igual que a Comisión Next Generation que vostedes legalizan nesa lei que presentou vostede pola mañá. ¡É un organismo político, é un organismo político disfrazado de técnico! ¡Home, por favor! (*Aplausos.*) Fan o mesmo que o señor Sánchez: escudarse, escudarse na técnica para xustificar decisións políticas. Porque quen ten a última palabra, aínda que presuntamente se apoie noutros comités, é o Consello da Xunta. A min o que me sorprende é que o Partido Socialista se abstivese nesa lei, pero, en fin, é a cuestión.

Mire, señor Tellado, vostedes teñen que decidir se gobernan pensando no mellor para Galiza e teñen esas posicións —aínda que teñan que sumarse a nós nalgunha ocasión— ou se o único que os vai levar para decidir é a estratexia de campaña electoral co señor Sánchez. É exclusivamente o que teñen que decidir. Desde logo, eu quedo moi intranquila cunha cuestión. Aquí o señor Rivera afirmou que o panfleto que nos deron o outro día é o que vostedes presentaron en Madrid. (*A señora Presas Bergantiños amosa un documento.*) Alégrome de que vostede negue coa cabeza, porque é un documento que quedaron en remitir á Comisión de Reactivación. Seguimos esperando, é o documento número 37. Eu pregunteille ao señor Conde se era isto o que nos ían mandar ou non, e non respondeu. Desde logo, espero que esta piltrafa non lla presentasen, porque entón si que é normal que se ría de vostedes... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Sobre a emenda, por favor...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que se ría de vostedes o señor Sánchez.

Respecto da emenda, non a imos aceptar porque entendemos que rebaixa as cuestións que propoñemos, e apelamos ao Partido Popular unha vez máis, e ao Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a que defendan a xestión territorializada para Galiza porque entendemos que ese punto é fundamental. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa titularidade, custos de mantemento, sistema de xestión e plan de usos do pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse todas as emendas que poden presentarse: unha autoemenda, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 4981 (11/PNP-000569)

Emenda de adición

Engadir ao texto dous novos puntos, que terían os números 4. e 5.:

“4. Proponer a organización en Meirás, no mes de xaneiro de 2021, dun acto de recoñecemento ás persoas e entidades memorialistas que se significaron ao longo de máis de catro décadas na reivindicación da devolución do Pazo de Meirás e na fin da impunidade franquista.

5. Defender o uso central de Meirás como espazo da memoria histórica democrática galega, como proxecto de futuro.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 4981)

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa debe substituírse pola seguinte:

O Parlamento de Galicia acorda a creación, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, dunha comisión parlamentaria non permanente de estudo que, dando voz ás diferentes administracións, asociacións e entidades implicadas, estude os posibles usos e a xestión do Pazo de Meirás para o caso e o momento en que a sentenza do xulgado de primeira instancia da Coruña se confirme a favor do Estado, dando prioridade, en todo caso, aos usos relacionados coa divulgación da memoria democrática.)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu portavoz, Pedro Puy Fraga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei 4981(11/PNP-000569).

Emenda de substitución:

Débese substituír o punto 2 e 3 da parte resolutiva polo texto que segue a continuación:

2. Acordar no seno da comisión técnica, integrada polos membros do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e do Concello de Sada, a fórmula de xestión durante o período previo á sentenza definitiva e un plan de usos que posibilite e compatibilice:

a) Usos vencellados á figura de Emilia Pardo Bazán no eido da cultura e da creación intelectual, así como á promoción da igualdade, dado o carácter pioneiro da escritora no ámbito do feminismo.

b) Usos turísticos relacionados cos programas de visitas ao pazo e ao predio.



c) Usos relacionados coa memoria histórica mediante o desenvolvemento dun programa expositivo, informativo, didáctico e divulgativo sobre o réxime franquista, o espolio de bens por parte da Ditadura e do Ditador, e a loita social, política e institucional pola súa recuperación, así como usos que manifesten a superioridade dos valores democráticos fronte ás ditaduras, relatando a historia das Torres de Meirás na súa totalidade.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

«Cambiar o relato non abonda, mais decote foi fundamental para conseguir mudanzas reais. Facer unha ferida visíbel e pública é moitas veces o primeiro paso para subsanala. E o que durante moito tempo se tolerou, agora tórnase intolerábel. O que antes se pasara por alto, agora convértese en obvio. Isto significa que todo conflito é, en parte, unha batalla sobre a historia que contamos, ou sobre quen a conta e quen é escoitado». Esta cita pertence a este libro de Rebecca Solnit: *Esperanza na escuridade. A historia xamais contada do poder da xente*. (O señor Bará Torres amosa un libro desde o estrado.)

E vén moito ao caso do que estamos a falar porque está falando tamén desta imaxe, desta fotografía, (O señor Bará Torres amosa unha fotografía desde o estrado.) unha imaxe dun grupo numeroso de persoas que se manifestaban no ano 2007 pedindo devolución, pedindo xustiza, pedindo dignidade, mentres alguén desprezaba a súa loita. Pero esta loita foi absolutamente fundamental para cambiar a historia e queremos recoñecelo aquí, son os verdadeiros heroes e heroínas da loita pola recuperación do pazo de Meirás. (Aplausos.)

E por iso propoñemos ou pedimos, ou suxerimos, que o primeiro acto que se faga alí sexa precisamente o de renderlles homenaxe a estas persoas, a quen máis loitou desde o principio durante todo o tempo por chegar ata aquí. Porque son ás veces os pequenos grupos de persoas, de persoas humildes, as que conseguen cambiar a historia. E conseguiron cambiar a historia.

E tamén é o momento de recoñecer a quen máis loitou desde a investigación, como as persoas que fixeron este libro, como Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, que traballaron o que non está escrito durante máis dunha década, investigando en todo tipo de arquivos, recompilando máis de 80.000 documentos, para poñérllelos en bandexa ás institucións para que puidesen facer a demanda tamén para a devolución do pazo de Meirás. Merecen o recoñecemento e a homenaxe para sempre do pobo galego. (Aplausos.)

E merecen, sobre todo, o apoio porque están sendo acosados e denunciados por parte da familia Franco, que lles presentou varias demandas. Como tamén son acosados e denunciados pola familia Franco os dezanove de Meirás, para os que piden un proceso e nada máis e nada menos que trescentos anos de cadea. Isto é, desde logo, o mundo ao revés, é a xustiza ao revés, porque quen debería sentarse diante dun tribunal de xustiza é a familia Franco, é o franquismo, por roubar, por extorsionar, por asasinar, por maltratar a xente deste país. Pero non, non se teñen que sentar no xulgado a familia Franco, senón que se teñen que sentar no



xulgado os que loitan contra o franquismo. Son as cousas desta modélica transición que nos queren vender vostedes. A transición e a súas derivadas. Se non, ¿como se pode explicar, por exemplo, o paradoxo de que a familia Franco gozase do pazo de Meirás durante máis tempo que o propio ditador, que a propia ditadura? Isto, desde logo, é unha anomalía democrática, como é unha anomalía democrática que, despois de máis de corenta e dous anos de réxime constitucional tan modelicamente democrático, pois resulta que esta familia segue gozando dos títulos nobiliarios, que son unha auténtica aberración democrática, do señorío de Meirás e do ducado de Franco. Seguen existindo aínda a día de hoxe estes títulos nobiliarios concedidos polo monarca, herdeiro do franquismo, e lexitimados, legalizados sucesivamente, por todos os gobernos do Estado ao longo de máis de corenta anos. Isto tamén é para pensar, para reflexionar. Porque, ademais, son títulos que teñen a Grandeza de España. Se esta é a grandeza de España, queden con España e coa súa grandeza. É unha auténtica miseria. (Aplausos.)

E agora que se conseguiu ese grande logro histórico, este grande paso adiante, grazas á loita de tanta xente durante tanto tempo, resulta que a Xunta e o Partido Popular intentan unha auténtica operación perversa que consiste en crear unha cortina de fume, unha vez máis, para intentar branquear o franquismo. E teño que dicirlllo así, lamentablemente, señor conselleiro. A operación «Pardo Bazán», a operación «Faro da Igualdade» son unha cortina de fume, un intento de branquear o franquismo e a mesma artimaña xa coñecida que vostedes fixeron coa illa de San Simón: desmontar un proxecto de memoria histórica inventando tamén, como agora, a Illa do Pensamento para desmantelar a Illa da Memoria, e que quedou en nada. Porque alí pódese facer de todo. Pode ser a illa dos poetas, pode ser a illa dos piratas, pode ser a illa da literatura, pode ser a illa das *yincanas*, pode ser a illa da procura do tesouro, pode ser a illa mesmo da festa de Halloween para vivir momentos de terror na illa de San Simón. ¡Tamaña ofensa á memoria das persoas que tanto sufriron alí...! Pode ser de todo menos unha illa para a memoria histórica. Pois ¿sabe por que? Porque vostedes lle teñen aversión, aversión ao estudo da historia democrática da loita antifranquista e por iso non consenten, e por iso son capaces de inventar calquera cousa para tapar esa temática.

E isto para nós é moi perigoso e moi pernicioso. En primeiro lugar, porque supón a banalización do mal, a trivialización e a banalización do mal. Hai moito escrito sobre isto. En segundo lugar, porque branquea o franquismo. En terceiro lugar, porque ofende a memoria das vítimas. E, en cuarto lugar, porque falsifica a historia.

Esta é a folla de ruta coñecida do Partido Popular, que decidíu lamentablemente ir por libre. Primeiro, nun acordo parlamentario que tomaron de maneira unilateral sen contar coas outras forzas políticas e, despois, presentando este plan de usos, que presentou vostede mesmo, señor conselleiro, o día 11 de decembro na casa-museo Pardo Bazán, que podemos dicir que é sobre todo un plan de antimemoria histórica. Porque para vostedes a memoria histórica aquí pasaba por alí, pasaba por alí, ocupa seis liñas. E aínda vostedes, o señor presidente da Xunta, se atreve a falar de memoria selectiva. O presidente da Xunta fala de memoria selectiva, o presidente da Xunta fala do pazo no que algunhas veces pasaba por alí, veraneaba —chamoulle— «*el general Franco*». Faltoulle chamarlle «*el Generalísimo Franco*» xa. O presidente da Xunta, ademais, sente compaixón pola familia Franco, que acaba de perder un pazo. Non os podemos tampouco agora andar molestado, ¡pobriños!



E ¿sabe o que lles dicimos? Que ¡xa está ben!, que ¡basta xa con esta actitude e con estas prácticas e con estas decisións! E por iso o BNG trae aquí unha proposta clara que xa trouxemos previamente á Comisión.

En primeiro lugar, pensamos que se debe ceder este pazo a Galiza, á Xunta de Galiza.

En segundo lugar, pensamos que debe haber unha xestión compartida entre distintas institucións que tiveron que ver no proceso de recuperación, todas as institucións. E aí ten que haber, desde logo, un lugar tamén, nun consello asesor —ou na fórmula que se considere—, para as entidades e persoas expertas que traballaron tamén para chegar aquí.

E, en terceiro lugar, mentres non haxa unha sentenza definitiva, ten que haber un plan de usos que contemple e que conte toda a historia dese lugar, que é un lugar histórico, como di a declaración de BIC. En primeiro lugar, a súa orixe como residencia de Pardo Bazán. En segundo lugar, o tempo que foi residencia dun ditador, dunha ditadura sanguinaria. Polo tanto, hai que contar a represión e o espolio. Non nos debe dar medo contar a historia, porque coñecer a historia é bo, beneficianos. A historia, para o mal e para o ben, para todo, é beneficiosa; porque unha sociedade que coñece a historia é unha sociedade máis cohesionada e máis forte. En terceiro lugar, para coñecer a historia do espolio, da extorsión, da rapina perpetrada alí e tamén para saber o que pasou na transición, para explicar o que dixeran antes, e para contar tamén como foi ese proceso heroico de loita pola recuperación do pazo de Meirás, que é unha das grandes historias épicas deste século do pobo galego, e vai ser unhas das grandes historias deste pobo neste século.

E por iso tamén propoñemos, mediante unha emenda, que se deixe claro que a memoria histórica, que a recuperación da memoria histórica, debe ser un eixo central do futuro do uso do pazo de Meirás cando estea xa recuperado definitivamente —que non o está—. E pode ser, ademais, un lugar para estudar as ditaduras, para estudar os fascismos, desde unha perspectiva non só galega senón internacional. En definitiva, Meirás ten que ser unha aula viva de convivencia e de intelixencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...unha escola de democracia, de xustiza e de dignidade colectiva, a antítese do que foi durante todos estes oitenta e dous anos pasados. É o punto de partida tamén para desenvolver dunha vez por todas —seguímolos pedindo aquí— unha política pública de memoria histórica, democrática, antifascista galega.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.



O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Doeume que o señor Tellado puxese en dúbida o meu espírito navideño e é certo que esta mañá non felicitei a Navidad ás e aos integrantes da sección Vox do Partido Popular de Galicia. E para amosar o meu compromiso co espírito navideño, quero facer expresamente extensiva a miña felicitación de nadal ás e aos integrantes da sección Vox do Partido Popular. (*Aplausos.*) Tamén ao señor Tellado, por certo, aínda que non estea aquí.

Indo ao tema, como sabemos, unha recente sentenza, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña, declara a nulidade dos títulos de adquisición do pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. A demanda impulsouna o Goberno progresista de España, non a Xunta, que non tiña capacidade xurídica para facelo, en primeiro lugar, pero tampouco tivo nunca vontade política ata que houbo un goberno socialista en Madrid. E trátase dunha sentenza histórica que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada de total dominio do Estado, un ben do que o ditador desfrutou máis de tres décadas e do que continuou desfrutando a súa familia ata o presente. E a escritura de compravenda de 1938, recuperada a principios de 2019 pola Avogacía do Estado, foi a chave para esa resolución. Sen esa escritura, non habería sentenza. Este é un dato obxectivo. Todo o demais será discutible, pero sen esa escritura non habería sentenza. (*Aplausos.*) E foi atopada pola Avogacía Xeral do Estado, impulsada politicamente por un goberno progresista.

E, reitero, de non ser por esa escritura, seguindo instrucións deste goberno progresista, non sería posible a recuperación da titularidade do ben para o Estado, logo da declaración da nulidade das transmisións a favor do ditador Franco. Porque esa escritura obtívose, como dicía, a principios de 2019 no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e foi a que desmontou o embuste ideado polo ditador e que prevalecera, digamos, ata ese momento. Foi o goberno progresista de Emilio Pérez Touriño o que declarou o pazo ben de interese cultural, que foi o primeiro paso para a súa recuperación, non foi o goberno do señor Fraga (*Aplausos.*) que vicepresidía o señor Feijóo, foi o goberno progresista bipartito. O que si fixo no 2011 o goberno do señor Feijóo foi pactar coa Fundación Franco para abrir o pazo catro días ao mes, e permitir que durante anos esa fundación fixese apoloxía da ditadura nas visitas guiadas a ese inmovible. Así que o único que fixo a Xunta neste asunto foi chegar a un acordo coa Fundación Francisco Franco e permitir que alí se fixese apoloxía da ditadura durante anos.

A propia sentenza recolle, como dato fundamental para desmontar o argumento da posesión pacífica e ininterrompida esgrimido pola familia do ditador, unha relación dos movementos históricos desenvoltos a favor da recuperación do ben por parte do Estado. Entre os cales, na páxina 384 —fundamento xurídico quinto— refírese como —e cito literalmente— «en febreiro de 1978 se fai pública unha proposta do Partido Socialista para a restitución ao seu lexítimo dono e a súa conversión en sede do futuro goberno autonómico». É dicir, corenta e dous anos antes desta sentenza e corenta anos antes de que o Parlamento de Galicia instara a recuperación do pazo, o Partido Socialista xa demandaba a recuperación dese ben e incluso propoñía que fose a sede do futuro goberno autonómico, mentres os antecesores políticos dos deputados e deputadas do PP hoxe aquí presente andaban cuestionando a democracia e opoñéndose a ese Estado autonómico. (*Aplausos.*)



Con base en todo o anterior, a nosa proposta que fixemos, por vía de emenda, á proposición do BNG —e como xa vén sendo así— é que se cre unha comisión de estudo no Parlamento de Galicia na que, coa participación de institucións públicas, privadas e persoas físicas implicadas na recuperación do pazo se determinen os usos e xestión para o caso e o momento en que a sentenza do xulgado se confirme en favor do Estado, dando prioridade, en todo caso, aos usos relacionados coa memoria histórica, coa memoria histórica democrática. Porque, por moito que algúns queiran escapar da memoria democrática e priorizar o uso asociado ao legado de Emilia Pardo Bazán, a historia máis recente e máis significativa do pazo está asociada ao feito de que Francisco Franco foi un corrupto (*Aplausos.*), ademais dun golpista e ditador que, cos seus actos, causou a morte de centenaes de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis; un corrupto que foi capaz de obrigar a cidadanía da comarca coruñesa a pagar para regalarlle o pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome; un corrupto que, segundo o historiador Ángel Viñas, amasara xa no ano 1940, unha fortuna de 38 millóns de pesetas de entón, que equivalen a 400 millóns de euros de hoxe. E, ademais, unha vez que o xulgado facilitou a medida cautelar solicitada pola Avogacía do Estado para inventariar e manter custodiado no propio pazo o contido do mesmo, soubemos que ese contido está integrado en parte por obxectos que forman tamén parte do patrimonio do Estado, o cal demostra que o ditador era, ademais de corrupto, un auténtico saqueador. (*Aplausos.*)

E a rapina, o roubo e o espolio do pazo de Meirás é soamente unha mostra máis desa corrupción que xerou a familia Franco, un enorme patrimonio do que aínda vive hoxe esa familia. Hai escasos anos, o presidente da Xunta dicía que: «Yo creo que los gallegos no estamos por la labor de pagar dos veces el pazo de Meirás, lo pagamos en el año 38 cuando lo donamos a la familia». As palabras que empregou o presidente galego —«donación» e «lo pagamos los gallegos»— non son gratuítas, dado que presumían dunha doazón válida e lexítima, que é xusto o contrario do que di a sentenza, xusto o que desmonta a sentenza. A maiores, o presidente da Xunta presume de que o pazo se abriu ao público baixo o seu mandato, e incluso se permitiu criticar a esquerda por non telo feito cando estivo á fronte da Xunta; unha mostra máis do seu enorme cinismo nesta materia, como en tantas outras, dado que foi o Goberno Bipartito quen declarou o pazo como ben de interese cultural e o que estableceu o pertinente réxime de visitas públicas, recorrendo os Franco contra esa decisión, que non puido ser legalmente executada ata o ano 2011 —gobernando xa o PP—. Pero foi, evidentemente, o Goberno Bipartito quen posibilitou a apertura do pazo ao público a través da súa declaración como ben de interese cultural.

E a Xunta do señor Feijóo non moveu un dedo para evitar que a Fundación Francisco Franco se fixera co control da promoción pública do pazo, (*Aplausos.*) a pesar de que esa fundación se dedica a facer apoloxía do franquismo, que é precisamente o seu obxecto social. E os feitos traizoan unha e outra vez as palabras do PP de Galicia neste tema, dado que hai tres anos o Pleno da Deputación da Coruña aprobou unha moción para instar a que a Xunta impedise que en Meirás se fixera apoloxía do franquismo, na que o PP se abstivo. Tamén houbo outra, na que se pedía que o Goberno galego se integrase na Xunta pro-devolución do Pazo, como xa o estaba na Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña a propia Deputación, a Universidade da Coruña e concellos e formacións políticas, e o PP, novamente, abstívose. E así, sucesivamente.



Polo tanto, en primeiro lugar, non vendamos a pel do oso antes de cazalo. A sentenza é froito dun fino, complicado e complexo traballo xurídico, e de moita vontade política, pero non é firme. E resulta contrario á lóxica e prematuro pedirlle ao Estado a cesión da titularidade do pazo cando o ano que vén pode haber unha sentenza en sentido contrario á de primeira instancia.

E, en segundo lugar, non avogemos por poñer inxenuamente o pazo en mans de quen querría facer un parque temático de non sei que tipo no cal se omitise e se desvirtuase a memoria histórica democrática. *(Aplausos.)* Porque a súa memoria histórica é ben distinta da que poidamos ter o PSOE e o BNG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en política democrática, e particularmente na política parlamentaria, hai momentos para a confrontación. Son os máis, e esa é a esencia da democracia: o debate, o contraste de ideas e políticas. Pero tamén hai momentos para a unidade e o acordo. Eses momentos son cando, como sociedade, compartimos obxectivos comúns e xuntos, colaborando aínda que sexa en diferente medida ao longo do tempo, acadamos ese obxectivo compartido. Hoxe é, ou debería ser, un destes últimos días, un día de celebración conxunta por un éxito colectivo, por un logro anhelado explicitamente por todos os grupos desta cámara alomenos desde o ano 2017 e un logro que, polo seu simbolismo, adquire unha dimensión histórica. Probablemente, como dicía hai uns días o escritor Méndez Ferrín, merecería eternizarse nunha pintura académica da historia, porque tal é, e non outra cousa, o cadro de entrega das chaves do pazo de Meirás aos representantes do patrimonio do Estado en execución de, efectivamente, unha sentenza que aínda non é firme.

Dicía que era un éxito de todos, pero que iso non quere dicir que sexa de todos o mesmo mérito por este éxito. E por iso cómpre, en primeiro lugar, dar as grazas a quen máis o merece.

En primeiro lugar, a quen durante máis tempo máis fixeron para chegar á recuperación de Meirás. Entre os que destacan, felicitamos e agradecemos o traballo das persoas e entidades memorialistas que ao longo das últimas catro décadas se significaron con lucidez histórica na devolución do pazo de Meirás e en pórle fin á impunidade do espolio de bens públicos que fixeron o ditador e a súa familia; un espolio e apropiación de bens públicos aínda hoxe provisional pero xa confirmado pola xustiza.

E debemos, en segundo lugar, felicitar e agradecer o traballo dos historiadores que durante un longo tempo dedicaron o seu esforzo investigador a demostrar con rigor académico os



feitos que posibilitaron a apropiación pola familia Franco das chamadas «torres de Meirás»; aos historiadores que, con carácter máis xeral, tamén documentaron os feitos que aconteceron en Galicia durante o período final da Segunda República, durante o golpe de Estado que tratou de poñerlle fin sen éxito e durante a subseguinte guerra civil, esa guerra que Julián Marías, outro represaliado pola súa militancia republicana, dixo que non podemos esquecer porque o esquecemento nos expón á súa repetición. E tamén durante a posterior e duradeira ditadura persoal, a ditadura persoal máis longa das que existiron na historia europea.

Efectivamente, grazas a investigacións como a de Carlos Babío e Manuel Pérez respecto de Meirás, pero a moitos outros, como aos profesores Núñez Seixas ou Fernández Prieto, que seguiron a estela aberta por outros historiadores como Ramón Villares ou Justo Beramendi, hoxe avanzamos no coñecemento da historia da Galicia moderna e contemporánea. E moitos aprenderon, e aprendemos, que boa parte dos españois foron, e fomos, no pasado reféns do relato construído desde o propio franquismo, como de feito ocorreu —e hoxe sabémolo— en relación con Meirás; un relato xeral que estendeu un manto de silencio sobre o que ocorreu na retagarda franquista, no chamado polos historiadores *home front* dos vencedores da guerra civil; unha *home front* na que, segundo a lóxica da actuación dos golpes militares, se actuou xerarquicamente e con implicacións civís na represión, mesmo algunhas veces —poucas— tamén agochando vinganzas persoais, co obxectivo de substituír e eliminar as elites que detentaban o poder durante a república, e tratando de lexitimar o cambio violento mediante un encubrimento da violencia baixo a aparencia de legalidade con xuízos sumarios ou leis retroactivas, ou xerando terror a base de deshumanizar o inimigo. E, por suposto, establecíanse redes de complicidade con colaboradores pasivos que garantirían ao longo do tempo o pacto de silencio.

Hoxe sabemos todo isto, e sabemos moitas outras cousas que aconteceron nos demais *home fronts*, tanto dos vencedores como dos vencidos. Pero este foi o noso, e nós non o queremos branquear. Moitos dos que nos precederon en militancia política e moita parte da sociedade galega e española non soubo ou non foi quen de sabelo. Moi posiblemente houbo un intento de esquecemento coa boa intención de non reabrir feridas e fixar a mirada nun futuro de concordia no que o respecto á vida humana fose a regra e non a excepción. Pero hoxe sabemos, e precisamente porque sabemos nós adoptamos xa desde o 2017 unha actitude fronte ao problema de Meirás que xa citei daquela —e despois creo que repetín nalguna ocasión desde esta tribuna—. O escritor Sacha Batthyány descubriu, investigando o pasado da súa familia, que unha antecesora súa participara directamente na matanza de prisioneiros xudeus ao remate da II guerra mundial. E dicía que cada xeración ten as súas obrigas. A xeración dos fillos arremangouse para retirar os cascallos das rúas, e retirar os cascallos da alma é a tarefa dos netos. Ou sexa, de nós, da nosa xeración.

Non foi outra a motivación que nos levou, en coherencia coas condenas explícitas ao réxime franquista —que o Grupo Popular apoiou nesta Cámara nos anos 2008, 2015 e 2016—, a apoiar desde o ano 2017 —o mesmo ano, por certo, no que se publicou o libro de Babío e Pérez— as accións legais necesarias para devolver ao patrimonio público o pazo de Meirás. E non foi fácil chegar a este punto, chegar ata aquí. O tempo transcorrido e as iniciativas que se mencionaron, pese a que houbo vinte e tres anos de gobernos progresistas, demós-



trano. Non foi fácil declarar o pazo BIC —vostede sabeo, como membro do goberno do señor Touriño, pero como principal responsable do primeiro paso para a recuperación do pazo de Meirás coa declaración BIC desa propiedade—. Non foi fácil atopar o argumento xurídico preciso para gañar a primeira sentenza. Aínda no ano 2018 tanto Patrimonio Nacional como a Avogacía do Estado non vían posibilidades de establecer ningunha acción xudicial para recuperar o pazo. E tampouco foi fácil politicamente chegar a acordos sobre este tema, porque é certo que actitudes pasadas puideron xerar en moitos de vostedes na oposición desconfianzas cara a nós. Pero creo que hoxe os feitos —que vencen sempre os prexuízos— falan por si mesmos.

No 2017, en solitario, impulsamos a posta en marcha da comisión de expertos creada pola Xunta, que elaborou —dende a pluralidade e o rigor técnico— unha proposta de acción legal que propiciou a unanimidade desta Cámara en xullo do ano 2018 para instar o Estado a emprender as accións legais oportunas para a restitución de Meirás, un ditame que, como vén de declarar a propia avogada xeral do Estado, dona Consuelo Rey, fixo mudar a posición que tiña a Avogacía do Estado, xunto co fundamental apoio documental dos historiadores Babío e Pérez. Esta acción legal viuse reforzada, efectivamente, pola aportación documental da notaría, polo Consello Xeral de Notarios, por instancia da Avogacía do Estado, que era a escritura de transmisión do pazo no ano 1938. Este traballo xurídico fixo posible —en palabras da avogada xeral do Estado— revisar xuridicamente situacións aparentemente intocables, co apoio —por suposto, en instancias xudiciais— de todas as instancias administrativas gobernadas por todas as cores —da Xunta, do Concello de Sada e da Deputación da Coruña—.

E por iso o terceiro traballo que merece o recoñecemento de todos é o dos xuristas, que a través das comisións creadas pola Deputación, pola Xunta, por instancia do Parlamento e tamén da Avogacía do Estado, teceron a demanda que resultou gañadora en primeira instancia.

Porque, señorías, pese á súa falla de firmeza, a sentenza é unha vitoria xurídica que demostra dúas cousas: en primeiro lugar, a superioridade moral da democracia e o Estado de dereito sobre a ditadura; e, en segundo lugar, dálle valor á unidade política para gañar batallas que parecía imposible gañar. *(Aplausos.)*

Hoxe, á hora de pensar os usos do pazo de Meirás, volvemos propoñer unidade. A sentenza non é firme, e a división pode unha vez máis favorecer os recorrentes, algo que non desexamos ningún dos presentes nesta sala. Non debería resultar difícil chegar a un acordo. Dalgunha maneira, os usos fundamentais, como vostede expuxo na súa intervención, xa veñen determinados pola declaración BIC feita no ano 2008. Son usos relacionados coa historia dun inmovible que está e debería estar sempre vencellado á personalidade de dona Emilia Pardo Bazán, que concibiu e erixiu as chamadas torres de Meirás, e por suposto á figura e ao réxime de quen usurpou esa propiedade e a mantivo ata hoxe. Son usos compatibles, por suposto, cos que o propio pobo de Sada e a súa xente lle queiran dar para usos culturais ou lúdicos.

Estamos abertos a transaccionar, señor Bará, co obxectivo de manter a unidade da Cámara na configuración dos usos dunha propiedade que esperamos que se integre pronto e defini-



tivamente no patrimonio público, e que pedimos que sexa transferida á Xunta aínda que só sexa como xesto de restitución ao pobo que sufriu as confiscacións e o saqueo de forma directa ao inicio do réxime franquista; unha entrega definitiva que debe ser un símbolo de xustiza, de superioridade moral da democracia e tamén un símbolo da capacidade das xeracións de galegos do presente para que —parafraseando a Todorov— a nosa memoria histórica funcione de maneira exemplar e liberadora, de xeito que as inxustizas do pasado nos permitan de hoxe en adiante corrixir as inxustizas do presente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy Fraga.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: A verdade é que soa ben isto de falar de superar a confrontación e buscar o acordo e o consenso. ¡Que bonita palabra «o consenso» se fose verdade! O que pasa é que vostedes se teñen que aplicar o conto. Porque ¿en que momento vostedes buscaban o consenso cando de maneira unilateral, indo por libre, aprobaron na Comisión 1ª —contra todo o mundo, porque vostedes aquí puxéronse contra todo o mundo— unha iniciativa que propoñía centrar os usos do pazo de Meirás exclusivamente na figura de Pardo Bazán? Ou, se non era exclusivamente, era no noventa e pico por cento, que vén sendo o mesmo. ¿En que momento buscaban o consenso? Ou ¿en que momento buscaban o consenso e o acordo cando presentaron o plan de usos de Meirás o 11 de decembro —que o presentou, ademais, o señor conselleiro na casa-museo de Pardo Bazán—? Era unha proposta antiúso como memoria histórica, e ademais no documento —un documento que, bueno, non sei como cualificalo, pero manifestamente mellorable— inclúe algunhas ocorrencias como, por exemplo, dedicar os xardíns a unha pasarela de moda. Claro, como se trataba da igualdade, pois ao mellor iso parecían que era un avance cara á igualdade. Dician que tiña que ser froito dun proceso participativo e resulta que no documento xa decidían todo o que había que facer alí, ou o que se podía facer alí. Non sei en que momento.

Despois non me vou meter con iso pero habería que falar moito sobre como se conta a historia. Bueno, dende logo a historia do goberno que declarou BIC o pazo de Meirás eu podería contala, pero non a vou contar aquí —e tamén do que pasou en 2017, señor Puy, porque vostede só contou unha parte da historia—. Vostedes trouxeron unha iniciativa ao Pleno a finais de setembro de 2017 despois de votar en contra dunha iniciativa que presentara aquí o BNG, despois de sumarse ao acordo que xa tiña a Deputación da Coruña e despois de vetar un debate plenario sobre esta cuestión cando se propuxo na Deputación Permanente. ¡Hai que contalo todo, hai que contalo todo! A vostedes —xa llo dixen outra vez— ao final non lles deixamos outra escapatoria e acabaron poñéndose do lado da maioría, pero custoulles, ¡eh!, ¡custoulles de verdade!

Mire, o señor Feixóo dixo que non era un pazo, que eran unhas torres. Agora vostedes din que é un faro. ¡Aclárense, aclárense! Eu creo que é un pouco farol, é un pouco farol, é un pouco



trampa, un pouco artimaña. O que queren vostedes, o que querían polo menos ata hai catro días, era un proxecto «antimemoria histórica», «antidignidade colectiva». E paréceme moi ben todo o que dixo aquí nesta tribuna o señor Puy, e pareceríame máis se fose verdade e, sobre todo, se fose coherente. Porque aquí non se trata só de Meirás. Meirás non é unha illa, Meirás é parte dun país, da historia dun país. E hai que contar toda a historia, hai que desmontar o relato franquista en todo o país e en toda a historia, non só en Meirás. (*Aplausos.*) E iso require facer unha política pública de memoria, e non facer o que fixeron vostedes, que foi desmantelar, aniquilar, eliminar todo o que se fixera durante eses catro anos —A Illa da memoria, o proxecto «Nomes e voces», todas as convocatorias públicas de axuda—, e vostedes votaron aquí en contra de que Galicia tivese unha lei de memoria histórica que presentou o BNG, votaron en contra dun plan de memoria histórica, dun plan plurianual que propuxo o BNG. Entón, ¿en que quedamos? Eu creo que aínda lles queda moito para de verdade demostralo. Non vale só con facer condenas retóricas do franquismo. Hai que ser consecuentes.

Mire, mesmo Castela e León ten un plan de memoria histórica. Están quedando sós nesta cuestión. Eu, dende logo, ánimoos —e parécenos ben que empecen por Meirás— a ser coherentes, a ser consecuentes e ir moito máis alá.

E, desde logo, se queren potenciar a figura de Pardo Bazán, non lles queremos dar ideas, pero existe na Coruña unha casa-museo Pardo Bazán, que está alí porque quixo a familia que estivese alí. Desde logo, alí teñen para facer abondo. En primeiro lugar, para que a Real Academia Galega —a RAG— teña unhas condicións máis dignas onde traballar e onde desenvolver a súa actividade. Xa sabemos que a vostedes lles interesa máis a RAE, que ao señor Feixóo lle debe parecer que está moi perseguida e moi ameazada, e que entón a acolle aquí coma unha refuxiada, que está, bueno, non sei..., perseguida polos separatistas e polos independentistas, polos soberanistas, ¿non?

Explicouno moi ben nun artigo que publicou na prensa Inma López Silva, cando dixo —por isto do farol—: «A españolísima dereita é así, faise feminista antes de facer visíbel o relato das vítimas do franquismo». E diso se tratou, o que pasa é que a vostedes lles saíu mal a xogada e ao final se encontraron con que todo o mundo estaba en contra da súa proposta, e fórona virando, e séguena virando. Pero hai que ser coherentes e ir máis alá. Pedímoslles que vaian máis alá, porque Meirás ten que ser un pazo, unha torre, da memoria histórica, non do franquismo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Respecto das emendas.

O señor BARÁ TORRES: ...do antifranquismo, da loita democrática e da dignidade colectiva deste país, «da capacidade do pobo galego —como dicían Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo en Bos Aires— de soñar grandezas para Galiza e de facer realidade os soños». Diso se trata tamén coa loita de Meirás.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): As emendas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Sobre as emendas, entendemos que a do Partido Socialista deberían trasladarlle ao secretario de Estado, porque xa puxo en marcha este proceso de estudo;



entón, deberían convencelo de que non é ese o camiño. Porque xa está en marcha unha comisión de estudo e un grupo de traballo para definir esas cuestións que propón o Grupo Socialista; onde, por certo, participa unha ampla representación institucional.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: E, con respecto á emenda do Partido Popular, parécenos que non engade nada novo á proposta que formulou aquí o BNG. Polo tanto, pensamos que é suficientemente ampla...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...como para que mereza o apoio desta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a aprobación e o establecemento polo Goberno galego dun protocolo de actuación específico para os casos de positivos en covid-19 entre as tripulacións dos barcos que cheguen aos portos de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 5883 (11/PNP-000678)*)

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo texto que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a volver a dirixirse ao Goberno central para establecer e aprobar un protocolo de actuación específico para os supostos nos que se dean casos positivos de covid-19, entre a tripulación dos barcos que cheguen aos nosos peiraos, no que se definan claramente as competencias e funcións de Sanidade Exterior e do Instituto Social da Mariña”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Boas noites xa, señorías.

A verdade é que a proposición non de lei que hoxe trae a debate o Grupo Parlamentario Socialista versa sobre o deixamento de execución de competencias por parte da Xunta de Galicia. Porque é certo que ao Grupo Parlamentario Popular se lle enche moito a boca e lle gusta sacar moito peito dese resultado electoral, desa maioría que lle deron os galegos e as galegas, pero entendo que a confianza que depositaron os galegos e as galegas no Partido Popular para que dirixa o Goberno autonómico vai na liña de que exerza as súas competencias (*Aplausos.*), de que governe, (*Aplausos.*) de que non busque só a confrontación co Goberno central, de que non bote balóns fóra para non executar as súas competencias. E, dende logo, esa confianza depositada no Partido Popular creo que vai moito menos na liña de que veñan algúns deputados —como veu hoxe o señor Tellado— facer esas intervencións e soltar insultos nesta Cámara. Eu creo que vai por outra liña.

A verdade é que este deixamento de funcións por parte do Executivo galego resulta bastante incongruente coa actitude amosada polo presidente da Xunta de Galicia, polo señor Núñez Feijóo, nesas roldas de prensa na primeira fase da pandemia, nas que o único que facía era criticar o Goberno central e pedía insistentemente saír do estado de alarma —porque xa desde o tres de maio pedía saír do estado de alarma—. Quería ser o primeiro da clase, porque pensaba que el ía dirixir e xestionar moito mellor esta pandemia. E permítame que o poñamos en dúbida, porque esta segunda onda da pandemia en Galicia deixa bastantes peores datos que a primeira. (*Aplausos.*) Pedía saír dese estado de alarma e que se lle devolvesen as competencias porque, segundo el, tiña ese mando único. Polo tanto, pedía ter competencias; competencias que agora teñen, pero competencias que agora non exercen.

A pandemia da covid-19 —como sabemos todas e todos— afecta todos os sectores. E os contagiados pola covid-19 chegan a todos os centros de traballo. Polo tanto, os nosos buques de pesca non son alleos a esta problemática e os gromos aparecen tamén entre os seus tripulantes. Dende a chegada da covid-19 ás nosas vidas foron numerosos os casos de barcos nacionais con bandeira española que atracaron en portos galegos con contaxios pola covid-19. Creo que a ningún e a ningunha das aquí presentes lle escapan as peculiaridades destes centros de traballo itinerantes, que, polo tamaño das embarcacións e pola dinámica da súa propia actividade, dificultan en moitos casos o cumprimento das medidas para paliar a covid-19.

Ao longo desta pandemia chegaron diversos barcos aos nosos peiraos con tripulación contagiada pola covid-19. Nas últimas semanas tamén seguiron a chegar e, nomeadamente, á Mariña lucense; o último, o *Adviento I*, que atracou no porto de Burela o pasado 17 de novembro. Por certo, só unha puntualización —porque parece que ás veces se olvida—: en Galicia existen 122 portos de competencia autonómica. Pois ben —como dicía—, nestas últimas semanas chegaron diversos barcos a portos galegos de competencia autonómica —barcos de bandeira española— con casos de covid-19 entre a súa tripulación e nos que a Xunta de Galicia, con respecto a casos iguais, tomou decisións distintas. Mentres que no caso do barco atracado no porto de Celeiro os tripulantes pasaron a corentena preceptiva nos seus domicilios, no caso do barco *Adviento I* —illado no porto de Burela— toda a tripulación pasou a corentena no propio barco. Decisións distintas —como dicía— para situacións iguais e con portos, por certo, que distan menos de 20 quilómetros en liña recta.



No caso de *Siempre Antares* —con base en Celeiro—, ao día seguinte de confirmarse os contaxios, todos os tripulantes abandonaron o barco. Aloxáronse nos seus domicilios ou en inmobles alugados para a corentena para que esta lles resultase o máis levadía posible e, ao mesmo tempo, para vaciar o barco e tamén para desinfectalo. Nembargantes, no caso do barco atracado e illado en Burela, a súa tripulación tivo que pasar a corentena no barco, a pesar de solicitar pasala fóra del.

Pero hai máis casos nestes últimos meses; nesta etapa na que as competencias xa son autonómicas. Non nos olvidemos de que estamos a falar de barcos que chegan aos nosos peiraios e que ao Sergas lle corresponde o control dos contaxiados nos barcos de pavillón español que recalán nos portos galegos. Pero hai máis casos: o 30-10-2020 unha tripulación dun pesqueiro amarrado en Marín, todos contaxiados; primeiro estiveron no barco e despois Sanidade autorizou os traslados aos seus domicilios. O 7 de novembro de 2020 dous cerqueiros, con porto base en Ribeira: tripulación en corentena por casos de mariñeiros positivos en ambos barcos, e pasárona nos seus domicilios.

Polo tanto, vemos como a Xunta de Galicia carece dun protocolo claro e específico para os supostos dos barcos nacionais que cheguen con contaxiados aos portos galegos, e sendo —como dicía antes— competencia do Sergas o control dos contaxios nestes barcos. Vemos como estas persoas son abandonadas á súa boa sorte por parte da Xunta de Galicia cando chegan aos portos de competencia autonómica. E non o digo eu nin o di o Grupo Parlamentario Socialista; dino os propios mariñeiros, que —por exemplo, os de *Adviento I*— falaban de desesperación e medo entre os confinados no barco. Pedían que os sacasen do barco, onde só tiñan un baño para 17 persoas, e dicían que cando pedían vez por teléfono un venres para o seu médico non os atendían ata o luns; nin sequera viñan velos alí.

«Antes...» —dicía un— «...chamei e déronme un medicamento que non me meteron nin sequera na tarxeta sanitaria, e a miña muller tivo que pagalo. Queremos, sobre todo, que nos saquen de aquí e que nos leven a un sitio con condicións dignas mínimas. Non podemos estar aquí catro nun camarote ou dous noutro. Pedimos que nos leven a outro lugar». E pedían tamén unha atención médica normal. Isto dicíano os tripulantes do *Adviento I*.

Posteriormente a esta noticia, o xerente da área sanitaria de Lugo dicía que confinalos a bordo foi unha decisión adoptada coa intención de previr que se expandise a covid-19 nos seus domicilios ou noutros lugares onde se aloxasen. Ademais, chegou a dicir que a decisión de quedar no barco fora conxunta, do armador e dos propios mariñeiros. E aquí quero determe. En vista da noticia que acabo de ensinar, permítanme que poña en dúbida que a decisión fose adoptada entre o armador e os mariñeiros, porque aquí temos as declaracións dos propios mariñeiros. E, en segundo lugar, parécenos increíble que se lles impoña a responsabilidade de decidir onde deben pasar a corentena tanto aos armadores como aos mariñeiros. (*Aplausos.*) ¡Incríble! Porque non entendemos, entón, para que está a Xunta de Galicia, ¿para non exercer as súas competencias?, ¿para trasladarlles o balón aos propios armadores e aos propios mariñeiros para que decidan eles onde deben de pasar a corentena?

Nin eu nin o meu grupo somos quen de decidir cal é a mellor opción para pasar a corentena. Debe ser un equipo de técnicos quen decida cal é a mellor situación. Pero, dende logo, debe



existir un protocolo de actuación específico para eses supostos, e é competencia da Xunta de Galicia establecer este protocolo; nomeadamente da Consellería do Mar, en colaboración coa Consellería de Sanidade. Non se pode, señorías, abandonar á súa sorte os traballadores que chegan contaxiados aos nosos portos. E se ao final a mellor opción —adoptada polos técnicos e polos especialistas— é que a corentena deba pasarse fóra dos barcos, a Xunta de Galicia ten tamén que facilitar esta opción e debe tamén facilitar estes locais, porque hai outras comunidades autónomas que así o fixeron. En Cantabria, por exemplo, no caso de mariñeiros dun buque galego, puxeron á disposición destes mariñeiros un albergue de competencia autonómica.

Vostedes —ou mesmo o outro día a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar— falaban de que a Consellería do Mar foi proactiva dende o primeiro momento. Pois algo está a fallar. Dende marzo coñecemos que estas situacións se poden dar. Teñen a competencia dende a Xunta de Galicia e non están a facer nada neste sentido. Poden facelo, porque así fixeron recomendacións en plans tamén nas lonxas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: O outro dicíao a propia secretaria xeral técnica —e remato, presidente—. Polo tanto, teñen competencia; exérganos, por favor. E, dende logo, non poñan esa responsabilidade na cabeza dos armadores...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e tamén dos mariñeiros. Polo tanto, nós o que pedimos é ese protocolo de actuación claro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...porque, por desgraza, van seguir chegando mariñeiros contaxiados ás nosas costas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e, desde logo, debe dárselles unha saída digna.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Balseiro Orol.



O señor BALSEIRO OROL: Señor presidente, señoras e señores deputados, quero que as miñas primeiras palabras nesta iniciativa sexan para transmitir —en nome propio e tamén en nome do Grupo Popular— unha mensaxe de agarimo e de moito ánimo á conselleira do Mar, Rosa Quintana, e a todos os homes e mulleres profesionais do mundo da pesca, do marisqueo e doutras profesións, que, ao longo dos últimos meses, conviviron con este maldito virus e trasladarlles unha mensaxe chea de forza e de esperanza. Agardo a súa pronta recuperación. *(Aplausos.)*

Dito isto —e por poñernos en antecedentes—, esta iniciativa que trae a este Pleno o Grupo Socialista debeu ser obxecto de debate e votación na última sesión da Comisión de Pesca e Marisqueo desta Cámara, pero no último momento o Partido Socialista decidiu a súa retirada. Daquela, créanme que nós pensamos que foi tras un ataque de mala conciencia, porque nesa mesma comisión escoitamos unha resposta na que a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar explicou —con todo detalle e con todo fundamento— que, se existiu unha administración ausente na atención e coidado dos homes e mulleres do mar durante a pandemia, esa foi a do Goberno central, que estivo desaparecido.

Esta situación contrasta co feito pola Xunta, que sempre cumpriu. Así o recoñecen desde o propio sector. A actuación da Xunta na protección da nosa xente do mar que se atopa embarcada empezou no minuto un; antes, durante e despois dese fatídico sábado 14 de marzo no que se declaraba a situación de estado de alarma. O resumo é moi sinxelo: a Xunta si estivo á altura, a Xunta si estivo a carón dos profesionais do mar, e o Goberno central, non. E hoxe aquí, sinceramente, penso que a persoa que defendeu esta iniciativa, a señora Otero, veu enganada. Fixéronlle defender esta iniciativa sabedores de que Galicia leva esperando oito meses polo protocolo que reclaman, joito meses!, polo protocolo do Estado destinado a establecer como se debe actuar ante os casos de posibles enfermos de coronavirus a bordo dos buques.

Mire —anote, se quere, señora Otero—, Galicia formulou e trasladou ao Ministerio de Sanidade en múltiples ocasións —e, polo menos, dúas veces por escrito, o 27 de abril e o 5 de maio deste ano— a necesidade de contar con este protocolo de colaboración. En todas as ocasións citadas, en todas, ¿sabe cal foi a resposta? Foi o silencio por resposta.

E vostedes veñen hoxe pedir aquí o que vostedes mesmos están negando a Galicia desde as administracións nas que vostedes gobernan. Afortunadamente a Xunta de Galicia non foi tan irresponsable. E incluso antes de que se producise un caso positivo dun tripulante dun barco, a Administración galega tomou cartas no asunto. O 15 de marzo, un día despois da entrada en vigor do estado de alarma, a Xunta ditou as recomendacións de seguridade e hixiene para evitar contaxios a bordo. Un documento útil e valorado polo propio sector que serviu para ter unhas liñas que seguir —especialmente mentres non houbo outras emitidas pola administración competente na prestación e atención sanitaria a bordo dos buques, que, xa lle digo, que é o Goberno de España, jo Goberno de España!—.

Nas lonxas tamén a Xunta emitiu unhas pautas de actuación para manter a actividade con garantías e contribuír á subministración de produtos do mar. Galicia puxo á disposición do sector máis de 50.000 máscaras e incluso prestou material aos buques do ISM, que pertencen



ao Goberno de España. A Xunta procedeu á repartición desas máscaras ante a ausencia do Estado nos distintos portos de Galicia para o seu uso polos profesionais da pesca, do marisqueo, das lonxas e do sector bateeiro.

E, por outro lado, e no relativo á realización de test aos tripulantes dos barcos, a Xunta preguntou en varias ocasións, sen resposta satisfactoria por quen a tiña que dar, pola posibilidade de realizar estas probas preventivas antes do embarque.

Non se equivoque, o ISM, o Instituto Social da Mariña, que pertence ao Estado, ten competencias plenas no relativo aos recoñecementos médicos previos ao embarque. E, se non, se os mariñeiros non teñen o recoñecemento médico feito —que os fan os médicos do ISM—, non poden embarcar porque Capitanía Marítima non os embarca. Pero nada fixeron ao respecto vostedes, nada fixo o Goberno central.

Señorías, o ISM dispoñía de máis de 40 persoas nos seus centros en Galicia, dos cales 22 son médicos. E non sabemos o que fixeron durante a primeira crise da pandemia. Neste grupo parlamentario cóstanos que todos eles son profesionais e teñen dedicación, e sabemos da súa frustración. Pero algo fallou, e non precisamente entre ese persoal. Foi a dirección política dun goberno socialista que abandonou os mariñeiros á súa sorte.

En contraste, hoxe podemos dicir con tranquilidade e coa conciencia moi tranquila que, pese á ausencia dos servizos médicos do Estado, non hai nin un só caso en Galicia que non fose atendido polo Sergas. Neste ámbito —é certo— hai moitas administracións implicadas que deben actuar coordinadas. Por iso é importante contar con ese protocolo que levamos oito meses esperando en Galicia. Pero no Ministerio e na Moncloa decidiron lavar as mans. Non quixeron establecer un protocolo sobre como actuar durante a estancia do buque no mar, tendo en conta as competencias que o Instituto Social da Mariña ou Sanidade Exterior, que tamén é do Goberno central, posúen na asistencia de traballadores do mar, ou a titularidade de servizos estatais, como é o Centro Radio-Médico, ou como son os buques sanitarios — todos eles de competencia estatal e do Goberno de España—.

Tampouco quixeron explicar como actuar durante o traslado a terra dos tripulantes achegando as instrucións oportunas para aqueles casos nos que os afectados tivesen contacto estreito a bordo ou en terra.

Desde abril a Xunta estivo á disposición do Estado para facilitar a organización e o detalle destas cuestións. O Goberno central nunca quixo facer os deberes. Pero, señorías, a Xunta sempre cumpriu e dispuxo dos seus propios protocolos. O Sergas veu aplicando o protocolo estandarizado para calquera persoa que padeza covid-19 a todos estes casos, incluídos os aspectos da corentena para aqueles contactos estreitos ou para os propios afectados. En Galicia sempre dispuxemos de espazos —e xa llo dixo a señora conselleira non hai moitos días neste Parlamento—, sempre dispuxemos de espazos para que puideran realizar a corentena aquelas persoas que, carecendo de domicilio na nosa comunidade autónoma —o caso do que falou vostede aquí é un caso distinto, porque había xente de fóra da nosa comunidade autónoma, e coñezo ben ese caso—, necesitasen e quixesen saír do barco. Sempre dispuxeron de espazos.



E, mentres tanto, seguimos esperando polo Goberno central dende hai oito meses. Faise necesario, señoría, que cadaquén asuma as súas consecuencias. Faise necesario, señora Otero, que o Goberno central atenda esa coordinación. Galicia e a conselleira do Mar cumpriron. Ninguén no sector pode poñelo en dúbida. Non hai nin un caso que non fose atendido polo Sergas, mentres outras administracións estiveron desaparecidas e ausentes, como é o caso do Goberno central.

Teña vostede a valentía de subir a esta tribuna, de reclamar ao Estado que cumpra. Teña vostede a valentía de poñerse ao lado dos profesionais do mar e non ao lado do goberno de Sánchez. Que o Partido Socialista de Galicia veña pedindo este protocolo nove meses despois de que a Xunta xa llo demandase ao Ministerio de Sanidade e que este o negase, créame que é unha desvergoña supina e que supón un caso de hipocrisía política sen parangón. Supón ademais unha falta de respecto ás tripulacións dos buques que se viron abandonadas durante este tempo polo goberno de Pedro Sánchez.

Créame de verdade, porque sabe vostede que algo diso debo saber, coñezo casos dos que vostede falou —ademais, téñolle que dicir que sufrín un caso deses moi cercano na miña familia, sufrín un caso deses— que o único que podemos dicir en Galicia é que o Goberno de España é quen ten as competencias, o Instituto Social da Mariña é quen ten as competencias de embarque, é quen fai os recoñecementos médicos. E hai que ir con ese recoñecemento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...médico a Capitanía para que a vostede lle dean o embarque e poida saír o barco para o mar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Sen ese recoñecemento médico non pode saír; co cal, que cadaquén asuma as competencias. Teñan vostedes a valentía de reclamarlle a quen leva oito meses esperando. Que cumpra as súas competencias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...e que mande ese protocolo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, boa noite. Moitas grazas.



Señores e señoras deputadas, velaquí a tristísima foto fixa que padecemos neste país. (*Aplausos.*) Por un lado, o Goberno central, os representantes do Partido Socialista reclamándolle competencias á Xunta. ¿Autogoberno? ¡Pero se vostedes sempre estiveron en contra! ¡Sempre estiveron en contra! Por outro lado, o Partido Popular —que, efectivamente, nunca exerceu nin nunca vai querer exercer xa non só as competencias que lle veñan do Estado, senón as propias que ten que exercer— reclamándolle ao Estado un protocolo covid para os mariñeiros.

Pero este é o caso dos mariñeiros e do protocolo covid. Antes vimos o do pazo de Meirás, antes vimos o dos fondos europeos, e así sucesivamente, *de la ceca a la Meca y de la Meca a la ceca.* (*Aplausos.*) Cunha diferenza, cunha diferenza enorme: antes falabamos dun pazo, é dicir, dun ben material, antes falabamos dos fondos europeos, de cartos, e aquí falamos, señores e señoras deputadas, de persoas, ¡de persoas que están abandonadas á súa sorte! (*Aplausos.*) Están abandonadas á súa sorte porque nin Xan nin Pericán saben que facer con elas. Simplemente nuns casos quedan a bordo do barco confinados, nun espazo reducidísimo, compartindo en moitos casos un só baño todos os mariñeiros e o resto dos espazos comúns, incluídos os propios camarotes; e noutros casos resulta que non quedan confinados no barco, que van ao seu domicilio ou se lles facilita o alugueiro dalgún local. ¡É absolutamente indecente, é absolutamente indecente!

Estamos á busca dun protocolo que nin o Estado nin a Xunta son capaces de poñer en marcha precisamente para atender a quen máis o necesita. Pero, dende logo, o que xa é absolutamente alucinante, ¡pero alucinante! —e por non dicir algunha outra palabra que podería empregar— son, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, as declaracións do xerente da área sanitaria de Lugo no seu momento, que di textualmente —leo— que nos casos de buques «decide o armador ou a situación familiar dos mariñeiros, se teñen sitio ou non, pero non hai ningunha indicación para que sexa no barco. Pode ser»... —sigo lendo textualmente, pode parecer increíble pero son as palabras do xerente da área sanitaria de Lugo—, «pode ser nun piso ou na súa casa, sempre que o illamento sexa total».

¡Indecente, señores e señoras do Partido Popular, indecente, de verdade, absolutamente indecente! (*Aplausos.*)

Non é certo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non é certo, como di este señor... (*Murmurios.*)

Señor presidente, eu necesito falar, o que queira escoitar, que escoite; e o que non, que non escoite pero, en todo caso, que deixe falar a quen está no uso da palabra, ¿non? (*Aplausos.*)

Ben, non é certo o que di este señor xerente da área sanitaria de Lugo de que o protocolo —despois de dicir isto que acabo de ler— é o mesmo que para calquera outra empresa. É absolutamente falso. ¿Ou acaso en Frinsa, en Ribeira, Jealsa, en Boiro, os propios traballadores, miles de traballadores e traballadoras, da Xunta de Galiza quedan confinados no barco, no edificio administrativo de San Caetano ou van para a casa se queren, ou, se non, para un piso



ou para onde queiran? ¡É absolutamente falso! O que pasa é que nin uns nin os outros asumen efectivamente que os buques con homes, con mariñeiros, con tripulantes, son empresas que tamén necesitan, efectivamente, das directrices neste caso sanitarias dunha administración.

E, ¡como non!, a Xunta de Galiza, efectivamente, con 122 portos dos 127 existentes no país, di que *allá diga el Estado* o que hai que facer, que con eles non vai, que as competencias non son deles. E, dende logo, efectivamente, a señora secretaria xeral técnica da Consellería, que veu comparecer á Comisión de Pesca, dixo —aínda así, con todo isto que estou narrando— que se ocuparan deste problema dende o minuto un. ¡Non se ocuparon nin no minuto un nin no minuto cento un, en ningún minuto! É máis, nove meses despois —nove meses, ¿verdade?, que é moi simbólico—, aínda seguen vostedes —e vostedes tamén (*A señora Pérez Fernández sinala a outra parte do hemiciclo.*)— sen dar a luz un protocolo que regule esta situación, e *¡sálvese quien pueda!* O cal nos parece absolutamente incríbel.

Nós non entendemos que, diante dunha proposta do Partido Socialista —neste caso— pola que se lle di, se lle solicita ou se lle demanda á Xunta «fagan vostedes un protocolo», o grupo parlamentario que sostén a Xunta, o Grupo Parlamentario do Partido Popular, responda a esa proposición non de lei, a esa demanda, cunha emenda que di que a Xunta siga demandando do Estado o protocolo. E entón, ¿ata cando imos estar así?, ¿ata cando imos estar así? ¿Ata cando van estar así os mariñeiros, que son persoas que pertencen a empresas e, sen embargo, son tratados absolutamente á parte?

Nós non entendemos isto, e facémoslle unha proposta *in voce* porque nos foi absolutamente imposible realizala por escrito. ¡Xa nos gustaría a nós que non houbera dúas administracións competentes nesta material!, ¿verdade? ¡Xa nos gustaría a nós! O ideal sería que a Xunta de Galiza tivese todas as competencias. Pero neste momento hai dúas administracións e estamos a falar de persoas e por moito menos se ten chegado a acordos neste Parlamento. O normal sería que se propuxese un acordo. Dáme igual que o propoña o PSOE, falando de que o Estado se poña a colaborar coa Xunta, ou que o propoña o Partido Popular para ser ao revés. Pero o normal é que, se o Estado español ten unha rede —efectivamente que a ten— como é o ISM, onde se fan recoñecementos médicos, ten capitanías marítimas, onde se dan autorizacións para navegar, porque, se non, non se pode, etc., etc; e se a Xunta ten competencias nos portos galegos... Deixemos de lado Sanidade Exterior, porque ata aí chegamos. Todas e todos sabemos que Sanidade Exterior intervén nos casos de barcos, de buques, que non teñan bandeira española. Polo tanto, deixemos de lado iso, que está bastante ben regulado. Non lle toquemos xa, por se acaso. Pero no resto, no resto, o normal é que, se foran dúas administracións serias, dirían: ¡Oia! —a Xunta ou o Estado, dáme igual—, imos sentar aquí porque aquí hai miles de persoas navegando por aí adiante, a moitas millas náuticas da súa casa, e que necesitan, se se dá o caso, precisamente do flotador de salvamento das propias administracións. Veñan vostedes para aquí, sentemos e non saíamos ata que teñamos un protocolo de actuación. Porque así como se fixeron protocolos para tantas cousas... Non vou poñer de exemplo o do ensino, porque, efectivamente, poderían os mariñeiros e os buques acabar peor do que están con tanto protocolo. (*Aplausos.*) Pero, en todo caso, aquí fixéronse protocolos absolutamente para todo. Pois digo eu que non debe ser moi complicado que senten a administración A e a administración B e cheguen a un acordo precisamente para atender esa xente.



E vou rematando, señor presidente, porque quería deixar constancia de que neste momento xa existe un protocolo, unha coordinación, entre as dúas administracións precisamente para os casos de embarque dos mariñeiros, un protocolo, un convenio de colaboración, unha coordinación —non só o dixo a secretaria xeral técnica o outro día na Consellería do Mar senón que efectivamente me fixen con esa documentación—. Existe xa un convenio entre o ISM e o Sergas, para ser exactos, para os casos de embarque. Pois, se existe un convenio para os casos de embarque, hai que ser retorcido para non asinar outro convenio de coordinación e de colaboración para os casos de desembarque e, efectivamente, dicir como ten que ser e a onde teñen que ir e como os hai que atender e quen os ten que atender ¿verdade?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Sería o máis lóxico.

O BNG entende que aquí as competencias están repartidas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Insisto, xa nos gustaría a nós que fosen só da Xunta, pero como non o son, o normal, insisto, é que, polo ben de todas esas persoas que levan nove meses agardando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...por que as administracións se poñan de acordo, cheguen a un acordo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

¡Home, señor Balseiro!, dicir <<fixérona traer>> sobre esta iniciativa. Vostede ben sabe como se fan as cousas no meu partido. No meu partido fanse as cousas con consenso, con diálogo, e todo o grupo parlamentario decides que traemos ou que non traemos as cousas. Vostede pode falar de como se fan as cousas nunha bancada e como se fan noutra, e hai moita diferenza. *(Aplausos.)*

Porque, claro, é que tamén puxo en dúbida... O outro día ían levar unha iniciativa á Comisión de Pesca e retirárona. <<É que estamos lexitimados para retirar ou non, e decidir cando e como traemos as iniciativas.>> E unha cousiña: menos mal que traemos a iniciativa, por-



que, despois das verbas do outro día da secretaria xeral técnica, a verdade é que quedamos moi, moi, preocupados, porque estivemos a ver como nada se estivo a facer máis aló deses anuncios e desa propaganda á que están vostedes moi acostumados. E, por certo, o señor Balseiro falaba de que dende a Consellería do Mar se estivo a traballar incluso dende antes do fatídico día 14 de marzo —que foi cando se decretou o estado de alarma—. E a propia secretaria xeral técnica o outro día —teñen un problema de comunicación entre o Grupo Parlamentario e o Goberno— dicía textualmente que a Consellería do Mar traballou dende o minuto un. Dixo: Dende o día 14 de marzo, sábado. Polo tanto, teñen un serio problema de comunicación. E se vostedes estiveron a facer tantas cousas, se a Consellería do Mar estivo a facer tantas cousas ante a ausencia do Estado —porque así vostede o dixo: «ante a ausencia do Estado ditáronse recomendacións, ditáronse pautas...»—, ¿por que non o fan neste caso ante a ausencia do Estado como din vostedes? ¿Teñen ou non a competencia para facer este protocolo cos barcos de bandeira española que cheguen a portos autonómicos? ¡Claro que teñen esa competencia! (*Aplausos.*) Vostede agora falaba de sanidade exterior e dos barcos de bandeira estranxeira. Non, eu ben recalquei «barcos de bandeira española».

Por certo, grazas pola lección sobre as competencias do ISM. A verdade é que en boca dun dirixente político poñer en dúbida o labor que fixeron uns funcionarios públicos ao longo da pandemia —porque di que non sabe o que estiveron a facer os médicos do ISM na primeira fase da pandemia— paréceme que non é o máis axeitado.

E, claro, volvo repetir que estamos a falar de buques de bandeira española que chegan contaxiados aos portos de competencia autonómica. E aí o Sergas ten as competencias do control. Polo tanto, aproveitando unha frase súa, cadaquén que asuma as súas competencias; polo tanto, a Xunta de Galicia que asuma as súas. (*Aplausos.*)

Tamén dicía vostede: «Teña a valentía de vir aquí e apoiar o sector». Eu dígolle que teña a valentía de apoiar esta iniciativa e de votar en contra das ordes que lle dan no seu partido, porque así tamén sería apoiar estes mariñeiros, que moitas veces non saben se teñen que pasar a corentena nos barcos ou se teñen que pasar a corentena fóra. Déanlles seguridade, déanlles a seguridade de saber o que facer, e non pasar o balón sobre o tellado dos armadores e sobre os mariñeiros para que decidan eles onde teñen que pasar a corentena.

Non estamos a falar dos requisitos que deben cumprir os barcos para saír ao mar, estamos a falar precisamente da chegada dos barcos aos nosos peiraos, pero para que eses traballadores que cheguen contaxiados poidan pasar a súa corentena nun lugar no que se manteñan nunhas condicións dignas.

Polo tanto, o que pedimos, en definitiva, é unha seguridade para esta xente, que en casos iguais se adopten decisións iguais, que exista un protocolo claro para que non sexa —repto— o armador ou os mariñeiros os que teñan que decidir. Porque coincido coa señora Pérez —tamén o dixen na miña primeira intervención—, as declaracións do xerente da área sanitaria de Lugo, Ramón Ares, son incríveis, é increíble poñer a decisión que teñen que tomar na cabeza dos armadores ou dos mariñeiros. Polo tanto, é máis necesario ca nunca este protocolo de actuación específica para estes casos, porque por desgraza —aínda que todos e



todas as que estamos nesta Cámara desexaríamos que así non fose —, por desgraza van chegar máis traballadores contaxiados aos nosos portos.

O outro día dicía a secretaria xeral técnica que había que tomar decisións; polo tanto, tomen decisións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Respecto da emenda, señora Otero?

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Que o Goberno galego tome decisións e que, polo tanto, articule ese protocolo claro de actuación.

E non, non imos apoiar a emenda que presentou o Partido Popular.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Rematada esta proposición non de lei, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.


Suspéndese a sesión ás nove e quince minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Martínez, Fabiola	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. González Vázquez, José	(P)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Martínez García, Valeriano	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

